



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 70

**Sesión plenaria**  
8 de maio de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### **Punto 1. Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2017.**

**29374 (10/IVAL-000002)**

Publicación do Informe anual, BOPG nº 293, do 18.04.2018

### **Punto 2. Textos legislativos**

2.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia (doc. núm. 20737, 10/PPLC-000007)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 29.11.2017

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, relativa ás medidas urxentes de emerxencia social en materia de prestacións económicas para paliar a pobreza enerxética e tendentes á mellora da eficiencia enerxética dos fogares vulnerables. (doc. núm. 26278, 10/PPL-000015)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263, do 20.02.2018

### **Punto 3. Comparecencias**

**30282 (10/PPP-000058)**

Do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar do seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

### **Punto 4. Mocións**

**4.1 30142 (10/MOC-000085)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto ambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 27754, publicada no BOPG nº 280, do 21.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 24.04.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

**4.2 30153 (10/MOC-000086)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento consignado para o ano 2018 para a prevención do abandono escolar. (Moción a consecuencia da

Interpelación nº 28849, publicada no BOPG nº 289, do 11.04.2018, e debatida na sesión plenaria do 24.04.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

#### **4.3 30154 (10/MOC-000087)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Díaz Villoslada, Juan Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o emprego público e as condicións de traballo no sector público autonómico. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 28232, publicada no BOPG nº 284, do 27.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 24.04.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

### **Punto 5. Proposicións non de lei**

#### **5.1 19450 (10/PNP-001439)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a negociación pola Xunta de Galicia co Concello da Coruña e as demais partes implicadas da revisión dos convenios portuarios do ano 2004, así como os criterios de ordenación, a forma xurídica do consorcio, o financiamento e os accesos ao porto exterior e os demais apartados contidos na proposta de protocolo trasladada polo Goberno municipal da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203, do 31.10.2017

#### **5.2 24025 (10/PNP-001737)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Prado del Río, Paula e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Xustiza en relación coa creación de novas unidades xudiciais en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 31.01.2018

#### **5.3 28878 (10/PNP-002092)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a realización polo Goberno galego dun estudo respecto da posible implantación do sistema de cotas individuais transferibles e as súas implicacións para as pesqueiras multiespecíficas que operan no Cantábrico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

#### **5.4 29120 (10/PNP-002114)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación salarial dos mestres e do persoal docente de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

**5.5 29342 (10/PNP-002133)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia dun pacto pola lingua galega e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

**5.6 29544 (10/PNP-002161)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a declaración de caducidade da concesión mineira *San Rafael* (núm. 2946) no concello de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 25.04.2018

**5.7 29632 (10/PNP-002167)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a convocatoria polo Goberno galego, o máis axiña posible, da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área Metropolitana de Vigo, e a inclusión na súa orde do día da solicitude do Concello de Gondomar para a súa incorporación a ese tipo de transporte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 25.04.2018

**5.8 29902 (10/PNP-002197)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e sete deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co proceso de integración europea, así como os principios que deben inspirar a acción exterior e as demandas da Xunta de Galicia ante as institucións europeas ao respecto.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 296, do 25.04.2018

**Punto 6. Interpelacións****6.1 9314 (10/INT-000394)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as consecuencias no mercado financeiro galego da posible venda do Banco Popular

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

**6.2 21522 (10/INT-000734)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas enfermidades profesionais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 229, do 19.12.2017

**6.3 28982 (10/INT-000936)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa incidencia urbanística do Regulamento xeral de estradas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

**Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****7.1 30278 (10/POPX-000088)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación da súa política en relación coa lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

**7.2 30279 (10/POPX-000089)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto das súas políticas en relación coa corrección dos desequilibrios territoriais internos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

**7.3 30280 (10/POPX-000090)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do uso de xeito partidario dos medios públicos para facer campaña electoral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

**Punto 8. Preguntas ao Goberno****8.130240 (10/PUP-000161)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para o asinamento dun protocolo co Ministerio de Fomento, Portos do Estado e a Autoridade Portuaria da Coruña para a xestión do bordo litoral da cidade da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

**8.2 29131 (10/POP-003424)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir o futuro do servizo ferroviario Renfe-Feve, a súa planificación e xestión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 293, do 18.04.2018

### **8.3 29707 (10/POP-003480)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Losada Álvarez, Abel Fermín e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para aliviar a densidade de tráfico pesado na A-55, no tramo Vigo-O Porriño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 25.04.2018

### **8.4 30238 (10/PUP-000160)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Tellado Filgueira, Miguel Ángel e sete deputados/as máis**

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe oficial a México que vai realizar o presidente da Xunta de Galicia, xunto co conselleiro de Economía, Emprego e Industria, no mes de maio de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

### **8.5 29564 (10/POP-003468)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da integración dos profesionais de Educación Social en toda a educación obrigatoria de primaria e secundaria, así como na infantil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 25.04.2018

### **8.6 24249 (10/POP-002926)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Rodríguez Arias, Marta e sete deputados/as máis**

Sobre os recursos destinados e as liñas de colaboración da Xunta de Galicia coas entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais para o desenvolvemento de programas e actuacións de loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

### **8.7 28931 (10/POP-003404)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación de novos equipos de valoración e orientación da discapacidade na provincia de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

### **8.8 30005 E C.E. 30155 (10/PUP-000159)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Toja Suárez, María Dolores e dous deputados/as máis**

Sobre o tipo de controis que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o cumprimento dos requisitos exixidos na concesión das axudas cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

#### **8.9 30277 (10/PUP-000163)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Santos Queiruga, Carmen**

Sobre as razóns do Goberno galego para considerar agora vangarda tecnolóxica os medios de salvamento aéreo da Xunta de Galicia que pasaron a mans privadas no seu día por considerar que estaban obsoletos e que precisaban de actualización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

#### **8.10 22696 (10/POP-002735)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis**

Sobre o balance que fai a Consellería do Mar respecto do desenvolvemento das campañas para o fomento do consumo de peixes e mariscos tituladas *O sabor da aventura está no mar*, *Ponlle as pilas ao teu bocata* e *Do mar ao prato*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

#### **8.11 28662 (10/POP-003372)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a garantía polo Goberno galego do cumprimento polos helicópteros *Pesca I* e *Pesca II* das condicións técnicas necesarias para a prestación na actualidade do servizo de salvamento marítimo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e sete minutos da mañá.*

*O señor presidente comunica as ausencias xustificadas dos deputados señor López Crespo e señor Varela Suanzes-Carpegna. (Páx. 13.)*

### **Promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada. (Punto preliminar da orde do día.)**

*Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada dona Julia Torregrosa Sañudo. (Páx. 13.)*

*Dona Julia Torregrosa Sañudo presta a súa promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 13.)*

### **Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2017. (Punto primeiro da orde do día.)**

*O señor presidente explica o procedemento deste debate, conforme as normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, previstas no artigo 80.1 do Regulamento. (Páx. 13.)*

*Exposición da valedora do pobo: Sra. Otero Parga. (Páx. 14.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 24.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 27.), Sra. Chao Pérez (EM) (Páx. 31.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 35.)*



**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)**

Presentación da proposición de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 43.), *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 45.) e *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 48.)

Rolda de réplica: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 51.)

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, relativa ás medidas urxentes de emerxencia social en materia de prestacións económicas para paliar a pobreza enerxética e tendentes á mellora da eficiencia enerxética dos fogares vulnerables. (Punto segundo da orde do día.)**

Presentación da proposición de lei: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 57.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 60.), e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 63.)

Rolda de réplica: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 66.)

***Votación dos textos lexislativos***

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia: *aprobada por 67 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención*. (Páx. 69.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, relativa ás medidas urxentes de emerxencia social en materia de prestacións económicas para paliar a pobreza enerxética e tendentes á mellora da eficiencia enerxética dos fogares vulnerables: *rexeitada por 32 votos a favor, 35 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 69.)

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar do seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. (Punto terceiro da orde do día.)**

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 69.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 77.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 80.), *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 84.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 87.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 90.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións. Nesta rolda interveñen a Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 96.), a Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 98.), o Sr. Lago Peñas (EM) (Páx. 100.), o Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 101.) e o Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 103.)

Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás cinco da tarde.

O señor presidente retoma a sesión cun cambio no desenvolvemento da orde do día comunicado previamente. (Páx. 106.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a negociación pola Xunta de Galicia co Concello da Coruña e as demais partes implicadas da revisión dos convenios portuarios do ano 2004, así como os criterios de ordenación, a forma xurídica do consorcio, o financiamento e os accesos ao porto exterior e os demais apartados contidos na proposta de protocolo trasladada polo Goberno municipal da Coruña.** (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente anuncia unha emenda presentada a esta proposición non de lei polo propio grupo autor. (Páx. 106.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 107.)  
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 110.), Sr. Díaz Villoslada (S) (Páx. 112.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 114.)

Nova intervención do señor Sánchez García (EM). (Páx. 116.)

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto ambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras.** (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 119.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 121.)  
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 124.)  
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 126.) e Sr. Blanco Paradelo (P). (Páx. 128.)

O señor Sánchez García (EM) (Páx. .) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 128.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento consignado para o ano 2018 para a prevención do abandono escolar.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 132.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 134.), *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 136.) e *Sr. Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 137.)

*Nova intervención do señor Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 139.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o emprego público e as condicións de traballo no sector público autonómico.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 140.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 141.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 144.) e *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 146.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 148.)

*O señor Díaz Villoslada (S) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 150.)

### ***Votación das mocións***

Votación dos catro primeiros puntos da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto ambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras: *rexeitados por 30 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 152.)

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto ambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras, agás os catro primeiros puntos: *rexeitada por 16 votos a favor, 37 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 152.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento consignado para o ano 2018 para a prevención do abandono escolar: *rexeitada por 30 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 153.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o emprego público e as condicións de traballo no sector público autonómico: *aprobado por 61 votos a favor, 6 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 153.)

*O señor presidente prosegue a sesión cun cambio no desenvolvemento da orde do día que xa foi previamente anunciado.* (Páx. 153.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coas enfermidades profesionais.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 153.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)* (Páx. 157.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 160.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de economía, emprego e industria (Conde López)* (Páx. 161.)

*Suspéndese a sesión ás oito do serán.*

Ábrese a sesión ás dez e sete minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron a inasistencia a este pleno o deputado señor López Crespo e o deputado Daniel Varela.

Entramos na orde do día.

Punto preliminar, dando cumprimento ao previsto no artigo 7 do Regulamento.

**Promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada**

**O señor PRESIDENTE:** Procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía da nova deputada.

Segundo o procedemento, a fórmula é «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta presidencia.

Poñémonos de pé, por favor. Vostede tamén, señora deputada, se fai o favor.

Prégolle que responda desde o escano á pregunta que lle vou formular.

Dona Julia Torregrosa Sañudo, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

**A señora TORREGROSA SAÑUDO:** Si, prometo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Unha vez prestada a promesa, adquire a condición plena de deputada. Benvida ao Parlamento. (*Aplausos.*)

**A señora TORREGROSA SAÑUDO:** Grazas. (*Aplausos.*)

**Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2017**

**O señor PRESIDENTE:** Entramos xa no punto primeiro da orde do día. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

En aplicación da norma terceira das reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa o 28 de maio de 1991, o debate do pleno do informe anual axustarase ao seguinte procedemento.

Primeiro, a valedora do pobo exporá un resumo do informe debatido ante a Comisión de Peticións o 26 de abril. Ao seu remate, abandonará o salón de sesións, e as deputadas e os deputados iniciarán as súas deliberacións.

Seguindo a orde de actuación prevista no artigo 80.1 do Regulamento, o representante de cada grupo parlamentario poderá intervir por un tempo máximo de dez minutos cada un para fixar a súa posición respecto do informe presentado.

Ao motivo deste debate non poderán presentarse propostas de resolución dado o seu carácter informativo, sen prexuízo de posteriores iniciativas regulamentarias.

Para iso, primeiro prégoles ao señor vicepresidente primeiro que acompañe a señora valedora do pobo ata a tribuna de oradores para que efectúe a súa intervención ante o pleno.

*(O señor vicepresidente primeiro (Calvo Pouso) acompaña a señora valedora do pobo á tribuna de oradores.)*

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a valedora do pobo, dona Milagros Otero Parga.

**A señora VALEDORA DO POBO (Otero Parga):** Señor presidente do Parlamento de Galicia, señoras e señores membros da Mesa do Parlamento, portavoces dos grupos parlamentarios, señoras e señores deputados, señoras e señores.

Señorías, comparezo hoxe ante este Parlamento para render o Informe sobre a actividade da institución do Valedor do Pobo durante o ano 2017. É para min unha honra presentarme ante vostedes, representantes democraticamente elixidos polo pobo galego, para informalos sobre o estado do exercicio dos dereitos dos cidadáns galegos.

A institución do Valedor do Pobo cumpriu, unha vez máis, co encargo realizado por este Parlamento, con seriedade, rectitude, imparcialidade, obxectividade, dedicación e procura da xustiza. Atendemos milleiros de queixas escritas, despregamos unha ampla actividade presencial nos concellos e institucións polos que fomos requiridos ou invitados e participamos en reunións nacionais e internacionais nas que se nos solicitou algunha achega. Organizamos as XXXII Jornadas de Coordinación de Defensores del Pueblo, sobre o tema do desenvolvemento da transparencia, e atendemos presencialmente todas as persoas ou asociacións que así o pediron.

Permítaseme, en primeiro lugar, proporcionarlles algunhas cifras indicativas do noso traballo.

Durante o ano 2017 atendemos 29.365 queixas, sobre 2.359 asuntos. Do total das resolucións emitidas por esta institución, foron aceptadas o 76 %. Esta cifra é importante, xa que un

alto grao de aceptación das resolucións do Valedor é un signo de bo goberno. Ademais, non se pode esquecer que cada vez con máis asiduidade non necesitamos formular recomendación, pois a Administración atende o noso criterio antes de ter que facelo.

Os datos achegados están desagregados no informe escrito, de modo que as súas señorías poden coñecer calquera outra información que se refira a estes números, nos que non me vou deter máis e que mostran que a institución do Valedor do Pobo traballou con afán, emitiu centos de resolucións e ten unha implantación forte na nosa terra, que lle permite alcanzar a autoridade necesaria para que as súas recomendacións sexan atendidas.

Desde esta institución ocupámonos de todas as peticións de actuación formuladas polo pobo galego de forma expresa e tamén dalgunhas máis que iniciamos de oficio. Falareilles delas, pero antes quero comezar o meu informe relatando as liñas mestras de actuación da institución este ano. Responden a moitos dos problemas sobre os que as súas señorías chamaron a miña atención o ano pasado. Ocupeime de todos eles con absoluta dedicación e empeño.

Hai agora un ano as súas señorías apuntaron a descompensación entre as queixas provenientes do rural e as que se orixinaban no ámbito urbano. Tiñan vostedes razón. Por iso propiciei un encontro cos representantes dos grupos parlamentarios no que lles expliquei que as estatísticas ofrecidas entón que distinguían o medio rural do urbano debían ser mellor explicadas, pois non mostraban con claridade a procedencia das queixas. A pesar de todo, existía unha descompensación que debía ser atendida. Inmediatamente comezamos a realizar un labor proactivo para mellorar a situación das persoas no rural. A primeira acción a emprender foi aproximarnos aos problemas concretos dos galegos que viven neste medio. Para iso anunciei unha campaña de proximidade ao ámbito rural. Escribimos desde esta institución a douscentos concellos de menos de 5.000 habitantes para coñecer de primeira man os problemas que teñen, especialmente en canto ao funcionamento dos servizos sociais e á atención de problemas de risco de exclusión social. Estou moderadamente satisfeita con esta iniciativa, que penso continuar incrementando, porque estou convencida de que quedan aínda bastantes problemas por resolver.

Entre a problemática xurdida como consecuencia desta aproximación puxéronse de manifesto situacións de moi variada índole, como as relativas á propiedade veciñal dos montes, a súa limpeza, a necesidade de axustar o transporte público, os problemas derivados da falta de persoal en centros sanitarios —especialmente a atención pediátrica—, as dificultades nas comunicacións telefónicas, electricidade e servizos da internet, a optimización das terras de pasto evitando o seu abandono, o destino da madeira queimada ou a atención ás organizacións agrarias no medio rural como dinamizadoras próximas ao cidadán da actividade económica do rural, por citar simplemente algunhas delas.

O resultado desta actividade incrementou ata un 12 % as queixas procedentes do rural, situación esperanzadora que nos anima a seguir traballando neste ámbito.

A dedicación ao rural, que se implementou de forma transversal, non desatendeu outros municipios e poboacións urbanas. En 2017 continuei coa apertura da institución, visitando



persoalmente localidades como Carballo, Monforte, Marín, Curtis, Láncara ou Carballeda de Avia, por citar algunhas delas, que, como pode observarse, non se atopan en ningún caso entre as máis poboadas ou urbanas de Galicia.

Tamén se chamou a miña atención sobre a escaseza de queixas de oficio que se iniciaron en 2016. Recordo que naquel momento foran 21, cifra que se elevou este ano a 224.

Tamén investigamos de oficio máis problemas que nunca ata agora, referidos a temas como os prezos dos comedores escolares, a cota de reserva para persoas con discapacidade na convocatoria de setembro nas universidades galegas, a repartición de cotas de pesca na comunidade autónoma, a praga da couza guatemalteca da pataca, a situación de desamparo dunha muller embarazada que non tiña onde vivir, o risco de exclusión social dalgunha persoa pola tardanza no cobro da Risga, os atrasos nas valoracións de discapacidade, as actuacións na AP-9, a adhesión aos programas de vivendas baleiras e o novo Plan de transporte.

Nalgunha destas investigacións obtivemos un bo resultado, conseguindo participar no cambio de situacións e actitudes que atentaban contra o pleno exercicio dos dereitos dos galegos, e noutras seguimos traballando.

Igualmente, realizamos un labor de implicación cos dereitos lingüísticos. Neste tema esta institución quixo ser proactiva, potenciando unha conciencia cada vez maior de que existen dereitos lingüísticos individuais e colectivos, e que, con pleno respecto á liberdade de todos os falantes nunha comunidade autónoma na que o galego é lingua cooficial, debe garantirse o dereito de toda persoa a vivir na lingua propia de Galicia.

Ocupámonos especialmente da protección da toponimia galega, da adaptación da sinalización viaria con atención á normativa específica de tráfico e da promoción do uso do idioma propio de Galicia. Tamén traballamos a favor da incorporación do galego a páxinas web e igualmente xestionamos a facilitación de toda a tramitación do matrimonio civil nos rexistros, substancialmente na Coruña, en lingua galega. Traballamos de oficio a favor da nosa lingua iniciando unha queixa que contribuíu á promoción de manuais de autoescola en lingua galega, que era unha vella demanda ata agora non atendida.

Á beira destas peticións, que creo que foron debidamente resoltas, non podo esquecerme doutras sinaladas por vostedes e nas que seguimos traballando. Entre elas, a escaseza de prazas de residencia para os nosos maiores, os problemas derivados dos servizos de axuda no fogar e a situación crítica dos pensionistas galegos, especialmente de Venezuela.

En relación con todas estas situacións, fixemos actuacións e permanecemos atentos aos seus resultados. Non me esquezo deles, porque creo que a falta da debida atención a estes dereitos xera realidade de extrema inxustiza que deben ser corrixidas de inmediato.

Esta institución debe atender os problemas estruturais da sociedade galega, porque estes limitan a efectividade presente e futura dos seus dereitos. Non podemos obviar o feito de que o noso traballo se concreta na atención, escoita, asesoramento e acompañamento dos cidadáns.



Con este espírito, quero trasladar ás súas señorías un feito que me preocupa moito e que creo que é o xerme de moitos dos problemas estruturais da sociedade galega. Trátase do investimento da pirámide demográfica. Galicia é unha comunidade autónoma que presenta unha proporción de maiores de 65 anos do 24,33 %. Observemos que na poboación española, sendo unha das máis vellas do mundo, a proporción sitúase nun 18,60 %.

Esta situación faise dramática en Lugo e Ourense, con taxas do 28,71 % e do 30,65 % respectivamente. En Galicia existen ao redor de 430.000 nenos e mozos menores de 19 anos e 660.000 persoas maiores de 64 anos, o que mostra unha pirámide regresiva.

Tampouco nacen moitos nenos, hai menos persoas novas e, polo mesmo, menos cotizantes á Seguridade Social e máis persoas que precisan servizos sanitarios diversos, nunha sociedade moi dispersa.

Os servizos sociais galegos teñen que atender moitas máis persoas, proporcionalmente falando, que outros moitos lugares de España e deben facelo, ademais, en condicións estruturais máis difíciles. A día de hoxe en Galicia aténdense 760.000 pensionistas, mentres que hai 960.000 traballadores cotizantes.

Este problema vai en aumento e seguirá aumentando. As mulleres galegas levan a peor parte, porque ás discriminacións que sofren, e que quedaron patentes este ano no seguimento da manifestación do 8 de marzo, teñen que sumar outras cargas engadidas, pois son normalmente elas as que veñen soportando a necesidade de conciliar a vida laboral e a familiar, as que atenden de feito as persoas maiores ou con discapacidade e as que, en suma, se fan cargo de todo. Esta situación é real e non debe ser disfrazada e, ata que a sociedade no seu conxunto non a entenda, a solución será moi difícil de alcanzar.

Para axudar a paliar o problema, temos creado este ano unha área específica e autónoma dentro do Valedor dedicada exclusivamente á igualdade. Desexamos que con esta iniciativa sexamos quen de contribuír de mellor xeito a asegurar a igualdade real e efectiva de todos os galegos e galegas.

Os programas de atención á dependencia consomen en Galicia o 52 % do orzamento destinado a políticas sociais. Estamos ante unha situación estrutural que exige un compromiso serio por parte da sociedade no seu conxunto. Debemos cambiar estruturas e proporcionar unha cobertura legal áxil e eficaz que reverta esquemas de actuación largamente mantidos.

A sociedade galega precisa de todos os cidadáns, sen diferenza entre homes ou mulleres, entre maiores e nenos. Necesita as capacidades de todos, aínda que estas capacidades sexan diferentes.

Quero chamar hoxe a atención sobre este problema. Solicito un cambio estrutural e pido un compromiso de todos os grupos parlamentarios para que, máis aló de consideracións partidistas, defendan que a igualdade é unha cuestión de Estado, do noso Estado. Son necesarias políticas sociais e financeiras de apoio á muller e ás familias, pois sen nenos ningunha política pública ten futuro.

Galicia precisa protexer os seus menores, especialmente os que teñen máis problemas, como aqueles que necesitan ser acollidos. Para eles, débese potenciar o acollemento en familia extensa, reforzando o apoio económico ás familias acolledoras, para que a súa vida, xa de por si magoada, discorra, no mellor marco posible, libre de hostilidades.

É necesario conceder á educación un papel primordial, prestando especial atención á plena efectividade da educación inclusiva. As necesidades específicas de apoio educativo teñen que estar cubertas. Os alumnos deben ter apoio especial nos casos nos que presenten algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial, trastornos graves de conduta, sobre dotación, situación de desvantaxe social ou económica, problemas crónicos de saúde ou desaxuste curricular significativo.

Esa axuda debe chegar de forma temperá. Non debemos esquecer que para que estes mozos poidan chegar a gozar do dereito á igualdade precisan ser atendidos polos poderes públicos con certa desigualdade, a necesaria que compense a súa situación particular.

Para alcanzar esta finalidade, é necesario evitar os atrasos diagnósticos e propiciar a coordinación entre a contorna familiar e a educativa, nun clima de confianza, mutuo respecto e recoñecemento, pois só dese modo se poderán reforzar as pautas de conduta que precisan estes menores, baixo a premisa de que o interese do menor é un dos máis necesitados de protección. É necesario establecer cotas de reserva para estudantes con discapacidade, tanto nos estudos oficiais de grao ou máster como nas convocatorias especiais.

Este ano formulamos ás tres universidades galegas unha recomendación, que foi aceptada, para desenvolver os procedementos adecuados que garantisen a estes estudantes a cota de reserva, que non estaba a ser protexida.

O acoso escolar segue sendo un problema grave que debe ser abordado para protexer os menores, atendendo o sufrimento das vítimas. Tamén deben ser atendidos os problemas de acondicionamento dos centros educativos, respectando as posibilidades orzamentarias. Todo iso debe facerse potenciando a necesidade de educar os menores en valores e ofrecéndolles opcións alternativas que lles permitan evitar condutas como as prácticas de botellón, claramente contrarias aos seus dereitos.

Un tipo especial de acoso que me preocupa moito é o que sofren as persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia. É importante comprender que a discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero se sofre de modo individual, de modo que, se quen a padece non explicita debidamente a súa situación e a contorna na que vive non está suficientemente sensibilizada ante a realidade da mesma, resulta moi difícil detectar as condutas discriminatorias e abusivas, de modo que non se actúa coa contundencia necesaria.

Compráceme comunicarlles que este ano se reduciu o número de queixas presentadas ante esta institución por ese motivo, situación esta que non nos fai baixar a garda nin entender que o problema está resolto, senón que, pola contra, permítenos estar, se cabe, máis atentos á súa incidencia real. Proba diso son as queixas de oficio abertas investigando o posible acoso

a un neno transexual no seu colexio, así como a publicación no ámbito dunha revista empresarial dun suposto delito de odio.

Ambos os asuntos foron arquivados, porque interveu neles a Fiscalía, pero foron detectados antes pola institución do Valedor, en cumprimento do encargo xenérico recibido deste Parlamento que nos insta a atender o efectivo cumprimento dos dereitos dos galegos.

Celebramos a creación do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero, así como a posta en marcha dunha unidade asistencial de referencia para atención sanitaria a menores trans, situada no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Esta institución, como autoridade independente encargada de facer respectar a igualdade de trato e impedir a discriminación das persoas LGTBI, mostra a súa vontade de seguir sendo unha canle activa na materialización dos dereitos das persoas no ámbito que lle é propicio, é dicir, na supervisión das actuacións sobre as que se denuncia unha discriminación ou unha vulneración da igualdade de trato, investigando a situación daquelas persoas que puidesen sufrir discriminación na tramitación das súas queixas ou reclamacións. Esta valedora está comprometida no obxectivo de que Galicia impulse unha sociedade que abrace a diversidade.

Precisamos preservar un sistema sanitario eficaz, equitativo e solvente, acorde coas circunstancias demográficas do noso país. É necesario organizar de forma eficaz a xestión dos centros sanitarios, así como a de todos os servizos, de maneira que se poidan compatibilizar optimizando as necesidades e as dispoñibilidades reais.

Preocúpanme moito as listas de espera, cuxa xestión non acaba de ser correcta, ao non resultar áxil e transparente. Entendemos que a Administración debe seguir esforzándose en ofrecer un plan que mellore esta situación.

Polo que se refire ás necesidades de humanización dos servizos sanitarios, producíronse algúns avances, como, por exemplo, o que derivou dunha queixa asinada por 4.253 persoas que solicitaban melloras no sistema automático das citas telefónicas.

Tamén me preocupa a distribución adecuada dos medios dos que dispón a sanidade pública, de maneira que resulten cubertos os servizos dos demandantes. Neste sentido, actuamos en relación co problema da falta de dotación de médicos, especialmente pediatras, pois defendemos que os nenos teñen dereito a unha atención pediátrica continuada, necesidade que recoñeceu a Consellería, comprometendo un plan de actuación, cuxo cumprimento viviremos.

O emprego público tamén foi obxecto dalgunhas recomendacións. Son consciente de que se reactivaron os procesos de convocatorias selectivas, que polo mesmo deben ser controlados e vixiados, a fin de que non se produzan disfuncións que entorpezan o lexítimo dereito do pobo galego a ter un emprego público en condicións de igualdade, só matizadas polas circunstancias legais de mérito e capacidade.

Unha das áreas máis sensibles no que a queixas se refire atópase en servizos sociais. É lóxico que así sexa, debido ás condicións —xa explicadas— nas que se atopa na actualidade a sociedade galega. A maior parte das queixas neste ámbito refírense a situacións de exclusión ou risco de exclusión social, atrasos na atención á dependencia, atrasos nas valoracións de discapacidade, a falta de accesibilidade e a prolongación da falta de pagamento das pensións venezolanas, con todos os graves problemas que isto carrega.

O problema na valoración da discapacidade é grave. Para tratar de alivialo, mantiven algunha conversa coa Consellería de Servizos Sociais e aseguráronme que en breve se porán en funcionamento moitos máis equipos de valoración, que é unha petición largamente feita desde esta institución e que estaremos atentos a que realmente sexa unha realidade.

É importante sinalar que este ano se aprobou o proxecto de regulamento da lei de inclusión social, aínda en trámite, longamente reclamado desde esta institución do Valedor e que esperamos que poida solucionar algúns destes problemas. Pero somos conscientes de que aínda quedan moitos por resolver, especialmente no ámbito rural.

Para pescudalos, dirixinme persoalmente en moitos casos e noutros solicitei información neste ámbito para coñecer de primeira man os seus problemas. As respostas que obtivemos abundan na escaseza de acceso ás risgas e os problemas de atención á dependencia. Tamén deron conta de numerosas iniciativas de protección a través dos departamentos de servizos sociais municipais, que deben ser coñecidas, agradecidas e potenciadas.

Con carácter xeral, debo informar a este Parlamento de que existen algúns problemas na área social que supoñen situacións de grave inxustiza que deberían ser atendidos, xa que afectan as persoas máis desprotexidas da sociedade, aquelas que por si mesmas teñen menos forza, menos medios e, en suma, menos posibilidades de enfrontalas.

É o meu labor estar atenta ás disfuncións que poidan producirse ao redor deles, pois min-guan de forma considerable a efectividade dos seus dereitos, atacando a súa dignidade e imposibilitando a realización da xustiza material.

En relación con este feito, debo informar de que as rendas de inclusión social, coñecidas como risgas, presentan desde 2015 moitas menos queixas por atrasos, pero non diminuíron as queixas de risgas por retirada ou suspensión, cuantificación, falta de recoñecemento de novos tramos ou complementos ou de negación cando o solicitante ten un traballo escasamente remunerado.

Polo que á dependencia se refire, debo recalcar que, antes, a maioría das queixas deste ámbito se centraban na aprobación ou cumprimento do programa de atención. Con todo, este ano detectamos tamén atrasos na fase anterior, isto é, na valoración previa. Entendemos que eses atrasos deben ser corrixidos de inmediato, pois ocasionan consecuencias moi negativas no que a gozo de dereitos se refire.

Tamén nos ocupamos de sinalar unha disfunción que producía graves efectos nas persoas menos favorecidas. Refírome á necesidade de equiparar as persoas incapacitadas laboral-

mente con aquelas outras con discapacidade. A lei xa o prevía, pero, de feito, non se estaba facendo, o que ocasionaba importantes prexuízos, especialmente no ámbito fiscal. Como efecto da nosa intervención, a Consellería aceptou a nosa recomendación de equiparación, comprometéndose á elaboración dun documento de recoñecemento de discapacidade ás persoas con incapacidade laboral.

Apreciamos tamén considerables atrasos na valoración da discapacidade. Esta realidade levounos a abrir unha queixa de oficio a fin de coñecer mellor a dita problemática e así poder contribuír á súa mellora. Obtivemos boa acollida por parte da Consellería, que se comprometeu a reducir en 2018 os tempos de emisión dos recoñecementos dos graos de discapacidade.

Mención á parte merece o capítulo da accesibilidade, tendo en conta que xa finalizou o prazo legalmente previsto para as adaptacións. Por iso, realizamos un informe extraordinario, que xa está terminado e que será presentado de inmediato a este Parlamento, a través da Comisión de Peticións.

Non quero esquecerme tampouco dos graves problemas dos pensionistas, dos nosos e dos galegos que deberían percibir as súas pensións doutros países, substancialmente Venezuela. Aínda que somos conscientes de que este problema excede as competencias que temos atribuídas por lei, non podíamos pechar os ollos ante a grave inxustiza que están a padecer os nosos maiores, de modo que nos entrevistamos coa Consellería de Política Social para tratar de atopar unha forma de axuda rápida e eficaz para os casos máis graves. Tamén interesamos o asunto ao Defensor del Pueblo, que atendeu a nosa demanda e está a dar diferentes pasos para tentar resolvela.

As pensións dos nosos maiores preocúpannos moito. Para decatarnos mellor dos seus problemas, recibimos persoalmente a Plataforma de Reforma da Constitución en Materia de Pensións, que nos deixou unha petición asinada por 13.017 persoas, converténdose así na máis numerosa deste ano.

Somos conscientes das necesidades dos pensionistas, e aínda que, como xa expliquei no caso de Venezuela, esta problemática non entra dentro das nosas competencias legalmente establecidas, estaremos atentos a urxir solucións, porque entendemos que os nosos maiores así o precisan e así o merecen.

Preocúpanos tamén a falta de previsión do suicidio en Galicia. Para ese efecto, demandamos da Consellería a realización dun plan de prevención e fomos informados de que xa estaban dándose os pasos necesarios conducentes á súa aprobación.

Tamén precisamos ou apreciamos numerosos problemas na área de transportes. Esta situación é grave en Galicia, porque a nosa terra presenta unha poboación moi dispersa, que precisa dispoñer de medios de transporte adecuados, cunha regularidade, cobertura e rapidez razoables. O problema afecta especialmente o rural, substancialmente referido ás persoas maiores ou aos nenos en idade escolar.

Para tentar mellorar esta situación, ensaiáronse na nosa comunidade dúas posibles solucións alternativas, que son o transporte escolar compartido e o transporte á demanda. É fundamental que a Administración autonómica intensifique as funcións de inspección para garantir o correcto funcionamento destes novos servizos, de modo que se instrúan expedientes e se impongan as correspondentes sancións en caso de incumprimento.

Polo que se refire á área de obras públicas, instamos desde aquí a necesidade de dispoñer de procedementos expropiatorios máis áxiles e máis conscientes da desprotección dos cidadáns afectados.

En canto á vivenda, é preciso redobrar esforzos de colaboración e cooperación entre os diferentes niveis da Administración a fin de que se optimice o uso das vivendas baleiras de titularidade pública, que deben manterse en condicións de habitabilidade para que poidan ser utilizadas en caso de probada necesidade. Non é admisible que nin unha soa persoa ou unidade de convivencia se atope en necesidades extremas habitacionais, como as que aínda se están dando, tanto en ámbitos rurais como, sobre todo, urbanos.

Mención á parte merece o medio ambiente. Neste ámbito os ruídos son un dos problemas máis graves e recorrentes que afectan a moitas persoas en diferentes municipios da comunidade autónoma. É preciso atopar os mecanismos adecuados para harmonizar o lexítimo dereito ao lecer e ao traballo dalgúns sectores como a hostalería co dereito ao descanso e á intimidade persoal e familiar dos veciños.

Na área de corporacións locais e servizos municipais, a problemática máis habitual durante o ano 2017 centrouse na defensa do dereito de acceso á información pública e á documentación municipal, tanto dos cidadáns como dos cargos electos locais. Este dereito fortaleceuse coa entrada en funcionamento da Comisión Galega da Transparencia. Tamén mellorou a progresiva inserción de publicidade activa nas páxinas web municipais.

A pesar diso, persiste a xa tradicional resistencia dalgúns concellos para facilitar aos membros da oposición o acceso á información municipal, á que teñen dereito, para poder realizar a súa función de control dos órganos de goberno.

Toda esa problemática complícase notablemente pola escasa dotación de medios persoais e materiais necesarios para a implantación da Administración electrónica nos procedementos administrativos, a pesar de que é unha exixencia legal dende o 2 de outubro de 2016.

Igualmente, preocúpame a pasividade dalgúns responsables municipais nos problemas de invasión e ocupación do dominio público, así como nos asuntos de limpeza das leiras rústicas e mantemento dos servizos. Son consciente de que neste ámbito de cousas é imprescindible a colaboración cidadá, pero o asunto debe ser resolto, porque prexudica moito e convértese ademais en foco de posibles incendios. Este problema é especialmente grave nos núcleos rurais, que sofren aínda máis que os urbanos polo que á falta de medios antiincendios se refire.

Esta valedora non pode esquecer a gravísima vaga de lumes que asediou Galicia este ano, poñendo en perigo vidas e patrimonios. Somos e fomos conscientes do desastre, non pode-



mos tolerar máis mortes. Trasladámonos a algunhas das zonas especialmente castigadas e falamos cos veciños, preocupámonos e preocupámonos as persoas e os seus problemas, e por iso urximos da consellería competente a axilización e facilitación de trámites, para que as persoas directamente afectadas puidesen acceder canto antes ás axudas previstas a fin de tentar normalizar a súa vida.

Tamén son graves os problemas derivados da pobreza enerxética. Hai que protexer os dereitos dos consumidores vulnerables severos e en risco de exclusión social, incluíndoos na relación de subministracións esenciais.

É necesario prestar enerxía eléctrica ás vivendas e instalacións dos usuarios, sen interrupcións e coa calidade exixida. Non se deben producir limitacións, como a falta dun servizo de telefonía adecuado; dificultades de conexión á internet, como sucede neste momento, por exemplo, no Courel; ou cortes de luz, que este ano afectaron masivamente determinados lugares, como o concello de Ordes, con 200 peticións, ou o concello de Rodeiro, con 1.100 firmas. Todos estes problemas, que exixen seriedade na aplicación do bono social, fanse especialmente presentes no ámbito rural, arroxando uns índices de incremento de pobreza enerxética no ano de 2017 que ten que ser corrixido.

Outro sector sen dúbida importante na nosa comunidade é a agricultura. Este ano tivemos o importante problema da praga da pataca como consecuencia da couza guatemalteca. A gravidade do asunto levou a Consellería, coa que estivemos en contacto permanente, a establecer e regular medidas para o control da praga. Neste momento aínda hai unha cantidade de axudas pendentes de pago. Estaremos atentos a que a Consellería do Medio Rural cumpra coas obrigacións adquiridas, xa que supoñen unha importante parte dos medios de vida de moitos dos nosos agricultores.

Outra área de traballo especialmente encargada á valedora é a transparencia. O desenvolvemento desta xestión supuxo o premio ao comisionado de defensa de dereitos humanos máis transparente de España, outorgado por Transparencia Pública, por segundo ano consecutivo.

O ano 2017 supuxo un crecemento de reclamacións dirixidas á Comisión de Transparencia de Galicia. De 55 expedientes entre maio e decembro de 2016 pasouse a 132 no ano 2017; dese total, resolvéronse 111, dos que 25 corresponderon a expedientes do ano 2016.

Se nos fixamos no número de reclamantes, no ano 2016 houbo 34, fronte aos 81 do ano 2017. Estas cifras permiten afirmar o mellor coñecemento do que gozan neste momento os galegos no que se refire ao seu dereito para reclamar a información pública que lles interesa.

Con carácter xeral, os temas cuxa información interesan máis refírense a expedientes en materia urbanística, á información solicitada por sindicatos e concelleiros no ámbito municipal, á información demandada por organizacións de defensa ambiental, ás situacións concretas de patrimonio e a datos en xeral sobre procesos selectivos anteriores á entrada en vigor da lexislación de transparencia. Tamén interesan moito aos cidadáns os datos sobre contratos menores.

É importante destacar que neste ano de 2017 a Comisión puido responder en prazo todas as reclamacións recibidas, a pesar do incremento de temas relatado.

Polo que ao labor da valedora como comisionada da transparencia de Galicia se refire, debo indicar que, con carácter xeral, as obrigacións de publicidade activa desenvolvéronse adecuadamente, salvo carencias puntuais nas administracións locais.

Quero terminar dando as grazas. Agradezo ás súas señorías a cortesía de atender o meu informe cunha escoita activa, que estou segura de que redundará en beneficio dos dereitos dos galegos.

Agradezo a todo o equipo do Valedor do Pobo, responsables técnicos e persoal da administración e servizos, o seu traballo, responsable e dedicado, que é o que posibilita a realización da nosa función. Para nós é unha honra servir os cidadáns galegos.

Por último, agradezo a todos os galegos e galegas que nos axuden no noso empeño de alcanzar unha sociedade mellor.

Reitero hoxe o meu compromiso de traballar para que esa lexítima aspiración se faga realidade. Esta valedora non poderá solucionar todos os problemas que se lle presenten nin poderá facelo, dende logo, a gusto de todos, posto que a pluralidade é un valor democrático que define a sociedade galega e española, especialmente nos últimos tempos, pero asegúrolles que non me renderei na defensa dos dereitos dos cidadáns, porque amo a xustiza. Para ese traballo, que é unha aspiración de toda a sociedade galega, solicito hoxe, de novo, a colaboración de todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, valedora.

Prégolle ao vicepresidente que acompañe a valedora. Grazas, valedora.

Comezamos a rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións.

Ten, en primeiro lugar, a palabra o representante do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Cando un, ano tras ano, se enfronta co informe da Valedora do Pobo e bota unha ollada aos apartados do mesmo, non pode nin quere evitar un sorriso malicioso pola coincidencia —digo ben—, pola coincidencia, pero non coa interpretación que se lle dá ao mesmo. Explícome.

A malicia do sorriso procede de que máis do 90 % das queixas individuais, que deixan ver descarnadamente a podremia do sistema, están contempladas no resumo das iniciativas que este grupo parlamentario leva facendo neste Parlamento ao longo deste anos.



A súa exposición foi todo un programa de intencións, que, de naceren da súa experiencia nas queixas e posteriores indagacións, deberían dar que pensar á sociedade enteira, todo iso, claro, se tivesen a debida difusión social.

Vou, como xa fixen o outro día en comisión, comezar por unha frase que me chamou moito a atención. No apartado de urbanismo, logo dunhas atinadas consideracións sobre das carencias técnicas, xurídicas e económicas de moitos concellos para poderen velar pola legalidade urbanística, logo de concluír que a protección do territorio, medio ambiente e urbanismo en harmonía se vai abrindo paso pero que queda moito camiño, o informe dános a clave dese e doutros problemas desta nosa maltreita matria —permítanme—, cando, ao falar da falla de vontade para levar a cabo as normas de urbanismo, escribe: «Existen normas, pero non existen os medios técnicos, económicos e xurídicos na Administración local para aplicalos en tempo e forma, e nalgúns casos observamos que tamén falta a vontade de levalas a cabo. Non cabe dúbida de que a proximidade xera relacións de veciñanza, familiares, sociais, que inflúen á hora de acordar ou exixir medidas disciplinarias». Perfecta definición de caciquismo, fonte de todo mal político, lacra que, como a peste, asola este país, pilar fundamental da permanencia do PP no poder e raíz da corrupción que nos come por dentro como o cancro. *(Aplausos.)*

Permítanme ter unha lembranza aos lumes que asolaron o noso lar matrio no pasado outubro e ter unha reflexión política a aquelas zonas que se viron ameazadas e afectadas polo lume nas máis prezadas pertenzas, que son as vivendas e as infraestruturas, froito moito das veces dese caos que padecemos nas áreas periurbanas e que son o resultado desa democracia tan da dereita, permisiva cos amigos e intransixente cos que non amosan esa amizade ou submisión.

Xa o outro día me referín á educación, como ao dereito e á dificultade de ofertar igualmente unha educación de calidade, fronte a unha demografía desigual, e condicionante tanto polo número de alumnos como pola realidade social e económica. Esa reestruturación de colexios, feita a traizón, sen previo aviso, con nocturnidade e aleivosía, a última hora —Monte Caxado—, e a quentura do verán e a revolta da xente.

O seu informe detecta carencias significativas nos aspectos que supoñían un adianto do sistema educativo nos últimos tempos, a educación individualizada, miolo do discurso pedagóxico da miña época de ensinante. Pois si, parece ser que as tesoiras da dereita entraron fondo. Os imprescindibles especialistas en apoio educativo con atención aos alumnos con atrasos educativos ou con discapacidades sobre dotación, lingua, trastornos de conduta, desaxustes curriculares, mobilidades, ¿ulos?

A pobreza enerxética, que afecta máis dun 15 % dos fogares galegos, non debería ter cabida nunha sociedade que presume de solidaria e de moderna.

E aquí podemos enlazar coa sanidade pública, coa preocupación social e as mobilizacións crecentes. Son de escándalo os recortes de persoal, de material básico imprescindible, as listas de espera, a burla que se lle está facendo á poboación en xeral coa privatización, que o Goberno nega con cinismo e que a xente percibe en propia carne, con eses negocios encubertos.

Pois iso. O outro día en comisión preguntabámoslle desde o BNG por que non había no seu informe ningún apartado onde se contemple a derrota. Si, o sector derrota non está nese informe. Ese sector social que cre que non paga a pena, que todo —valedora incluída— é teatro. Cansos de impotencia, ármanse diso que chamariamos a vella sabedoría, pasan, aprenden a non ver os problemas, e a desterrar a esperanza, porque motivos téñenos —están no seu informe—: sanidade, transporte público, emprego, servizos sociais, educación, urbanismo, medio ambiente..., ¡jeu que sei!

Se o informe, que é moi valioso en si mesmo, non é deslavazado, esmigallado e divulgado, mostrando descarnadamente as fendas por onde o sistema e as administracións perden as súas esencias; se a institución que a valedora representa non ten a relevancia e a forza —digamos— executiva de presión, para poder denunciar, solucionar e influír, pasa a ser un adorno xustificativo dun sistema que se mostra agresivo coa maioría da poboación e protector dos menos, dos privilexiados; un sistema que, cunha lexislación de tapas igualitarias, mantedora dos dereitos e liberdades individuais e sociais, é capaz de xerar máis dun 25 % de miseria, ou xera unha realidade laboral explotadora, con salarios abusivamente ínfimos, horarios laborais excesivos, e un paro delituosamente xustificado.

Un 4 % de pobreza extrema, con índices alarmantes na xente máis nova. Unha actuación de oficio pola parte da señora valedora, que centra os seus esforzos case no 90 % en servizos sociais, cando estes teñen que actuar cada vez máis. Permítanme: cando as esposas ricas montaban os roupeiros de caridade, era sinal de que os seus homes ricos fabricaban os pobres necesarios; igualiño.

O pasado ano tampouco había queixas no tocante á lingua. Eu faláballe dos dereitos das miñas netas. Este ano tampouco, ¡vaia! Creo que aludiu o outro día en comisión a algunha queixa de Gloria Lago e compañía. Nada fóra do normal. Séntense agraviados porque a morte do galego non se produce coa celeridade que eles —vostedes— e as leis do PP pretenden.

Nunca sentiron o desprezo nas olladas, non hai queixas, e ese é o gran problema dos dereitos lingüísticos en Galicia: que non hai queixas, porque se nos furtou a conciencia deles, da obriga —e digo ben: obriga—. Obriga de sermos solidarios e solidarias co leite que nos forxou persoas, coa identidade cultural, co padecemento no pasado e no presente da totalidade do pobo galego. Aí ten a señora valedora onde actuar de oficio, para aclarar os berros de angustia de milleiros de galegofalantes, con xenos tenros, que reclaman escola normal, na lingua normal para nenos normais, porque eles non lle escriben —nin lle escribirán—. Cando sexan grandes, reclamarán ese dereito e ese deber, fanado pola violencia e a imposición exercida, perante séculos, polos ensinados a odiarse a si mesmos, sen razón ningunha; coitados, imperialistas fracasados —diría Castelao—.

O avellentamento poboacional di o seu informe que é preocupante —e ten razón—, pero a desertización de parte do noso territorio é xa dramática. Os dous terzos do noso país están demandando só servizos sociais: atención, conversa, compañía, axuda a domicilio, xente cunha media de idade demasiado alta, centros de maiores, centros de día, residencias... Pero o que de verdade reclaman é o bulir dos nenos, saber que o mundo continúa. As veigas, as silvas ou o eucalipto, o chedeiro do carro e o arado, o tractor no pendello e o silencio... ¡Maldito silencio!

Diante disto, vostede deberá actuar de oficio, porque estes non lle escriben. Boimorto, 2005, 2.456 habitantes; Boimorto, 2018, 2.040; 400 habitantes menos. Vostede ten que valerlles, e non hai outra maneira que rexenerar a vida que lles foi roubada: activar as terras e a imaxinación, abrir mercados, rebentar a tranca das portas e deixar entrar a luz. Deberá aprender o oficio de actuar de oficio diante deses grandes problemas, se é que a súa institución é algo máis que unha oficina de avogados para pobres e desesperados ou algo máis que unha desculpa para malas conciencias.

Ano tras ano, as carencias saen á luz e nós seguimos facendo fincapé na necesidade da divulgación deste —chamémoslle— servizo público. Está aí como recurso ao desespero; último recurso: escribelle á valedora do pobo. E, como último recurso, acudiron á Plataforma da Mina Non de Touro, porque se lles nega a información debida de parte deste goberno que nos quere ignorantes, sen dereitos. Digo «nos» e vostede xa sabe por que me inclúo. Eu volvo unha vez máis hoxe aquí neste pleno pedir o seu amparo diante do comportamento «delincuente» da Consellería de Industria. *(Aplausos.)* Violentan sistematicamente o estatuto do deputado, no seu artigo 9; son trinta días de prazo máximo para atender as peticións de información requiridas; «coma se cantara un carro», dicimos na aldea.

En fin, señora valedora, ármese de valor e, se quere valerlle a este país, colla a vía da independencia e actúe. Mire que o ano pasado faleille das xentes do rural que non lle escribían e vostede tentou fornecerylles papel e lapis e as queixas aumentaron, porque motivos hai dabondo. Só falta que force un chisco a maquinaria para que o seu labor teña sentido. E hao facer. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Bo día.

Bo día á valedora do pobo e a todo o seu equipo, que nos acompaña hoxe.

«O modelo de dependencia non é que nacese con atraso, senón que poñer en funcionamento algo novo é sempre un problema engadido», «Necesítanse políticas sociais con máis compromiso», «Ten que haber máis transparencia nas listas de espera en sanidade», «Nos lumes hai atrancos burocráticos que algunhas persoas non poden cumprir». Esas catro frases, valedora, son súas, unha delas nunha entrevista desta pasada fin de semana e as outras tres na Comisión de Peticións de hai quince días.

E quizais é unha mágoa que ningún representante do Goberno nos acompañe para a intervención dos grupos parlamentarios e tamén para a intervención da propia valedora; só había dous conselleiros na presentación do informe e, cando remate, probablemente non haxa ningún. Pero o Goberno debería tomar nota das catro frases, porque resumen a súa acción nestes últimos oito anos.

«Agora hai máis expedientes de dependencia resoltos» é un mantra que temos que escoitar reiteradamente nesta Cámara por unha razón que a valedora puxo en valor, porque, primeiro, houbo que poñela en marcha, e iso fixemos uns cantos dun lado no ano 2007. Non hai compromiso en política social, non hai transparencia nas listas de agarda en sanidade, e non se lle pode pedir a unha persoa de 80 ou 90 anos que viva nas Neves ou en Carballeda de Avia que cumpra todos os requisitos burocráticos cando ten que reclamar unha indemnización pola vaga de lumes do mes de outubro do ano pasado, porque seguro que esa persoa malamente saberá ler e escribir.

Estas catro frases van centrar hoxe a miña intervención, e imos falar de política social, de sanidade e de incendios, porque o informe é tremendo, son miles de folios e é imposible —como dicía ben o voceiro do BNG— analizar cada un deles e desmigallar ese informe en dez minutos.

Pero, antes de nada, de novo quero agradecer á valedora e ao seu equipo en nome do Grupo Parlamentario Socialista polo traballo que teñen feito. Atenderon 29.365 reclamacións neste ano 2017, e iso significa —como lle dicíamos na Comisión de Peticións— que a cidadanía confía no seu labor. E iso, ao final, é unha mostra de hixiene democrática.

Dito isto, cremos que aínda queda moito por traballar, e as 233 peticións reiteradas de información que vostede tivo que facer ao Goberno dannos mostra de que así é, de que queda moito traballo por facer. E vostede mesma, nesa entrevista da pasada fin de semana, recoñecía que non entende esas 233 necesarias peticións de información reiterada.

E, ademais, os cidadáns non perdoan. Ao lado da súa entrevista había unha enquisa nun diario escrito esta fin de semana que dicía o seguinte: «O 56,8 % dos cidadáns en ningún caso xustifican os atrasos da Administración, e, con salvidades, non o xustifican un 20,6 %»; é dicir, máis dun 77 % dos cidadáns de Galicia non xustifican os atrasos da Administración, tampouco en sanidade nin en política social.

E, en definitiva, desas súas catro frases, valedora, dedúcese a erosión que o Goberno e as súas políticas están a facer do Estado social. Simplemente hai que sacar datos do seu informe e xa nos sae o resultado. Segundo o informe, das 224 queixas de oficio que vostede amosa no informe, un 92 % refírense ao funcionamento dos servizos sociais en Galicia: valoración das discapacidades, Risga, accesibilidade ou atención social no rural.

Botamos de menos, valedora, unha cousa que o seu antecesor lle pediu ao Goberno e quizais poida ter en conta vostede para o seguinte informe ou este ano 2018: que non lle demande vostede ao Goberno unha norma con rango de lei que regule o valedor da discapacidade, das persoas con discapacidade. Porque dos datos que se extraen do seu informe cremos que agora mesmo é imprescindible un informe especial e unha norma con rango de lei que regule quizais o valedor, a valedoría das persoas con discapacidade.

Vostede di que, efectivamente, aprecia numerosos atrasos nas valoracións e que ás veces —así o di— os atrasos superan os dous anos. Pois ben, na provincia de Pontevedra non é ás veces: sempre superan os dous anos; son case tres. E para —como lle dicía o outro día—

esas persoas que teñen unha atención prioritaria —os nenos, as persoas maiores de 90 anos, as que teñen un cancro terminal ou aquelas persoas que están a percibir unha pensión non contributiva— tarda a valoración da súa discapacidade máis dun ano na provincia de Pontevedra.

E, polo visto, o que lle dixo a Consellería foi que os atrasos non producen efectos prexudiciais, porque o seu resultado se retrotrae á solicitude. Pero, como vostede mesma di no informe —e é verdade—, iso non é certo, non é certo. Os prexuízos afectan, por exemplo, os 100 euros mensuais da Axencia Tributaria por prestación de fillo a cargo; afectan, por exemplo, a poder percibir becas do Ministerio de Educación para nenos, para alumnos con necesidades específicas, porque necesitan o certificado de minusvalía; afectan o recoñecemento dunha praza de aparcadoiro, o recoñecemento de dereitos e mutualidades, o acceso á universidade, o acceso a unha oposición.

Así que, simplemente, valedora, sen eufemismos, a Consellería mentiulle. Non é certo que os efectos se retrotraian —é verdade—, pero cando se poden retrotraer xa houbo tantos prexuízos polo camiño que non serve absolutamente para nada tardar máis dun ano no recoñecemento desta discapacidade ou máis de tres ou preto de tres na maioría dos casos.

A Consellería tamén lle dixo que tomou medidas xa implantadas pola existencia dun plan de xestión —que non existe— para a formación do persoal en 2015, que simplemente atrasou a tramitación destes expedientes. Ese persoal contratouse por seis meses, alongouse a nove meses e non tiñan formación; a formación tivérona que dar os propios equipos de valoración da propia Consellería en cada unha das súas áreas. Estamos a falar da provincia de Pontevedra.

Faloulle a Consellería dun convenio de colaboración co Sergas como se fose a panacea universal e que permite —sen ver as persoas que teñen discapacidade— facer unha valoración simplemente polo acceso á súa historia electrónica, teoricamente persoal cualificado, porque son médicos —di a Consellería—; efectivamente, son médicos, non expertos en valoración da discapacidade e que recibiron un curso de formación en máis-menos quince días.

Dixéronlle a vostede que remitiran os médicos do Sergas 904 expedientes, dos que 223 xa foran valorados, pero non lle contaron cantos houbo que devolver porque estaban mal feitos; dous terzos deses expedientes houbo que devolvelos porque estaban mal feitos.

Tampouco lle dixeron cales eran os resultados da experiencia piloto en Pontevedra durante o ano 2017 e por que se estendeu ao resto de Galicia este ano. De novo ocúltanlle datos, valedora.

Falaron da ampliación da RPT neste ano 2018. Queremos velo.

E, ademais, a Consellería de Política Social di que está valorada a posibilidade de realización de horas extraordinarias e gratificacións extraordinarias para a axilización dos expedientes pendentes. Eu onte falaba con traballadoras dos equipos de valoración social e cando lle contei deulles a risa.

En sanidade hai máis queixas que en ningún outro sitio, 290, e iso evidencia que algo non funciona. A Xunta díxolle a vostede, máis ou menos, que eramos uns alarmistas, pero o certo é que vostede mesma comprobou que hai unhas listas de espera insoportables. En Oftalmoloxía, en Pontevedra, 4.000 persoas en agarda de listas de espera; porque, como lle dicía o outro día, polo visto, como son maiores e teñen cataratas, ¿que máis dá se non seguen vendo durante un tempo? As listas non son reais —outra vez mentíronlle—, e no seu informe vostede di: «debe coñecerse de inmediato a data de atención». Pero mentres, valedora, ¿que facemos?, ¿que fan esas persoas que agardan?

E nos lumes a vaga de outubro levou milleiros de hectáreas e morreron catro persoas. Houbo un informe —profundo— da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, hai unha comisión especial neste Parlamento, e quizais botamos en falta —xa llo dixen o outro día— algo máis extenso sobre os lumes.

As primeiras empresas en cobrar en indemnizacións nas Neves —dúas— cobraron o pasado mes de abril, dende outubro; de momento, dúas. E non temos datos sobre os particulares. Cobraron as indemnizacións as persoas que sufriron danos persoais, pero polos danos reais aínda non se cobrou, e non hai nin un só dato oficial sobre os mesmos. E cremos que a situación preocupa, sobre todo porque —como vostede dicía— neses lugares onde as persoas son moi maiores estáselles atrancando burocraticamente a posibilidade de percibir estas indemnizacións a persoas que o teñen perdido todo.

O outro día vostede falaba da protección dos dereitos lingüísticos e pediámoslle, valedora —e de novo ímolo facer aquí—, que interceda por este grupo parlamentario. Levamos ao redor de seis-sete iniciativas pedíndolle ao Goberno que nos dea datos sobre o uso do galego na Xustiza. Non temos ningún dato. E tampouco os temos de como se ten afectado o dereito fundamental da intimidade das persoas que participaron, que teñen algún tipo de conexión na Xustiza, coa intervención da Axencia Española de Protección de Datos, que acaba de impoñer sancións pola caída de Lexnet, aínda que o Goberno nolo negaba inicialmente.

E tamén nos gustaría saber —o outro día pediámosllo e non sabemos se xa puido facer vostede...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora VILÁN LORENZO:** ...—si, vou rematando— a súa pregunta nese tempo— como está o Centro de Menores de Montealegre, se ten datos sobre o mesmo, que acaba de ser privatizado.

Gustaríame rematar coa seguinte reflexión. A min correspondeume facer a intervención no informe do ano 2015 do Valedor. E eu pedía naquel momento, derivado do informe, o cesamento das conselleiras de Sanidade e de Traballo e Benestar. A conselleira de Sanidade cesouna o presidente Feijóo e a de Traballo e Benestar pasouna a Medio Ambiente. Con este novo informe quizais teñamos que agardar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor, señora Vilán.



**A señora VILÁN LORENZO:** ...—si, remato, presidente— outro ano máis ou simplemente que cheguen as eleccións municipais para que os novos titulares tamén sexan cesados.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario de En Marea a señora Chao Pérez.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día. Grazas, señora valedora, pola súa comparecencia hoxe neste Parlamento.

Pola nosa banda, quixeramos comezar exactamente no mesmo punto en que o fixemos na súa comparecencia na Comisión de Peticións hai uns días, ese punto cero ao que remitimos cando falamos da figura que hoxe nos ocupa. Quixera determe un momento niso, porque falamos, efectivamente, da figura que vostede ocupa. Obviaría dicilo, pero tendo en conta o malentendido da comisión previa, prefiro aclaralo.

Efectivamente, señora Otero, nós estamos aquí para facer unha lectura política do cargo que ocupa e de como o ocupa. Política, efectivamente, porque é a nosa función e porque, ten que entendelo, temos discrepancias lexítimas co desempeño dalgunhas das súas funcións que logo comentaremos. Dito o cal, volvo a ese punto cero, ao artigo primeiro da lei da Valedoría do pobo galego, que establece de forma expresa a defensa no ámbito territorial da comunidade autónoma dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidas na Constitución, así como a tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de autonomía, en especial dos sancionados no seu título preliminar, facendo fincapé no seu traballo con total autonomía, sen recibir instrucións de ningunha autoridade.

Pois ben, lamentablemente, dende En Marea consideramos que esta autonomía e independencia está posta en solfa en moitas das páxinas do informe, nas que lemos moi poucas críticas e moitos intentos de xustificar cada unha das políticas da Xunta de Galicia que teñen ocasionado queixas por parte das súas usuarias, trasladando en moitos casos incluso a sensación de que os problemas son máis responsabilidade dos peticionarios que das propias institucións.

Por todo isto, dende En Marea botamos en falla contundencia no informe. Contundencia cara a unhas políticas que ocasionan resultados claramente inxustos como que haxa persoas que teñen dificultades de acceso ao sistema sanitario; como as listaxes de espera interminables; a existencia de persoas sen cobertura sanitaria hoxe neste país; ou a desatención de necesidades educativas especiais, cousas das que vostede fala no informe, exemplos todos de recortes inxustos, recortes políticos, non inevitables, non necesarios, tal e como parece querer xustificar no seu informe. Non —insistimos—, recortes políticos resultado de decisións políticas concretas; recortes políticos que se manifestan en case todas as seccións do seu informe que trataremos de comentar brevemente.

Por exemplo, no que respecta á área de servizos sociais, unha das que aglutina a maior parte das queixas; área na que a maioría das queixas continúan vindo de problemáticas que xa estaban presentes nos últimos informes da valedora e que o Goberno non fixo nada por solventar. Así, por exemplo, no que atinxe á exclusión ou risco de exclusión social, as queixas reiteradas amosan que a crise acentuou as desigualdades en Galicia e que a recuperación da economía non está chegando á maioría social.

Por outra banda, as queixas evidencian que as trabas burocráticas persisten. O informe da valedora sinala escuetamente que para afrontar as solicitudes de rendas de inclusión a consellería competente aumenta o orzamento dende hai anos, obviando que, se aumenta o orzamento con modificacións de crédito ao longo do ano, é porque aumentan as solicitudes, porque hai máis necesidades de inclusión; é dicir, que o que acontece é que a Consellería de Política Social non ten unha previsión das necesidades reais.

Por outra banda, a valedora sinala que «insistimos na necesidade de desenvolvemento regulamentario da Lei de inclusión social». Aprobouse o proxecto, que se atopa en tramitación ao peche do informe. E aínda que o regulamento foi presentado a final de ano, a día de hoxe non se coñece aínda cando se vai tramitar. Ademais, este regulamento non resolve as principais eivas da Risga para que sexa unha verdadeira renda mínima e non unha esmola. Non o dicimos soamente nós. Hoxe, nas portas deste Parlamento, terá lugar unha concentración para defender, efectivamente, isto, a necesidade de que a Risga non sexa unha esmola, senón que sexa un verdadeiro dereito. Unha non-aprobación que supón que a Xunta continúa incumprindo a súa propia lei dende 2013.

Outro problema que acumula gran número de queixas é o do atraso na dependencia. De feito, cos últimos datos que coñecemos do Insero, o 18,8 % das persoas con dereitos recoñecidos non teñen prestación en Galicia. Ademais, o informe demostra que se está desincentivando a prestación das libranzas por coidados na casa, cando é unha prestación demandada, que favorece o mantemento con calidade, no ámbito familiar, da persoa dependente.

Di vostede: «Antes destacaban os atrasos das solicitudes de prestacións económicas por coidados na contorna familiar, que eran frecuentes e amplos debido a unha mala praxe que se corrixiu en 2015, despois de que esta institución transmitise moitas valoracións, recomendacións e informes con este fin». Agora non se dan os atrasos comentados, pero si numerosas respostas negativas.

Atrasos tamén na valoración da discapacidade. A valedora di que a consellería respondeu que «Implementamos e seguimos facendo distintas actuacións desenvolvidas co obxecto de lograr unha redución efectiva dos tempos de espera nos procesos de valoración. E tendo en conta esta resposta, tivemos como aceptadas as recomendacións relativas á necesidade de solucionar o problema dos atrasos con aplicación das medidas anunciadas». É dicir, que no informe está dando por boas as medidas da Xunta, que ata o de agora non incluiron o que era necesario, un aumento decidido de persoal e equipos de valoración da discapacidade, e que, polo tanto, manteñen o problema dos atrasos sobre todo na provincia de Pontevedra. É dicir, que a Administración podía facer e non fixo, pero vostede non o critica.



En segundo lugar, queremos falar da área de sanidade, tema, por suposto, de especial preocupación para a cidadanía e no que, unha vez máis, o informe supón unha xustificación constante dos recortes sanitarios. Por exemplo, cando di cousas como que a recente crise económica foi determinante na adopción de medidas legislativas a nivel estatal para garantir a sustentabilidade financeira, obrigando á toma de decisións que afectaron ao noso sistema público de saída. A propia escusa está recoñecendo que estas decisións teñen provocado problemas no sistema sanitario. Pero falta á verdade cando menciona estas situacións como algo inevitable, porque non, como dixen antes foron recortes políticos, resultado de decisións políticas, e a valedora do pobo non debera avalar como se tal cousa decisións políticas concretas, porque non é esa a súa función, nin se trata de ser a valedora do Goberno do Partido Popular, senón de ser a valedora de toda a cidadanía. *(Aplausos.)*

Mais, posiblemente, o que nos parece máis grave do informe é a xustificación que se fai da supresión da sanidade universal, constatada polas queixas de usuarios que non teñen hoxe dereito á saúde pública, que a valedora liquida da seguinte forma: «Mudamos un modelo baseado no concepto de asegurado e beneficiario». Di: «Os principais afectados, pero non os únicos, son os inmigrantes en situación irregular, que pasan a carecer de cobertura sanitaria». Chegando a xustificar deste modo unha inaceptable decisión política, dicindo que o artigo 43 da Constitución non garante de forma incondicional o dereito á sanidade pública gratuíta.

Isto parécenos realmente inaceptable. Dereito á saúde, dereito universal recollido en todas as declaracións de dereitos, recollido tamén na Constitución. Debería soarlle de algo. Debería soarlle de algo á valedora e, dende logo, debería de soarlle de algo aos señores do Goberno, que insisten en vulnerar este dereito fundamental.

En terceiro lugar, queremos falar do apartado de emigración e traballo. Resulta realmente complicado entender que cando o desemprego e as condicións de traballo son un problema fundamental para a sociedade galega, se despache en apenas dez páxinas, botando balóns fóra na meirande parte dos casos e obviando que a Administración galega non está actuando correctamente. Especialmente preocupante —diciámosllo o outro día na comisión— nos parece a falta de concreción relativa á queixa feita por unha asociación en defensa das pensións. Parece que esta cuestión, que está levando a milleiros de galegas e galegos ás rúas, para a valedora, igual que para o Partido Popular, non é tan importante. Unha vez máis, exerce de parapeto do Goberno en vez de de defensora dos intereses da cidadanía. E nese senso queremos lembrar o que dicía antes. Precisamente, a Lei da Valedoría do Pobo fala de defender especialmente os dereitos constitucionais. Polo tanto, non é de recibo que se obvие unha reivindicación social como a actualización suficiente das pensións, recoñecida na Constitución, que entra exactamente nas súas funcións. Estamos falando de facer cumprir a Constitución, ¡fíxense!

En cuarto lugar, queremos falar de ensino e da preocupante asunción do argumentario do Partido Popular por parte deste informe. Neste informe podemos ler, palabra por palabra, o argumentario esgrimido polo Partido Popular, polo conselleiro e polos seus deputados, unha e outra vez, referente aos peches, que deixaron de ser peches de centros educativos para ser reorganizacións, reestruturacións ou calquera eufemismo que encontraran no dicionario. O caso é que o CPI Monte Caxado deixou de existir, deixou de existir. Pretender exculpar o

xeito de proceder do goberno neste asunto, con nocturnidade e aleivosía, vai máis lonxe da inxenuidade, é tomar partido. O mesmo poderíamos dicir sobre o peche do Emilio Navasqüés en Outes. Aquí, unha vez máis, a valedora dedica apenas un parágrafo a falar das queixas das familias que viron como se pechaban os centros, e dúas páxinas e media a lavarlle a faciana ao Goberno do Partido Popular nesta decisión.

Neste mesmo apartado deberíamos falar de promesas incumpridas, como a retirada do amianto nas escolas infantís. Gustaríanos moito coñecer a opinión da valedora acerca dos mesmos. ¿Pensa que o Goberno está obrando adecuadamente? ¿Cree que o Goberno está aplicando o principio de precaución para protexer a infancia escolar? Mesmo nos gustaría que, con base nas súas propias palabras, a valedora fixera unha valoración sistemática dos recortes orzamentarios que ela recoñece en educación, na cultura, na investigación, na sanidade, durante os anos de crise. Dende logo, sería un informe ben interesante para esta Cámara.

Dende logo, sería desexable abordar moitas outras cuestións deste informe, mais o tempo apremia, polo que rematarei contestando a un asunto que vostede mencionou antes respecto dos dereitos das persoas LGTBI. Dende logo, non é admisible responsabilizar as propias persoas deste colectivo da falla de actuación das institucións. Non precisamos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CHAO PÉREZ:** —Remato—.

Non precisamos agardar a que unha persoa denuncie para actuar. Hai informes suficientes que, por suposto, acreditan a discriminación que sofre o colectivo. O que precisamos son políticas contra a discriminación. E, dende logo, precisamos administracións que actúen e non sexan cómplices por acción ou por omisión. Nese senso, temos que recordar que a Administración competente e o Partido Popular votou nesta Cámara en contra de retirar os folletos homófobos dos centros educativos. Precisamos, por suposto, que a Lei 2/2014 se execute, que segue gardada nun caixón...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CHAO PÉREZ:** ...sen producirse o informe precedente. Sobre isto tamén anhelamos compromiso e contundencia.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Chao.

Aproveitamos para saudar, en nome de todos os deputados e todas as deputadas, os alumnos de 5º e 6º de Primaria do CEIP Lourido, de Poio, que hoxe nos acompañan aquí na tribuna nestes momentos.

E para continuar o debate, ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Prado del Río.

Gustaríame dicir, señora Prado del Río, antes de escomezar o seu turno, que na última Xunta de Portavoces estivemos de acordo todos os portavoces en intentar axustar as intervencións ao tempo que está previsto, do que todos os deputados teñen un contador na tribuna. Pré-golles a todos, aos que falaron e aos que quedan por falar, que intentemos adaptarnos ao tempo. Foi un acordo creo que máis ou menos unánime. Si, si, foi así. Así que, grazas, e pode vostede empezar, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

Señorías, benvidos os alumnos de Poio.

En primeiro lugar, quero dar a benvida, unha vez máis, á valedora e á súa equipa e agradecer un ano máis a súa comparecencia e o exhaustivo informe da actividade que leva desempeñando no ano 2017 como alto comisionado para a defensa dos dereitos e das liberdades da cidadanía. E neste marco de defensa da liberdade e dos dereitos fundamentais quixera que as miñas primeiras palabras fosen palabras de recoñecemento e homenaxe a todas e cada unha das vítimas do terrorismo e ás súas familias, e dicirlle a ETA que o Partido Popular non vai avalar o autobranqueo da súa historia de pasado criminal, non imos recoller ese legado de sangue das máis de 850 persoas asasinadas nos seus cincuenta anos de actividade terrorista; iso llelo deixamos á esquerda abertzale de Bildu e a Arnaldo Otegi. *(Aplausos.)*

Porque, señorías, non houbo proceso de paz nin disolución da banda, o que houbo foi unha vitoria: a vitoria da democracia fronte aos que sementaron morte, medo, ameazas e extorsións, e todos vencemos aos violentos. Venceron os pacíficos, venceron os que choraron aos seus seres queridos asasinados, venceron as viúvas, as nais, os pais, as fillas, os irmáns; venceron os heroes descoñecidos, os silenciados pola infamia, os extorsionados, os sinalados, os que viviron con medo e os que estaban en listas negras. Venceron os concelleiros que deron a súa vida pola liberdade, venceron os policías e gardas civís que loitaron contra o terrorismo. Venceron, señorías, os que creron no Estado de dereito. Todos vencemos os violentos. E como dixo o presidente do Goberno, non haberá contrapartidas, non haberá impunidade, os crimes de ETA seguiranse investigando e as condenas seguiranse cumprindo. A única política anti-terrorista de futuro será aplicar a lei. ETA pode desaparecer, pero non a lembranza ás vítimas nin o sufrimento e o dano causado. E para elas, para as vítimas e para todas as familias, eu pido, como homenaxe desta Cámara, un aplauso para todas elas. *(Aplausos.)*

Señora Chao, vexo que vostede... *(Aplausos.)*

Señora Chao, vexo que vostede está repostada do ridículo absoluto que fixo na última Comisión de Peticións, porque hoxe insistiu en volver facer o ridículo e criticar unha institución obxectiva e imparcial. E á vista está iso, porque mire, a señora Vilán e o señor Rivas recoñeceron que o informe recoñecía eivas do Goberno, recoñecía irregularidades, recoñecía fallos, e vostede vén dicir aquí que a señora valedora fai de comisionada do Partido Popular. A verdade é que fixo vostede bastante o ridículo, porque, fíxese, os recortes políticos, señora Chao, como vostede dixo, dependen de resultados de decisións políticas, que non permiten acabar coas listas da agarda interminables. E, mire, claro que a Consellería ten previsións e dota de máis orzamentos as partidas que o precisan; por exemplo, aos concellos. Para o ano 2017, a

Xunta de Galicia acordou incrementar nun 29,09 %...*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio a todos os deputados!

Señor Sánchez, por favor, escoite a quen está no uso da palabra. Non foi interrompido ningún deputado anteriormente. ¡Por favor, que sexa tamén así.

Grazas a todos.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

É a política [...] *(Por orde do señor presidente, e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase do Diario de Sesións esta expresión.)* das Mareas de Podemos, que, cando non lles gusta o que escoitan, interrompen o que está falando. *(Aplausos.)* ¡Esa é a súa democracia, esa é a súa democracia! *(Protestas.)* Os demócratas non interrompemos a quen está no uso da palabra... *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio! ¡Silencio!

Despois falamos. *(Fortes murmurios.)*

**A señora PRADO DEL RÍO:** Os demócratas non interrompemos a quen está no uso da palabra.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio a todos os deputados, ¡por favor! ¡Tranquilos, rematará o turno!

¡Silencio! Garden silencio. *(Fortes murmurios.)*

**A señora PRADO DEL RÍO:** Agardo, señor presidente, que me compense os tempos. *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Por favor! Garden silencio.

Chamarei a atención cando o estime oportuno. Dígolles que garden silencio ou serán chamados á orde. ¡Por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)*

¡¿Queren gardar silencio?!

Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, señor presidente.

O que non lles gustaba era que ía dicir que a Xunta de Galicia incrementou en 1,2 millóns de euros o servizo de axuda no fogar, e os concellos gobernados polas Mareas de Podemos non xestionaron eses cartos. Porque, por exemplo, no Concello de Santiago deixaron sen utilizar

5.700 horas ao mes pagadas pola Xunta de Galicia, iso en dependencia. E había 123 persoas...  
(Fortes murmurios.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Desculpe, señora Prado, desculpe un momento.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Pero é que me terá que compensar no tempo, señor presidente.  
(Fortes murmurios.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

Si, xa lle paro o tempo.

Pido silencio, se non, vou empezar a chamar á orde a todos, aos que me avisan —que xa son consciente do que hai— e aos que falan dun lado e mais do outro. Así que, por favor, escoiten a quen está no uso da palabra.

Continúe.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Dicía eu que os concellos gobernados polas Mareas de Podemos non xestionaron as horas de axuda no fogar que puxo á súa disposición a Xunta de Galicia; concretamente en Santiago, 5.700 horas ao mes, unha lista da agarda interminable, señora Chao, de 123 persoas; ou o Concello da Coruña a finais de 2016, 60.000 horas sen consumir, con 300 persoas nesas listas de agarda interminables das que vostede fala. E diso tamén fala o informe da Valedora. Pero a vostedes esas listas de agarda non lles importan porque esas dependen da súa xestión, señorías, dependen da súa xestión.

E se falamos da Risga, señorías, Vigo —un goberno do Partido Socialista— tarda máis de oito meses en resolver o expediente da Risga, 1.600 persoas de lista da agarda cando o funcionariado da Xunta é o mesmo para o Concello de Vigo que para o Concello de Pontevedra. No Concello de Pontevedra, que goberna o Bloque Nacionalista Galego, non hai esa lista de agarda. Asumamos todas as organizacións políticas as responsabilidades que temos.

Sen embargo, señor Rivas, Pontevedra recibiu o premio Corazón de Piedra, que outorga a Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, por ser un dos 36 concellos españois de máis de 20.000 habitantes oficialmente pobres que menos asigna á política social: 35,75 euros por habitante.

E, se falamos de equipos de valoración, lémbrolles que neste Pleno, no pasado mes de abril, aprobamos por unanimidade unha proposición non de lei co obxectivo de eliminar a lista de agarda antes de que remate o ano 2018. Estamos en maio, non pasou nin un mes. Deixen traballar a Consellería, non se poñan xa vostedes aquí a dicir que non se está facendo nada. Hai un reforzo de persoal e vostedes sábeno. Non fagan demagogia, nin digan quince días... Hai quince días que aprobamos ese acordo, señorías, deixen traballar o Goberno. Non veñan dicir vostedes aquí que non se fan as cousas. ¡Quince días...! ¡Por favor! (Aplausos.)

Eu tamén quería dicir que hai cidades que contan con moitísimos recursos para atención no ámbito social e, sen embargo, teñen tamén queixas recorrentes, señora Vilan. Vostede puxo o foco nas queixas recorrentes da Xunta, pero tamén hai 163 concellos con queixas recorrentes. Por certo, o líder no ránking é o Concello de Santiago, con 11.

Tamén a vostede lle preocupa que haxa 290 queixas en sanidade. Mire, no ano 2017 voulle dicir a atención que houbo en sanidade: 205.277 intervencións cirúrxicas, 2.561.981 urxencias, 31.341.033 consultas. Bueno, se son 290 queixas, señorías, creo que non son tantas para o número de persoas que son atendidas no Sergas en toda a comunidade autónoma.

É certo que hai que mellorar as listas de agarda, é certo. Pero, por desgraza, iso pasounos a todos os que gobernamos Galicia. Cando gobernaron vostedes tamén tiñan listas de espera, porque a xente confía na sanidade pública e porque a xente prefere ir á sanidade pública a que a atendan.

E tamén lles vou dicir outra cousa. Vostedes non se fixaron, por exemplo, en que o informe da Valedora falaba tamén dos problemas de vivenda, das persoas que están vivindo na rúa. A vostedes iso non lles preocupa, porque, claro, a Valedora falou e instou os gobernos de Vigo, Ferrol e A Coruña a que se adherisen ao programa de vivendas baleiras. O único que o fixo foi Ferrol. E Vigo e A Coruña ¿por que non o fixeron? No da Coruña xa sabemos todos cal é a política de vivenda do goberno das Mareas de Podemos, que é comprarlles os pisos aos amigos e poñer os pisos dos amigos da Marea á disposición. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Claro, señorías, esa é a política de vivenda de vostedes. Ou tamén decorar as pontes debaixo das que vive esta xente. Iso é o que lles preocupa a vostedes a dignidade da vida e da vivenda das persoas. O que lles preocupa é darlles os cartos aos seus amigos e aos seus compañeiros de organización política, señorías.

Eu entendo que aos que non lles gusta escoitar estas cousas, marchan, porque non queren recoñecer que, efectivamente, onde eles gobernan tamén teñen responsabilidades no ámbito da política social. Todos temos responsabilidades no ámbito da política social. Porque a Xunta xestiona os cartos e en moitos casos dállelos aos concellos. Eu lembro aquí outra lexislatura e cando os grupos políticos se laiaban...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...de que a lei lles quitaba competencias en política social aos concellos. Pois ben, fixemos unha lexislación para seguir dotando os concellos desa atención na política social, e os concellos teñen a responsabilidade de xestionar ben os cartos que lles dá a Administración autonómica. E ¿que fan vostedes nos concellos que gobernan? Pois fan o que lles estou dicindo agora. ¿Adhírense ao programa de vivendas baleiras da Xunta de Galicia, que llelo dan todo feito? Non, é mellor compararlles os pisos aos amigos das Mareas de Podemos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, ¡por favor!

**A señora PRADO DEL RÍO:** Mire, señora Valedora, nós dicímoslle, efectivamente, que vostede debe estar facéndoo ben cando hai grupos que están de acordo co que vostede está dicindo,



que o informe lles parece ben, que lles parece que é axeitado á realidade, que é obxectivo e que é imparcial, aínda que haxa outros que insisten en facer de correo de alcaldes que non cumpren coas súas obrigas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...e que por iso lles molesta que vostede poña no informe o que están facendo mal.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Antes de pasar á seguinte iniciativa, señora Prado, pídolle que retire do seu discurso a palabra [...] dirixida a un grupo. *(Asentimento da señora Prado del Río.)*

Moitas grazas.

Pasamos ao seguinte punto.

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día.

Esta vai ser a terceira vez que, desde o Grupo do BNG, impulsamos o debate da transferencia da AP-9, un debate que entendemos que reclama un grande acordo de país entre todas as forzas políticas. E agardamos que á terceira vaia a vencida e que realmente deamos pasos firmes para conseguir esa transferencia na dirección de acabar coa estafa continuada da AP-9.

Cremos que conseguir esta transferencia é algo obrigado, non só por defensa da dignidade de Galiza senón tamén para acabar con esa seca competencial de dez anos, dez anos sen ningunha competencia e cunha invasión constante do noso marco competencial, que creo que é algo alarmante desde o punto de vista democrático.

En todo caso, a transferencia da AP-9 é importante para conseguir que xestionemos desde Galiza esta autoestrada e que acabemos cunhas peaxes desorbitadas e cos abusos dunha concesionaria que —hai que dicilo— en demasiadas ocasións se comporta coma unha empresa pirata. Ten dito o meu compañeiro Luís Bará que se parecen aos corsarios de Rande. E, efectivamente, corsario non só por ese fondo corsario que ten unha parte da AP-9 e que está

tributando en paraísos fiscais senón tamén polo trato que lles están dando aos usuarios e ás usuarias, que pagan unhas peaxes de auténtico escándalo. (*Aplausos.*)

Non temos, por desgraza, que ir moi atrás. Acabamos de velo esta fin de semana: de novo Rande colapsada, con colas quilométricas. E nin Audasa nin o ministro tiveron a decencia de desculparse coas persoas que estiveron atrapadas nesas colas. E eu a verdade é que tamén me pregunto se o señor Feijóo —que hoxe, como é normal, non acudiu ao Parlamento de Galiza— non tivo un minuto nese tour propagandístico de onte co ministro de Fomento para que, unha vez que xa estaban en autobús —porque non deixa de ser irónico que veñan fardar de tren e acaben tendo que coller un autobús—, (*Aplausos.*) colleran o autobús e, non sei, o convidara a ver como están pechadas as obras de Rande a pesar desa inauguración feita a fume de carozo hai uns meses co único obxectivo de que Audasa faga máis caixa a custa dos petos dos galegos e das galegas. Creo que un pouco de realismo lles tería vido ben ao presidente e ao ministro entre tanta propaganda e tufo preelectoral que tivo esa viaxe en autobús que fixeron no día de onte.

En todo caso, o que está claro é que os atascos desta fin de semana son unha razón máis para seguir reclamando a transferencia da AP-9, porque esta é a mellor maneira, a ferramenta que temos, para conseguir que teñamos unha AP-9 galega, pública e libre de abusivas peaxes.

E pode que hoxe, escoitando este debate, se pregunte o que cambiou para que agora volvamos traer esta solicitude. E eu creo que é unha pregunta razoable. O certo é que o que cambiou para que hoxe volvamos debater esta iniciativa é que temos unha sentenza, nada máis e nada menos que do Tribunal Constitucional, que nos está dicindo que o Partido Popular estivo utilizando mentiras para vetar a transferencia da AP-9, unha sentenza que desmonta punto por punto esa cascada de mentiras que utilizou o Partido Popular. Non só se certifica unha posición antidemocrática senón que tamén se nos di que o veto foi ilegal, que non ten amparo xurídico e que, polo tanto, se cometeu unha ilegalidade.

Evidentemente, eses vetos nós xa denunciámos que eran unha labazada na cara de todos os galegos e as galegas, e ademais un fracaso persoal de Feijóo, que é incapaz de conseguir que se transfira a AP-9 a este país. (*Aplausos.*) E eu creo que este país merece ese respecto, e hai que empezar por un presidente que aínda non nos explicou por que di que defende a transferencia da AP-9 pero ao mesmo tempo vota a favor de que se vete o debate da transferencia da AP-9. Cando consigán despexarme como é posible defender unha cousa e a contraria, entón empezarei a crer en que o que vostedes din ten algo de verdade.

Nós, de todas maneiras, pensamos que é importante que consigamos dar pasos firmes na defensa da AP-9, porque é evidente que o que nos está dicindo o Constitucional —aínda que sexa en relación coa tramitación da LOMCE— é que hai unha vía aberta, unha porta aberta, para que se levante ese vergoñento veto, ese antidemocrático veto e poidamos conseguir a transferencia da AP-9.

E aquí temos dous informes. O PP, cando vetou as primeiras veces estas leis, xa sabía que estaba cometendo unha ilegalidade. E sabíao porque agora coñecemos que hai uns informes



—firmados, ademais, de puño e letra pola responsable dos letrados do Congreso— que lle dicían literalmente que o Goberno non ten un poder absoluto para poder vetar as leis por razóns orzamentarias. E explicaba que o uso da previsión da Constitución para vetar iniciativas con base en que poidan incidir nos orzamentos era algo excepcional e que non tiña un dereito de veto ilimitado.

Nese sentido, eu creo que o Constitucional si que neste caso aclara con moita precisión por que se estaba producindo un abuso que sitúa o Goberno —a señora Ana Pastor e o señor Mariano Rajoy— fóra da legalidade. E di, literalmente, que o veto non poderá exercerse en relación con orzamentos futuros, que aínda non foron elaborados polo Goberno nin sometidos, polo tanto, á aprobación. E, ademais, o Goberno, para facer ese veto, debería ter precisadas as partidas orzamentarias concretas que se verían afectadas, porque, evidentemente —como xa o Constitucional di e é moi claro—, non ten un dereito de veto ilimitado e, ademais, ten que haber unha conexión, que se ten que explicar neses informes, sobre que partidas orzamentarias concretas dese ano afectan a tramitación das leis que se poden estar debatendo, neste caso, no Congreso dos Deputados. E non pode, en todo caso, vetarse unha lei aducindo que isto ten un impacto en orzamentos futuros.

Pois ben, eu teño aquí os dous vergoñentos informes que nos remitiu a Mesa do Congreso, asinados pola señora Ana Pastor, para dicirnos que se vetaban as dúas leis que aprobamos nesta Cámara.

O primeiro xa diría que é o desprezo absoluto, porque son dous folios. Debates unha lei, facemos unha proposta unánime no Parlamento, e a señora Ana Pastor e o ministro despáchanse en dous folios, basicamente dous folios que podemos cualificar como de mentiras e trapalladas, porque iso é o que se contén neste informe que se nos remite. Mentiras como, por exemplo, que a AP-9 nos conecta con Portugal. Ningún galego foi capaz de facelo, pero en Madrid empéñanse en que iso é así. Tamén puideron aproveitar o autobús e ensinarlles como non imos pola AP-9 senón por outra autovía, que efectivamente é do Estado. Pero tamén nos din que conecta directamente cos portos e os aeroportos. Claro, aí no tren xa non podían ir, porque, como non temos conexión ferroviaria con ningún deles, pois téñeno moito máis complicado.

Pero imos á cuestión económica. Neste informe dicíase que non podían apoiar esta iniciativa, que non se podía tramitar, porque ía supoñer destinar 4.300 millóns de euros para o rescate da AP-9. Realmente isto é o colmo da mentira, ou da trapallada, se prefiren. Porque o Estado fai un cálculo que non xustifica. Desde logo, non é o que di a Lei de contratos do Estado sobre como hai que facer este tipo de cálculos. Pero, ademais, faino nun momento moi inoportuno. E o que tampouco son capaces de explicarnos no Partido Popular é por que lles parece ben que Rajoy estea disposto a poñer o que faga falta para rescatar as radiais madrileñas —porque aí non hai ningún tipo de contención económica— e, sen embargo, no caso da AP-9, ese Rajoy —que parece que só lle importa Galiza para veranear en Sanxenxo— o que nos di é que ten cero euros para rescatar os galegos e as galegas desta estafa das peaxes da AP-9.

No segundo veto, en fin, eu tamén creo que intentaron aquí un pouquiño máis de literatura contándonos todas as cousas que estaban facendo en relación coa AP-9 —en todo caso, mala

literatura—. Pero si que no tema económico introduce unha variante que eu penso que na Facultade de Economía deberían estudar. Nada máis e nada menos que en seis meses o rescate da AP-9 se incrementa en 100 millóns de euros. Non sei, creo que ningunha empresa en bolsa consegue semellante cotización. E demostránnos unha vez máis a falta de rigor e como estamos ante unha burla, ante un absoluto abuso e ante unha situación que sitúa o Partido Popular non só na indignidade con este país, senón tamén faltándolle ao respecto aos galegos e galegas que cada día teñen que sufrir a estafa das peaxes.

Nós, en todo caso o que nos parece que é relevante é que temos, con esta nova situación, unha vía máis rápida para poder impulsar de novo a transferencia da AP-9. O noso grupo ten un recurso presentado no Constitucional sobre a lei que este Parlamento aprobou. Lamentamos no seu momento que outros grupos e o Goberno non quixeran defender o Parlamento. Pero tamén está claro que esa sentenza pode tardar, e, polo tanto, se temos unha xurisprudencia que xa está sentando o Constitucional, se temos unha iniciativa —que ademais é a primeira iniciativa que aprobou este Parlamento, que non hai ningún motivo para que sexa vetada, unha iniciativa ambiciosa que defende a transferencia da AP-9—, pensamos que é a mellor maneira de avanzar, de camiñar, e, desde logo, de defender aquilo no que en teoría todos e todas dicimos que estamos de acordo, e é que AP-9 hai que xestionala desde Galicia porque iso nos permitiría ter ferramentas para intervir nas peaxes abusivas, ferramentas para decidir o seu futuro, ferramentas para acabar cunha situación na que en teoría —insisto— todas e todos coincidimos que é unha situación de estafa. Porque hai que lembrar que os galegos e as galegas levamos pagados 2.700 millóns de euros en peaxes, que Audasa, ao longo destes anos, conseguiu máis de 900 millóns de euros de beneficios, que é un disparate un sistema de peaxes no que por 150 quilómetros entre A Coruña e Vigo pagamos máis que por viaxar entre A Coruña e Madrid, que son 600 quilómetros e porque non é lóxico que nós teñamos tantas autoestradas de peaxe en Galiza. Fíxense, somos o 6 % do territorio do Estado pero, sen embargo, as autoestradas de peaxe significan o 10 % do conxunto das do Estado.

E tamén está unha terceira cuestión que a nós nos parece un absoluto agravio e unha mostra de como aquí parece que os galegos e galegas estamos para pagar peaxes durante máis tempo ca ninguén: que só haxa en todo o Estado español tres autoestradas que teñen o máximo que por lei está permitido, que son eses setenta e cinco anos, e dúas témolas en Galiza. Pois a verdade é que somos persoas moi afortunadas.

Para nós o importante é que cambiemos esta situación, e cremos honestamente que a transferencia é unha cuestión vital. E eu remato cunha última reflexión. Nós cremos que é importante que esta iniciativa saia co aval de todo o Parlamento de Galiza, que, cando isto se debata no Congreso, vaiamos en representación de Galiza a defender o que outros xa conseguiron hai décadas. Porque alguén tamén terá que explicarnos como é posible que aos vascos e aos cataláns se lles puideran transferir autoestradas similares e que, sen embargo, isto para Galiza pareza coma unha misión imposible, que temos que estar coma nunha especie de roda na que non somos capaces de avanzar. O nacionalismo e o BNG estamos para que Galiza avance e para que realmente consigamos poñer fin a unha situación que nos parece inxusta.

Porque —e con isto xa conclúo— é evidente que a AP-9 é un gran negocio. Non creo que haxa un negocio similar en todo o Estado español. E é un gran negocio para Audasa, entre

outras cousas, porque, primeiro, como contribuíntes pagamos as obras. E o mantemento e todas as ampliacións pagámolas como usuarios desta autoestrada. Audasa o único que fai é recoller beneficios —por certo, cada vez recortando máis traballadores e dándonos un servizo de peor calidade—. E nós cremos que xa é hora de poñer freo a esta estafa. Onde algúns defenden un negocio para unha minoría defendamos un servizo público para unha maioría.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pontón.

En nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bo día a todos e a todas.

Voulle facer caso, señor presidente, e vou facer unha intervención espero que máis curta incluso que os dez minutos que temos.

En primeiro lugar, quero dicir que me parece que esta discusión é extemporánea. Non deberíamos estar discutindo isto aquí, deberíamos estar discutindo calquera outra cousa. Podería ser que, por cuestións de prazos, tiveramos que estar discutindo as condicións da transferencia, que na Comisión Mixta de Transferencias houbera un *tour de force* co Goberno central para ver en que condicións financeiras se produciría esa cesión, ou ben teríamos que estar discutindo como desde a Xunta de Galicia se xestiona a AP-9 unha vez transferida. Pero non, en todo caso, outra vez iniciar ese proceso, que é longo e complicado pero que podía xa estar hoxe rematado, de solicitar ao Goberno de España, por medio do Congreso dos Deputados, que a AP-9 sexa xestionada desde Galicia.

E ¿por que estamos aquí? Dicíao antes a portavoz do BNG, e eu vou coincidir. Porque o señor Íñigo de la Serna, como ministro de Fomento e en representación do goberno de Mariano Rajoy, pois vetou que se puidera producir o debate sobre a proposición de lei que unanimemente este Parlamento enviou ao Congreso dos Deputados. E unha mesa cunha maioría do Partido Popular e de Ciudadanos aceptou este veto.

Naquel momento nós xa dixemos que nos parecía que este veto non estaba fundamentado, non tiña un bo fundamento xurídico. Preocupámonos desde o Parlamento de que as consecuencias financeiras que, en todo caso, producira a lei entrasen no seguinte orzamento e, por tanto, que non tiveran ningunha carga sobre o orzamento en curso. E preocupámonos tamén de que esas consecuencias financeiras tiveran un primeiro paso, que era unha discusión na Comisión Mixta de Transferencias. Por tanto, estaba ben blindada desde o punto de vista xurídico, e isto facía improcedente ese veto.

Parecíanos que tamén era improcedente porque ía moito máis alá do recurso que ten o Goberno para defender a estabilidade das contas públicas, por moitos motivos.

Parecíanos que era unha manobra puramente dilatoria que non afectaba só ao Parlamento de Galicia, senón a un conxunto moi importante de leis que estaban promovidas desde parlamentos ou desde a oposición parlamentaria e que respondía a unha sorte —chamámoslle no seu momento— de filibusteirismo parlamentario.

Hoxe sabemos xa que o Tribunal Constitucional —e coincido coa apreciación tan positiva que fai a portavoz do BNG da actuación deste tribunal neste caso— di que é improcedente esta actuación do Goberno, que hai unha extensión excesiva das competencias. E nós coincidimos con iso, parécenos que ten razón, que dá no cravo, e que, polo tanto, se abre unha vía para rectificar esa posición.

Temos a convicción de que a transferencia se producirá, de que esa demanda unánime deste Parlamento vai dar lugar a unha solución positiva nalgún momento. E esperamos que isto se faga con rapidez. Temos esta convicción, primeiro, pola xestión nos últimos tempos da AP-9 da cuestión das peaxes, que se modulan con criterios non excesivamente técnicos senón políticos, o que, por tanto, dá lugar a solucións heteroxéneas a situacións parecidas no territorio e provocan unha situación insostible. Parécenos, ademais, que a xestión, como a desta última fin de semana co colapso en Rande, provoca serias dúbidas sobre a capacidade de xestión que ten a concesionaria, e sobre a capacidade de intervención que teñen as administracións implicadas —neste tema, fundamentalmente, o Ministerio de Fomento—. Por tanto, fai moito máis perceptible para a cidadanía a utilidade desta transferencia.

Vaise producir tamén porque hai unha maioría política clara en Galicia, pero tamén no conxunto de España, en favor de que isto teña lugar. E estas maiorías sociais e políticas acaban impoñéndose. Pero tamén porque non rompe nada. E isto debería tranquilizar non só ao Partido Popular senón tamén a Ciudadanos. Non rompe a unidade de España, non rompe ningún proxecto, que esta transferencia se produza.

En fin, simplemente hai unha vía central para Galicia que conecta un 70 % da cidadanía de Galicia que está mellor xestionada desde a proximidade aplicando un principio de subsidiariedade. E mellor xestionada podería aportar valor ao que se fai aquí e reducir a dimensión de feito de Galicia.

Por iso, imos apoiar a tramitación desta iniciativa, parécenos razoable, como fixemos sempre. O presidente da Xunta normalmente, cando se fala disto, utiliza a estratexia da tinta do calamar. Acusa á oposición, ás veces ao BNG, ás veces ao Partido Socialista. «É que vostedes votaron en contra».

Eu xa o expliquei algunha vez. Aquí houbo unha solicitude de 49 transferencias que fixo un goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, 49 competencias que incluían tamén a transferencia da AP-9. E isto foi validado por este Parlamento, onde estabamos algúns deputados naquel momento. Despois houbo unha estratexia do Partido Popular que pretendía trocear esa petición e que fomos votando por separado, algunhas si e algunhas non. E a iso foi ao que dixemos que non, a unha estratexia de trocear esa reivindicación de 49 competencias que foron plantexadas. E eu estaba presente, porque representaba o Grupo Socialista na Comisión

Mixta de Transferencias, e estiveron presente cando se lle planteou ao Goberno de España ese documento conxunto das corenta e nove transferencias. E foi aí cando se iniciou isto.

Pero é unha estratexia do calamar, porque aquí se trata de ocultar unha responsabilidade fundamental. E a responsabilidade fundamental é que houbo un momento en que estaba próxima a caducidade da concesión e esta concesión se prolongou ata o ano 2048. E esa é unha responsabilidade do Partido Popular, do señor Álvarez Cascos e, no seu momento, da Xunta de Galicia, do Partido Popular, que estaba gobernando naquel momento. E iso é o que se intenta ocultar con todas estas apreciacións.

Imos votar a favor. Pero tamén indico que na tramitación da lei —que esperemos que se produza— pois intentaremos melloralas. Intentaremos volver á formulación que saíu unanimemente deste Parlamento, modificando as disposicións transitorias correspondentes, para evitar que no Congreso dos Deputados poida haber algún elemento ao que se agarre o Goberno para bloquear de novo a súa tramitación.

E gústanos a apelación á unidade, non nos gustan as iniciativas unilaterais; é dicir, Podemos no Congreso dos Deputados presenta unha proposición de lei e agora preséntase isto. Nós preferimos que haxa un escenario de unidade onde todas as forzas políticas poidamos coincidir. E esperemos que iso sexa o resultado final de toda esta tramitación, á que —xa digo— nós imos colaborar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Leiceaga.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Cal Ogando.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Antes de nada, temos que recordar que existe xa un acordo parlamentario ao redor desta cuestión, que xa é un acordo de país que, tristemente, se viu vetado polo Partido Popular no Congreso. Ata en catro ocasións o Partido Popular en Madrid impediu o debate parlamentario dunha iniciativa que conta co respaldo unánime do Parlamento de Galicia e, polo tanto, de Galicia. Feijóo —que dixo que só militaba en Galicia— debería ser contundente e non permitir, polas súas ansias de asalto dinástico en Madrid, o ninguneo ao que somete o Partido Popular estatal a Galicia.

No que vai de lexislatura o Goberno do Partido Popular no Estado ten vetado máis de cincuenta iniciativas da oposición con base nun argumento desmontado polo Tribunal Constitucional. Polo tanto, cómpre que, de oficio, a Mesa acepte o recurso de reconsideración —que nós xa tamén temos presentado no Congreso desde o 26 de abril— e así poder desbloquear esta situación inconstitucional.

A sentenza do Tribunal Constitucional vén recordar que o Partido Popular é constitucionalista a tempo parcial, que se acorda da Constitución cando se trata de enfrontar os pobos do Estado español, pero olvídase da mesma cando se trata de defender o dereito á vivenda ou á capacidade adquisitiva das pensionistas, nin cando se mudou o artigo 135, con nocturnidade e aleivosía, desa Constitución que non se pode tocar. Nin se acordan da Constitución cando se trata de que os amigos branqueen os cartos negros con amnistías fiscais ou para protexer os intereses de empresas amigas, como fixeron desta vez con Audasa, vetando o debate. Nestes casos, o Partido Popular deixa de ser constitucionalista e agocha as bandeiras, facendo gala dese falso patriotismo ao que nos teñen acostumadas: ser patriota e defender os dereitos da cidadanía. E o Partido Popular nisto ten ben pouco do que presumir. O Partido Popular é patriota do neoliberalismo de amiguetes, das mamandurrias a custa do público e dos másteres en poñer as institucións ao servizo de intereses privados.

Precisamos a transferencia porque é de xustiza, porque é o máis beneficioso para os intereses de Galicia, porque estamos a falar da principal vía vertebradora do país. Cando falamos da xestión de Audasa na AP-9, temos que falar da peor xestión de todas as concesionarias de autoestradas do Estado, que conta coa complicidade do Goberno central, que permite que Audasa estea a dar o peor servizo cos seus recortes en persoal para incrementar a súa xa indecente marxe de beneficio; algo no que, de ter competencia a Xunta de Galicia —aínda estando gobernando o Partido Popular—, cando menos, non poderían botar vostedes balóns fóra e terían maiores dificultades para evitar a presión de usuarias e da oposición, o cal sería moi beneficioso para as exixencias e o control sobre esta nefasta concesión.

Esta fin de semana volvemos vivir o esperpento que non molesta en absoluto á Xunta de Galicia, que segue a permanecer submisiva. E os xornais xa titulan (*O señor Cal Ogando mostra un documento*): «*Enésimo atasco en las inmediaciones del puente de Rande*». Novamente retencións na ponte de Rande, sen que haxa desconto nas peaxes, sen que se levanten as barreiras. Xente que estivo ata unha hora atascada en Rande pola xestión de Audasa e que nin sequera tivo a decencia de levantar as barreiras e fíxolles pagar as carísimas peaxes.

Como dicía na última intervención neste pleno, a vostedes parécelles moi ben que se incrementen os prezos das peaxes por unha ampliación da capacidade da ponte, que non da autoestrada —xa expliquei o outro día a diferenza entre a ampliación da ponte de Rande e a ampliación dunha autoestrada, aínda que o señor Fernández Prado di que pode adiantar polas vías adicionais—, e vostedes pretenden e parécelles moi ben que se suban estas peaxes, pero ata o de agora, durante todos estes meses, o que sufrimos ata o de agora foi redución de capacidade e retencións. E, aínda así, parécelles ben que se suban as peaxes.

Esta fin de semana volvemos ver o esperpento do servizo de Audasa e non sabemos se esta vez se vai poder abrir algún expediente ou se por fin vai tocar sanción, aínda que agardamos que non sexa como a sanción de Fomento á empresa Abertis por ter dezaoto horas máis de tres mil persoas retidas na AP-6, unha sanción de 1.200 euros. Esta é a conivencia do Partido Popular coas empresas que xestionan as autoestradas do Estado.

Facendo un cálculo, se a Abertis, que gana máis de 800 millóns de euros ao ano, lle meten unha multa por dezaoto horas con tres mil persoas de 1.200 euros, entendemos que á AP-



9, cando menos, debería tocarlle unha sanción de 10 euros, que pouco é, pero, cando menos, sancionen vostedes con algo. ¡Que vergoña: 1.200 euros a unha empresa que gana 800 millóns de euros ao ano por dezaioito horas de retencións na AP-6!

Cando falamos de Audasa, falamos da concesionaria de autoestradas con máis reclamacións do Estado, dobrando a segunda e triplicando a terceira; a que ten a peor ratio de traballadores por quilómetros: tres veces menos que a media estatal. Non falamos de mala xestión, falamos de burla e falamos de estafa ás galegas, que conta co consentimento de Fomento e a submisión da Xunta de Galicia.

Se ben o primeiro paso é conseguir a transferencia da competencia sobre a autoestrada que permita exercer un control sobre o servizo da concesionaria, non hai que enganarse. A cuestión de fondo é resolver a anomalía que supón a explotación, con indecentes beneficios, por un fondo de investimento norteamericano da principal infraestrutura de transporte terrestre do noso país, o que nos obriga a ir máis alá. E aquí temos que falar de cal sería o prezo do seu rescate, e aquí temos que falar de que só desde a submisión e a lóxica do neoliberalismo de amiguetes se pode entender que a día de hoxe a Xunta de Galicia aínda non teña elaborado un informe sobre a valoración do rescate da AP-9.

O argumento do Partido Popular para vetar o debate da lei no Congreso da insuficiencia regulamentaria para facer fronte ao rescate, dando nun primeiro momento unha cifra resultante de multiplicar polos anos de concesión os ingresos nas peaxes, é un insulto á intelixencia intolerable. Pero o peor diso é que o Partido Popular do Goberno central dá cifras ao chou. Primeiro di que custa 4.300 millóns, con este ridículo método, e agora di que pode chegar a máis de 8.000 millóns de euros, 7.000 millóns máis dos que os propios accionistas din cando valoran os seus activos para unha posible venda. ¡Que vergoña, señores e señoras do Partido Popular!

É unha tomadura de pelo que o Goberno central, en resposta ao noso grupo, valore o rescate da AP-9 en 8.000 millóns e hoxe estea a falar de privatizar as radiais de Madrid logo do rescate en apenas 1.000 millóns, onde tan só hai corenta quilómetros de diferenza dunha autoestrada á outra.

Miren, imos falar das valoracións serias coas que contamos, a falta do informe da Xunta de Galicia e con Fomento que se autodescarta pola súa falta de seriedade. Imos falar das valoracións e con iso contamos para que as coñezan as deputadas e os deputados do Partido Popular e para que cando menos non suban a esta tribuna a facer o ridículo dando por boa a valoración de Fomento.

A primeira valoración sería dispoñible e a máis consistente coa que contamos, tanto pola formalidade da mesma como por quen a fai, é a que realiza Sacyr, empresa que o Partido Popular coñece ben, que aparece nos papeis de Bárcenas. Sacyr é unha empresa que coñece ben o sector, é accionista de Itínere Infraestructuras, S. A., o grupo propietario de Audasa. Trátase, polo tanto, dun socio propietario da empresa, que nas súas contas anuais auditadas de 2016 declara a súa intención de vender a súa participación en Itínere e realiza unha estimación de cal é o valor do seu paquete de accións. Pois ben, Sacyr valora en 240 millóns



de euros o 15,5 % que ten de capital social de Itínere, un valor que, extrapolado ao 100 % do capital social, supón unha valoración de Itínere de 1.548 millóns de euros. Esta valoración ten a consistencia de estar feita por un accionista que quere gañar cartos coa operación, que ademais coñece o sector, que está incluído no seu balance que forma parte das contas anuais de 2016 e que está validado pola auditoría Ernst & Young, S. L.

Voulles aportar outra valoración seria coñecida: a realizada por Globalvia, unha compañía de xestión de infraestruturas que naceu de FCC e Bankia e que desde o 2006 é propiedade de tres fondos de investimento —de Canadá, Reino Unido e Holanda—, que explota autoestradas de peaxe en España e noutros países. Esta multinacional leva tempo negociando a compra de paquetes minoritarios de Itínere. E en 2017 Globalvia presentou unha oferta de compra do 100 % de Itínere por un prezo total de 1.000 millóns de euros, que non se materializou pola negativa do accionista maioritario, o fondo de investimento Corsair, propietario do 45 %. Tanto a valoración de Sacyr como a de Globalvia é para o conxunto de Itínere Infraestructuras, na que está incluída Audasa pero tamén a AG-55, a AG-57, a AP-53, a AP-66, a AP-1 e a AP-15. Polo tanto, o prezo de mercado de Audasa sitúase na contorna do valor estimado utilizando criterios de plus ou de beneficio actualizado, isto é, sobre 750 millóns de euros. De aí ata 8.000 millóns que di que custa o Ministerio de Fomento hai uns cantos millóns. ¡Que vergoña, señores e señoras do Partido Popular!, ¡que vergoña!

E debemos ter cartos para afrontar esta cantidade ou unha cantidade similar, polos informes que temos ou polas valoracións serias que temos, cando se prevé que se van pagar 400 millóns en bonificacións á autoestrada de aquí a que remate, e cando na propia Lei de estradas do Estado está plantexada a A-57, unha vía de alta capacidade paralela á AP-9 desde Vigo ata A Coruña, que custaría máis de 1.000 millóns de euros. Polo tanto, parece que hai diñeiro máis que suficiente, que o máis racional é rescatar a AP-9.

Pola miña banda, máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Quero comezar deixando claro que nós, como grupo e como Goberno ao que sustentamos, imos seguir reclamando para Galicia a transferencia da AP-9 en todos os foros que se consideren axeitados. Cremos que é posible (*Aplausos.*) e, ademais, vemos que é o mellor para o interese dos galegos. Por iso imos apoiar o debate de toma en consideración da proposición de lei que presentan, pero, evidentemente —como xa dixeron outros voceiros—, trataremos de melloralala no trámite parlamentario, para evitar —igual que dicía o señor Leiceaga— pórlelle fácil ao Goberno unha posible argumentación de rexeitamento.

Neste sentido, apoiaremos a consideración pero emendarémola para volver tamén —como dicían— ao consenso, para volver aos acordos unánimes xa acordados, para volver a esa proposta, porque tamén nós pensamos que é mellor facelo conxuntamente. Consideramos que este consenso é positivo, especialmente polo valor político —e ese valor político ten aínda máis transcendencia tal como hoxe está composto o Congreso—, e pensamos que é importante que sigamos mantendo xuntos e sigamos tendo unha soa voz, porque o verdadeiramente importante é o obxectivo común de acadar esta transferencia da AP-9. Polo tanto, cremos que é importante volver a este consenso.

Quero repetir unhas palabras que dixo a voceira e propoñente pedindo o aval de todo este Parlamento. Hoxe creo que o vai ter, polas palabras dos demais grupos, pero recordarémolle na tramitación ese aval de todos, esa volta ao consenso e ao traballo conxunto, que entendemos —igual que dixeron anteriores voceiros— que é o mellor camiño.

Pero fagamos tamén un pouquiño de memoria. O primeiro que temos que dicir é que nós non cambiamos de opinión. Creo que neste tema o Grupo Popular galego foi coherente desde o principio. E é verdade que agora buscan algunhas desculpas, algunhas xustificacións, pero o que é certo —e figura nas actas e no *Diario* deste Parlamento— é que vostedes votaron que non cando gobernaban. Polo tanto, señora Pontón, cando fala de defender unha cousa e a contraria, creo que está falando de vostedes mesmos cando votaban unha cousa no Goberno e votan agora outra na oposición. Nós imos manter esta coherencia e seguiremos apoiando, sempre que poidamos, esta reivindicación da transferencia da AP-9.

Pero, ademais, tamén me gustaría recordar —porque aquí se fala de tantas cousas— que, a pesar de ser unha infraestrutura de titularidade estatal, a Xunta de Galicia —está aquí a conselleira— vén mantendo desde hai tempo unha política activa en relación con esta autoestrada, demandando absolutamente cada problema de xestión que ten e demandando de Madrid nesa Comisión Mixta —e non só na Comisión Mixta, senón a través tamén de peticións formais— que se resolvan os ditos problemas e que se teñan en conta as melloras dos servizos que se demandan desde Galicia.

Pero mire, señor Cal, ¡home!, fala vostede de devolver as peaxes de Rande. Parece difícil devolver a peaxe de Rande, por moito atasco que haxa, cando está liberada a peaxe de Rande, témolo difícil. Se iso é o que pedimos, temos difícil que esa sexa a petición. (*O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.*) Sexamos serios —a Consellería e o Goberno—: a peaxe de Rande está liberada. Pida vostede outra cousa, pero non o que xa non se cobra.

En calquera caso, creo que é importante recordar que o Goberno está atento e demandando e vai seguir así con calquera problema na explotación da AP-9 e vai seguir nesta liña.

O primeiro tamén que a min me gustaría dicir é que o Partido Popular sempre liderou esta petición. Algúns queren comezar no 2016. A historia empeza un pouco antes. Xa non queren recordar esa PNL que votaron en contra. Deixémola á parte, para a busca dese consenso. Pero nesa Comisión bilateral de transferencias que se celebrou o 2 de febreiro de 2010 a Xunta de Galicia xa propuxo o cambio de titularidade da AP-9 e alí quedou recollida na acta

esta petición. Posteriormente, e igualmente nos anos 2012 e 2014, a Xunta formulou de novo esa demanda cando alegou na tramitación do PID-PIC e fixo esas alegacións nese sentido.

Polo tanto, a Xunta vén formulando desde hai moito tempo esta demanda e vai continuar traballando nesa liña, porque consideramos que é unha demanda conforme a lexislación vixente e que é beneficiosa en xeral para a xestión e para os galegos.

Desde o Goberno galego e desde este grupo parlamentario —tamén para que quede claro e non se terxiversen as palabras—, cremos que a transferencia da AP-9 é posible, é xuridicamente viable e é conveniente para velar con máis eficacia pola calidade do servizo que reciben os cidadáns. Polo tanto, seguiremos demandando e defendendo esta transferencia.

Por iso tamén, apoiamos a primeira proposición de lei de transferencia da AP-9 aprobada polo Parlamento galego en marzo de 2016, que, como ben se recordaba, foi rexeitada en decembro de 2016 por considerar, por informe remitido polo Goberno, que esta proposición suporía un aumento dos créditos orzamentarios. Por iso, con data do 18 de xaneiro de 2017, os catro grupos —e recalco o dos catro grupos— do Parlamento rexistraron unha nova proposición de lei, consensuada, acordada e conxuntamente, o que creo, como dicía anteriormente algún outro voceiro, que reforza esta petición.

Pedía non só esa transferencia sobre o réxime xurídico desta concesión, senón tamén todas as funcións e servizos ata agora exercidos pola Administración xeral do Estado en relación con esta AP-9. Neste texto, acordado por todos os grupos parlamentarios e realizado co asesoramento inestimable dos Servizos Xurídicos do Parlamento galego, eliminábase do texto a proposición de lei anterior que tiña motivado o informe negativo por parte dos Servizos Xurídicos da Administración do Estado. Eliminaba ese prazo de seis meses para o traspaso efectivo e tamén incorporaba que o traspaso non suporía incremento ningún dos créditos nin diminución dos ingresos previstos na Lei orzamentaria xeral do Estado en vigor. É importante tamén este apuntamento, porque agora vostedes volven a un texto anterior, e é o que cremos que non axudaría. Evidentemente, como xa moi ben foi dito aquí, esta nova proposición de lei foi rexeitada tamén polo Congreso. De aí que esteamos por terceira vez discutindo agora unha nova proposición de lei.

Pero, para o noso desgusto, nesta proposición de lei do BNG volve á presentada inicialmente, volve a 2014, volve catro anos atrás, obvia e racha co consenso e co acordo dos catro grupos parlamentarios posterior. E por iso xa adiantaba que emendaremos a lei para volver a ese consenso e ao acordo unánime e a esa proposta conxunta dos catro grupos. Porque, ademais, como ben tamén dixo algún outro voceiro, entendemos que o texto de 2017 facilita a aprobación e reduce as posibilidades de xustificación da oposición do Goberno central.

Polo tanto, ¿que volve ser isto? Pois, outra vez máis, o BNG, como non ten voz en Madrid, ten que buscar dalgún xeito falar deste tema, volve vir aquí con demagogia e facer ruído, rachar o consenso e creo que volver cunha tramitación que nos volve a catro anos atrás, cando creo que en 2017 e nesta mesma lexislatura acadamos acordos mellores.

Por outra banda, cabe a posibilidade de que, antes de que chegue a tramitarse esta lei, a proposición de lei anterior enviada por este Parlamento ao Congreso sexa readmitida a trámite de oficio, pois xa a Mesa do Congreso anunciou a posible revisión de oficio das leis rexeitadas en base á sentenza xa nomeada do Tribunal Constitucional e dos recursos presentados. É posible que esta revisión de oficio chegue antes que esta nova lei, pero, en calquera caso, votaremos e apoiaremos calquera iniciativa —por iso votaremos a favor— que axude a acadar a tramitación desta lei.

Pero a min gustaríame, nestes últimos segundos ou minutos, pedirilles que non confundan a xente. O que están é tentando mesturar as transferencias e as peaxes. Son cousas distintas. Non vou caer na trampa, porque hoxe estamos falando de transferencias. Teremos tempo a falar de peaxes sempre que queiran...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** ...—remato xa— pero cremos que é importante que non enganemos os galegos. Aquí non estamos falando de rescates, non estamos falando de rebaixas de peaxes, estase falando dunha transferencia, e non enganemos nin o mesturemos co tema dos vascos, que estaba recoñecida na Constitución —as catalás seguen sendo estatais—, nin mesturemos coas radiais de Madrid. A primeira autoestrada rescatada é a AP-9, que xa foi rescatada unha vez cando estivo en quebra...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** ...e ten esa obrigaón calquera delas.

En calquera caso, cremos que desde Galicia se pode xestionar mellor, pode facerse unha xestión máis particularizada que responda ás demandas concretas e, polo tanto, apoiaremos esta transferencia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Para a rolda de réplica, por parte do grupo autor da proposición de lei ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, presidente.

Eu creo que hoxe, en todo caso, é positivo o debate que se dá, con luz e taquígrafos, neste Parlamento a respecto da transferencia da AP-9, porque para o noso grupo —e díxeno eu na miña intervención— é importante que esta sexa unha reclamación que o Parlamento de Galiza manteña, porque é evidente que caeron todas as mentiras e todas as trapalladas que estivo utilizando —non... (*Aplausos.*) un elemento divino—, señores e señoras do PP, o seu partido, o Partido Popular. Non sei se xa se independizou o PPdeG de Galiza, pero, que eu saiba, vostedes din que son un partido único. Entón, eu a verdade non entendo como o par-

tido único é incapaz de conseguir, tendo unha maioría absoluta nesta Cámara, gobernando no pasado con maioría no Congreso dos Deputados, que algo que parece ser que lle quita o sono a Feijóo como é conseguir a transferencia da AP-9, nove anos despois, aínda non sexa unha realidade e teñamos que vir desde o grupo do BNG sempre tirando para que a transferencia vaia adiante.

Porque, claro, vostede fai unha historia e elude elementos que son importantes da historia da AP-9. Porque, efectivamente, a AP-9 iníciase en 1973, durante o réxime franquista, cunha concesión pública —que lles dicía— que non podía estar con peaxes como máximo até o ano 2018. E, despois desa historia, houbo moita historia, onde o Partido Popular e o Partido Socialista teñen responsabilidades na situación que temos neste momento na AP-9. Porque lémbrolles que houbo ampliacións de concesións, que foron tanto do Partido Socialista como do Partido Popular, e —non sei— sorpréndeme que se esqueza dun tema tan importante como foi a privatización da AP-9 polo señor Aznar, que a malvendeu por 1.500 millóns de euros e nos ampliou a concesión até o ano 2048. Aí vostedes non teñen absolutamente nada que dicir, a pesar de que esa é a orixe do problema que hoxe temos da AP-9, porque sen esa venda absolutamente fraudulenta hoxe teríamos unha AP-9 sen peaxes. E iso é algo que os galegos e galegas si que teñen que saber, e creo que a nosa obriga, fronte a un pasado de utilizar Galiza como moeda de cambio e malvender a autoestrada máis importante do noso país, como representantes públicos, é ofrecer unha alternativa.

Porque quen mente aquí é o Partido Popular. E vou dicir unha cousa moi clara. Nós, na transferencia, na primeira lei e na segunda lei, estamos solicitando competencias para incidir nas peaxes, ¿ou non? Estamos tendo a competencia para decidir sobre as peaxes da AP-9, e esa é a cuestión clave. Vostede ao mellor non sei se coñece ben a lei en detalle. Eu si, porque me molestei moito en traballar nesta lei desde o primeiro momento. O primeiro debate prodúcese no 2015 e seguimos no 2018 con nós tirando deste carro. Porque non recibín o seu apoio, nin eu nin o Grupo Parlamentario do BNG, para poñerlle un recurso de inconstitucionalidade cando a vetou o PP no Congreso. E creo que é un dato importante dunha dobre moral que leva a que neste país vexamos como as cousas non avanzan.

Para nós hoxe ten que iniciarse un terceiro intento, que ten que ser o definitivo, porque creo que, se non, o que é evidente e que vai quedar demostrado é que todo isto tamén é unha pantalla para que non falemos da responsabilidade que ten o presidente da Xunta neste aspecto. O Bloque, sempre tirando porque haxa unanimidade na defensa de temas de país. Se non fora por nós, este debate non estaba sobre a mesa, xa o tiñan enterrado no ano 2016.

Polo tanto, nós alegrámonos de que sigamos para adiante, tamén deixando claras cales son as responsabilidades de todo o mundo neste tema e tendo moi claro que nós traballamos aquí polo ben dos galegos e das galegas e non para defender os beneficios de Audasa.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pontón.

Pasamos ao seguinte punto dos textos legislativos.

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, relativa ás medidas urxentes de emerxencia social en materia de prestacións económicas para paliar a pobreza enerxética e tendentes á mellora da eficiencia enerxética dos fogares vulnerables**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para a presentación da proposición non de lei, ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Casal Vidal.

**O señor CASAL VIDAL:** Bo día a todas e a todos.

Moitas grazas.

Tratamos hoxe un asunto que de verdade dá sentido —eu penso que máis que ningún— ao noso traballo institucional, como é a loita contra a pobreza. Penso que ninguén se pode poñer de perfil ante esta situación, unha das tarefas e retos fundamentais de En Marea —e supoño que de todos os grupos desta Cámara—. E despois, cando remate este debate, espero seguir pensándoo.

As propostas relativas á pobreza enerxética xiran arredor dunha idea central. O acceso á enerxía, do mesmo xeito que o acceso á vivenda, á sanidade ou á educación, é un dereito cidadán. A subministración eléctrica accesible é esencial para unha vida digna e unha condición imprescindible para o exercicio doutros dereitos fundamentais. A alimentación, a educación ou a saúde das persoas son dereitos que se ven afectados por unha falta de subministración enerxética adecuada, todo o cal aboca á exclusión social.

Podemos definir a pobreza enerxética como a dificultade ou incapacidade de manter unha vivenda nunhas condicións adecuadas de temperatura e de humidade, así como de dispor doutros servizos enerxéticos esenciais a un prezo xusto. Isto concretaríase na situación na que se encontra un fogar que ten que dedicar máis do 10 % dos seus ingresos dispoñibles, ou sexa, os ingresos totais menos o custo da vivenda, a alcanzar un nivel satisfactorio de calor na súa vivenda, que, segundo a Organización Mundial da Saúde, se marca en 21 graos na habitación principal e 18 graos nas demais habitacións.

A pobreza enerxética está asociada, indubidablemente, á pobreza en xeral. Con todo, hai motivos para pór o acento na pobreza enerxética, e o principal é que en Galiza a taxa de pobreza enerxética creceu moito máis rapidamente que a taxa de pobreza xeral nos últimos anos, como indican tanto o IGE como o INE.

Considerando este criterio, a situación de Galicia é moi grave, xa que superariamos o 20 % de fogares en pobreza enerxética. O motivo principal é o aumento da factura desproporcionado e inxustificable da electricidade nun 76 % durante os anos da crise, nos que ademais os ingresos medios das familias diminuíron.

Este incremento sitúanos no nivel máximo de prezos de electricidade en Europa e ten moitas causas, como xa explicitamos no anterior pleno, e que se resumen, fundamentalmente, na conivencia do Goberno do Estado coas compañías do oligopolio eléctrico.



Espectabámonos hoxe cunha noticia verdadeiramente indignante, Endesa non incrementa os seus ingresos pero incrementa os seus resultados este ano un 47 % debido á liberalización do mercado, como están ben demostrado en moitos artigos que saen hoxe na prensa. Unha liberalización que nutre a codicia infinita das compañías do oligopolio e dos políticos instalados nos seus consellos de administración e, por contra, some unha moi importante parte da cidadanía na pobreza enerxética. Falando claro, a pasar frío e calamidades.

Como en tantos outros casos, a contraposición da realidade co que está escrito na Constitución española é moi dolorosa. O constitucionalismo dalgúns partidos é segundo para que. E recoméndolles a todas as súas señorías ler os artigos 45 e 51 da Constitución para ver que a pobreza enerxética non podería existir en España se cumpríramos o que di a Constitución.

E, ¿cales son as consecuencias máis graves da pobreza enerxética? Segundo a Organización Mundial da Saúde a pobreza enerxética produce en España unhas 7.000 mortes ao ano, unhas 400 en Galicia, fundamentalmente por complicacións respiratorias, pero tamén por outras moito máis trágicas que son as que saen nas portadas dos periódicos habitualmente.

Das 35.000 altas hospitalarias que hai en Galicia ao ano por complicacións respiratorias, Galicia é a terceira comunidade con máis ingresos por esta causa en España. A Organización Mundial da Saúde e outros organismos estiman que máis de 10.000 son provocadas pola pobreza enerxética, ao non poder ter o fogar en condicións de temperatura e humidade axeitadas. Isto implica saturación nas urxencias e uns 70.000 días de hospitalización, cun custo sanitario duns 40 millóns de euros. Se a isto sumamos as baixas laborais, as implicacións persoais e familiares, o custo económico e social levaríanos a cifras verdadeiramente inmensas.

Por iso, ademais de por xustiza, combater a pobreza enerxética é a maneira decidida de aforrar cartos públicos e privados, que non nos veñan despois con que non hai diñeiro para isto.

Moitos organismos internacionais marcan tamén a forte incidencia da pobreza enerxética no rendemento escolar, condenando as nenas e os nenos que viven nestes fogares á exclusión educativa.

A lei que o Partido Popular aprobou neste Parlamento o ano pasado de eficiencia enerxética, e teoricamente para combater a pobreza enerxética, só podería chegar coas súas condicións ao 1,45 % dos fogares, uns 15.000, cando a realidade é que cando tiñan o títcket eléctrico non pasaban de 2.500 ao ano, nin sequera estes 15.000 que terían dereito a ela, e só vai dirixida a fogares en risco de exclusión, é dicir, en pobreza extrema, xente que ingresa no seu fogar menos de 400 euros ao mes.

Dicir que esa é a única xente que está en pobreza enerxética é verdadeiramente escandaloso. O Instituto Galego de Estatística e o INE miden que en Galicia hai máis de 230.000 fogares en pobreza enerxética.

Señoras e señores do Partido Popular, hai que corrixir isto urxentemente, non podemos deixar 215.000 fogares en Galicia en pobreza enerxética. Por iso, En Marea presenta a lei que



consideramos de maneira —pensamos que obxectiva, esperamos que as aportacións do resto dos grupos durante a tramitación da lei permitan melloralas máis aínda— máis integral, completa, actualizada e xusta das que se teñen desenvolvido en todo o Estado.

Ademais, demostraremos que é totalmente financiable polos orzamentos da Xunta de Galicia, polo que esperamos o apoio de todos os grupos do Parlamento de Galicia para poñer o camiño á erradicación desta lacra totalmente inasumible.

E vou agora resumir dunha maneira rápida os principais elementos da lei. O obxecto da lei é crear a tarifa social enerxética de Galicia, que se baseará nunhas axudas proporcionais en función da vulnerabilidade do fogar. Facemos unha definición do consumidor vulnerable, establecendo uns novos criterios para definir estes fogares. A principal novidade que incorporamos é a que se está a aplicar neste momento en toda Europa e que non aplica, por exemplo, o bono social do Estado, e é que a renda dispoñible nun fogar non son os ingresos totais, senón os ingresos totais menos o custo da vivenda. Porque non é o mesmo gañar 1.000 euros e ter que pagar 400 euros de alugueiro, que gañar 1.000 euros e ter que pagar só os gastos de comunidade e o IBI, por exemplo, varía moito a renda dispoñible.

E non facelo desta maneira implica o que está xa a suceder: deixar fóra o 80 % dos fogares que realmente están na pobreza enerxética, como está a suceder co bono social eléctrico do Estado, que, ademais, se pasaron de freada, como explicarei máis adiante.

As medidas concretas supoñen descontos entre o 25 e o 50 % na factura da luz en función da vulnerabilidade dos fogares. Establecemos uns límites de consumo verdadeiramente necesarios para manter unha casa nas condicións que falamos. O actual bono social do Estado non cobre nin a terceira parte da enerxía anual necesaria para manter un fogar quente e cos servizos mínimos esenciais. Establecemos un procedemento para evitar a suspensión da subministración dunha maneira concreta, clara e de fácil aplicación para que non pase o que está a pasar coas dúbidas e coas escusas das comercializadoras para seguir cortando a luz a xente que non a pode pagar. Tamén establecemos —cosa que non se fai no decreto do Goberno do Estado— un réxime sancionador claro e concreto e de aplicación inmediata. Isto pensamos que disuadirá de maneira importante as compañías comercializadoras a non cumprir a lei.

Establecemos, tamén, un procedemento claro, sinxelo e accesible para a solicitude da tarifa social enerxética de Galicia, e este é o punto máis importante da lei, porque o que non se pode facer son leis que despois é imposible que a cidadanía as poida asumir e se poida beneficiar deses dereitos.

No bono social do Estado —e tamén como pasaba no ticket eléctrico da Xunta de Galicia, que como digo só solicitaban arredor do 15 % da xente dos fogares que tiñan dereito a el— o ministro de Industria xa dixo no Parlamento que o orzaba en 200 millóns de euros, aínda que en realidade serían 500, porque o 60 % da xente ou non se ía enterar ou non o ía poder tramitar. Pois o señor ministro pasouse de freada, a realidade é que non foi o 40 %, ata a data final da concesión do bono social —que foi o 14 de abril deste ano— só o 6 % dos fogares con dereito a solicitar o bono social o puideron tramitar.

Por iso, ante este exceso de freada, ante este exceso de teoricamente involuntarias trabas para que a xente non poida exercer ese dereito, ampliaron agora o prazo ata o 14 de outubro, pero sen modificar a tramitación, que vai implicar que a maior parte dos fogares queden fóra.

Por iso establecemos que toda a tramitación destas axudas se poida desenvolver nos servizos sociais tanto municipais como da Xunta de Galicia, porque o que non ten sentido era o que facía o Goberno da Xunta de Galicia de que se tramitara nas delegacións de industria, como se fora para pedir un permiso de enganche dunha factoría ou dunha industria. Pero, ¿é que eses funcionarios verdadeiramente están preparados e formados para desenvolver o seu traballo con xente en risco de exclusión? Ten que ser nos servizos sociais e cuns trámites fáciles e asequibles.

Por iso tamén plantexamos que toda aquela persoa que xa demostrou a súa vulnerabilidade, e por iso obtivo a Risga ou calquera outra renda social ou municipal, acceda de maneira automática ás axudas marcadas por esta lei.

Establecemos tamén, por primeira vez no Estado, axudas para facilitar o pago do gas, aínda que a situación actual é que o gas non chega á inmensa maioría dos fogares vulnerables e a Xunta de Galicia tamén debería de poñer medios para que iso se solucionara.

Establecemos un plan de medidas de eficiencia enerxética para os fogares vulnerables, que se concretaría nun plan que a Xunta de Galicia tería que desenvolver, dado que non hai mellor maneira de aforrar enerxía que non consumila. E, ademais, a eficiencia enerxética mellora dunha maneira importantísima o confort das vivendas sen necesidade de consumir tanta enerxía.

O financiamento das medidas da lei tería que ser asumido polos orzamentos da Xunta de Galicia, que consignaría de maneira anual unha partida para cubrir as necesidades da lei. E neste 2018, tendo en conta que o inverno empezará en outubro e hai que ter lista a execución da lei este ano, os fondos de continxencia dos orzamentos poderían cubrir a parte proporcional do 2018.

Despois os plans de eficiencia enerxética poderían chegar tamén do financiamento autonómico, pero tamén dos fondos que a Unión Europea prevé para este tipo de iniciativas.

Durante a tramitación da lei En Marea presentará unha memoria económica pormenorizada para demostrar a capacidade da Xunta de Galicia para financiar os obxectivos desta lei, que estimamos nuns 50 millóns de euros.

Como digo, só o aforro sanitario cubriría totalmente os custos que esta lei implica, e iso sen contar, por suposto, todo o padecemento, o sufrimento e a situación que xa se vén de contar polos problemas tanto de exclusión como polos problemas sanitarios que implica o non resolver dunha maneira inmediata o problema da pobreza enerxética.

Por iso, señoras e señores deputadas e deputados do Partido Popular e de todos os grupos recoñezan a imperiosa necesidade de afrontar de maneira decisiva esta lacra inasumible e permitan a tramitación desta lei. ¡Por favor!, non se poñan de perfil ante a pobreza.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Antes de darlle palabra á seguinte portavoz, saudamos, en nome de todos, os alumnos de quinto e sexto de primaria do CEIP de Portonovo, que acaban de entrar no hemiciclo.

E ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día.

Diante deste debate dende o Grupo Nacionalista quixeramos insistir en dúas cuestións que nos parecen claves e que están unidas entre si. A primeira é que temos que tomar conciencia e asumir que a saída da recesión non é, non está a ser, o fin das dificultades económicas para as maiorías sociais galegas. Lonxe de ser así, estamos vendo como as políticas do Partido Popular afondan nesa desigualdade social que cada vez é maior, e a pobreza apelidada como enerxética é unha das súas mostras máis duras e crueis, e é unha responsabilidade política que en absoluto están a cumprir dende o Goberno galego.

A segunda —tal e como insistiamos no anterior pleno ao fío do debate da tarifa eléctrica galega e ao fío, tamén, recentemente doutras iniciativas— é que dende o BNG entendemos que hai que entender a enerxía como un servizo público, que é algo que non está a facer nin o Estado nin o Goberno da Xunta, e, polo tanto, hai que garantir a súa subministración.

Neste sentido, se as decisións políticas foran ambiciosas e camiñaran nesta liña pois teríamos solucións e non parches. Sinalar que as medidas asistenciais e paliativas son precisas, pero que tamén é necesario apostar por un cambio de modelo que garanta ese uso público da enerxía.

É certo que o recoñecemento e a conceptualización do que é a pobreza enerxética é algo relativamente recente no noso marco político. A ninguén se lle escapa que as consecuencias que trouxo a crise socioeconómica visibilizaron e fixeron máis evidente esta necesidade de atención, tamén grazas, en moitas ocasións, a iniciativas populares.

Este mesmo Parlamento puido debater unha iniciativa de impulso popular que despois o Partido Popular botou directamente ao lixo. Pero ollo, iso non quere dicir que unha vez rematada esa parte máis ardua da crise socioeconómica e chegada a saída da recesión se teña resolto o problema por si mesmo, todo o contrario, pois estamos a ver que no lugar de mudar, no lugar de haber unha clara recuperación social, se está consolidando esa pobreza e tamén esa pobreza enerxética que non desaparece. Non en balde temos aí as estatísticas, estatísticas oficiais e non do propio BNG, que nos din que un 52,73 % dos fogares galegos chegan con dificultade, ou moita dificultade, á fin de mes.

Estes datos da enquisa conxuntural trimestral adoitan ter unha lixeira oscilación, pero sempre nos deixan un panorama polo cal a metade do noso país ten serias dificultades econó-

micas. Non é casual, ademais, que sempre no primeiro trimestre aumente, iso é así, fundamentalmente, e tamén, entre outros motivos, polo impacto que ten a factura da electricidade e os seus altos prezos nos meses máis duros, nos meses do inverno, porque a pobreza enerxética está causada polo empobrecemento social, pero tamén nunha parte moi importante polo alto prezo da electricidade e o descontrol dun *lobby* eléctrico amparado polo Partido Popular.

Esta pobreza enerxética ten consecuencias durísimas, o voceiro de En Marea mencionaba algunhas, eu quero insistir en que falamos de saúde pública, que falamos non só de vidas en malas condicións, senón tamén de moitas mortes.

Non en balde a ACA —Asociación de Ciencias Ambientais— vén de publicar este mesmo mes un estudo sobre pobreza, vulnerabilidade e desigualdade enerxética a nivel de Estado, onde fan unha estimación, e a estimación para Galiza, para o noso país, é dende o ano 1993 ata o ano 2013 de entre 200 e 600 mortes asociadas a esa pobreza enerxética.

Mentres, pois é evidente que nin no Estado nin na Xunta hai unha vontade firme para responder a esta realidade. Segundo os datos do propio Instituto Galego de Estatística de 2016 non poden permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada case 200.000 fogares galegos do noso país. Iso quere dicir que as medidas que está a artellar a Xunta de Galiza son absolutamente insuficientes. Hai que recordar ata onde chegaron. No ano 2017 din as propias notas informativas da Xunta de Galiza que chegaron a axudar a case 7.000 fogares.

Sen dúbida, é un dato que é totalmente insuficiente se comparamos eses case 200.000 con eses 7.000, pois é algo absolutamente insuficiente e que para nós non só é negligencia política, que tamén, senón que ao final ese é o modelo social e o modelo de desatención social que patrocina a dereita. Un modelo que, ademais de ser insuficiente, non se aplica de forma correcta, porque xa temos debatido moitas veces nesta Cámara as necesidades de mellora da xestión do ticket eléctrico, que se suma a que tamén en 2018 nada sabemos desa orde.

Neste sentido, a proposta de En Marea, que nós agradecemos por ter a oportunidade de profundar unha vez máis nesta cuestión, vén propoñer, basicamente, axudas complementarias a ese bono social do Estado, e nese sentido parécenos pouco ambiciosa, pero entendemos que é un bo punto de partida que poderíamos mellorar no trámite parlamentario, e que ademais, en todo caso, suporía un avance respecto dese bono social e ticket eléctrico absolutamente insuficientes, porque agocha un modelo o bono social absolutamente errado e insuficiente, como se sinalaba, e non ten criterios racionais, tampouco, de distribución de renda.

O señor Amancio Ortega, ou calquera futbolista multimillonario, podería acreditar a condición de familia numerosa e, polo tanto, obter ese bono social, o cal dá idea do disparate do que estamos a falar. Non só non nos gusta a nós o bono social, vimos hoxe pola mañá unha primeira comparecencia da valedora do pobo onde recollía os problemas que evidencia tanto a tramitación deste bono como do ticket eléctrico.

Polo tanto, é algo que só o Partido Popular non quere ver e ao que non quere poñer solución.

Si que me gustaría matizar unha cuestión: aínda que denominan na proposta tarifa é en realidade unha axuda, e non se está a modificar a Lei do sector eléctrico. Para nós unha cuestión que quedaría aínda pendente no propio texto refírese como medidas asistenciais, e isto parécenos un paso importante, en todo caso, porque podería mellorar o que xa hai e tería a oportunidade o Partido Popular de rectificar ese rodillo que ten aplicado noutras propostas de iniciativa popular ou noutras propostas da propia oposición, aínda que non comparto o optimismo que tiña o señor Casal na súa primeira intervención, pero confiemos en que así sexa.

Si que quería introducir algunha reflexión máis ao fío deste debate. Nós pensamos que as políticas sociais, efectivamente, deben de ser asumidas pola Administración pública. Tamén esas axudas para eliminar a pobreza enerxética, pero seguimos mantendo unha cuestión de fondo na que a futuro deberíamos entrar, e esta iniciativa podería ser un primeiro paso para pechar un debate e entrar no seguinte, que é que temos que cuestionar o sistema eléctrico actual, porque só con axudas e con este panorama social non nos vai servir para cambiar de modelo e cambiar de paradigma. A factura é cara porque llo permiten e porque o auspicia o propio sistema, e isto é algo que temos que cambiar, por iso a futuro temos que adentrarnos na modificación da Lei do sector eléctrico.

Quixera apuntar, tamén, unha cuestión de fondo que para nós é importante, e é que non podemos dar o debate sobre a pobreza enerxética como se estiveramos en Jaén ou en Canarias, que é o modelo ao que nos leva o bono social con varias cuestións, e a primeira delas —á que facía referencia o señor Casal— son os límites de consumo.

Nós, en canto aos límites de consumo, pensamos que habería que reforzar esa parte do proxecto, porque é un disparate asumir o marco que ten o bono social, e loxicamente non é o mesmo intentar quecer a casa en Calvos de Randín, que ocupa sempre o *top ten* da baixada de temperaturas de todo o Estado, que intentar facelo en lugares cun clima máis suave, como poden ser As Canarias, pero a irracionalidade do marco que temos montado, do marco que orquestrou o Partido Popular, pois é tan disparatado que nos leva tamén a que acabemos asumindo ese marco para dar o debate da pobreza enerxética obviando que no noso país tamén temos unha importante riqueza enerxética, e que ninguén entende que non se volva ao noso favor.

Para nós é importante que diante desta situación social se arbitren medidas que sexan paliativas, como as que se propoñen, pero son precisas a futuro tamén medidas estruturais, e aí temos unha potencialidade que, dende logo, non podemos nin debemos, por responsabilidade, obviar. Debemos superar ese marco da caridade e da emerxencia social e ir a políticas que aposten porque esa enerxía, efectivamente, sexa un ben público, pero para todas as persoas, non só para aquelas que están nunha situación máis de emerxencia, porque á fin e ao cabo son dúas caras da mesma moeda, e a mellora cualitativa da situación non vai vir só das axudas públicas, sobre todo porque temos unha situación social —insisto— onde a metade dos fogares galegos teñen dificultade para chegar á fin de mes, a metade dos fogares galegos —aínda que non todos estean nunha situación absolutamente extrema— fan números e fan piruetas para pagar a factura da electricidade, e iso é absolutamente inaceptable en todos os contextos, pero máis aínda cando falamos dun país que ten un importante capital produtor,

unha importante riqueza enerxética, que cara ao futuro debemos apostar porque teña algún tipo de retorno.

Por iso queremos rematar con esa reflexión, brindando o noso apoio a esta proposta de En Marea para mellorar o actual marco de axudas, pero convidando o resto de forzas políticas a que por responsabilidade recorden que non debemos deixar ninguén atrás, e se non temos en conta esa riqueza enerxética acabaremos facéndoos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o señor Losada Álvarez.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente, e señoras e señores deputados.

Quero comezar seguindo a senda da voceira no punto do informe do Valedor do Pobo do Partido Popular, e quero unicamente ler dúas frases. Unha de Ángel Acebes, 5 de xuño de 2006: «O proxecto de ETA é o proxecto de Zapatero.» E outra de Mariano Rajoy ao presidente José Luís Rodríguez Zapatero, o 11 de maio de 2005: «Vostede traizoa os mortos.»

Non vou dicir nada máis, cústame traballo non seguir por este camiño ata que o presidente me chame a atención para ir ao tema, pero sinto dicir, e dígoo absolutamente convencido, que non somos todos iguais. (*Aplausos.*)

Pasamos a falar de pobreza, de pobreza enerxética neste caso, en todo caso a falar das condicións de vida dos cidadáns e cidadás que teñen máis dificultades para afrontar os seus proxectos vitais.

E quero empezar aquí cun marco analítico, que eu creo que non é nada frívolo, eu creo que recolle perfectamente de que estamos falando, e recolle perfectamente cales son as liñas de acción política, que, sen ningunha dúbida, segue o Partido Popular.

En 2012, en pleno momento duro —durísimo— da recesión, sobre os parados, deputada do Partido Popular no Congreso dos Deputados: «*¡Que se jodan!*». Ano 2018, nunha recuperación absolutamente asimétrica desa fonda recesión que este país leva sufrindo dez anos, nada máis e nada menos que a secretaria de Estado de Comunicación do Goberno de España aos pensionistas: «*¡Pues os jodéis!*». Eu creo que a mellor síntese das políticas é un infinitivo, que *es joder*. (*Aplausos.*)

Os datos están aí, e os datos dinnos, de maneira absolutamente machacona, que a saída da crise deste país é asimétrica, inxusta e desigual. Nun momento no que o PIB español medra a un 3,1 % e o PIB galego medra tamén a un 3,1 %, no último ano a porcentaxe de familias que chegan con moita dificultade á fin de mes está medrando, e a porcentaxe de familias que chegan con dificultade está estancada.



Alguén debería de explicar que políticas económicas están facendo para corrixir ou para promover, por acción ou omisión, esta situación. Porque, ata o de agora, este humilde deputado, dende logo, non escoitou neste Parlamento nunca explicacións convincentes sobre esta cuestión.

Crecedemento económico e desenvolvemento son dúas variables diferentes. Son dúas variables que teñen unha diferenza fundamental, unha delas inclúe a redistribución dese crecedemento, e iso é o desenvolvemento, é unha obviedade, pero ás veces eu creo que fai falta refrescar a memoria, e outra é, efectivamente, ese dato do 3,1 %, que é un dato macroeconomicamente moi relevante no ámbito da Unión Europea, no ámbito dos países desenvolvidos.

Hai catro días Fedea —Fundación de Economía Aplicada—, pouco sospeitosa de marxista-leninista, e a consultora Accenture publicaron un estudo —que eu lles recomendo, dende logo, aos deputados e deputadas do Partido Popular que lle boten unha ollada— que se chama «Poboación especialmente vulnerable ante o emprego en España no ano 2018.» Eu creo, e insisto, que é especialmente relevante, porque mostra esa porcentaxe que no caso de Galicia é de aproximadamente un 12,5 % da poboación, é dicir, 350.000 persoas que se atopan nun labirinto absolutamente detestable de pobreza laboral, desemprego, empregos precarios, empregos temporais. É dicir, unha situación que non permite afrontar os gastos normais da vida dun cidadán, ou dunha familia, cunha mínima comodidade.

E lamentablemente, a pesar dese 3,1 % de crecedemento, e a pesar do que cada día machacantemente o presidente —ou cada mércores de semanas alternas— nos conta neste Parlamento, a ocupación en Galicia medra moi pouco. No último ano, segundo a EPA —e volvo repetir que me gusta dicir a fonte para evitar *Fantasías animadas de ayer y hoy*, que era aquela serie de debuxos animados que os que andamos na cincuentena recordamos—, foron 6.200 ocupados máis, 6.200. Isto significa o 1,3 % do conxunto de España.

É dicir, cada vez que alguén nos di aquí, e dínno-lo moitas veces, que o mercado laboral galego vai mellor, evoluciona mellor, é máis potente, é máis forte, sen entrar en salarios, entrando só en ocupación —se entráramos en salarios a situación empeoraría, pero a verdade é que os datos son menos homoxéneos—, o volume de ocupados —volvo repetir— é o 1,2 % do conxunto de España.

E isto é o que explica que o gasto dos fogares descenda, e isto é o que explica que as políticas redistributivas, absolutamente negativas da dereita, que a porcentaxe desa tarta, que si que se está producindo, ese 3,1 %, cada vez o que vai destinado a salarios sexa menor.

E isto, efectivamente, xera pobreza e desigualdade —dixérono o proponente da iniciativa, da proposición de lei, e a voceira do Bloque Nacionalista Galego—. É algo evidente, non fai falta facer derivadas parciais, nin integrais, nin cálculo complexo. Ou sexa, se medra a tarta e encollen os salarios, indubidablemente a remuneración do capital é o que medra.

E fronte a isto temos unha opción política clarísima, e —volvo repetir— é unha opción política, non é técnica. Somos políticos, estamos no Parlamento, os gobernos tamén son políticos. Despois imos ter a comparecencia do conselleiro de Facenda, que un día dixo neste



Parlamento que el non viña aquí a facer política —debía de vir a unha novena do Santo Rosario—; pero, en todo caso, o habitual é que os conselleiros fagan política.

A opción política é converter este país nun país *low cost* cun 38 % do PIB de presenza pública. E, evidentemente, iso —que significa 8 puntos menos que a media da Unión Europea, tendo en conta que aí está Inglaterra ou Irlanda, e países do leste de Europa que teñen niveis moi baixos; desisto de compararme con Dinamarca, con Francia ou con Holanda— pois indubidablemente, ese 38 %, non é capaz de redistribuír a perda de tarta que se produce no que é o funcionamento do mercado. E esta é a orixe de todo este problema.

E en Galicia, lamentablemente, —a pesar do que di o señor Feijóo— imos peor. O descenso dos fogares con todos os seus compoñentes en paro foi, no último ano —é verdade que está descendendo—, do 6,8 %; no conxunto de España, o dobre. Segue habendo 34.300 fogares —último dato da EPA— sen ingresos. Sen ingresos significa sen ingresos. Porque o outro día aínda tiven nunha comisión outra discusión sobre o que significa «sen ingresos». Sen ingresos non quere dicir que haxa un xubilado que estea nese fogar e que recibe unha pensión. Non, sen ingresos é sen ingresos. No castelán é moi fácil, e eu creo que en galego se di igual. Polo tanto, creo que o entendemos todos: sen ingresos. É dicir, dependendo ou ben da beneficencia ou ben de axudas de familiares e amigos. Son 100.000 persoas nesta comunidade autónoma, unha comunidade autónoma que —insisto— medra o 3,1 % do PIB.

E neste contexto, efectivamente, neste contexto de rendas baixas e de rendas inestables, de dificultades económicas, pois a enerxía é un elemento máis que indubidablemente forma parte desas dificultades. Acaba de saír o último informe de pobreza enerxética en España e temos un dato de aproximadamente 400.000 persoas afectadas. É verdade que con distinta intensidade segundo os indicadores que se collan, pero o certo é que a problemática está aí.

O Goberno de España, efectivamente, desenvolveu ese bono social, un bono social que cuantitativamente foi un rotundo fracaso, porque en teoría hai unha poboación obxectivo de 9 millóns de persoas pero ata o de agora van 170.000, ¡170.000!, é dicir, escasamente o 2 %. Polo tanto, haberá que darlle unha volta ao que está pasando co bono social e, desde logo, hai que complementar desde as comunidades autónomas estes ingresos.

Aquí imos votar favorablemente á toma en consideración desta proposición de lei, pero é verdade que nós somos partidarios de homoxeneizar e, na medida do posible, facer un paquete único de política social, ou chamémoslle ingreso mínimo ou vital; en fin, como queiramos. Pero, desde logo, por varias razóns.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Remato.

Unha é por un tema de economía de recursos e outra é porque precisamente as persoas con máis dificultades económicas son as que teñen máis dificultades tamén á hora de acceder a procedementos administrativos complexos. E, canto máis simplifiquemos esa vía de acceso, máis fácil será para esas persoas acceder.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Polo tanto, este é o fundamento da nosa intervención.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Nóvoa Iglesias.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Vou empezar pola señora Presas.

Alégrome de que de verdade empecen a tomar conciencia da pobreza enerxética. Nas comparencias da ILP non lles fixo nin unha soa pregunta aos comparecentes. Non, é que me molestei en revisar os vídeos, *totitos*, e a todos lles fixo a mesma pregunta, que leo: «¿Cal é a compoñente política na factura eléctrica?», palabras textuais súas, señoría. A vostedes non lles interesou nunca nada falar do importante, a vostedes interesáballes falar do seu slogan: a tarifa galega. Dígao vostede, señoría. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non, non falou para nada.

Señor Losada, a verdade é que botou parte da intervención falando de varias cuestións; e de pobreza, dous minutos. Sorpréndeme que vostedes estean a admitir todo o que propoñen os demais grupos, todos. Non lles vale nada. O que acordaron no Congreso con nós, que acordaron a reformulación do bono social, agora non lles vale, señoría. A vostedes non lles vale, porque ten que vir aquí o Grupo de En Marea a dicirlles como hai que tratar a pobreza enerxética. Non, non lles valeu o que acordaron co Grupo Popular no Congreso, señor Losada.

Mire, señor Casal, a verdade é que o felicito. Felicítoo porque é vostede un perfecto narrador de historias, pero de historias falsas. Mire, entendo que na súa profesión anterior se valoraba iso, que a historia fose o máis fantástica posible. Pero é que non estamos no cine, señoría, non estamos.

Mire, señor Casal, sensibilidade coas familias máis necesitadas, toda, toda a sensibilidade; pero demagogia, cero, por favor, señor Casal. A afirmación que fixo onte ante os medios e a que fixo agora aquí de que en Galicia morren ao ano 400 persoas por problemas derivados da pobreza enerxética é moi grave. Non está amparada por ningún informe con datos españois nin galegos, señor Casal. É moi grave que intente crear un alarmismo social inexistente cunha situación tan dramática. Sabe que se basea en informes da Asociación de Ciencias Ambientais —que non o dixoo pero téño eu aquí—. E no mesmo informe di —palabras textuais— que «*los datos hay que tomarlos de forma cautelosa*», os datos que publica o informe, señor Casal. Se se fixa nese informe, tamén di que en Ceuta e Melilla é onde morre máis xente. ¡Home!, eu creo que son as provincias máis calorosas de España. Entón, explíqueme

isto, explíqueme estes datos, porque a verdade é que non se entende. Pero, de todos modos, tamén gobernan vostedes e supoño que desas 400 persoas haberá xente de Santiago e da Coruña. Explíqueme, entón, o que fan nesas cidades onde gobernan. Miren, vostedes din unha cousa e logo, cando gobernan, fan outra.

Vou estruturar a miña intervención —para entrar en materia— en tres argumentos fundamentais: o primeiro é presentar o escenario de por que se chegou aquí; o segundo, as medidas que adoptou o Goberno central; e, o terceiro, as medidas que adoptou o Goberno autonómico.

Eu recoméndolle, señor Casal, que actualice os datos e diga a verdade. Galicia está por debaixo do 20 % que di vostede de pobreza enerxética —están os datos do INE e do IGE—. E ¿sabe quen está á cabeza? Comunidades como Castela-A Mancha, Andalucía ou Extremadura, nas que non goberna o Partido Popular precisamente. É evidente que nin este grupo nin o Goberno da Xunta están contentos con estes datos, e por iso seguimos a traballar en iniciativas para seguilos mellorando. Pero entrarei en materia máis adiante.

Vostede, na súa proposición, conta que un dos motivos da pobreza enerxética é o elevado prezo da luz. Eu dígolle que lle falta outro motivo —que o indicou aquí o señor Losada e que o noso grupo cre que é o esencial—, que é o desemprego. Entón, eu vou retornar ao pasado e poñelo en antecedentes. Vostede —que ademais o sabe porque traballou no sector— sabe que en 2004 o prezo da electricidade en España era dos máis baixos da Unión Europea. Explíqueme vostede por que se incrementou tanto ata o día de hoxe. Non me vale esa explicación dos *lobbys*, de que isto é unha trama dun *lobby* empresarial. Porque ese *lobby* xa existía en 2004. É máis, era un *lobby* maior porque había moitas menos empresas. Hoxe hai máis comercializadoras que ofrecen distintos servizos enerxéticos e moitas máis opcións.

Por iso, señor Casal, é fácil de explicar: unha boa parte da factura da nosa electricidade paga decisións políticas do pasado, malas decisións políticas como o déficit de tarifa, que en 2004 era pouco máis de 1.500 millóns, e en 2011 eran máis de 30.000. E hoxe seguimos a pagalos. Mire, o cálculo do prezo da electricidade sabe que é similar en España que no resto de Europa. ¿E onde está a diferenza? Vostede nunca o di. A diferenza está nesa bolsa de débeda, señor Casal, que temos que pagar por primar excesivamente tecnoloxías enerxéticas que estaban inmaturas naquel momento. Estas si que foron malas decisións políticas.

Mire, outra razón que inflúe no aumento da pobreza enerxética é, sen dúbida, a falta de emprego, unha falta de emprego que acadou niveis máximos da historia do noso país en 2007. O número de desempregados pouco pasaba en 2007 de 1,5 millóns de persoas, e en 2011 chegaba aos 5 millóns; unha crise mundial e un Goberno central —o do señor Zapatero— que non recoñecía a crise a pesar de que se destruían 1.500 empregos diarios. Ese, señor Casal, é o triste escenario que encontrou o Goberno central en 2011 e que, de seguro, aumentou o número de fogares en situación de pobreza enerxética.

Unha vez posto en antecedentes, voulle recordar as accións que se tomaron. ¿Que fixo o Goberno central? A primeira medida en 2016 foi negociar co Grupo Socialista no Congreso a reformulación do bono social, que conseguiu co apoio de todos os grupos menos do seu e

dos extremistas cataláns. Unha reformulación que inclúe a clasificación de tres categorías de consumidores vulnerables, aos que as facturas lles serán subvencionadas en función da renda. E o máis importante é a creación da categoría de «consumidor vulnerable en risco de exclusión social», aos que non se lles poderá suspender a subministración eléctrica.

O novo bono social inclúe tamén a obriga das compañías eléctricas de notificar dos impagos antes de cortar a luz para que os servizos sociais poidan actuar. A vostedes non lles valía nada deste bono, señor Casal. Non lles valían os límites de renda, parecíanlles insuficientes, e o que se lles exixía ás compañías. E agora vostedes utilízanos na súa proposta. Mire, outra vez unha mostra máis da súa incoherencia.

A segunda medida do Goberno central intenta conter a sangría enerxética planificando unha transición enerxética sostible que non permita o desequilibrio que todos vostedes —a esquerda deste país— permitiron no sector eléctrico. De feito, xa van dous anos en que se consegue que o custo da enerxía no noso país se pague e non siga xerando débeda.

E a terceira medida posta en marcha polo Goberno central foi conseguir xerar emprego, conseguir que por terceiro ano consecutivo en España o emprego medre o 3 %, 700 empregos diarios cando nos anos do señor Zapatero se perdían 1.500. Si, señor Casal, estas son as medidas e os datos reais conseguidos.

Por último, voulle poñer en valor por que imos votar en contra da súa proposta explicando as medidas adoptadas polo Goberno autonómico. Pois por suposto que o Goberno autonómico foi pioneiro na activación de medidas para os consumidores máis vulnerables. En primeiro lugar, creou en 2014 o ticket eléctrico social, que beneficiou a máis de 7.500 familias, das que 2.500 recibiron este apoio en 2017. Concedeu axudas por corte de subministración a máis de 5.000 fogares entre 2016 e 2017, que, en total, foron máis de 12.000 familias as que foron axudadas a pagar as súas facturas enerxéticas. E como xa sabe que o problema da pobreza enerxética non só é cuestión de renda senón tamén de custo e eficiencia enerxética, o Goberno galego activou axudas dende o 2009 a máis de 27.000 familias cun orzamento de 34 millóns de euros, a través do Plan vivenda, para renovación de fiestras ou cubertas, ou para as familias que opten por empregar tecnoloxías renovables.

En segundo lugar, o que se fará para este mesmo ano díxollo o conselleiro hai un par de plenos a vostede mesmo a raíz dunha pregunta. Estase traballando na adaptación das medidas de protección para os consumidores domésticos máis vulnerables, na adaptación ao establecido polo bono social e na adaptación ao establecido na lei galega 7/2017, aprobada nesta Cámara en decembro de 2017 só cos apoios do Grupo Popular, o que significou un paso a adiante na atención das persoas máis necesitadas xa que aquelas familias en risco de exclusión social terán asegurado o servizo de subministración e a gratuidade dun consumo mínimo. Poñerase en marcha unha nova orde de axudas coordinada coa Consellería de Política Social e con todos os axentes e administracións implicadas. O Goberno, unha vez máis, dá resposta ás necesidades da cidadanía.

E, en terceiro lugar, señor Casal, o Goberno autonómico activa todas as súas ferramentas para seguir conseguindo un aumento de emprego, que sitúa a nosa comunidade no mes de

abril como na que máis baixa o paro: un descenso de case o 11 % e superando en máis de catro puntos o ritmo de baixada do Estado.

Señor Casal, esta é a realidade, estes son os datos, e debería deixar de confundir a xente. A pobreza enerxética é un grave problema que non merece ser tratado con demagogia e con faltas á verdade tan graves que a nós nos producen vergoña. O Goberno galego estivo aí, sendo pioneiro dende o 2014, adiantándose con axudas como o ticket eléctrico e entendendo que o problema da pobreza enerxética é un problema de Estado. E por iso se mostrou a favor dunha solución estatal como foi o bono social.

Señor Casal, xa existe un bono social e unha Lei galega de medidas contra a pobreza enerxética, por iso non imos apoiar esta iniciativa. Vostede siga mostrando o seu sectarismo. Non lles vale nada do noso Goberno pero logo, onde gobernan, non fan nada do que prometeron.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Para vostedes a renda social era prioritaria e resulta que lle dedican o dobre de gasto á publicidade, como ocorre no Concello da Coruña; ou no de Santiago, no que no que vai de ano levan tramitados tres expedientes relacionados coa pobreza enerxética, señoría.

Remato xa.

Vamos ser un pouco máis serios e, por suposto, máis rigorosos con datos tan delicados como os que expuxo hoxe aquí, que sabe que non pode demostrar. E non encontrará a ninguén relacionado coa sanidade que lles dea veracidade aos seus datos.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Nóvoa.

Réplica. Grupo autor da proposición de lei, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Grazas.

Agradezo o apoio dos grupos da oposición á proposta. Coincido coa deputada Noa Presas, do BNG, en que isto é, efectivamente, un primeiro paso, evidentemente. É un paso de emerxencia. A señora Nóvoa di que non, que non hai emerxencia. Despois falaremos do que dixó.

A solución definitiva, evidentemente, sería volver considerar a enerxía eléctrica como un ben esencial e non como unha mercancía —iso está claro—, e cambiar toda a lexislación do sector eléctrico para evitar que as tarifas se disparen e teñan que ser as administracións as que teñan que cubrir estes extracustos inadmisibles para que os fogares poidan manter unhas condicións confortables.

A verdade é que o señor Losada me pisou un pouco do que ía ser o final da miña intervención. Pero falou máis de cousas xerais de economía, que lle agradezo, porque sempre é un privilexio aprender cos seus discursos.

Señora Nóvoa, vamos ver, di vostede que os datos de mortes producidas por pobreza enerxética debido ás afeccións respiratorias que implican hai que tomalos de maneira cautelosa. Estou de acordo, estou de acordo. ¿Que quere dicir «cautelosa»? Cautelosa quere dicir que poden ser un pouco máis ou un pouco menos, pero cauteloso non é negar os datos, que é o que fai vostede. Vostede di que iso non existe. Pois non, cauteloso non é iso. En Galicia morre xente por pobreza enerxética. Repítoo, e iso non é demagogia, iso é unha realidade e pódeno vostedes comprobar en calquera hospital da rede galega de saúde. (*Aplausos.*) Negalo si que é verdadeiramente inadmisibile, inadmisibile. Menciónao a Organización Mundial da Saúde, menciónano todo tipo de organismos internacionais da saúde. Pero, ademais, é que é evidente, un fogar cun alto grao de humidade e unha baixa temperatura favorece enormemente as afeccións respiratorias. ¿Por que en Galicia hai un 21 % máis de mortes en inverno que noutras épocas do ano? Pois, evidentemente, por algo será. (*Murmurios.*)

Señora Nóvoa, o emprego claro que ten que ver, evidentemente. Cando a xente ingresa menos diñeiro ten menos dispoñibilidade. Pero ¿sabe vostede cales son a maioría dos fogares en pobreza enerxética en Galicia? Son fogares unipersoais de persoas de avanzada idade. ¿Sabe quen son esas persoas? Son pensionistas, mulleres; moitas delas votantes do Partido Popular. Iso si que é vergoña, que vostedes lles dean a espalda aos seus propios votantes. Iso si que é unha vergoña. Vexan as mulleres pensionistas das cidades e do rural pasando frío, quentándose cun hornillo, que ademais en moitas... (*Aplausos.*) Isto non é demagogia, señora Nóvoa, isto é indignación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Efectivamente, adoptamos os escalóns da renda que figuran no bono social do Estado, efectivamente, para facilitar os trámites, pero cun cambio substancial —e vostede seguro que o leu e non o quixo citar—, que é o cambio no que é a renda dispoñible. Unha cousa son os ingresos íntegros dun fogar e outra cousa é a renda dispoñible. Nós baseámolo na renda dispoñible, que son os ingresos do fogar menos o custo da vivenda. Porque, segundo o seu escalado, unha señora destas idades das que estamos falando, que cobre 550 euros ao mes de pensión, non terá dereito ás axudas. En cambio, co noso plantexamento si o terá. E, ademais, unha persoa que cobre, ao mellor, 800 euros, se, descontando o prezo do alugueiro, baixa a 500, tamén terá dereito, que é como debería considerarse a renda.

A verdade é que onte en *El país* —e diso falaba o señor Losada— había un artigo que analizaba se o Partido Popular ía desaparecer. Xustificábao fundamentalmente por todas as sentenzas, os centos de sentenzas, que van saír durante este ano polos centos de casos de corrupción, polos miles de millóns roubados... (*Fortes murmurios.*) Xa sei que diso non lles interesa falar. Interésalles falar dun piso que se comprou por 50.000 euros, un piso de 60 metros cadrados... (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor CASAL VIDAL:** ¡Vaia pelotazo! (*Fortes murmurios.*)



**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio!

**O señor CASAL VIDAL:** Iso si que é un pelotazo. O Goberno da Coruña comprou un piso de 60 metros cadrados... *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

¡Silencio!

**O señor CASAL VIDAL:** ...na Coruña por 50.000 euros. Tremendo pelotazo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! Silencio, por favor.

**O señor CASAL VIDAL:** O que non queren é pagar os miles de millóns que a sociedade española leva perdidos coa súa corrupción. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CASAL VIDAL:** Pero ¿saben por que, de verdade, non coincido co que di o artigo, de que o Partido Popular vai desaparecer pola corrupción e polas navalladas que entre vostedes mesmos que se meten a diario...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas.

**O señor CASAL VIDAL:** ...aínda que non saian despois nas portadas dos periódicos?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** ¿Saben por que vai desaparecer o Partido Popular? Por dicirle «que se jodan» tamén á xente que ten pobreza enerxética. *(Aplausos.)*

### ***Votación dos textos lexislativos***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Finalizado xa o debate dos textos lexislativos, procedemos á votación dos mesmos. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia.

Votamos.



*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para remitir ao Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, tómase en consideración esta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, relativa ás medidas urxentes de emerxencia social en materia de prestacións económicas para paliar a pobreza enerxética e tendentes á mellora da eficiencia enerxética dos fogares vulnerables.*

*Votamos.*

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*Silencio, iso xa está falado. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*Non, tranquilo, dígoo eu desde aquí, vostede... (Murmurios.) Perdoe, iso correspóndeme a min. Quen dirixe o debate son eu, non vostede.*

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. de En Marea, relativa ás medidas urxentes de emerxencia social en materia de prestacións económicas para paliar a pobreza enerxética e tendentes á mellora da eficiencia enerxética dos fogares vulnerables.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 35.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Rematou a votación. Abran as portas, por favor.*

*Pasamos ao punto terceiro da orde do día, que é o de comparencias.*

**Comparencia do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar do seguimento do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020**

**O señor PRESIDENTE:** *Para iso ten a palabra o conselleiro de Facenda.*

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** *Grazas, señor presidente.*

*Bos días, señorías.*

Comparezo hoxe para render contas sobre o resultado da avaliación dos tres primeiros anos do Plan estratéxico 2015-2020, intervención na que tamén avanzarei as expectativas para o actual exercicio.

Señorías, hai tres anos, desde o Goberno galego tomamos unha decisión arriscada, a de elaborar un plan estratéxico ata o 2020 como unha ferramenta para impulsar a consolidación dunha recuperación económica que aínda era moi débil. Galicia foi pioneira nesta ferramenta de planificación a cinco anos e un exemplo para outros territorios. Naquel momento ningunha comunidade autónoma similar a Galicia apostou por impulsar unha planificación integral, con medidas e con obxectivos concretos e cuantificables, ou, dito doutra forma, unha folla de ruta que nos dixera cara a onde imos e como chegar.

E ¿por que unha decisión arriscada? Porque daquela estabamos a sufrir con moita intensidade os efectos da maior crise económica que tivemos que afrontar e xestionar na historia da nosa autonomía. É evidente que foi unha crise na que, ademais, non se tomaran decisións a tempo. E tamén foron anos nos que o Goberno da Xunta de Galicia tivo que asumir unha caída dos seus recursos orzamentarios tamén sen precedentes. Pero con todos estes riscos, no Goberno galego concluímos que era o momento de deixar atrás as improvisacións, que en gran medida provocaron e ampliaron os efectos negativos da crise económica, e apostamos pola planificación. Pensamos en transformar un risco nunha oportunidade.

O panorama económico empezara a cambiar a partir do ano 2014, cando a economía galega conseguiu frear a destrución do emprego e mesmo comezou timidamente a medrar. É certo que era un crecemento aínda moi feble e había moitas dúbidas de que esa recuperación fose ter continuidade. Pero Galicia empezaba a crecer, e facíao en mellores condicións que a maioría das comunidades autónomas, cunha estabilidade política e institucional que a día de hoxe non hai en ningunha parte de España, só en Galicia, e con menos débeda e menos déficit que a media autonómica para poder afrontar mellor o noso futuro e o das xeracións que virán despois de nós. Por iso entendemos que facer un plan estratéxico nese momento era un risco, porque ninguén desbotaba que puidese vir unha terceira recesión.

Pero tamén era unha grande oportunidade, porque, fixando as nosas prioridades e os nosos obxectivos, teríamos máis posibilidades de acadar un crecemento forte e igualitario, un crecemento que chegase o antes posible a todos os fogares galegos e que abarcase tamén todos os ámbitos: o emprego, a innovación, a educación, a inclusión, a cohesión ou a igualdade, entre outros obxectivos. E iso foi o que fixemos: planificar. Porque quen planifica non improvisa. Unha planificación que quixemos que fose integral, abarcando todos os eixes de actuación da Xunta de Galicia, participativa co traballo de quen mellor coñece a situación de cada sector e, o máis importante, unha planificación ambiciosa, con obxectivos nada doados de conseguir cando foron fixados. E coido que foi un traballo ben feito. Pero non quedamos aí. Primeiro quixemos planificar e, unha vez feito isto, obrigámonos a avaliar o cumprimento dos obxectivos predeterminados.

Obviamente entenderán que o máis sinxelo para nós era aprobar un plan estratéxico ata o 2020 e agardar a ese ano para comprobar os seus efectos. Galicia optou por un camiño máis

difícil: facer unha avaliación ampla e rigorosa á metade do camiño con dous obxectivos: verificar se a nosa estratexia está a ter efecto e ter marxe para tomar as decisións oportunas que sexan precisas.

Por tanto, señorías, tres anos despois chega o momento de render contas ante o Parlamento e ante a sociedade civil que axudou a elaborar esta ferramenta de planificación. E a principal conclusión é que acertamos con esta decisión. E os datos confirman que está sendo un plan útil para Galicia e, sobre todo, para as galegas e os galegos.

A nosa planificación estratéxica ten un obxectivo: construír entre todos a Galicia que queremos. E dúas prioridades destacan por riba de todas: o crecemento económico — fronte a un obxectivo dun avance do PIB do 2,5 %, o crecemento medio entre 2015 e o 2017 é do 3,6 %— e o crecemento do emprego — fronte a un obxectivo de crear entre 80.000 e 100.000 novos empregos ata o 2020, nos tres primeiros anos xeráronse 55.000 empregos—.

A Galicia que deseñabamos no 2015 para o 2020 é unha Galicia máis igualitaria e con máis oportunidades, con máis e mellor emprego, con máis produtividade, con máis cohesión territorial e social e cun benestar reforzado. E a medio camiño constatamos que imos pola vía correcta para acadar estes obxectivos. Antes de avaliar os resultados do plan, lembrarei brevemente os pasos dados para facelo realidade.

O primeiro foi elaborar unha diagnose da situación económica de Galicia, para saber de onde partiamos. Con esa análise, detectamos unhas necesidades prioritarias e fixemos un enfoque aliñado coa Estratexia Europa 2020, elaborando un plan que non deixa de ser un modelo evolucionado da tripla hélice —é dicir, Administración, universidade e empresa—, ao que engadimos a participación da sociedade civil. Fixemos un plan estratéxico que fose o resultado da participación e da implicación de todos. Implicamos medio millar de entidades, para cubrir todo o tecido socioeconómico (pemes, autónomos, sindicatos, asociacións, colectivos sectoriais e entidades do terceiro sector), cunha web específica e participativa, con tres foros sectoriais e once mesas temáticas nas que sentamos a debater 220 dos maiores expertos nestas materias e cun comité asesor que está formado cos maiores expertos no ámbito institucional, económico e académico, que avalou esta estratexia.

Co Plan estratéxico 2015-2020 impulsamos o maior proceso de participación na historia de Galicia. Con todas estas achegas e tan só cos medios propios da Administración elaboramos este Plan estratéxico 2015-2020. E o resultado de toda esta análise e recompilación de ideas plasmouse nunha estrutura con cinco eixes, sendo o primeiro deles a empregabilidade e o crecemento intelixente; o segundo, o benestar e a cohesión social; o terceiro, un crecemento sustentable: o territorio, mar, agricultura, gandería e montes; en cuarto lugar, a sociedade dixital, a lingua, a cultura e o reforzo do peso de Galicia na súa contorna; e, en quinto lugar, unha administración moderna, eficiente e de calidade.

Fixamos tamén tres prioridades horizontais. En primeiro lugar, a gobernanza e a asociación; en segundo, a promoción da igualdade e non discriminación entre homes e mulleres; e, en terceiro lugar, un desenvolvemento sustentable.

E fixamos tamén catro obxectivos horizontais: o impulso da cultura da innovación; o fomento do emprendemento, a industrialización e a internacionalización; a dinamización demográfica; e, por último, a cohesión territorial.

Por tanto, coa análise e coa participación deseñamos cinco eixos, tres prioridades horizontais e catro obxectivos transversais, e con esta estrutura buscamos unha aposta integral para obter un modelo económico máis produtivo, máis inclusivo e sostible.

No seu deseño identificamos 95 obxectivos estratéxicos e 427 indicadores para a súa avaliación e eliximos dez retos principais. En primeiro lugar, crecer de maneira sostible e sa; en segundo, volver crear emprego de calidade; en terceiro, exportar máis que nunca; en cuarto lugar, reducir a mínimos o abandono escolar; en quinto lugar, estender os estudos superiores aos galegos; en sexto, favorecer a inclusión e a igualdade; en sétimo, loitar contra o cambio climático; en oitavo, promover enerxías limpas e o aforro enerxético; en noveno lugar, abordar o reto demográfico; e, en décimo lugar, a converxencia con España e coa Unión Europea. Dez retos para unha Galicia máis próspera, máis igualitaria, máis produtiva e máis sostible.

Antes de explicar os principais retos, exporei como todo este traballo de deseño do Plan estratéxico determinou a nosa política orzamentaria. Hai dúas semanas tiven ocasión, xunto co presidente da Xunta, de analizalo ante os xestores para, por unha banda, agradecerlles o traballo feito durante estes últimos tres anos e, por outra, para animalos a seguir mellorando día a día a execución e o seguimento do Plan estratéxico.

Señorías, o proceso de participación cos maiores expertos e cos colectivos de cada área permitiunos coñecer e decidir que debiamos priorizar. Con estes datos, transformamos estas prioridades en obxectivos estratéxicos e posteriormente asumimos eses obxectivos estratéxicos como obxectivos orzamentarios. Por iso, en cada un dos últimos tres orzamentos que presentei e defendín ante esta Cámara salientei que contan co selo de conformidade do Plan estratéxico. E iso é así porque, á hora de elaborar cada orzamento, incluímos —ou non— partidas e condicionamos as súas contías en función das prioridades e dos obxectivos marcados no dito Plan estratéxico. Os orzamentos presentados nos tres últimos anos non serían os mesmos se non dispuxeramos do Plan estratéxico.

A conclusión non é outra que o deseño das contas de 2015 inflúe —e dunha maneira relevante— nos resultados acadados. Os orzamentos galegos son o resultado numérico dunha estratexia de país deseñada para impulsar a recuperación económica.

Vexamos agora os resultados dos retos que consideramos máis prioritarios para Galicia.

O primeiro reto era o do crecemento económico. No 2015 parecía moi arriscado prever crecementos medios por riba do 2,5 % do PIB ata o ano 2020. Pechamos o 2014 con taxas positivas, pero de tan só unhas décimas. E moitos de vostedes —outros aínda non estaban no Parlamento— dixéronnos que non se cumprirían as nosas previsións económicas. Pois ben, na metade do período, afortunadamente —non para o Goberno senón para o conxunto dos galegos—, as previsións non só se están a cumprir, senón que os resultados son moi posi-

tivos e superan mesmo este escenario máis optimista. O Plan estratéxico impulsou que nos tres primeiros anos —2015, 2016 e 2017— o crecemento medio do PIB en Galicia acadase un 3,6 % de media de crecemento, cando viñamos duns anos dunha profundísima recesión e tan só no 2014 cun crecemento aínda moi débil.

A planificación, pois, favorece que Galicia xa leve tres anos medrando por riba do 3,5 % do PIB, datos moi positivos, que nos animan a seguir por este camiño, pero conscientes de que agora temos outro obxectivo: ser capaces de manter no que resta do período ata o 2020 avances do PIB tamén no contorno ou por riba do 2,5 %. Se o conseguimos, encadaremos seis anos de forte crecemento. Como logo explicarei, as perspectivas para este ano 2018 tamén son boas.

O reto número dous é o emprego. Señorías, formular a creación de entre 80.000 e 100.000 empregos para o período 2015-2020 hai tres anos tamén semellaba arriscado, vendo os antecedentes dos anos anteriores. De novo tivemos que escoitar dende as bancadas da oposición que non se cumprirían as nosas expectativas, e, de novo, os resultados confirmados nos tres primeiros anos son moi esperanzadores, pois contabilizamos 55.000 novos ocupados.

E isto é moi positivo, non para o Goberno senón para os galegos, 55.000 novos empregos en tres anos para trasladar a recuperación ás familias. Neste período os ocupados medraron un 5,5 %, cunha media anual do 1,8 %. Queremos consolidar esta tendencia con 17.500 novos empregos este ano e favorecer mellores empregos e maiores salarios.

De feito, cos recentes datos do primeiro trimestre deste ano, xa sumamos case 17.000 ocupados máis que hai un ano. É o mellor primeiro trimestre dende o ano 2009. Así, comparando o primeiro trimestre do Plan estratéxico en 2015 co mesmo período en 2018, nestes momentos temos case 63.000 galegos e galegas ocupados máis.

Con esta xeración de emprego, Galicia xa tiña ao peche do ano 2017 o dato de ocupación máis elevado dende o 2009. Ademais, nos tres primeiros anos do Plan estratéxico a taxa de emprego de poboación entre 20 e 64 anos subiu ata o 64,7 %. Avanzamos, pois, cinco puntos en tres anos. E con esta evolución estamos en disposición de cumprir que no ano 2020 a taxa prevista se aproxime ou sexa do 70 %. Máis ocupación, mellor taxa de emprego e, consecuentemente, menor taxa de paro.

Grazas ao impulso do Plan estratéxico, en tres anos rebaixamos en seis puntos a taxa de paro, pois a taxa de desemprego caeu neste período do 21,7 % ao 15,7 % en media anual. Señorías, detrás destes seis puntos de baixada hai moitas galegas e moitos galegos que hai tres anos non tiñan emprego e que hoxe, afortunadamente, si o teñen. A evolución do período 2015-2017 está na liña para poder facer posible o ambicioso obxectivo de ter unha taxa de paro ao redor do 10 % a finais do 2020, unha taxa do 10 % cando non hai moito superaba o 20 %. Rebaixouse a taxa de paro a un ritmo de 2 puntos cada ano. E por iso o reto agora é dobre: seguir mellorando nos vindeiros anos as taxas de emprego e de paro e seguir mellorando a calidade do emprego que se xera e os salarios que perciben os traballadores.

O reto número tres son as exportacións e o I+D+i. A posta en marcha do Plan estratéxico coincide co mellor ciclo exportador da historia de Galicia. Estamos conseguindo ano a ano

máximos históricos do valor das nosas exportacións. E isto non é froito da casualidade, senón como consecuencia do deseño dunha estratexia de internacionalización.

Un dos grandes retos do plan é aumentar o peso das vendas ao exterior no PIB galego. Pois ben, as exportacións acadaron en 2017 o récord do 35,6 % do PIB e os primeiros datos que coñecemos do 2018 tamén son moi positivos, de novo superando rexistros do ano pasado, que foi o mellor da historia. Con esta evolución, mantemos que para o ano 2020 o obxectivo é que pode achegarnos a un peso das exportacións que se aproxime ao 40 % do PIB galego.

Como queremos facer de Galicia un territorio cada vez máis competitivo, reforzamos cada ano a nosa aposta polo I+D+i para consolidar un modelo de crecemento máis produtivo e sostible. Os datos do último ano dispoñible, 2016, amosan que o gasto subiu un 1,6 % e que se incrementou un 7,7 % o número de investigadores. Pero somos conscientes de que temos que mellorar, sobre todo no ámbito privado, algo que non pasa só en Galicia senón tamén no resto de España, como mesmo recoñeceu o ministro de Economía moi recentemente.

Dende a Administración autonómica, que é dende a que podemos incidir máis directamente, aprobamos un novo plan de I+D+i. Este novo plan contribuirá, entre outras medidas, a reforzar o peso do gasto desta materia sobre o PIB galego, que permanece ao redor do 1 % e que é preciso incrementar.

Os datos confirman que en Galicia o sector público e as universidades exercen de efecto tractor na I+D, por riba de España e por riba incluso da Unión Europea. Este ano tamén acabamos de aumentar máis dun 20 % o orzamento en innovación e o reto non é outro que sumar o sector privado.

Por tanto, somos responsables, sabemos que temos que mellorar o peso do I+D sobre o PIB. E, para acadalo, actuamos por dúas vías: con estratexia e planificación, e cada vez con máis recursos dispoñibles, cunha finalidade, que non é outra que a de aumentar de maneira sostible o gasto en I+D+i.

O reto número 4 era a redución do abandono escolar. Nun plan estratéxico existen prioridades, e unha das maiores, sen dúbida, é o sistema educativo, porque a educación é un dos piares da Galicia do presente e sobre todo do futuro. A formación é a chave para acadar unha Galicia máis próspera e igualitaria. E, neste sentido, un dos indicadores máis importantes como é o da taxa de abandono escolar en Galicia xa está por debaixo do 15 %; en concreto, en tres anos diminuíu en 3,6 puntos e situouse no 14,9 %. Neste momento a taxa de abandono escolar acada os niveis máis baixos da serie histórica. Con esta evolución, Galicia está en clara situación de reduci-lo no 2020 ata o 13,5 %.

O quinto reto é o da poboación con estudos superiores. Seguimos pois coa formación, e o nivel de estudos incrementa de maneira substancial as posibilidades dun emprego de calidade. Por iso, é bo medir e avaliar este aspecto. E neste indicador Galicia tamén presenta unha boa posición. A porcentaxe de galegas e galegos que completaron os estudos superiores sitúase xa no 45,6 % e estamos no camiño correcto para aumentar en tres anos a porcentaxe



ata o 47 %. Galicia, xa agora, supera os obxectivos previstos na Estratexia Europa 2020, pero queremos seguir avanzando.

O reto número 6, a inclusión. Outra das prioridades do Plan estratéxico é a consolidación dunha recuperación económica inclusiva, que favoreza a loita contra a desigualdade, ofrecendo oportunidades a quen máis o necesita. E co último dato coñecido, o do ano 2016, a taxa de exclusión social baixou en Galicia ata o 20,3 %. Galicia mellora en 7,6 puntos este indicador en relación con España e en 3,2 puntos coa propia Unión Europea. O número de persoas en situación de risco de exclusión social descendeu en máis de 76.000. Non é suficiente, e ano a ano temos que achegar solucións aos galegos que máis o precisan. Co Plan estratéxico favorecemos unha recuperación económica inclusiva e loitaremos e seguiremos loitando contra a desigualdade.

Reto número 7, cambio climático. A loita contra o cambio climático tamén é esencial para a Galicia do futuro. De feito, na Administración temos un departamento específico, como ben coñecen, para esta materia. Dende 2005 as emisións de CO<sub>2</sub> diminuíron en case un 20 %, pero temos que seguir tomando medidas de maneira continuada e planificada para chegar ao obxectivo de redución do 35 %. É certo que este indicador está moi condicionado pola climatoloxía, que explica o dato de 2016, polo que o máis importante é a tendencia a diminuír os gases de efecto invernadoiro. A loita contra o cambio climático é esencial, e entre todos temos que contribuír a reducir as emisións de CO<sub>2</sub>.

O reto número 8 era o da enerxía, que está tamén moi ligado á loita contra o cambio climático e ao uso de enerxías renovables e á eficiencia enerxética. O consumo en enerxías renovables supera o 20 % fixado na Estratexia Europa 2020, e nos últimos tres anos xa nos sitúa ao redor do 40 %. Neste caso, e como comentaba anteriormente sobre a redución das emisións, tamén hai oscilacións puntuais debido á climatoloxía. Pola súa banda, a eficiencia enerxética mellorou un 9 % respecto do ano 2005. Galicia ten clara a súa estratexia para impulsar a enerxía renovable e mellorar a eficiencia enerxética.

Reto número 9, demografía. O reto demográfico é un dos desafíos de país e transcende obviamente a vixencia deste Plan estratéxico, pero seguimos tomando medidas para favorecer que Galicia sexa un bo lugar para conciliar, para ter fillos, para atraer poboación, para asentarse e mesmo para retornar.

Dende o Goberno galego tomamos moi en serio este reto. Xa superamos en 5 puntos a taxa de cobertura escolar, establecida pola Unión Europea no 33 %, e queremos chegar ao 40 % no 2020. Contamos con 47 casas niño no rural. Temos máis de 29.500 familias galegas que recibiron a Tarxeta Benvida para axudar nos gastos de primeiro ano de vida do seu fillo. Tamén temos claro que a demografía é un obxectivo de país, que require consenso, e un paquete integral de medidas mantidas no tempo. E este é o compromiso, como Goberno galego, que temos coa demografía.

O reto número 10, a converxencia. O forte crecemento da economía galega está levando a mellorar a nosa converxencia. De feito, Galicia acadou no 2017 o maior nivel de converxencia con España, o 90 %, cun avance de case 2 puntos en tres anos, e coa Unión Europea; neste

caso, en tan só dous anos acadamos 2,7 puntos de converxencia. Galicia converxe ao seu máximo nivel histórico con España e avanzamos posicións tamén coa Unión Europea. Ademais —algo que moitas veces esquecemos—, no período 2000-2015 Galicia foi a comunidade española que máis medrou en termos de PIB per cápita, 10 puntos máis que o conxunto da Unión. Sobre isto xa me referín algunha vez neste Parlamento, porque é o máis importante que condense cando facemos unha vista un pouco máis en termos prospectivos do triunfo que como sociedade estamos logrando, e do que todos deberíamos de sentirnos moi orgullosos.

Como acabo de relatar, os tres primeiros anos do Plan estratéxico presentan un alto nivel de cumprimento dos obxectivos marcados, pero non debemos deternos, senón que temos que seguir consolidando, por un lado, a recuperación económica e, por outro, o modelo de crecemento san, inclusivo e sostible que estamos construíndo entre todos.

O Goberno galego vai seguir analizando todos os indicadores económicos e sociais semana a semana, e mes a mes, porque o seguimento continuo e constante é a única forma de corroborar que imos polo bo camiño. E os datos que xa imos coñecendo nestes primeiros meses do 2018 tamén son positivos. A economía galega continúa medrando por riba do 3 %. Galicia é unha das comunidades autónomas nas que máis baixa o paro; son case 26.000 novas afiliacións á Seguridades Social no último ano. A produción industrial volve medrar con forza. As exportacións galegas, logo do seu récord, como dicía anteriormente, histórico no 2017, medra a un ritmo por riba do 20 %. Ademais, os principais organismos que avanzan previsións tamén están estimando un maior crecemento para Galicia. Por iso o propio presidente da Xunta xa avanzou que, con prudencia, imos revisar á alza a previsión de crecemento da economía galega para este ano, unha previsión que nestes momentos é do 2,5 %, e que imos elevar en varias décimas, en liña —insisto— co que xa están a facer os principais organismos económicos nos seus últimos informes sobre a nosa Comunidade Autónoma.

Teremos que confirmar nas vindeiras semanas o alcance desta revisión á alza, pero confiamos en que, coa mesma, o crecemento medio entre o 2015 e o 2018 siga por riba do 3,4 %. Deste xeito, a senda de crecemento continuará moi por riba do 2,5 % fixada de media no Plan estratéxico. E coa previsión de creación de emprego neste ano, no período 2015-2018 estaremos xa ao redor dos 72.000 postos de traballo xerados, por tanto, no tramo superior do que estimabamos ata o 2020, de achegarnos aos 100.000 novos empregos.

Señorías, a pesar de que obxectivamente os resultados dos tres primeiros anos do Plan estratéxico son positivos, mesmo diría que moi positivos, non debemos ser autocompracentes, porque o maior inimigo da planificación é a autocompracencia. Por iso cómpre seguir facendo día a día, mes a mes e ano a ano, as análises co máximo rigor, consolidando as políticas que están a dar froito e reforzando aquelas que necesitan un pulo.

Por tanto, señorías, a avaliación destes tres primeiros anos do Plan estratéxico 2015-2020 permite concluír que este período se caracterizou por un alto grao de cumprimento dos obxectivos marcados inicialmente —mesmo algúns moi por riba do previsto—, unha cada vez maior recuperación económica —con crecementos medios do PIB do 3,6 %— e unha creación de emprego que achegou 55.000 novos ocupados.

Ademais, as expectativas para este 2018 son tamén as de seguir cun forte crecemento económico, por riba do previsto inicialmente, e cunha forte creación de emprego.

Para que no que resta de vida deste Plan estratéxico sigamos pola senda, dende o Goberno galego comprometémonos a reforzar os recursos destinados a facer fronte aos retos para consolidar no 2020 este modelo de crecemento máis produtivo, máis inclusivo e máis sostible, porque cremos na planificación como ferramenta útil para unir con criterio o presente e o futuro, para construírmos entre todos esta Galicia que queremos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día.

Bo día, señor conselleiro.

Como eu teño tempo limitado e non podo estar dez minutos falando de como se xestou este plan, sinalarei soamente unha das cuestións, unha das eivas na que xa daquela o Bloque Nacionalista Galego insistía, que é que este plan nacía froito de que, visto que vostedes incumpriron o seu propio Plan 2010-2014, pois a estratexia foi oscilar, con esta nova entrega, entre obxectivos pouco concretos e pouco ambiciosos; así, desta forma, eran vostedes hábiles e podían cumprir algúns dos obxectivos sen esforzo. Por iso para nós esta avaliación agocha xa unha lóxica perversa, unha lóxica do simulacro, á que nos teñen habituadas e que lles permite nadar entre a autocompracencia e eludir un debate serio e profundo sobre as prioridades políticas estruturais.

Dunha banda, aproveitan vostedes a tendencia xeral da saída da recesión para autoatribuírse beneficios e cuestións do cadro macroeconómico, como se fora só polas súas actuacións e non influíran outros factores —como despois relatarei—, e, doutra banda, acoutan o marco temporal para os datos como lles convén, para usar os que máis os benefician.

De feito, temos que dicir que fixeron vostedes maxia, directamente. Porque falou vostede todo o rato de tres anos de aplicación do plan, tres anos de aplicación do plan, incluso dos datos do PIB de 2015, e eu teño que recordarlle, señor Martínez, que este plan se aprobou no Parlamento galego en maio de 2016. 2017, 2018. Eu, ou non sei contar, como tantas veces nos din vostedes, ou pasaron só dous anos. Entón, ese é o nivel de rigor na análise que vostedes —que sempre nos atribúen á oposición falta de rigor— teñen. Incluso crear ficción ata na duración que leva o plan implantado.

Por outra banda, nós observamos tamén, unha vez máis, un exercicio de falta de valentía para avaliar con rigorosidade que supuxo a crise e que supuxeron as súas políticas de recortes

e austeridade. Non o fan porque non lles gusta o resultado, pero en items como a pobreza ou como o emprego, loxicamente non podemos conformarnos con mellorar moi lixeiramente algún dos indicativos —que non todos— de 2015, nin facer como se nos catro anos anteriores vostedes non gobernaran.

E como en todos os plans do Partido Popular, tamén vemos outro gran denominador común, que é a falta de relación entre a teoría e a realidade. Por exemplo, vostedes venderon como cuestión nuclear —e cito literalmente— deste plan «crecemento económico baseado na innovación e no capital humano para diminuír o desemprego». Centrareime nestas tres cuestións.

Falan vostedes de capital humano e, sinceramente, señor Martínez, vendo os datos parece que estes datos xa os podían incorporar vostedes ao apartado de exportacións, porque o que fixeron, a súa política nestes últimos anos, foi exportar poboación cara a outros lados e forzar a xente deste país a que colla a maleta e emigre.

Segundo o padrón obxectivo, hai hoxe 87.750 persoas menos no noso país que cando vostedes entraron ao Goberno. E se collemos o tramo de 2015 á actualidade, nin sequera nos vale o resultado porque descendeu a poboación en 24.008 persoas, incluso nun contexto de crecemento económico. E mal imos así, señor Martínez, porque, malia a súa retórica, o comportamento negativo da poboación galega durante o Goberno Feijóo —por moito que intenten disimulalo— equipáranos con países menos dinámicos e periféricos de Europa como Hungría ou Polonia, e mentres, outros países da columna vertebral da Unión Europea aumentan poboación.

Eu non sei se este é o seu exemplo de converxencia, pero, desde logo, o do BNG non. E incluso isto é o que lles permite despois sacar peito dalgúns datos como o PIB, onde non negará que no PIB per cápita inflúe que temos menos poboación e que iso favorece que o resultado sexa aparentemente mellor. Pero, mentres, vemos con tristura como Galiza perde poboación e como especialmente seguen a deixar unha Galiza que non é país para mozos e mozas, pois é precisamente entre a poboación xuvenil onde máis poboación exportamos cara a fóra, consolidándonos así tamén como unha das comunidades máis avellentadas do Estado.

A min sorpréndeme que vostede fale da caída de recursos, da crise socioeconómica —que, sen dúbida, foi importante—, pero agora mesmo, nun momento de crecemento económico, vostede elude falar de cuestións precisamente vinculadas á demografía que están agora mesmo en debate. Dinos que a demografía debe ser unha cuestión de país, pero máis que vir aquí autocomprarse con este plan, era ben que nos sentásemos todos e todas a ver que imos facer ante que a demografía, efectivamente, non vaia ser, como parece, un peso importante á hora de repartir os recursos europeos. Por non mencionar xa —porque xa sería reiterativo— todo o que teñen vostedes pendente en canto a un sistema de financiamento insuficiente.

Como digo, temos unha Galiza que perde capital humano, e iso é grazas ás súas políticas. Na cuestión do emprego tamén vemos que fan, unha vez máis, as contas da leiteira, porque, coa EPA na man, dende que goberna Feijóo a taxa de desemprego aumentou e as per-

soas desempregadas incrementáronse en 25.500. Neste período, tanto a actividade como a taxa de actividade experimentaron descensos, e no último ano —a pesar da mellora da maioría dos indicadores— non ocorre o mesmo, por exemplo, coa taxa de actividade, que se reduciu se comparamos o primeiro trimestre de 2017 co actual; polo tanto, o actual non será tan maravilloso como vostede nos pintou aquí. Pero tamén hai que dicir que o peor comportamento é o das persoas ocupadas. É certo que se incrementou este parámetro desde o 2015, pero tamén é certo que vostedes non son en absoluto —como nos dixo— nada audaces, porque nin sequera se marcaron como obxectivo recuperar os máis de 120.000 postos que se perderon desde o inicio da crise. Temos 120.000 ocupados e ocupadas menos que cando vostedes chegaron ao Goberno, e parece que vostedes se conforman con que os indicadores, nun tramo acoutado de tempo, melloren lixeiramente. E temos ese panorama desolador grazas ás políticas laborais deseñadas, que o que fan é prolongar esa precariedade.

Pode vostede disimular. Pode vostede coller algúns indicadores, por exemplo o número de contratos laborais, e gabarse de que no ano laboral pechado de 2017 se incrementaron case nun 50 %. Pero ¿que acontece se entramos no meollo dos datos e se vemos o que aconteceu? Pois que gañou peso relativo, na tipoloxía de contrato, a contratación temporal e non a contratación estable, e iso é incontestable, o panorama de precariedade e temporalidade que nos deixa a crise económica ante a que vostedes non actúan, nin no Estado nin na Xunta de Galiza. Sería preciso un cambio de rumbo que revertese esta precariedade.

Por iso este país, neste momento, xa camiña cara a unha folga xeral. Porque a nós non nos vale o resultado de que a saída da recesión se xeste a cambio da consolidación da perda de dereitos e de desigualdades que, desde logo, (*Aplausos.*) non estamos dispostas a admitir con silencio cómplice. (*Aplausos.*) Porque o resultado das súas políticas é que temos unha Galiza cada vez máis desigual que no inicio do mandato do señor Feijóo, e a nós non nos vale un modelo no que a pobreza se incrementase tres veces desde que vostedes gobernan.

A min, sinceramente, paréceme unha broma de mal gusto que veña vostede aquí falarnos de recuperación económica inclusiva cando, por exemplo, en 2016 unha cuarta parte do noso país estaba en risco de pobreza. Pode mellorar algún indicativo lixeiramente, pero, desde logo, non é en absoluto o que debe ser o noso teito. Este plan non ofrece alternativas a esta situación de emerxencia social, e as súas políticas tampouco; e volve poñer un exemplo moi gráfico. No punto anterior deste Pleno debatemos sobre pobreza enerxética. Pode vostede buscar nas case 200 páxinas de avaliación deste plan que non atopará a expresión «pobreza enerxética». Esa é a demostración de todas as ausencias que ten este Goberno galego, que adolece de falta de vontade para solucionar esa crise social e tamén de falta de vontade para introducir medidas importantes en canto aos nosos sectores produtivos.

Nalgunha cuestión como a cuestión enerxética non entrarei porque xa a debatemos hai pouco co señor conselleiro, pero non podo deixar de resistirme a facer mención a unha cuestión. Mire, señor Martínez, unha mentira, por moito que se conte mil veces, non se converte nunha verdade. Eu creo que debera darlle xa un pouco de pudor vir a esta Cámara —e a cal-

quera do Partido Popular— prometernos que vai duplicar o investimento en I+D+i; é perverter as cifras, que é o que fan vostedes. ¡Un auténtico insulto á intelixencia!

Dixo vostede que iamos duplicar este gasto. Vemos que o gasto sobre o PIB en Galiza, no 2015, é o 0,88. Xa non vou insistir en que é moi lonxe daquel 2 % que prometían nos plans de innovación. Pero é que, miren, en 2016 pasamos do 0,88 ao 0,86, e iso vostedes din que é aumentar, que é duplicar, porque viven nun planeta paralelo onde queren transformar a realidade do dicionario, pero, desde logo, nós non llela compramos.

E unha última reflexión. Falan vostedes tamén de orzamentos e de que, efectivamente, este plan se ligaba aos orzamentos.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** E como esgoto o meu tempo, referireime na réplica a como as ausencias e baixas execucións, a comezar pola innovación, demostran que é unha absoluta falacia.

Remato xa, señor Martínez, indicando que vostedes deseñaron un plan a medida que nin sequera acaban de cumprir; e que, desde logo, está moi lonxe das necesidades, tanto sociais como noutras materias, que ten este país. Porque viven vostedes máis pendentes de cumprir co déficit, de cumprir co señor Mariano Rajoy...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...e co señor Montoro, que de inxectar alternativas reais...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...para a nosa poboación.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Antes de dar paso á representante do Grupo Parlamentario Socialista, quero saudar os alumnos do Centro de Educación Especial do Pino, en Ourense. E tamén aos alumnos de cuarto e quinto de primaria do Colexio Plurilingüe Profesor Albino Núñez. Benvidos ao Parlamento en nome de todos.

E agora si, ten a palabra dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do Grupo Parlamentario Socialista.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputados.



Bos días aos nosos invitados.

Bos días, señor conselleiro.

Os socialistas celebramos que hoxe compareza aquí para falar do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020; pero un plan estratéxico que foi presentado por vostede nesta Cámara o 10 de maio de 2016. Polo tanto, é un plan que, a pesar de abranguer o ano 2015, no mellor dos casos foi aprobado e presentado nesta Cámara 17 meses despois.

Na presentación que vostede fixo deste plan estratéxico, dixo que foi elaborado dentro do maior proceso de participación da historia da autonomía; un plan estratéxico dos galegos e das galegas. Pero aos socialistas e ás socialistas resúltanos un pouco curioso que se fale de participación e seguimento cando o balance 2016 está colgado nunha páxina web pero non foi presentado neste Parlamento, tal e como establece o propio documento. Para o 2017 presentan un avance que en realidade é un *PowerPoint* de publicidade e propaganda. Non sabemos cal foi a participación social nese documento de seguimento. Non sabemos quen tivo acceso ao documento do balance do plan. E para a gobernanza do plan, créase un comité de seguimento con seis órganos dos que só forma parte o sector público autonómico. (*Aplausos.*) Tampouco sabemos cando se reuniu este comité de seguimento. Señor conselleiro, volvemos estar, unha vez máis, nun Goberno de *PowerPoint*, nun Goberno sen transparencia, un Goberno de publicidade e propaganda; un plan dos galegos e das galegas pero sen os galegos e sen as galegas.

Por certo, señor conselleiro, a revisión do Plan estratéxico está previsto facela este ano 2018, ¿cando se vai realizar? Vostede supoño que nos contestará. ¿Voltará facerse sen a participación da sociedade?, ¿sen a participación dos galegos e das galegas? ¿Será enviado a este Parlamento para que os distintos grupos parlamentarios poidamos facer as nosas achegas, as nosas propostas, co fin de melloralo ou de axustalo á realidade? ¿Ou vai ser unha mostra máis dun goberno de publicidade e propaganda?

Señor conselleiro, nós, os homes e as mulleres socialistas, concordamos totalmente co obxectivo xeral expresado no documento do Plan estratéxico de Galicia, que di: «Impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e no capital humano, que colabore para conseguir unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente; que permita diminuír o emprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e das galegas, colaborando a retornar á senda do crecemento demográfico». Nós estamos totalmente de acordo con ese obxectivo xeral.

Nese mesmo sentido, vostede no 2016 dixo neste Parlamento que este plan estratéxico era para devolverlle á cidadanía todo o esforzo que fixo durante a crise e traballar arreo para conseguir que os máis desfavorecidos, os que máis sufriron a crise, sexan agora os que teñan maiores oportunidades. E dixo tamén ese día —igual que o acaba de facer na súa intervención agora— que era unha folla de ruta para consolidar a recuperación económica e a creación de emprego. Para iso propuxeron no propio documento unha serie de obxectivos medibles para a consecución deste obxectivo final, no que nós tamén podemos estar de acordo aínda que —como lle vou dicir— con algúns matices.

O primeiro. PIB anuais superiores arredor do 2,5 %. Obxectivo acadado por Galicia pero tamén polo resto das comunidades. Algo que a partir de agora tamén xa se dá por feito.

Incremento en máis de 100.000 empregos ata o 2020, que no propio documento de seguimento xa marcan cunha horquilla 80.000-100.000. Deben de ter dúbidas de chegar a eses 100.000 empregos.

Unha redución na taxa de paro de arredor do 10 %.

Mellorar a taxa de ocupación da cidadanía entre 20 e 64 anos en 10 puntos, ata acadar o 70 %. Non sabemos por que non o 75 %, que é o que marca realmente a Estratexia europea 2020, son cinco puntos menos. Xa me contestará vostede, señor conselleiro.

Duplicar o gasto en I+D ata o 1,7 % do PIB. Tampouco entendemos por que non marcan o obxectivo da Estratexia europea 2020, que o marca nun 3 %, non nun 1,7 %.

Reducir o abandono escolar en 3,5 puntos, ata chegar ao 13,5 %. E tamén a Estratexia europea 2020 o marca debaixo do 10 %. Non sabemos tampouco por que este é o obxectivo: chegar ao 4,7 % de galegos de entre 30 e 40 con estudos superiores, reducir a poboación en risco de pobreza, rebaixar as emisións de gases de efecto invernadoiro, aumentar o uso de enerxías renovables, implantar un paquete de medidas para a revitalización demográfica do noso país e converxer en oito puntos coa Unión Europea en PIB per cápita.

É dicir, señor conselleiro, a pesar de que vostede di que cando se elaborou este plan estratéxico foi arriscado, non entendemos por que, de acordo co que marca a Estratexia europea 2020, que é un crecemento intelixente, sostible e integrador, o Goberno da Xunta de Galicia establece uns obxectivos moito menos ambiciosos dos que se establecen nesta estratexia. Non o entendemos, espero que vostede mo explique. ¿Por que hai sempre unha falla de ambición por parte de Galicia? ¿Por que non se igualan estes obxectivos? Salvo que o Goberno da Xunta de Galicia considere que o noso país non conta cos instrumentos suficientes para acadar estes obxectivos, ou dubidan da propia xestión da Xunta de Galicia.

Gustaríanos que nos dera resposta a estas incertezas, porque eu supoño que non virá hoxe aquí facer un acto de autoloanza do Goberno do Partido Popular, algo ao que ademais nos teñen acostumados, pero supoño que non será iso.

Vostede falou de que facer este plan estratéxico era unha decisión arriscada, de risco e de oportunidade. Pero vólvolle recordar algo que lles recordo continuamente nesta Cámara aos deputados e deputadas do Partido Popular: unha cousa é o que se plasma no papel e outra ben diferente, como lle vou demostrar, é a realidade dos seus feitos, do seu goberno.

Señor conselleiro, despois de dous anos ou tres, como queira, 2015 ou mediados de 2016, dende a aprobación deste plan, voulle dar datos sobre a situación dalgún dos obxectivos fixados no plan; obxectivos que, como digo, son menos ambiciosos, e na Estratexia europea 2020, na que España tamén se compromete a acadar estes obxectivos comprometidos.

Vostede falaba do emprego. Di: incremento en máis de 100.000 empregos ata 2020. Realmente, este obxectivo, na revisión, vostedes, como dicía antes, xa o fixan nunha horquilla entre 80.000 e 100.000; xa non son aqueles iniciais. Polo tanto, incluso vostedes mesmos dúbidan de cumprir ese obxectivo. E cinco puntos menos do que propón a estratexia europea.

Vostede sabe, señor conselleiro, que o emprego ten que ser o obxectivo máis importante, o fundamental para todos os galegos e para todas as galegas e, polo tanto, para Galicia como país. Vostede sabe que o emprego é o que dá dignidade ás persoas, o que lles permite facer o seu proxecto vital. E vostede sabe perfectamente, señor conselleiro, igual que os que están detrás falando continuamente, que os datos de emprego en Galicia non son bos, señor conselleiro; e vostede sábeo. Acaban de saír os datos da EPA neste primeiro trimestre de 2018. Eu poderíalle comparar —non lle vou facer a trampa— os ocupados no terceiro trimestre de 2016, que será cando se empezou a implementar este plan estratéxico, co primeiro trimestre de 2018. Se fixera iso, diríame que hai 7.800 ocupados menos, ¡menos!, desde que se implantou. Pero aínda non facendo iso, e collendo datos equiparables, polo tanto, cuarto trimestre de 2016, cuarto trimestre de 2017, incrementáronse en 6.200 persoas.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** É dicir, Galicia un 0,59 %, mentres que no conxunto do Estado un 2,65 %. É dicir, Galicia 4,5 menos que o conxunto do Estado, con ritmos de crecemento do PIB similares, en Galicia e no resto do Estado, máis ou menos, arredor dun 3,1 %. Polo tanto, Galicia, medrando a este ritmo, non crea o mesmo nivel de emprego que o conxunto do Estado. E, desde logo, é un nivel de emprego moi inferior ao marcado polo propio plan seu, onde se prevé unha creación de máis de 16.000 postos de traballo/ano, e, aínda así, xa lle digo, só se consegue a terceira parte.

E se collemos o balance, señor conselleiro, 2016-2017...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...Galicia foi a comunidade autónoma que menos emprego creou de todas as comunidades autónomas.

E os últimos datos publicados pola EPA, primeiro trimestre de 2018, dinnos que a poboación ocupada que se creou é un 22 % menos de emprego en Galicia que no conxunto de España...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas...

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Remato xa, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Ten outro turno aínda, despois. Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...un 8,13 % en España e un 6,34 % en Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, está claro. Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Estas son as realidades.

Moitas grazas, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Bo día, señor conselleiro.

Vou empezar dicindo que estou de acordo con vostede nunha cousa, nunha, e é que a fase do ciclo económico mudou en Galicia a partir do ano 2004 e o PIB volve medrar, como en Soria, como en Andalucía, como no resto do Estado, como en Polonia, como no conxunto dos países da Unión Europea, que espero non dependan da política económica da Xunta de Galicia para esas cifras de crecemento do PIB.

Que o PIB medre é o normal, é o que fixo en vinte e oito dos trinta anos anteriores, que van dende o ano 1997 ao 2007. Logo da gran recesión provocada polas políticas de austeridade e os recortes, volvemos á normalidade do crecemento, efectivamente. Iso é o único que comparto coa súa intervención de publicidade e propaganda. No que diferimos radicalmente é na valoración da súa actuación, porque o balance dos nove anos que levan ocupando o poder pode sintetizarse nunha frase: son os responsables da década perdida pola economía e a sociedade galega.

E aquí me quero deter, señor conselleiro, en algo que me deixou abraiado. Vostede subiu aquí e dixo que a economía galega está medrando o 3,6 %. Vouno volver dicir para que quede gravado. O conselleiro dixo que a economía galega está medrando de media en 2015, 2016 e 2017, o 3,6 %. Señor conselleiro, ou nos quere enganar ou non entende o concepto. Voullo explicar eu. Ese 3,6 % é o crecemento nominal da economía, isto é, o crecemento real da economía, que é o que utilizan todos os organismos oficiais para valorar o crecemento económico máis a variación dos prezos medidos a través do deflactor do PIB. Señor conselleiro, non sei que me preocupa máis, se que queira mentir a esta Cámara, ou que non sexa quen de entender o concepto. A economía galega medrou o 2,7 % nos tres últimos anos. (*Murmurios.*)

Perder unha década é moito máis que volver estar en 2018 co mesmo nivel de riqueza que xa tiñamos en 2008, porque os efectos desa década perdida son enormes en termos de dimensión e tardaremos décadas en recuperarnos deses efectos, se se chega algún día.

¿Canta riqueza? ¿Canto emprego? ¿Canto benestar perdemos dende o ano 2008? As cifras, cando fixen a conta, asustan. Se a economía galega medrara entre 2008 e 2017, con vostedes no goberno, só a metade do que medrou entre o 2000 e o 2008, o PIB de Galicia sería 23.000 millóns de euros máis do que é agora. Ese é o brutal buraco que deixan de herdanza: 23.000 millóns menos de riqueza cada ano.

E o mesmo sucede co emprego. Se nos nove anos que levan gobernando o emprego medrara tan só a metade do que medraba entre os nove anos anteriores, incluído o goberno de coalición entre o PSOE e o BNG, habería en Galicia 317.000 empregos máis dos que hai agora.

Non vou facer nin unha análise contrafactual nin unha análise de publicidade e propaganda, vou facer un balance real: a comparación de como estabamos cando Feijóo ocupou a Presidencia e de como estamos agora. Un balance real moi negativo, porque Galicia ten hoxe menos emprego, máis precariedade laboral, peores salarios, máis pobreza, máis desigualdade, a demografía en retroceso, os servizos públicos recortados, unha parte do noso tecido produtivo destruído, e mesmo quedamos sen entidades financeiras propias. En dez anos. Temos 120.000 empregos menos que no ano 2009 a pesar do cambio do ciclo económico. Aínda nos faltan por recuperar 6 de cada 10 empregos destruídos para volver estar onde estabamos hai dez anos. Unha cifra, señor conselleiro, e aquí me vou deter... As miñas compañeiras do BNG e do PSOE entraron en moitas cifras que eu comparto, pero eu vou determe nesta, que é a seguinte: ¿Como cualificaría vostede a un goberno que saíra publicamente dicindo que o seu obxectivo é a destrución de emprego? ¿Diría é que é irresponsable, antisocial, incompetente? Pois aínda que resulte difícil de crer, este é o obxectivo central do Plan estratéxico 2015-2020, tal e como vostede dixo aquí. Vostede dixo que en 2020, logo de tres lexislaturas do Partido Popular, pretende chegar a un nivel de ocupación de 1,1 millóns de ocupados en Galicia. ¿Cantos ocupados había no ano 2009? Había 1,2 millóns de persoas traballando. Polo tanto, do que está falando é de que, despois de doce anos de goberno, o nivel de emprego en Galicia sexa de 100.000 postos de traballo menos que cando chegaron. ¡Doce anos despois! O obxectivo central, destruír emprego.

Señor conselleiro, a ver se é quen de explicalo cando volva subir a esta tribuna, porque estamos ante un caso inédito na historia da economía mundial, un goberno que ten como obxectivo pechar tres mandatos, tres mandatos, ¡doce anos!, cunha cifra de emprego inferior á que se atopou cando empezou a gobernar.

Menos emprego e máis precariedade, porque a metade da clase traballadora ten un contrato temporal, traballa a tempo parcial ou rota entre o paro e o traballo precario. Precariedade que afecta de forma especial ás mulleres, que son as que soportan o traballo a tempo parcial, e ás persoas máis novas.

Menos emprego e máis paro, porque hai 186.000 persoas buscando emprego en Galicia, 25.000 máis que no inicio do ano 2009.

Avancemos un pouco no que denominan eixe 1 do seu plan estratéxico, denominado Empregabilidade e crecemento intelixente.

Neste caso, os resultados do seu goberno son algo mellores, só lles levou dez anos volver á casilla de saída, volver ao nivel de PIB que había cando empezaron a gobernar. Non está mal como balance dun goberno que se gaba de ser un bo xestor, ¡unha década perdida!

Pero deteñámonos un momento no concepto de crecemento intelixente. Señor conselleiro, vullle facer unha pregunta. ¿O interesante para vostede é reducir o peso do sector industrial e que gañen peso os servizos de baixo valor engadido? ¿Ese é o seu modelo? Porque dende que vostedes volveron ocupar a Xunta de Galicia a industria sufriu un descalabro, e agora aporta tan só o 14 % do PIB, a cifra máis baixa de toda a historia moderna do noso país.

Unha caída do peso da industria que se reflicte, obviamente, nas cifras de emprego. Hoxe hai 41.000 empregos industriais menos que no ano 2009. Dende que gobernan, perdemos 1 de cada 5 empregos na industria.

Señor conselleiro, este devalo industrial algo terá que ver co fracaso da política de I+D do seu goberno. Como ben dixo vostede, 0,9 % de orzamento en PIB, fronte a unha media do Estado de 1,2 % e da Unión Europea do 2 %; orzamento que logo, ademais, non se executa.

A desindustrialización ten como complemento a tercerización da economía, cun peso crecente dos servizos que xa chega ao 70 %. Ata aquí non habería nada que obxectar, porque podería ser unha estratexia intelixente medrar sobre servizos avanzados. Pero non, por desgraza para o noso país non é así, é todo o contrario. As ramas dos servizos que máis medran son o comercio e a hostalería. ¿Un país de camareiros e dependentes de comercio é o seu modelo de crecemento intelixente? ¿Perder actividade e emprego na industria e aumentalo nos servizos de baixo valor é o seu modelo? Señor conselleiro, ¿vostede sabe que o comercio xa é a rama que ten máis ocupados?, ¿que traballan máis persoas no comercio que en todo o sector industrial?, ¿que unha de cada catro persoas que traballan en Galicia o fai nun comercio ou nun bar?, ¿que sumados o comercio e a hostalería son 80.000 persoas máis que traballando no sector industrial? Porque a economía se terciariza, pero faino sobre as actividades de baixo valor engadido e perden as máis avanzadas. Por exemplo, a contribución das actividades financeiras ao PIB galego baixou un 25 % dende o ano 2009. Ao mellor algo ten que ver coa desaparición do Banco Pastor ou coa liquidación das caixas de aforros galegas.

Antes de que me chamen á orde vou ir rematando.

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor LAGO PEÑAS:** A economía galega saíu da recesión, pero a maioría da sociedade galega segue vivindo na crise. A Galicia do 2018 é un país máis inxusto, máis desigual, máis pobre, con menos emprego, con máis paro, con salarios devaluados e maior precariedade laboral. Temos menos dereitos laborais, menos protección social e peores servizos públicos ca a Galiza do ano 2008.

Por iso, señor conselleiro, debería desculpase, pedir perdón. Dicir, señor conselleiro, que fixeron todo o que puideron pero que non foi suficiente por culpa da recesión mundial, da política da Troica, dos recortes do Goberno central.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LAGO PEÑAS:** Pero subir a esta tribuna e dicir que Galicia está mellor que nunca é un insulto á cidadanía que En Marea non lle vai tolerar. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.



**O señor PUY FRAGA:** Señorías, en nome do Grupo Parlamentario Popular quero comezar felicitando o conselleiro por ter solicitado esta comparecencia —que ningún grupo solicitou— para avaliar a execución do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, o cal é, á súa vez, un exercicio de dación de contas e de transparencia.

Trae un debate específico sobre o Plan estratéxico, pero ten, certamente, longo percorrido e un carácter amplo e xeral porque afecta ao conxunto das accións do Goberno dende 2015 ata o 2020. Polo tanto, inclúe unha avaliación do feito, onde estamos e cara a onde queremos ir —por iso ten longo percorrido—, e de carácter xeral porque, evidentemente, permite unha aproximación de conxunto, tan escasa nestes tempos de inmediatez comunicativa e de apelación ás emocións, nunha acción, a política, que, se é nobre e importante, é precisamente porque permite pensar e ordenar as prioridades sociais para, entre todos, poder contribuír a que a vida de cada un dos nosos concidadáns sexa mellor.

Desde o grupo que apoia o Goberno causa certa sorpresa, certamente, que sexa o propio Goberno o que somete con certa valentía o control da súa acción, a longo prazo, a esta cámara, e ademais faino con moita transparencia.

Señora portavoz do PSOE, dada a proximidade que ten co portavoz señor Losada, parece que tamén se está abonando a militar no partido anti *PowerPoint*. Eu simplemente quero recordarlles, en aras da transparencia, eu pódolle dar a miña copia que eu baixei, un word de preto de 200 páxinas e moitísima información contable, precisamente da avaliación do Plan estratéxico. Non estamos a falar dun *PowerPoint*, estamos a falar de transparencia que está colgada na páxina web. (*Aplausos.*)

A comparecencia é oportuna, e mesmo é oportuna no tempo. Eu incluso, como coñezo o conselleiro, sei que é unha persoa de traballo sistemático e salientable. Imos á data que tanto criticaron, non sei por que. Eu creo que non é casualidade que debatamos hoxe a avaliación, cando a aprobación do plan foi xustamente hai dous anos, concretamente no pleno do 10 e 11 de maio do ano 1996, polo tanto, xusto a metade do percorrido do Plan estratéxico. Ademais fora un debate moi longo, empezara moito máis atrás do último debate que tivemos nesta Cámara. Creo recordar que ese debate foi o remate dun proceso participativo onde estiveron todas as universidades; onde estiveron todos os axentes sociais, empresarios, sindicatos; onde estiveron representantes do terceiro sector; onde estivo a propia Administración a través de distintos departamentos.

O traballo dun ano foi entregado a esta Cámara, que tivo un mes desde a comparecencia do conselleiro para analízalo e outro mes para presentar emendas. Efectivamente, hai dous anos exactamente aprobamos o Plan estratéxico, que, por certo, incorporaba 32 melloras presentadas polo Grupo Socialista; outras 32 entre 29 de AGE e 3 do Grupo Mixto, é dicir, 32 do que agora son As Mareas; e finalmente 10 do Bloque Nacionalista Galego, un 25 % do total das alegacións presentadas a ese plan nesta Cámara. Nada do que, evidentemente, se ten dito aquí.

Era un plan participado, solvente e que puxo en evidencia que algúns compartimos certos obxectivos, como acaba de dicir a portavoz socialista, e outros non os compartimos. Por

exemplo, o representante de Alternativa Galega de Esquerdas —da que é herdeira o actual grupo de En Marea— dixo claramente que eles non estaban a favor da apertura da economía galega, de que un obxectivo estratéxico fose incrementar as exportacións, que preferían unha economía autosostida, e nos presentaron emendas como, por exemplo, as referidas á soberanía alimentaria. Aí, efectivamente, non compartimos obxectivos.

Eses obxectivos, evidentemente, chocaron cos nosos, que son, sucintamente: inserir a economía galega eficazmente na economía europea, nun mundo que tende á globalización.

En definitiva, aquí aprobamos un plan estratéxico que estaba formalizado en soporte físico, orientado con racionalidade e perspectiva, o cal introducía unha xerarquización das prioridades. Era integral, é dicir, comprometía toda a acción do Goberno, o cal exige para a súa posta en práctica un esforzo de coordinación. Algo que tamén hai que salientar é que este goberno, a diferenza doutros, funciona con coordinación. Era realista, porque estaba baseado nunha análise Dafo —é dicir, debilidades, ameazas, oportunidades e fortalezas— que foi moi eloxiada pola oposición, que mesmo chegou a dicir que era como unha emenda á totalidade do que fixera o Goberno ata aquel momento. Evidentemente, era porque só lían a columna das debilidades e non a das fortalezas. Pero o certo é que foi moi eloxiada a análise Dafo naquela ocasión.

Non só ten estas catro características ás que me estou referindo, as do autor, que teorizou sobre a conveniencia da planificación na actuación estratéxica económica, senón que, en quinto lugar, dicimos que era cíclico; é dicir, que podía ser sometido a avaliación, que é xustamente o que se está facendo hoxe.

Daquela, como dixen, houbo moitos eloxios. Quero recordar o que dixo a representante do PSOE: Polo tanto, conselleiro, vou á diagnose e obxectivos que soan ben, pero a realidade desminte o que vostedes veñen hoxe ofrecer aquí. Houbo unha boa valoración dos obxectivos do plan. Certamente, o Bloque caracterizouno como un brindado ao sol. O portavoz de AGE dixo que era propaganda e que un país non se goberna con argumentarios. E o PSOE, novamente, dixo que os antecedentes impiden ser optimistas na súa realización. É dicir, había unha boa valoración da análise Dafo, unha boa valoración dos obxectivos e un certo escepticismo sobre a capacidade da Xunta para cumprilos. E precisamente para xustificar que aquilo non era ningún brindado ao sol nin un argumentario, está hoxe aquí o conselleiro, para demostrar que é o que se está a facer.

Como teño pouco tempo, o que vou facer non é comparar o que hoxe nos presenta o conselleiro co que o propio conselleiro prevía, senón que o vou comparar co que a propia oposición esperaba do Plan estratéxico.

Como dixo el, son múltiples os datos, múltiples as variables. Eu acabo de facer referencia a un informe logo do seguimento. Dixo daquela o portavoz do Bloque Nacionalista Galego —moi respectado portavoz daquela do Bloque, tan respectado como a portavoz que interveu hoxe, que sabe vostede que a respectamos porque normalmente aborda os temas coa seriedade que os asuntos requiren—, e cito literalmente: «É difícil opoñerse a un plan que establece, entre outros obxectivos, medrar por riba do 2,5 % do PIB; crear máis de 100.000

novos empregos; reducir en 100.000 as persoas en risco de pobreza ou converxer oitos puntos coa Unión Europea e cinco co Estado español». Isto era o que o Bloque daquela dicía, que era difícil opoñerse a un plan que perseguira estes obxectivos. Imos recordalos.

Obxectivo de crecemento do PIB. O obxectivo era o crecemento do 2,5 %. Crecemento, 3,6. Señor Lago, é conveniente, cando un trae cifras de crecemento, mirar o INE cando os revisa. O INE revisado, cifras oficiais de crecemento reais, non crecemento nominal, son; 2015, 4,2; 2016, 3,6; 2017, 3,1; media, 3,6. (*Aplausos.*) Señor Lago, eu tamén ás veces non teño tempo de ir mirar as cifras revisadas, pero a consellería, cando presenta algo na Cámara, trae as cifras reais e as cifras contrastadas.

Polo tanto, crecemento do 3,6. Os últimos datos que temos, por exemplo do foro Abanca, estannos dando cifras de crecemento do 3,8 no último mes. Polo tanto, obxectivo ambicioso 2,5, en realidade 3,6.

Segundo obxectivo que marcaba a oposición: crear 10.000 empregos. Levamos 55.000 postos de traballo creados desde o inicio da aplicación do PEX; a última EPA fala de 16.500 novos ocupados; trece trimestres seguidos —é dicir, máis de tres anos— de subas consecutivas, 1.050.000 ocupados. O último dato deu a mellor taxa de emprego nun primeiro trimestre desde o ano 2011; a menor taxa de desemprego nun primeiro trimestre desde o ano 2009 e a segunda mellor desde o ano 2005. Parece que imos ben no obxectivo dos 100.000 postos de traballo.

Redución do risco da pobreza, terceiro dato ao que era difícil opoñerse. Taxa de risco da pobreza —é dicir, persoas en risco de pobreza—: diminuíron 100.000 que se marcaban no plan; 76.214 de acordo co balance que hoxe nos presenta o Goberno. Pasouse dunha taxa do 22,6 a 20,3, é dicir...,

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando.

**O señor PUY FRAGA:** ...7,6 puntos menos que España e 3,2 menos que a Unión Europea. Exactamente, queremos seguir baixando esta taxa.

Cuarto dato, converxencia. En 2017 conseguimos a maior converxencia con España, un 1,8 % en termos de PIB per cápita, superando por primeira vez o 90 % do PIB per cápita en España. E coa Unión Europea, no período 2015-2016, unha converxencia de 2,7 puntos, todo isto datos oficiais do Eurostat e do Instituto Nacional de Estatística.

Nestes obxectivos aos que era difícil opoñerse, resulta que imos ben, incluso nalgúns deles moi ben.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** Poderíamos ir a outros, podemos deixalos para a réplica. Pero, en todo caso, o que queda evidenciado é que o Plan estratéxico cumpre as expectativas non só do Goberno, senón as que a oposición tiña para ver difícil opoñerse á aprobación do plan.

Eu non podo máis que felicitar o conselleiro, o Goberno e sobre todo a sociedade galega, porque as cousas nunca se arranxan de todo pero poden ir a mellor ou a peor, e esta avaliación o que nos di é que están indo a mellor.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Réplica, conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas de novo, señor presidente.

Señorías, na miña primeira intervención tratei, obviamente dentro dun contexto de certo formalismo parlamentario, de ofrecer os datos que reflicten a situación na que nos atopamos a día de hoxe, tres anos despois do Plan estratéxico. Efectivamente, creo que debemos todos ter en conta que o proceso participativo tan amplo que tivo o Plan estratéxico comezara no segundo trimestre do ano 2015, precisamente porque nos demos conta de que isto empezaba a cambiar e de que deberíamos de arroupar con esta nova folla de ruta, con maiores recursos priorizados a partir dese ano para tratar de acompañar a que daquela era moi incipiente recuperación económica. Obviamente, non rematou ata as referencias que se fixeron aquí por dous dos grupos da oposición, respecto do que era maio de 2016, pero si houbo un debate moi longo, e o que si lle podo adiantar é que incluso os orzamentos para 2016, que foron os primeiros que como conselleiro eu presentei, xa contemplaban a estrutura, daquela incipiente e non rematada de todo, porque o que necesita Galicia, sobre todo, é planificar.

O que temos é que unir —empregando esa frase que parece que é manida, pero que é dun sentido aplastante— con criterio o presente e o futuro, porque aí minimizaremos as improvisacións e trataremos de acertar, sabendo que acertar en todo, dada a complexidade do que temos entre mans, é algo imposible. Pero todo indica que os datos son suficientemente positivos nesta avaliación, unha avaliación despois dun seguimento moi grande que está rematada para o ano 2016, como ben saben vostedes. O que é do 2017 é un avance que remataremos agora, do segundo trimestre deste ano —é dicir, dentro de moi poucos meses—, para poñernos no que sería xa unha revisión do plan, non tanto como revisión e cuestionamento de carácter xeral, senón porque hai cousas nas que necesitamos non redirixir, pero si incidir, porque estamos detectando que nalgunhas cuestións si que hai determinadas eivas. Non todo está ben, pero obxectivamente creo que a situación está máis que ben en termos xerais, que é a miña primeira aproximación.

Creo que é un acto de transparencia debido á sociedade ofrecer esa información tan pormenorizada, con tantos indicadores financeiros, de resultados, non financeiros. Creo que é un exercicio que debemos de facer como sociedade. Curiosamente non existe ningunha comunidade autónoma en España que estea neste exercicio, primeiro de planificación e, segundo, de seguimento e avaliación. Polo tanto, eu creo que é algo que lle debemos á sociedade, algo no que participan, obviamente, todos e cadaquén de vostedes.

Pero, como lle dicía, non é tanto facer historia e darnos conta de que naquel momento acertáramos ou case acertáramos nas medidas que estamos a implementar, senón que isto tenos que servir para o que nos queda por diante.

Seguimos tendo moitas cousas que facer, pero tamén lle adiantaba que os primeiros datos que estamos tendo do 2018 son claramente positivos. Cando, por exemplo, o indicador sinala que estamos en febreiro —o último publicado por eles— no 3,8 %, creo que nos debemos de felicitar, porque estamos mantendo un alto ritmo de crecemento económico. Cando un organismo tan independente e cada vez máis prestixiado, como é o AIRE, sinala que Galicia é das comunidades nas que máis se está medrando no primeiro trimestre, tamén nos debemos de felicitar. Cando outro organismo, pode ser o Ceprede, di que como media e como mínimo estaremos no 2,8 % este ano —eu creo que estamos a día de hoxe lixeiramente por riba desa cantidade—, creo que nos debemos todos de felicitar.

Pero é que todos os datos sectoriais que imos tendo, ou practicamente todos —eu voume referir aquí a algúns—, tamén o están a dicir. O señor Lago referíase nestes momentos á industria. A industria no ano 2016 e no ano 2017, e neste ano 2018, creo que está impulsando dunha maneira clarísima a recuperación económica. A produción industrial, por exemplo, está medrando un 14,7 % no mes de febreiro. Iso tamén o hai que medir, non tanto soamente facer historia, senón ver onde nos levan os novos datos, e, obviamente, estamos en taxas cinco veces superiores ás medias españolas. Polo tanto, este dato non conforma toda a realidade do sector industrial, pero indica que a cousa empeza a cambiar e vai polo bo camiño.

¿Iso quere dicir que temos todo feito e con autocompracencia? De ningún modo das miñas palabras poden deducir esa cuestión. Sempre penso no que hai que facer; ou sempre pensamos, mellor dito. Por exemplo, cando temos en conta as exportacións, que están medrando un 19,5 %. Medrar a dous díxitos hai que poñer en valor o que significa. Aínda que non medraramos tan alto, unha economía tan internacionalizada como a economía galega, con distintas empresas de distintos tamaños, distintos sectores, cada vez máis incorporándose, se somos capaces de situar os nosos bens e os nosos servizos, señor Lago, se incluso situamos os nosos servizos cualificados nun mercado mundial, por algo será, ¡por algo será!, nunha economía terciarizada. Non lle hai que ter medo tampouco á terciarización da economía, pero a iso me referirei tamén dentro dun momento, a algunha das apreciacións que tamén fixo vostede e que curiosamente acaba de dicir o señor Puy. Porque confundir o que é nominal e real... É que, de verdade, eu, obviamente, como á maioría de todos vostedes, téñolle un aprecio persoal, pero nestes momentos, desde esta tribuna, dicir que o crecemento real da economía galega nos anos 2015, 2016 e 2017 non está no 3,6 %... ¡É que entón pouco podemos discutir se xa nos poñemos con esas cuestións! Se non sabemos que é un dato avance do INE, un dato provisional e un dato definitivo, hai algo que falla, ¡hai algo que falla, señor Lago! Entón, con todos os meus respectos, os razoamentos que foi aportando despois quedan moi cuestionados. Non vou dicir invalidados, pero quedan moi cuestionados. É unha pena non comprender o que é un 4,2 % da última revisión que fai o INE, do que é o PIB galego nesta data.

Como tamén me estaba a referir a datos sectoriais, ao sector servizos, que tamén é bo, cando se fan aquí determinadas referencias a por onde medra a economía, eu non tildaría de non

intelixentes as xentes que traballan na hostalaría. Acórdese ben vostede, que tamén xa imos tendo unha certa idade, como tamén ao principio dos anos oitenta ninguén pensaba que determinados exemplos empresariais de carácter mundial que temos aquí, en sectores maduros, podería chegar a significar o máis importante do mundo.

Non existen sectores bos nin sectores malos, existen sectores e empresas que fan moi ben o seu traballo. Poñamos en valor todo iso. Incluso na hostalaría hai intelixencia, señor Lago. ¡Prestixie un pouco esas persoas! (*Aplausos.*)

O comercio. As vendas do comercio, como todos vostedes saben, están medrando dunha maneira moi clara, e tamén por riba da media española en marzo, un 2,6 % ¿E isto por que? Porque está habendo unha reactivación do consumo. ¿Quere dicir que estamos logrando taxas que todos quixeramos? Ao mellor non son as desexables totalmente, pero este crecemento, como algunha vez teño dito neste Parlamento, é como o das nosas montañas, que somos un pouco máis suaves na subida e tamén un pouco máis suaves na baixada. Non é malo ir por este camiño de subida. ¿Por que? Porque detrás está a recuperación da renda dispoñible que teñen as nosas familias, e iso vén do emprego tamén, como ben me referirei dentro dun momento.

O sector de servizos en xeral, que está medrando en febreiro, por exemplo, ao 3,5 %, e que xa acumula dous anos en total en positivo. Creo que deberíamos de alegrarnos todos, sabendo que non todo vai ben, pero que a maioría dos datos que como sociedade temos e así nolo están dicindo.

Das miñas palabras, tanto na intervención anterior como na de agora, nin do Goberno, de ningún modo poden deducir que estamos aquí con triunfalismo excesivo e autocompracencia, ¡de ningún modo! Varias veces me referín a iso na miña primeira intervención. Pero é lóxico, e ás veces como sociedade non facemos ese favor de recoñecer os datos que temos e alegrarnos tamén do que estamos logrando, destes datos positivos de crecemento, de emprego, de exportacións, de educación, de inclusión, de converxencia.

E incluso, señora Rodríguez Rumbo, antes de que me esqueza, unha cousa é estar aliñados coa Estratexia 2020, e outra cousa é que en determinados parámetros, tendo en conta de onde partiamos, non imos lograr todo o que quixeramos. O outro sería presumir de imposibles, non físicos, senón metafísicos.

Como comprenderán vostedes, nós adicámonos a algo un pouquiño máis humilde, a tratar de acompañar nesa recuperación, porque despois deste plan virá outro, e despois do ano 2020 seguro que hai un 2221 e un 2222 para quen estea por aquí.

O señor Puy tamén fixo referencia —a min non me gusta moito, pero de vez en cando hai que bucear tamén no que se dicía sobre o plan estratéxico— ao señor Jorquera cando interviña. Non me vou deter en todo o que tiña, porque eu tamén tiña a mesma cita co señor Jorquera. Por certo, unha das persoas que máis traballou en positivo daquela —outros non tanto—, nun largo período que estivemos debatendo o plan estratéxico. O meu agradecemento non como persoa, senón polo esforzo que fixo, que foi moi enriquecedor.



Por certo, e á parte do que dicía o señor Puy hai un momento, de que era difícil opoñerse a un plan con estes tipos de incremento de 100.000 novos postos de traballo, señora Rumbo, por certo, na formulación do plan sempre se falou de 80.000 a 100.000, nunca se marcou 100.000. E certamente estamos máis cerca dos 100.000 que dos 80.000, pero bueno, sigamos por aí.

Pero hai unha cita que non fixo o señor Puy. Un pouco máis educado ca min, quedou un pouco antes. Despois de dicir isto de crear os empregos, rebaixar a taxa de paro ao 10 %, entre outras cuestións, o que apuntaba é: o papel aguántao todo, pero ¿onde hai que asinar? ¿onde hai que asinar?

Todos e cada un dos parámetros que lle acabo de dicir con datos están superados, ¡todos e cada un deles! Pero é que esa mesma expresión foi a utilizada polo señor Santín, que daquela era o portavoz nesta materia do PSdeG, que dicía tamén: ¿onde hai que asinar? Eu non pido que asinen, o que lles digo é que debemos de ter o suficiente rigor ao medir. E creo que é bo ese documento que está colgado na páxina web para que miren vostedes, e todo aquel que queira, como se elaboran as cousas, como se fai o seguimento e a avaliación, e por quen a fai tamén. E, como sempre, con medios propios, que creo que é a forma correcta. Por suposto, ¿por que se fai esta transferencia? Para dar a coñecer pero tamén para recibir as achegas. Nós non temos o patrimonio da intelixencia, de ningún modo. O do traballo case, pero o da intelixencia non (*Risos.*)

Supoño, polo tanto, que tanto socialistas como nacionalistas creo que asinarían sen pensalo os resultados dos tres primeiros anos, e habería que preguntarlles ao señor Jorquera e ao señor Santín, que daquela foron de traballar moito nesta materia.

É unha pena que non estea aquí o señor Sánchez, porque daquela tamén participou, aínda que non en termos tan proactivos. O señor Sánchez daquela estaba en AGE, e o que viña dicir o señor Sánchez era que basicamente crían que a estes obxectivos —e un pouco tamén o dixo aquí doutro xeito o señor Lago—lles cambiamos o nome, e onde pon aquí Galicia pode ser calquera outra rexión ou comunidade autónoma, dá igual. Non dá igual, porque, cando facemos unha avaliación rigorosa, vemos que o comportamento da economía galega, e tamén nos indicadores sociais, a nosa comunidade está por riba da media e por riba das comunidades que están nestes momentos connosco. ¿Quere dicir iso que nos sintamos totalmente conformes dos resultados que temos a día de hoxe e que non poidamos mellorar? De ningún modo. ¡Pero poñamos en valor o que estamos facendo!

Cando se fala aquí e se traen datos... Eu non digo que traíamos só datos da EPA, datos de paro rexistrado, datos de afiliación á Seguridade Social, datos estatísticos, para facelos máis ou menos comparables, no nivel europeo, do que son os postos de traballo e equivalentes. Cada un pode buscar dunha maneira sosegada, e ata con certo rigor, pero o que está claro é que a EPA, por exemplo, no primeiro trimestre, o que nos está dicindo é que hai máis traballo indefinido. O traballo non é só cantidade, senón cualidade. Iso tamén o hai que poñer en valor —e hai máis traballo a tempo completo— cando se cuestionan aquí as cousas.

¿Quere dicir que nos podemos dar por satisfeitos cos datos que reflicten? Non estou dicindo iso, pero comparativamente son mellores que os que tiñamos, e encima mellores que o comportamento que está tendo o resto da economía española. Polo tanto, hai que poñelo en valor.

Se temos en conta que en Galicia os traballadores teñen un contrato a tempo completo o 86,3 %, e en España o 85,1 %, ¿por que non o dicimos? ¿Por que non dicimos que teñen un contrato indefinido o 73,3 %, que é practicamente idéntico á media española, que é do 73,9 %? Non teñamos medo a poñer números e a dicir as cousas con propiedade. Nin lle teñamos medo a dicir que no ano 2017 os salarios medraron un 3,77 %, que vén sendo que fomos a segunda comunidade despois de Navarra onde máis medraron; e que medramos máis de 3 puntos —cando se critican os salarios— do que o está facendo a economía española. Polo tanto, algo estaremos facendo ben como sociedade. *(Aplausos.)*

Algo faremos ben cando falamos de salarios e estamos falando de que no sector público tamén houbo incremento o ano pasado, e esperemos que o incremento que haxa este ano nos achegue ao 2 %, pero no período 2018-2020 a Comunidade Autónoma de Galicia —e coma nós moi poucas— se aproximará, como mínimo, a case un 9 %. ¡Poñamos iso en valor!

Poñamos en valor o que tantas veces se ten falado neste Parlamento, polo que significa tamén respecto da sociedade empresarial no ámbito civil e mercantil, onde estamos dicindo que é o momento no que cada empresa empece a mirar os seus resultados e os vaia trasladando, na medida do posible, en función desa maior produtividade que en termos medios tamén se está detectando, ao que son as nóminas das súas empregadas e empregados. Eu creo que é bo dicilo.

Como tamén non é correcto dicir, cando se falaba da inclusión, que medra a pobreza en Galicia. ¡De ningún modo! Falar de pobreza sempre é malo, é como o da débeda, e estalles falando o conselleiro de Facenda. Son desas palabras que nacen nefastas. Pero ¿quere dicir en termos comparados que estamos peor do que estabamos respecto dos máis próximos? ¡De ningún modo! ¿Pero como me podo dar eu por convencido cando analizas as distintas taxas e estamos falando por riba do 10 % ou do dez e algo por cento? ¡De ningún modo!

E o que tamén debemos de dicir, por exemplo, cando falamos da taxa de risco de pobreza, que agora está no 19 %, ¡menudo dato!... é que cando estabamos en bonanza económica cun Goberno bipartito, resulta que estaba no 20,9 %. ¿En que quedamos? ¿O 19 % é menos que o 20,9 %? Eu creo que si, creo que si, ¡e debemos de alegrarnos todos diso, de que temos mellores datos! ¿Pero iso quere dicir que o 19 % é algo bo? ¿Como me podo alegrar diso se ao final está cada persoa aí e estamos falando dun 19 %? Iso nin neste Goberno nin ninguén, ¡pero poñamos as cousas en valor do que se está facendo!

Como tamén cando se está dicindo da emigración en xeral, mozos, mozas... Creo que hai que ter un pouco máis de rigor, porque os últimos datos oficiais, tanto do INE como do IGE, o que din é que Galicia é a comunidade autónoma onde a emigración é menor de todas as comunidades autónomas. Resulta que temos, ano 2016 —último dato oficial—, o 0,82. Taxa de emigración das comunidades autónomas, o 1,45. E seguimos erre que erre sobre estes puntos.

Pero é que cando falamos dos mozos, por exemplo, resulta que nos mozos de entre 16 e 34 anos no último ano gañamos 143 habitantes. Se eliximos o que o INE considera poboación xuvenil, que a efectos de mercado laboral —ata onde eu sei— é menores de 25, resulta que

gañamos 957 habitantes; e así por cada tramo que estamos vendo. E seguimos coa matrécota da emigración.

O que está habendo, moi incipiente, é un retorno. ¿Iso chega para recuperar todo o que temos que recuperar? ¡Non estou dicindo iso! Pero temos que cambiar un pouco de garda porque, se non, non nos damos conta de que isto acaba de cambiar. Polo tanto, poñamos un pouquiño máis en valor a situación.

Como cando tamén aquí se estaba falando de I+D+i. Na miña mensaxe relativamente plana da miña primeira intervención, nalgúns temas, deduciábase que en I+D+i temos que facer moitas cousas. A primeira delas é planificar —a xa a temos feita—; a segunda delas, dotala de recursos —xa a temos feita—; a terceira, executalos. Hai que ter en conta que estamos entre fondos de difícil xestión, que non se perden pero que se incorporan, pero estamos acelerando. Iso tamén hai que telo en conta, pero non fai falta saber moito do que é xestión económica pública.

E cando nos fixamos no que é o crecemento, dentro do exíguo, e na importancia que ten, aínda nestes momentos, o conxunto da I+D+i en Galicia, os últimos datos coñecidos o que nos din é que as nosas empresas, por exemplo, están aumentando o seu esforzo investidor. ¿Chega? Non. Pero estamos falando, por exemplo, de que incrementaron nun 9,3 %. Xa empezan a ser cifras que xa nos van soando un pouco máis. Resulta que temos máis de 900 empresas que están investindo, e no último ano que temos aquí recollido, cerrado —que foi o 2016—, resulta que foron máis de 500 millóns de euros que se están investindo en I+D+i. Algo estará mellorando.

As empresas, polo tanto, si que están facendo un esforzo, pero aínda a intensidade debería ser maior. Se falamos de intensidade, resulta que a intensidade que presentan en I+D+i as nosas empresas é do 2,2 %, cando a media española está no 2 %. ¿Chega? Non, porque partimos de máis abaixo, pero xa estamos en positivo respecto do que é o comportamento máis homologable ao que temos. Polo tanto, xa lles digo, o máis importante nesta materia é ter clara a priorización que se establece na súa planificación sectorial, ese 20 % a maiores do que eu lles estaba falando.

Cando se fala de demografía, non confundamos, por favor, o que é a demografía, todo o que foi o devalo demográfico desde o principio dos anos oitenta no comportamento da comunidade autónoma, o que é poñer en valor decisións, e nestes momentos non miraremos un resultado certo porque hai que tratalo desde unha óptica integral. Pero o que está claro é que, cada vez que se fala de crise demográfica, un dos primeiros valores que teñen que ver coa demografía é, por exemplo, todo o que ten que ver coa educación infantil de 0 a 3 anos. En 0 a 3 anos temos os parámetros por riba, practicamente, de calquera rexión europea desenvolvida. Estamos falando practicamente do 40 %, cando a taxa recomendable é do 33, e seguimos e seguimos. ¿E isto chegará para afrontar tal? ¡Non! Esta é unha das cuestións fundamentais pero non a única; pero como indicador, que por iso llelo estaba dicindo.

Como, por exemplo, cando confundiamos determinados datos que aquí se deron por unha interveniente da oposición. Por exemplo, cando se fala da taxa de emprego, neste caso voume

referir a unha taxa de emprego moi específica, de mozo, como exemplo; que é a taxa de entre 20 e 64 anos do que pode ser o emprego feminino. A igualdade hai que predicala co exemplo e cos resultados. Resulta que no ano 2014 tiñamos unha taxa de emprego feminino que estaba no 56 %, exactamente o 56 %; e no ano 2017 témola no 61,2 %, cando o obxectivo —obviamente— é chegar ao 67 % no 2020, porque partimos de moi abaixo, cando o óptimo debería estar por riba do 70 %; polo tanto, estes resultados van na boa liña.

E o máis importante, máis do que me poida referir eu desde esta tribuna a determinadas cuestións, é que ninguén ten a verdade. O que temos é a exposición e o traballo por detrás, dándonos conta de que aínda queda moito que facer. Polo tanto, creo que o balance é bo; moi bo nalgúns aspectos e noutros bo. E este Goberno pide colaboración e pide esas suxestións que nos facía tamén algún membro da oposición no seu momento. Porque creo que é moi importante que consolidemos os obxectivos e os indicadores que están funcionando mellor. E debemos tamén dedicarnos a reforzar aquelas áreas nas que é necesario dar un pulo para que poidamos acadar de verdade os obxectivos que como sociedade nos marcamos no ano 2015, no ano 2016, e nese 2020, que xa empeza a albiscarse dunha maneira moi distinta á que tiñamos daquela, en beneficio sempre da sociedade galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións. (*Pausa.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Cun pouco de medo a que usen estas palabras cando deixe de ser deputada, voume atrever a dicir que teño dúas coincidencias —dúas— co señor Martínez e co señor Puy. A primeira é que eu tamén boto moito de menos sempre o señor Paco Jorquera, (*Aplausos.*) aínda que teña o pracer, por fortuna, de seguir coincidindo con el na militancia e nos organismos do Bloque Nacionalista Galego. E a segunda é que eu tamén lino o *Diario de Sesións* correspondente a este debate, por suposto. Eu non era deputada, e entón, cando preparei esta comparecencia, buceei tamén nesa hemeroteca. Entón tivo a fortuna, señor Martínez, de que despois de escoitar o señor Puy escollín a mesma cita que vostede, e entón vouna completar.

O señor Jorquera dicía daquela literalmente: «Hay un refrán que di que o papel o aguanta todo, pero para que o plan sexa críbel, as políticas públicas teñen que ser congruentes cos obxectivos que se anuncian, e teñen que estar acompañadas de medidas concretas e dotacións orzamentarias». Subscribo cada unha das palabras do señor Jorquera porque, á luz dos datos que vemos —e algún exemplo máis que porei—, o certo é que non foron polo camiño que vostedes marcaban. E, efectivamente, sobre a teoría, desde o BNG gustaríanos que, automaticamente, mañá estiveran cumpridos todos eses obxectivos, aínda que nalgúns deles teñamos matices ao seu respecto ou outros nos parezan insuficientes. Pero a cuestión é que o resultado non é así, en conxunto non; parcialmente, claro, vostedes collen os indicativos que lles apetece. Seguramente, se daquela, señor Martínez, lle tivera feito un pouco máis de

caso ao señor Jorquera e incorporasen ese plan de emerxencia social que demandabamos, por exemplo; se cadra, terían reducido a pobreza á metade e non estaría nos índices nos que está actualmente.

Tamén daquela, efectivamente, faciamos diversas propostas por parte do Bloque Nacionalista Galego e outros grupos de actuacións que debía incorporar este plan. Tamén é interesante ver que deron algunhas delas, porque, efectivamente, aínda que vostedes din que é un plan dinámico e que é posible incorporar propostas de reorientación, non nos veu anunciar aquí ningunha. Agardamos que nos próximos meses as incorporen e poidamos coñecelas, porque, se non, en lugar de avaliación estaremos falando, unha vez máis, de autocomprancia e propaganda.

Como digo, non quería deixar de aproveitar para citar cando menos —aínda que teño pouco tempo— dous exemplos de cuestións que en positivo e con boa fe propuxo o Bloque Nacionalista Galego, que vostedes transaccionaron e nas que non actuaron. Nunha delas —por poñer un exemplo dun sector diferente—, nós achegabamos propostas arredor do sector do leite, no que no momento había moita preocupación social. A día de hoxe, o panorama que temos é que o 80 % do que se produce no noso país acaba indo para capital foráneo, e aproximadamente un 50 % se transforma incluso fóra do noso país. Polo tanto, un sector no que xa temos presentado tamén iniciativas e que nos parece insuficiente a situación.

Outro moi interesante —do que supoño que poderemos falar máis na sesión de mañá, señor Martínez—, nós reflexionabamos xa sobre as dificultades de acceso ao crédito. Para nós tampouco é suficiente o que se fixo niso, e temos que dicir que os temores do señor Jorquera eran bastante fundados e certos. Pero é que ademais vostedes saltaron un parágrafo na resposta que citaron literalmente nesta Cámara e que a min me gustaría retomar.

Facía referencia o señor Jorquera á evolución e á converxencia do PIB per cápita a respecto de Europa e a que o anterior plan —como eu tamén insistín— fora incumprido. Vemos, pois, que, se ben Galiza reduciu de media coa Unión Europea do 80 % ao 82 % no último ano dispoñible o que nos afasta, vemos que non é tanto como nos venden, pois aínda se sitúa nun 82 % sobre a media da Unión Europea, moi lonxe do 91 % que supuña nos niveis precrise. E nese sentido hai que ter en conta neste parámetro que a perda acelerada de poboación desde o 2011 tamén inflúe.

¿Máis cuestións sobre as que non concordamos? A súa compracencia respecto da poboación xuvenil. Desde que vostedes chegaron ao Goberno perdeuse moita poboación xuvenil de entre 16 e 34 anos, 161.000 mozas e mozos. E iso é máis que xuntar...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...toda a poboación que ten Ourense, Arteixo e Fene xuntas.

E poderíamos seguir con máis cuestións que exemplifican que realmente queda moito por andar e que vostedes teñen ben pouca vontade de incorporar propostas da oposición e ben

pouca vontade de facer unha diagnose máis profunda. E para iso sería preciso introducir un cambio máis profundo nas súas políticas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Mire, señor Pedro Puy, eu xa sei que o seu papel aquí é alabar o Goberno do Partido Popular, e ás veces dinos cousas que non se corresponden e, sobre todo, cousas que intentan incluso descualificar o noso papel e o noso traballo como parlamentarios. Pero, mire, eu tamén teño o seguimento do 2016, ese grande do que vostede me fala —está aquí, ¿vale?—, e tamén o lin, tamén o mirei; pero o de 2017 é un *PowerPoint*. (*Aplausos.*) E se vostede ten outro documento de 2017 que non se corresponda, ao mellor é un documento que non está colgado na web e que, polo tanto, os grupos da oposición —non se ría— non o temos. Entón, por favor, non intente desacreditar o noso traballo como parlamentarios, nós tampouco o facemos. Grazas polas súas clases maxistras, pero neste caso creo que nós aquí vimos facer política e non facer clases de universidade.

Dito isto, reafirmo —e ademais o propio conselleiro nesta segunda intervención o di— que a participación para elaborar este plan pode ser e debe ser convocada a sociedade porque pode haber variacións, pode haber desviacións respecto do que estaba proposto inicialmente. Polo tanto, nós o que pedimos é que nesas avaliacións se contemple tamén a participación da sociedade para que, realmente, sexa un plan estratéxico para toda a cidadanía. Polo tanto, ratifico as súas palabras.

Tamén é verdade, señor conselleiro, que nesta segunda intervención —non sei se é porque agora xa non están os medios de comunicación— vostede foi moito máis conciso e moito máis acorde coa realidade; moitísimo máis acorde coa realidade.

Voulle dicir tamén que estamos un pouco cansados de que se nos fale de que nós non somos rigorosos nas nosas intervencións. Mire, plan, INE —é que non sei que quere—, EPA, e ata os datos dos estudos do BBVA, que non serán dubidosos de estar máis con nós que con vostedes. Quero dicir que nós, cando traemos os datos aquí, señor conselleiro, señor Puy Fraga, todos os nosos datos están contrastados, incluída a pirámide poboacional. Estes son datos do IGE, polo tanto, se non son así, alguén está colgando cousas na web que non son correctas, e algo deberán facer, que vostedes son os que están a gobernar. (*Aplausos.*)

Volvendo á intervención e aos datos que estaba dando ao principio, que evidentemente non me deu tempo e agora tampouco me vai dar tempo, dígolle que o propio Observatorio rexional do BBVA di que a Comunidade galega terá o peor comportamento de todas as comunidades autónomas no relativo á creación de emprego. Si, todo, todo. Incremento xeral de entre un 2,4 % e un 2,5 %, e Galicia terá un 1,3 %. Polo tanto, un 50 % do de todas as co-



munidades autónomas, e tendo en conta que o PIB vai ter un crecemento menor, pero, en calquera caso, vai ser máis ou menos similar tamén para todas as comunidades autónomas.

Eu tamén lle digo, señor conselleiro, señor Puy, e dígoo con todo o cariño do mundo, porque eu son unha galega e me gustaría que as cousas foran moito mellor, e o noso papel como oposición aquí é precisamente intentar que as cousas vaian mellor e intentar facer achegas que melloren a actividade do propio goberno. Entón, eu preguntolles, ¿non terá tamén algo que ver nestes datos que temos de emprego, que non son bos e vostedes mesmos o poden ver e saben perfectamente que non son bos para Galicia, que unha partida como a 32, Promoción de emprego e institucións do mercado de traballo, no ano 2017 só se execute nun 56 %, é dicir, que se deixen sen executar 133 millóns de euros? ¿Non pode ser tamén esa unha causa? ¿Non pode ser unha causa que en tres anos, 2015-2017, se deixen sen executar 357 millóns de euros? ¿Iso non melloraría os 68.900 fogares con todos os seus membros en paro? ¿Ou os 34.300 fogares sen ningún ingreso, como explicaba perfectamente o señor Losada? ¿Ou que o 50 % dos fogares galegos non tivesen que referirse a que chegan con dificultade ou con moita dificultade a fin de mes?

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Seguro que iso sería así.

No propio documento da consellería, vostedes establecen que o número de persoas beneficiadas pola acción de fomento do emprego e da empregabilidade é de 16.538; é dicir, un 10 % do total de desempregados de media no 2017. Vostedes mesmos afirman que os datos non son bos, por moito que digan aquí.

E miren, último dato que podo dar, porque xa sei que non teño tempo. No propio documento, no *PowerPoint* de seguimento de 2017, no eixe número 1, empregabilidade e crecemento intelixente, deixan sen executar 263 millóns de euros no ano 2017, señor conselleiro, e vostede sábeo. E no total orzamentado de 2017 deixan 637 millóns...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...de euros. E xa sei que vostede dixo que quen planifica non improvisa...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...pero mire, planificar non é executar, e se non se executa, non se aplican para corrixir as medidas sobre as que se planificou inicialmente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** E, polo tanto, iso é o que lle pedimos, non que planifiquen...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...senón que executen.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Señor conselleiro, non me contestou á miña pregunta central. ¿O obxectivo do Plan estratéxico é chegar a 1,1 millóns de empregos no ano 2020? Se iso é así, se o comparamos co ano 2009, que había 1.200.000, ¿cal é o balance neto de tres lexislaturas? Eu agradeceríalle que cando subira á tribuna contestara a esta cuestión, que é sinxela. ¿O obxectivo é 1.100.000? Había 1.200.000, ¿logo de doce anos de goberno van rematar con 100.000 empregos menos? ¡Dígao!

Segundo. O Partido Popular, o Goberno, é lóxico, utiliza unha data de referencia que lle facilita o seu balance. Todo o que traballa con series estatísticas o fai. Vostedes collen o ano 2014, que é o máis negro da crise, da recesión, e claro que a partir de aí todo mellora en todo o mundo. ¿Cal é o seu problema? Que levan gobernando dende o ano 2009, cinco anos antes. Polo tanto, un balance rigoroso da acción do goberno ten que incluír como referencia o primeiro ou o segundo trimestre do ano 2009.

Claro que dende o máis profundo do pozo da recesión de 2014 a situación ten mudado en todo o mundo, que a economía crece, que crece o emprego e que as variables económicas son mellores, ¡claro! O que nós dicimos é que vostedes, a Troica, o Goberno central, os recortes, a austeridade, son os culpables de que pasamos dez anos de década perdida.

Señor conselleiro, a economía crece pero se reparte dunha forma desigual e inxusta. Non sei se o sabe, pero temos o mesmo nivel de PIB en Galicia que no ano 2008, pero a parte do PIB destinado a pagar salarios é de 3.000 millóns de euros menos. ¿Por que? Porque hai 120.000 ocupados menos e porque as persoas teñen peores salarios. E iso provoca frustración social. Se se xunta iso aos recortes nas pensións ou nos servizos públicos, explícase que no CIS de hoxe, no mesmo que di que o seu partido está no camiño que plantexaba o meu compañeiro Pancho Casal, no CIS de hoxe di que o 93 % da cidadanía española di que a economía vai mal, regular ou moi mal, ¡o 93 %! Non cren ese discurso.

Pero vou rematar co meu tema favorito, este do crecemento do PIB. Non foi vostede, o señor Puy non sei se me intentou descualificar dicindo que cando un vén a un debate ten que traer os datos, a información, e eu pedinlle ao meu compañeiro Fajardo, que é moi eficiente, que me trouxera o pantallazo que se pode ver na Consellería de Economía e Facenda do IGE, onde aparece o crecemento do PIB... Non sei por que se ri, conselleiro. ¿O IGE lle provoca carcajadas? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Crecedemento do PIB, IGE —Instituto Galego de Estatística— do ano 2015, 2016 e 2017. Segundo o IGE, no ano 2015 o PIB galego medrou o 2,4 %. No ano 2016, o 3,1 %. E no ano 2017, o 3,1 %. Isto é o que di o Instituto Galego de Estatística, isto é sacado hai cinco minutos da

web da consellería. E eu vouno emprazar, señor conselleiro, porque a vantaxe disto é que se grava, e logo o señor Puy pode sacar o que se dixo catro anos antes. ¿Cal foi, señor conselleiro —dígoa aquí—, o crecemento real —real, que é como se miden este tipo de cuestións— da economía galega do PIB no ano 2015, 2016 e 2017? Dígoa, por favor, poña o dato, porque como iso vai quedar gravado, retratarémonos todos. Eu digo, e deixo este papel aquí, que o Instituto Galego de Estatística di 2,4 %, 3,1 % e 3,1 %.

Indo ao fondo da cuestión, hai crecemento económico, hai unha nova fase alcista do ciclo económico, que permitiu, logo de tres anos medrando, que acadáramos o mesmo nivel que tiñamos no ano 2009. ¡Unha década perdida! Unha década perdida que, se como facía eu na análise contrafactual non se producise, este país sería...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**O señor LAGO PEÑAS:** ...radicalmente diferente.

E nesta fase na que se produce crecemento da economía, que é o estadio natural da economía que medre o PIB, é o que ocorreu sempre, en 28 dos 30 anos anteriores ao ano 2007 iso é o normal, pois hai variables que evolúen positivamente.

¿Que dicimos nós? Que ese crecemento está sendo inxustamente repartido na repartición primaria da renda entre salarios e beneficios empresariais, e inxustamente repartido na repartición secundaria coa acción do goberno.

Remato dicindo: por favor, conteste á primeira pregunta. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Por resolver o problema máis rápido, eu quero dicir que eu non veño aquí alabar o Goberno, aínda que hai veces que o merece, como hoxe. Eu tampouco veño aquí descualificar a ninguén. E unha brincadeira sobre o *PowerPoint*, eu creo que tampouco é para que vostede tome as cousas así. E moito menos veño dar clase. Se viñera dar clase, estaría na miña praza da universidade. Aínda así, coincido co señor Casal, que lle gusta escoitar o señor Losada cando dá clase. A min tamén, a min gústame. O que algún día me ten que explicar a señora portavoz do PSOE é iso de que aquí non vimos falar con rigor porque aquí estamos facendo política, porque o que caracteriza unha clase ou a universidade é que os datos se manexan con rigor. Vostede di: non veña aquí dar clase, é dicir, a explicar como son as cousas profesionalmente, porque aquí estamos a facer política. Esa contradición pénsese vostede, medítea, consúltea co señor Losada, e algún día nola explica. *(Aplausos.)*

Señor Lago, como eu teño un equipo tan eficiente como o señor Fajardo polo menos, voulle deixar aquí, para que vostede recolla, o pantallazo do INE. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Do INE, o crecemento do PIB do INE. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É que vostede me fai unha trampa. Vostede me di que eu crezo como Soria e me trae datos do

IGE, que non computa Soria. *(Risos.)* Entón aquí ten... *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* Aquí ten Soria, non, non... Aquí ten Soria. *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor presidente, teño o tempo moi xusto. ¡Por favor!

**O señor PRESIDENTE:** Si, si, por iso. Non, non. Silencio.

**O señor PUY FRAGA:** Eu non o interrompín. Por favor, un pouco de...

Mire, aquí sae Soria porque vén a comunidade autónoma correspondente, que é Castela. E ademais veñen todas as comunidades autónomas. Entón, cando dicimos que non crecemos como Soria, senón que estamos converxendo como España, é con datos homoxéneos do INE. Se vostede quere coller o dato peor do IGE para comparalo co mellor do INE, é o seu problema. *(Aplausos.)*

Evidentemente, todo balance —iso deixouno claro o conselleiro— ten as súas cousas boas e as súas cousas peores, e diso é do que hai que aprender. Entón, a cuestión non é que vaia todo ben, porque hai datos que hai que mellorar, por exemplo o de I+D+i, que hai unha coincidencia xeral, aínda que hai que recoñecer que o comportamento público é moito mellor que o das empresas, e que o problema está na falta de investimento en innovación do propio tecido empresarial galego. Evidentemente, para iso estamos avaliando, para ver onde están as fraquezas e por onde hai que empurrar.

A valoración xeral, permítame a señora portavoz do Bloque en relación co señor Jorquera, o problema non é saber se estaríamos mellor tendo aceptado as emendas do Bloque. Iso non o sabemos e nunca o imos saber, porque no ano 2016 tamén houbo eleccións e deuse a casualidade de que o Partido Popular tivo moitos máis votos que o conxunto da oposición, ¿non? O que si sabemos, se ollamos aquel debate, é que vostedes dicían que con este plan estratéxico iamos estar peor, non iamos ir a mellor. E dicían tamén que os obxectivos eran moi ambiciosos e que había que compartilos, que eran imposibles de rexeitar. ¿Como rexeitar estes obxectivos? E o que tamén sabemos é que hoxe estamos cumprindo eses obxectivos porque eran realistas. E o que sabemos, por tanto, é que naquel debate nós acertamos porque Galicia vai mellor, conforme o que o Plan estratéxico prevía, e vostedes non acertaron porque Galicia non vai tan mal como vostedes prevían se non aceptabamos as súas emendas. Esa é a clave deste debate.

Evidentemente, datos xa se deron moitos, pero quixera finalizar preguntando. Que Galicia estea medrando de acordo co INE e, polo tanto, con cifras comparadas con toda España e Soria, unha media do 3,6 % do PIB, ¿é bo ou é malo? Eu pregunto, ¿é bo ou é malo? Señor Lago, eu sei que a vostede lle fai gracia isto no bo sentido do termo. Eu supoño que será mellor que Galicia creza o 3,6 % que que non creza; ou que estea o 3,6 % en negativo, que era como estaba Galicia no ano 2009. O que me leva a preguntarlle. ¿Vostede cando fala de década perdida, a que década se refire? ¿Refírese á década na que conseguimos darlle a volta á peor crise da historia contemporánea de España, cuns efectos que deixaron en España unhas consecuencias peores que a propia Guerra Civil en termos de riqueza, de destrución de emprego, etc.? ¿Ou vostede prefire que volvamos á década na que xeramos todas as cuestións

que nos levaron a ter a peor crise da historia contemporánea de España? ¿Cando vostede me vén co ano 2008 e co ano 2009, non se dá conta de que había unha burbulla financeira? ¿Non se dá conta de que o axuste que houbo nos salarios ten moito que ver co crecemento dos salarios moi por riba da produtividade na década inmediatamente anterior? Señor Lago, iso é o que eu lle preguntaría.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** Houbo unha década perdida, ¿que década perdida foi? Foi unha década moi concreta e con responsabilidades de dous gobernos, pero fundamentalmente do de esquerdas, que en España non viu vir a crise e negouna ata o último momento. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, nese período Galicia converxeu desde a vixencia do Plan estratéxico. Evidentemente, este crecemento cremos que non sería tan sólido de non ser polo Plan estratéxico. Ademais, está favorecido pola estabilidade política. A comunidade que menos medrou o ano pasado foi precisamente a que ten máis inestabilidade política. Unha estabilidade política que dá certeza, credibilidade e confianza; que permite aprobar os orzamentos e que ademais conta cun programa, o Plan estratéxico, que permite medir os resultados.

Para rematar, quero simplemente agradecerlle de novo esta comparecencia, valorar positivamente os resultados acadados nos tres primeiros anos do Plan estratéxico e humildemente animar o Goberno para que estes bos resultados sirvan de impulso para seguir deseñando e priorizando, ano a ano, as políticas que máis necesita Galicia para presentar no ano 2020 uns mellores resultados.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Peche desta comparecencia, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Bos días de novo, señor presidente.

Dous apuntiños. Efectivamente, señora Presas, mañá falaremos, paréceme, do tema do acceso ao crédito e tamén do que supuxo no seu momento a desaparición do Banco Pastor. Desaparición, por certo, que xa viña do ano 2012, non do ano que se formula, no ano 2015, cando é polo do Santander. Pero falaremos mañá do tema do acceso ao crédito, aínda que ao mellor non dá para moito o tempo que temos sobre esa cuestión. Por suposto que estarei encantado de contestar ás súas indicacións, se é vostede quen as formula.

Señora Rodríguez Rumbo, vou dicir un chascarrillo. Por favor, non se entenda mal o chascarrillo que vou dicir, porque por unha parte botábase man de determinados informes, neste caso, un informe coherente, ¡coidado! como pode ser o do BBVA que dicía vostede. Soamente unha cuestión. O acerto que os informes do BBVA teñen con esta comunidade autónoma nos tres últimos anos repáseos, por favor, non vou facer un xuízo de valor. Repáseos e despois miraremos os datos oficiais, ben sexan do IGE ou do INE. *(Risos.) (Aplausos.)*

Para que tamén quede a cousa suficientemente... Soamente un matiz ás palabras do señor Puy. Aquí creo que foi o profesor Puy, efectivamente, porque normalmente para establecer datos comparados ten que haber un certo nivel de comparabilidade. O IGE, por agora, non queremos que se dedique a medir os datos de Soria. Non, non, non temos esa tendencia tan galeguista, tan abusiva. Pero unha cuestión si que é verdade, o IGE tamén daba determinados datos desde o ano 2009, e daquela, por desgraza, a economía non medraba senón que decrecía. Tamén deu tesituras máis suaves que as que daba o propio INE. Agora que empezou a recuperación, o IGE daba crecementos o primeiro ano, no 2015, máis suaves do que deu o INE. Pero o que si é verdade, tamén para que conste en acta, cando se fan tantas referencias, é que a día de hoxe o tamaño que ten o PIB de Galicia segundo o IGE é aproximadamente uns 115-120 millóns euros máis que os que dá o INE. É dicir, para que miremos que ao final estamos posicionados no mesmo contorno, pero hai que miralos nun sentido relativamente máis amplo, por iso é tan importante ter rigor sen caer no rigorismo. É moi importante.

Como tamén é moi importante —e non fai falta saber de matemáticas nin que pregunte vostede polos nomes e apelidos de todos os que fixeron a muralla china—, se estamos falando do Plan estratéxico, ocupados daquela, de 2015, 2016, 2017 ata o 2020, entre 80 e 100.000 novos ocupados, hai un ano de partida, só lle ten que sumar, na peor das hipóteses, 80, e noutro caso, 100. Está clarísimo que eran os ocupados que tiñamos ao final do 2014. Por certo, datos IGE, porque estamos traballando en postos de traballo a tempo completo equivalente, para facelo comparable a nivel europeo, non só en Soria.

Pero vaíamos pechando, porque creo que o balance — benvido, señor Antón Sánchez, antes referinme a vostede tamén, espero que fora bastante literal o que dixen do que se falara no ano 2015 ata maio do ano 2016, cando daquela tamén todos os obxectivos que nos marcábamos, de índole económica e de índole social, segundo o que vostede predeterminara, puidera servir para calquera rexión ou comunidade autónoma, só había que cambiarlle o nome. Tres anos despois, sen ser triunfalistas, os datos que presentamos son comparativamente moi superiores á media española en case todos os parámetros. E por certo, bastante distintos ás comunidades autónomas que están máis contiguas con nós. Polo tanto, non servía cambiar o nome dun para outro e podía calquera facelo... O que pasa é que daquela non se estaba moi proactivo, moi polo labor, quizais porque as expectativas eran outras e, ao final, a xente votou o que votou.

Pero vaíamos por partes. Eu creo que o balance —como lle dicía—, fuxindo de calquera tipo de autocompracencia, é bo ou é moi bo. ¿A situación que temos nestes momentos é un óptimo? Eu nunca podo dicir iso, estamos nunha teoría de máximo relativo. Sendo bos os resultados, é importante que tanto a sociedade civil como os grupos parlamentarios, logo de analizar a importante documentación que teñen... Obviamente, o que está definitivo é o 2016, xa se lle indicaba, señora Rumbo, que o que hai no 2017 é un avance, avance que terminaremos neste segundo trimestre do ano 2018, como lle dicía. Entón deixará de ser tan *PowerPoint* para ser xa un verdadeiro informe.

Por certo, ¡menudo *PowerPoint!* porque ten un nivel de detalle, un nivel de indicadores, que iso si que para dominalo hai que sabelo. Se vostede lle chama a iso *PowerPoint*... Bueno, ¡é increíble! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si. É increíble como xogamos coas palabras.



Eu creo que por iso, logo do maior proceso de participación que daquela houbera na planificación —esperemos que tamén no seguimento e nas achegas por parte da sociedade civil—, creo que é bo facer estes documentos, amplos documentos, porque detrás hai moito traballo no que é a metodoloxía que nos demos para facer os seguimentos. Son moitas as persoas que traballan na Administración para facer isto posible, trasladémosllo con transparencia á sociedade, que nolo rebata onde hai que rebatelo, que nos acheguen os que queiran achegar, porque todo é mellorable.

Estamos a medio camiño e a min non me preocupa tanto, ao Goberno galego non nos preocupa tanto o resultado que temos a día de hoxe, sendo moi bo, senón consolidar as dúas directrices principais, que non é outra cousa que consolidar ese crecemento económico, que ten que ser inclusivo. Igual que digo crecemento económico digo inclusivo, sempre utilicei esa palabra. E a primeira derivada ao que se ten que trasladar é a máis e mellor emprego. Niso estamos, creo que son cifras correctas as que estamos acadando e oxalá foran lixeiramente superiores. Son as que temos, e sendo boas poderían ser lixeiramente mellores.

Creo que este crecemento está chegando aos fogares pero, ao mellor, non coa intensidade que nós quixeramos, iso tamén é bo recoñecelo, pero a situación na que estamos nestes momentos é totalmente distinta da que tiñamos no ano 2014, e xa non digamos tamén no ano 2015 e no 2016.

Por certo, tamén se deu aquí algún dato nesgado do que pode ser a carencia materialmente severa. Volvo repetir, se estamos falando de pobreza, de datos como pode ser da carencia materialmente severa, pois xa son datos extremos. Aínda así, o dato que presenta a nosa comunidade autónoma é mellor que o que presenta a sociedade media en España. Polo tanto, non sendo un bo dato, non nos recreemos nel pero poñámolo en valor, que algo estaremos facendo ben.

Polo tanto, creo que se temos máis crecemento, se estamos en taxas por riba do 3 % —3,4 % este ano, máis ou menos quedaremos na media dos catro anos, datos INE, dígoo por adiantado—, creo que é un bo dato. ¿Por que? Porque se está trasladando ao emprego. Como lle dicía, co 2017 pechado, son 55.000 novos empregos creados, pero é que neste primeiro trimestre xa imos polos 63.000, entón iso é bo, imos chegar moi tranquilamente a final de ano a 72.000. Moi tranquilamente non, a tendencia di que chegaremos aos 72.000 ou 72.500, e obviamente xa estamos no tramo alto para chegar aos 100.000. Aos 100.000 sobre os que tiñamos no 2014, señor Lago, vólvoo repetir, cun ciclo exportador que o que está dicíndonos é que cada vez temos mellores empresas, que non están colocando soamente os seus produtos, senón os seus servizos, economía terciarizada, mundo avanzado que todos necesitamos, como é xa a día de hoxe a nosa comunidade autónoma.

Con esa sociedade do futuro que avanza en datos como o do abandono escolar, que xa o temos moi ben. ¡Oxalá o tiveramos no 10 %, pero vindo de onde vimos, nestes momentos estar no 14,9, co 13,5, con moito esforzo, tratando de lograr iso, é o que marca tendencia, por aí debemos de ir, e sempre con máis inclusión social e, por suposto, ao final máis converxencia. Dándonos conta tamén de que temos un importante problema demográfico que

o estamos afrontando, e oxalá entre todos iso fose un tema de país que o puxeramos sen pelexarnos con outros, porque é moito o que como sociedade aínda temos que facer.

Polo tanto, eu son dos que creo que, á parte dalgún chascarrillo, debemos seguir traballando xuntos para consolidar o que logramos nestes últimos anos e mellorar, que hai cousas que temos que mellorar. Porque o importante é o reto que temos: seguir construíndo entre todos a Galicia que queremos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

A cousa debía estar bastante centrada porque os dous informes que me pasaron coinciden.

Suspendemos a sesión ata as cinco da tarde.

*Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás cinco da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Reiniciamos a sesión cunha proposición non de lei, tal como se anunciou na comunicación desta alteración da orde do día.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre a negociación pola Xunta de Galicia co Concello da Coruña e as demais partes implicadas da revisión dos convenios portuarios do ano 2004, así como os criterios de ordenación, a forma xurídica do consorcio, o financiamento e os accesos ao porto exterior e os demais apartados contidos na proposta de protocolo trasladada polo Goberno municipal da Coruña**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha autoemenda do propio grupo parlamentario autor.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Débase substituír o texto resolutivo polo seguinte:*

*«O Pleno do Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:*

*1) Realización das xestións oportunas para deixar sen efecto o Protocolo asinado entre Xunta de Galicia, Ministerio de Fomento, Portos do Estado e Autoridade Portuaria de A Coruña, de data 18 de abril de 2018 e, en todo caso, a non asinar o Convenio que se anexa ao mencionado Protocolo.*

*2) Á apertura dun proceso de negociación co Concello da Coruña, Autoridade Portuaria e Ministerio de Fomento-Portos do Estado aos efectos da revisión dos Convenios portuarios do 2004, así como*

*dos criterios de ordenación, forma xurídica da xestión dos terreos, financiamento e demais apartados contidos na proposta de Protocolo trasladado desde o goberno da Coruña, que debe servir como base, suxeita a negociación aberta, para o obxectivo de acadar os acordos conveniados e de colaboración, diálogo e cooperación institucional que concreten e definan detalladamente os obxectivos básicos contidos en tal Protocolo.*

3) *Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Fomento, Portos do Estado e Autoridade Portuaria da Coruña.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boas tardes a todos e a todas.

Imos falar do porto da Coruña, dos terreos do porto da Coruña. Quero facer constar que, unha vez máis, cando se debate este tema, a señora Beatriz Mato, conselleira de Medio Ambiente, non está. Polo que eu sei, vai ser a candidata do Partido Popular na Coruña, e non está para tratar este tema. Seguramente porque non se quere poñer colorada cando digamos que ela mesma votou no Consello de Administración da Autoridade Portuaria a favor de privatizar os terreos —nesas xuntanzas nas que cobraban xugosas dietas—. A señora Beatriz Mato vota primeiro a favor da privatización deses terreos e despois preséntase como candidata á Coruña. Agardo que a cidadanía non esqueza.

Ben, pois do que se trata é de que o pasado 18 de abril a Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento, Portos do Estado e Autoridade Portuaria asinaron un protocolo sobre os usos dos terreos do porto da Coruña, un protocolo que excluíu da negociación e dos seus termos o Concello da Coruña, o Goberno do Concello da Coruña; un protocolo así redactado dende a deslealdade institucional, un protocolo redactado á marxe do sentir cidadán para dar cobertura legal a unha operación especulativa, amplamente contestada na cidade da Coruña. É unha aldraxe ao Goberno municipal pero tamén á cidadanía da Coruña.

É un protocolo, polo tanto, infame nas súas formas, un protocolo, ademais, inaceptable nos seus obxectivos. Está ao servizo de intereses particulares e partidistas e é contrario ao interese xeral da cidade, xa que, dende hai tempo, as mobilizacións da sociedade civil e política coruñesas deixaron ben claro o sentir maioritario da cidade respecto dos terreos da Autoridade Portuaria da Coruña. Manifestouse unha oposición frontal á privatización e especulación urbanística cos terreos deste porto, e expresouse de xeito absolutamente rotundo en favor da preservación da titularidade pública do litoral.

A inmensa maioría dos cidadáns e cidadás da Coruña entenden que A Solaina e o hotel Finisterre, por un lado, Calvo Sotelo, Batería e San Diego polo outro, non poden ser obxecto dun soberbio pelotazo urbanístico, como quere a Autoridade Portuaria, senón que deben estar ao servizo dunha visión global da cidade, atendendo ao interese xeral e priorizando o seu uso público e dotacional. Os usos deses terreos deben definilos a cidadanía e o Concello da Coruña, que é a institución que ten as competencias urbanísticas e de ordenación dos usos dos terreos unha vez que sexan desafectados.

A sinatura do protocolo por parte destas administracións coa Xunta de Galicia sobre os terreos do porto supoñen unha expropiación forzosa e ilexítima das competencias do Concello da Coruña, unha expropiación manifestamente antidemocrática do dereito que teñen os cidadáns e cidadás da Coruña a decidir sobre o futuro do bordo litoral coruñés e sobre o seu uso público. Mentres se exclúe das decisións o Concello da Coruña, que é a administración que ten as competencias para a ordenación urbanística no termo municipal, outorga o control na zona 1 á Xunta de Galicia mediante a compra do 51 % do terreo, que lle dá poder de bloqueo sobre o que alí se faga. E isto, evidentemente, non é inocente. A marxinação do Concello na toma de decisións transcendentais para a cidade é tamén a marxinação da cidadanía da Coruña.

Por outra banda, o contido deste protocolo non respecta a vontade maioritaria dos cidadáns coruñeses, favorables a erradicar os intereses especulativos e inmobiliarios na xestión dos terreos. O protocolo mantense fiel aos convenios do pelotazo de 2004, trasladados ao Plan xeral de ordenación municipal aprobado no 2013 polo Partido Popular, onde se propoñían actuacións de urbanización en San Diego, con miles de vivendas de ata nove alturas co pretexto de financiar os custos da construción do porto exterior ou a débeda da Autoridade Portuaria.

A grande aposta da Autoridade Portuaria é a enaxenación privada dos terreos portuarios e a privatización do solo público, terreos que foron gañados ao mar, nun caso, ou antigos bens comunais da cidade, noutro. Pretende alterar un dos bens máis prezados da Coruña: a súa fachada marítima e bordo litoral.

A desafectación dos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego supón —debería supoñer e ten que supoñer— unha oportunidade para a reordenación territorial urbanística da cidade e abre a porta ao seu uso público, con equipamentos dotacionais, espazos libres e zonas verdes. Pero ese interese público e dotacional é contrario, xusto o contrario, á estratexia da Autoridade Portuaria, da Xunta de Galicia do señor Feijóo e do señor Íñigo de la Serna, que pretende a venda da zona 2, San Diego —o 80 % dos terreos— a promotores privados para a urbanización deses terreos con destino maioritario a vivendas e usos terciarios comerciais.

Pero esta especulación, aínda por riba, non vai pagar a débeda do porto. O protocolo especulativo non saldará a débeda do porto da Coruña, só servirá para lucrar unha minoría de piratas inmobiliarios. As enaxenacións previstas non solucionarán a actual situación estrutural de débeda do porto da Coruña nin van permitir un reequilibrio das súas contas.

Persistir na venda dos terreos portuarios como solución a esa débeda significa estar ancorados nas hipóteses do 2004, cando se prevía que os ingresos da venda destes terreos darían para pagar, para saldar, un terzo do custo do porto exterior. Manter esa hipótese na actualidade é un despropósito absoluto.

Existe tamén desprezo pola cidadanía, quérese, por interese partidario, interese partidario do Partido Popular, custe o que custe, deixar o Concello da Coruña, e polo tanto a cidadanía, sen a capacidade de decisión, e privalo da súa participación na futura ordenación dunha

parte fundamental do seu territorio, do bordo litoral portuario. Preténdese facelo sen a máis mínima transparencia, negociando e acordando sobre a cidade da Coruña sen participación do goberno e da administración que representa os intereses deses cidadáns. E faise como un castigo a un goberno que non é do Partido Popular e non serve aos intereses dos amigos do Partido Popular, Partido Popular que se considera co dereito divino a gobernar e que considera intrusos a calquera que democraticamente os derrote.

A solución, en cambio, pasa, como a proposta que fai o Goberno local, por abrir un proceso de negociación sobre as demandas amplamente compartidas por toda a cidadanía, como se puxo de manifesto nas mobilizacións. Este xeito de proceder negociado, colaborativo, cooperativo e democrático que reflicte a proposta do Goberno local engloba esas demandas amplamente maioritarias da cidadanía. É a aposta polo clima de lealdade institucional, de colaboración, en procura destes obxectivos.

Esta proposta do Goberno local é unha proposta baseada en criterios de ordenación que afirman a titularidade pública dos bens portuarios e que trata da necesaria integración da cidade co porto, de aproveitar esa oportunidade histórica para a transformación da cidade. A lealdade institucional debería obrigar á Xunta, Portos do Estado e ao Ministerio de Fomento a acordar unha solución baixo estes criterios, en vez de escoller a obstrución do diálogo e a obstrución da negociación atendendo a malos cálculos partidarios e a intereses electorais para facerlle a campaña a unha señora que levantou o brazo para privatizar os terreos do Porto da Coruña.

A Xunta, o señor Feijóo e o señor De la Serna decidiron favorecer os especuladores e intentar debilitar o Goberno da Coruña. Decidiron hipotecar o futuro do bordo litoral portuario da fachada marítima da cidade. Erran, pero aínda están a tempo de emendar ese erro para evitar unha aldraxe á cidadanía da Coruña, para buscar unhas solucións á protección do interese xeral e garantir a titularidade pública dos terreos enaxenados do porto.

Nesta autoemenda que fixemos —porque non houbo tempo material de que entrase esta iniciativa en tempo pero que propoñemos hoxe— instamos a Xunta de Galicia a facer as xestións oportunas para que deixe sen efecto o protocolo asinado, o protocolo da vergoña, o protocolo que vai pasar á historia como protocolo da vergoña do Partido Popular, que non pode ocultar a súa natureza (...) *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión.)* con este xeito de actuar. *(Murmurios.)*

Para restablecer a lealdade institucional e atender a vontade maioritaria da cidadanía da Coruña... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Proseguen os murmurios.)* Si, bueno, é difícil de superar o desta mañá, cando a señora Paula Prado nos chamou fascistas aos de En Marea. É evidente que é difícil de superar ese listón *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Estaríase mirando ao espello. Só faltaría que nos dixeran que temos relación co narcotráfico ou que nos financiamos co narcotráfico, ou que fomos fundados por sete ministros franquistas, etc., etc. ¡Era o que nos faltaba!

**O señor PRESIDENTE:** Imos ao tema da Coruña, que é o que lles importa aos da Coruña.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Si, parece que a esta bancada non lle importa moito o que pase na Coruña. Por iso están dicindo o que están dicindo.

**O señor PRESIDENTE:** Si, imos ao tema da Coruña e vaia rematando cando poida.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Polo tanto, dicimos que instamos a Xunta a que actúe con lealdade, cun procedemento democrático, e que negocie co Concello da Coruña, coa Autoridade Portuaria e co Ministerio de Fomento e que revisen os convenios de 2004 —que son un auténtico pelotazo— e que atendan aos criterios de ordenación, fórmula xurídica de xestión dos terreos e financiamento contidos no protocolo proposto polo Goberno da Coruña. É a demanda maioritaria na cidadanía da Coruña. Non queren eses terreos para especular, non queren eses terreos para facer a campaña electoral do Partido Popular. Quérenos como unha oportunidade de futuro para A Coruña.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

A expresión «Partido Popular antidemocrático» retirámola, se lle parece. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, dixo iso. Eu entendín iso. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, perdón, é que, se é así, iso é outra historia. Pero eu entendínlle a vostede: «O Partido Popular antidemocrático». Entón retirámolo. (**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** É que eu non o dixen.) Si que o dixo, si, si. Retiramos iso. Bueno, queda retirado, queda retirado porque acepta que se retire. (**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Non, é que eu non o dixen...)

Eu entendín «Partido Popular antidemocrático». (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Silencio! Queda retirada a expresión.

Bueno, comprobarei eu exactamente o que se dixo e, con base niso, decidirei o que facemos. Xa está. Que os servizos da Cámara comprobén exactamente o que se dixo e, con base niso, decidirei. É que... ¡vamos!, ¡por favor! ¿Non sabe que aquí se grava todo? Xa está, pois imos facer así. ¡Por favor! É que é unha cousa que non ten nin pés nin cabeza.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Para o BNG este debate parlamentario sobre a fachada marítima da Coruña é necesario, e, sobre todo, logo do acontecido nas últimas semanas cando a Xunta de Galicia se puxo de parte da Autoridade Portuaria, de Portos do Estado, e non da cidadanía, da cidade da Coruña e das súas demandas históricas. Porque se trata dun acordo a dúas partes polo que se tenta



dar unha solución de emerxencia cómoda para o Partido Popular a unha ineptitude, ou a unha corruptela, na xestión do porto exterior. ¿Por que me virá a min á cabeza agora a Cidade da Cultura?

O orzamento previsto no inicio era de 429 millóns e estamos xa nos 734. Señores deputados e deputadas, se isto é xestión e isto é competencia... Isto é incompetencia.

E nantronte Fomento e Xunta —dous pés do mesmo banco— acordan utilizar a propiedade pública para tapar o enorme burato financeiro da Autoridade Portuaria. Claro que, de paso, contentan as apetencias dos sectores económicos ávidos de negocio á conta do público. E tamén, de paso, dótase a cidade herculina de áreas e centros comerciais para ver se acaba dunha vez co pequeno comercio.

Vista a oposición decidida e firme, maquillan o negocio cun xeito de compromiso de manter a titularidade pública aportando o Goberno galego, seica, un máximo de 20 millóns. O ministro de Fomento declara que acordos desta natureza non son usuais no sistema portuario español. ¡Madría leva!

Desde o BNG, temos que dicir que todos eses terreos dos que estamos a falar son públicos, ¡todos eles! E, por tanto, calquera compravenda que se pretenda facer por calquera administración é fraude de lei.

A Solana e o hotel Finisterre son dúas zonas ocupadas e espoliadas polas elites coruñesas en pleno franquismo, na década dos cincuenta. Elites que transformaron a praia do Parrote no complexo hostaleiro-deportivo que desde 1968 desfrutan en privilexio. A concesión remata en 2027 e, en previsión, o goberno municipal, co seu alcalde popular Carlos Negreira á fronte, realizou unha modificación puntual do plan xeral cambiando o uso dotacional público por un uso dotacional privado, blindando así a capacidade das empresas e apartando a cidade da súa recuperación. E aí estivo o BNG dando a batalla e denunciando para recuperar a memoria histórica da cidade e destes espazos, para recuperalos do espolio franquista.

No tocante aos peiraos interiores de Batería e Calvo Sotelo, a gravidade dos feitos non é menor. Este segundo negocio ten a súa orixe no convenio asinado en 2004, cando o *Prestige* aínda deitaba aqueles *hilillos de plastilina*, ¿recordan?. Foi unha manobra especulativa escenificada nun consello de ministros celebrado en María Pita e artellada por tres actores principais: o alcalde —don Francisco Vázquez—, o ministro de Fomento —Francisco Álvarez Cascos—, e o conselleiro de Política Territorial —don Alberto Núñez Feixóo—, hoxe presidente. (*Algúns deputados: ¡Feijóo!*)

¿Como? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Como vostede queira, pero tamén como eu quero.

**O señor PRESIDENTE:** Non dialoguen.

**O señor RIVAS CRUZ:** Podo ler como quero. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, en fin... Disquisicións lingüísticas... (*Murmurios.*)

Este acordo de pelotazo establece que o porto exterior sexa financiado pola venda do porto interior, abrindo a porta á iniciativa privada e á especulación inmobiliaria, cunha previsión de construción de edificios de ata dez alturas en primeira liña de mar, todo para poderen financiar unha débeda da Autoridade Portuaria de case 300 millóns de euros. O BNG entende que na orixe os terreos foron cedidos pola cidade para o seu uso marítimo-pesqueiro, coa condición de que, se esa actividade e uso desaparecían, os espazos volverían aos veciños.

Hai que dicir tamén que nos peiraos de San Diego se atopan os espazos da estación de mercadorías cun desuso intencionado en plena desmontaxe por parte do Ministerio de Fomento, sendo que o ferrocarril chega ata a praza de Ourense no centro da cidade. Este é o caso máis saboroso do pastel.

Ademais, queremos lembrarlle a esta Cámara que o porto exterior da Coruña foi comprometido cun investimento do Estado incluído no Plan Galicia de 2003. As obras de Punta Langosteira custaron 734 millóns de euros. Curiosamente, o Ministerio de Fomento, a través de Puertos del Estado, é quen financia as obras de ampliación sul do porto de Barcelona con 1.312 millóns de euros; tamén a ampliación do porto de Xixón, 786; e, en Valencia, 978 millóns de euros. Non esquezamos que o porto exterior noso está concibido como necesidade loxística e por razóns de seguranza marítima, para que non se repitan os *Mar Egeo* e outros.

Por todo isto, desde o BNG somos máis ambiciosos que a propia PNL que presenta En Marea. E así non só dicimos que se deben revisar os convenios de 2004 e o protocolo asinado recentemente polo presidente da Xunta. Afirmamos que deben ser emendados na súa totalidade co obxecto de garantir que todos os espazos dos peiraos interiores da Coruña sexan devoltos gratuitamente e que o financiamento do porto exterior se faga a cargo dos orzamentos xerais do Estado, como se fai habitualmente noutros lados. Quede, pois, constancia da nosa denuncia e de que apoiaremos esta PNL do Grupo de En Marea.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

É certo que esta mañá asistiu a unha iniciativa lexislativa sobre a AP-9 a conselleira de infraestruturas. Hoxe botamos en falta, certamente, a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e membro do Consello de Administración da Autoridade Portuaria da Coruña. Sería de interese que a candidata *in pectore* do Partido Popular na Coruña asistise a este debate. (*Aplausos.*) Porque hoxe falamos dun asunto crucial para o presente, non só para o futuro senón tamén para o presente, da cidade: a reordenación dos solos do porto interior da cidade a medida que se van liberando con motivo da apertura das instalacións de punta Langosteira.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista anticipo que imos apoiar esta iniciativa presentada por En Marea, incluso coa autoemenda presentada. Pero creo que hai que poñer algúns puntos sobre os is. E neste sentido lembro a catástrofe do *Mar Egeo* —1992—, cando tiñamos aínda na memoria o *Urquiola*; no 2002, a catástrofe do *Prestige* en toda a costa galega, de forma nomeada, na costa da Morte. E A Coruña ten un oleoduto, que atravesa o noso solo, de 6 quilómetros. E nese sentido, os dous convenios de 2004, subscritos precisamente polo Concello da Coruña e tamén polo Concello de Arteixo co Ministerio de Fomento e coa Xunta de Galicia, estaban subscritos, evidentemente, polos alcaldes respectivos tamén. E os convenios de 2004 —e creo que hai que facer algunha matización a algunhas das declaracións realizadas tanto polo señor Sánchez como polo señor Rivas— non naceron para levar a adiante unha especulación atroz da cidade. Naceron por dous motivos principais os convenios, e basta con deles e basta tamén con saber como é a historia da cidade. En primeiro lugar, para darlle máis seguridade ambiental á cidade da Coruña levando as actividades de descarga máis perigosas fóra da cidade. E, en segundo lugar, para conseguir un maior posicionamento portuario da cidade da Coruña no contexto de todo o arco atlántico. Outra cousa será cando falemos de como se está xestionando o porto exterior da Coruña. E outra cousa será tamén falar —que son políticas e palabras maiores— de por que non abordamos as necesarias integracións das diferentes infraestruturas portuarias de todo o arco ártabro. Entón, quero insistir niso.

Os convenios de 2004 deron lugar a que A Coruña puidera dispoñer dun porto exterior, non só A Coruña senón a área metropolitana e todo o noroeste. E nese sentido temos que recordar como aqueles convenios foron asinados non só por Núñez Feijóo —daquela conselleiro de Ordenación do Territorio— e o ministro de Fomento, senón polos alcaldes respectivos da Coruña e de Arteixo.

Pero, evidentemente, pasaron catorce anos e as circunstancias económicas, as circunstancias urbanísticas e mesmo as circunstancias sociolóxicas teñen variado moito. E, polo tanto, desde o Grupo Parlamentario Socialista e desde o Grupo Municipal Socialista tamén se considera necesario levar a adiante unha revisión dos convenios de 2004. Por iso eu insistiría en facer menos políticas de terra queimada e mirar máis para adiante no horizonte da cidade.

O Grupo Parlamentario Socialista, con motivo daquela frustrada subasta nocturna do que é A Solana e do hotel Finisterre, presentamos unha serie de iniciativas, en primeiro lugar, defendendo a necesidade do porto exterior de punta Langosteira para A Coruña, a necesidade de que se dotara orzamentariamente o enlace ferroviario de punta Langosteira, e a necesidade de constituír a comisión de seguimento precisamente prevista nos convenios de 2004 para abordar o novo futuro da cidade á hora de redefinir os usos dos solos da fachada interior baixo un principio fundamental de irrenunciable titularidade pública de todos estes terreos.

No pleno do 5 de decembro preguntámoslle á conselleira —deu resposta a conselleira do Mar neste tema— e recordámoslle como a propia Lei de portos do Estado e da Mariña Mercante establecía posibilidades de cesión gratuíta ás administracións públicas dos terreos portuarios desafectados. E preguntámoslle, á conselleira do Mar neste caso, por que grandes cidades como Bilbao, como Valencia, como Barcelona ou Amsterdam, ou outras cidades como

Xénova, abordaron procesos de reordenación portuaria interior con fórmulas de colaboración institucional e por que nós non podemos. A conselleira anunciábanos un protocolo, e ese protocolo, por parte do señor Feijóo, chegou o día 18 de abril. E eu diría que nun alarde de despotismo ilustrado, porque parecería que poderíamos dicir o de «vou facer algo, e todo polos coruñeses e as coruñesas pero sen os coruñeses e sen as coruñesas». Porque realmente é absolutamente necesario que na definición da nova fachada portuaria interior da Coruña estea o actor principal, que é o Concello da Coruña. Señor Martín Fernández Prado, vostede é concelleiro nese pleno. E o Concello da Coruña ten que ser o actor principal na redefinición dos solos do porto interior. O señor Feijóo e o señor ministro de Fomento non poden vir á Coruña e entrar pola porta de atrás. Teñen que vir á Coruña sen cruzar o Rubicón, teñen que vir ao pazo municipal de María Pita para definir o futuro da cidade. Non se pode entrar na Coruña coma un elefante nunha cacharraría, non se pode utilizar a técnica do cabalo de Troia. Revisemos os convenios de 2004 todos xuntos e deámoslles unha nova oportunidade á cidade.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Actívese a comisión de seguimento dos convenios do 2004. Apostemos por unha fórmula consorcial que lidere o proxecto para a cidade, non empreguemos electoralismo nesta cuestión de futuro da Coruña. Quen pretenda patrimonializar isto vai saír castigado, xogámonos demasiado na Coruña, xogámonos o futuro. Sexamos intelixentes e non desaproveitemos esta grande oportunidade para impulsar un novo proxecto de cidade que ilusione a todos, como ben fixeron outras cidades intelixentes. E A Coruña é e sempre foi unha cidade intelixente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** O que non sei é se os políticos estaremos á altura das circunstancias.

Onte o Grupo Municipal Socialista presentou —como saben— unha moción, que conseguiu o apoio unánime no pleno municipal, no sentido de constituír a comisión de seguimento dos convenios para falar entre todos de como levar a adiante a reordenación dos solos do porto interior.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Non pode ser que o señor Feijóo acompañado do ministro de Fomento cheguen e tomen A Coruña pola súa conta.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Este mesmo alto cargo tamén o outro día dicía: «¡Como se nos esquecen as cousas aos da Marea!»>. E dicía: «Cando falabamos antes, o outro día, de Tecendo litoral...» —tamén tendo rede de amigos, como explicou Errejón—. E dicía o outro día que estivo menos do 1 % da poboación da Coruña, o 99 % quedou fóra —bastante longo o do 99 %—. Dicía: «Nós dicíamos antes que iamos gobernar para o 99 %, e agora gobernamos só para a minoría dos amigos; había máis altos cargos da Marea que cidadáns da Coruña». (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

En calquera caso, creo que con este «bla, bla, bla» —o que ben dicía o fundador da Marea da Coruña— dicían que queren crear unha realidade paralela a ver se así, de tanto repetir, a xente o cre. Pero é mentira e vou deixar as cousiñas ben claras para ver se...

Primeiro, este protocolo segue o que aprobou o Pleno da Coruña, que pediu que se evitara a poxa da Solana, de Batería e Calvo Sotelo. Está cumprindo unha demanda do Pleno da Coruña.

Segundo, señor Rivas, A Solana queda tal cal está, non se toca. E Batería e Calvo Sotelo son recheos, nunca foron da cidade. En calquera caso, son portuarios sempre. Céntrase só na propiedade, o protocolo fala de propiedade, de garantir que é unha propiedade pública, porque queda en copropiedade coa Xunta, que queda co 51 %. E non fala para nada nin de usos nin da ordenación urbanística nin de ningunha competencia do Concello da Coruña. Para iso están os outros convenios, e por iso votamos a favor cando se fala de modificar os convenios. En calquera caso, non se fala de usos nin de ningunha competencia do Concello.

E, por outra parte, o que se firmou é un protocolo e anéxase un convenio. E ábreanse as portas e invítase desde o minuto un —porque isto non comezou aínda ata que se asine o convenio— a participar ao Concello e á Deputación. Non está pechado, non se deixa fóra a ninguén, non se mete ningunha competencia municipal. É sobre a propiedade, garantir que é unha propiedade pública. Iso é o que fai este protocolo.

Ademais, tendeuse a man para que poidan participar todos os que queiran. O que pasa é que hai dous modelos: un é de «bla, bla, bla» —como ben dicía o fundador da Marea— e outro é de traballo e de 20 millóns de euros encima da mesa. Porque, claro, o do Concello da Coruña debe ser o único alcalde e concello do mundo que, cando un presidente quere investir 20 millóns na súa cidade, se opón. (*Murmurios.*) Sen pedir nada a cambio, (*Murmurios.*) e para garantir que uns terreos sexan públicos. Minto, o alcalde da Coruña oponse non a 20, senón a 40; tamén aos 10 da intermodal, aos 5 de vivendas públicas do Ofimático, e aos outros 5 do centro de saúde de Santa Lucía, ja todo! Oponse porque o que hai que crear é esa realidade paralela de que hai un enfrontamento, porque iso parece que funciona para os intereses políticos locais da Marea.

Pero, mire, o 99 % —xa que falabamos do 99 %— da cidade da Coruña están contentos con este acordo porque entenden que é un bo acordo. ¿Por que? Porque arranxa un problema que Ferreiro non foi capaz de arranxar. E iso é o que lles doe, que chegue Feijóo a arranxar un problema que vostedes non foron capaces de arranxar. (*Aplausos.*)

Pero, miren, o que está encima da mesa é unha invitación para a colaboración institucional. Está enriba da mesa para que se incorporen, dialoguen e participen, desde antes de empezar —que aínda non está asinado o convenio—. Incorpórense ao convenio, propoñan algo. O problema é que só é bla, bla, bla..., pero traballar e propoñer, nada de nada.

En calquera caso, piden modificar, no punto 2, os convenios do 2004. Explicouno moi ben o voceiro do PSOE. ¡Pero se levamos dicindo que ese convenio do 2004 o firmou un alcalde socialista e que o tramitou urbanisticamente o Goberno bipartito, do PSOE e do BNG, que o aprobaron inicialmente en 2009, o Goberno bipartito do BNG e do PSOE! (*Murmurios.*) Claro, os do BNG agora non queren saber nada deses convenios que firmaron, que traballaron. ¿Por que? Porque os que os firmaron estaban en Cerna e agora están na Marea, os tres. (*Murmurios.*) Pero, claro, cando a esquerda poñía iso non era especulación. Agora quen os herda é quen os ten que aprobar. Estaba o documento do plan xeral para a aprobación definitiva deixado polo Bipartito tal cal, nin un metro cadrado máis, tal cal o deixou o Bipartito e os que están agora na Marea, de Cerna, ¡tal cal! Entón, antes era especulación, agora non.

Mire, falaba dos casos de Bilbao e de todos eses. O outro día xa lles dixo o alcalde de Bilbao, o ex-alcalde de Bilbao, nesas invitacións: «Mire, ¿que especulación se as plusvalías son todas públicas? En Bilbao fixemos 5.500, ¡5.500!»

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** En calquera caso, son tantas cousas as que din, que é unha pena, quédanme a metade. Pero é un cúmulo de mentiras.

En calquera caso, quero rematar cunha soa. Piden, no punto 1, anular un convenio que trae para a cidade da Coruña 140 millóns de euros de aceso ferroviario ao porto exterior, 140 millóns, sen que teña que poñer a Autoridade Portuaria un só euro, para licitar no primeiro semestre do 2019, que aí estarán, nos orzamentos do 2019. E piden que se anule o que xa votamos todos a favor neste Parlamento, ¡vaia incongruencia!

Deixen de pensar na Marea e pensen na cidade da Coruña. Díganlle ao que lles escribiu, ao xefe de gabinete, que sente, que dialogue e que fale, porque está aberto, sen empezar aínda e sen firmar o convenio, para que se incorporen todas as administracións que queiran.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ben, agradezo moito o apoio do Partido Socialista e do BNG á nosa proposta. En canto ao Partido Popular, citas de altos cargos eu propoñolles unhas cantas do seu partido: «Luis sé fuerte», ou algunhas que pasaron cando vostede estaba no Go-



berno, cando aquilo da Pikachu... *(Murmurios.)* Cando dicían: «Mira unha cousiña [...]». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio!

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Eu non sei se podo falar... Cando falaba de «antidemocrático» refírome a isto. Non sei se... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Por favor, silencio.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Cando pasaba, cando estaba vostede no Goberno, cando estaba no Goberno..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...co da Pikachu, aí si que había boas citas. O que pasa é que che-gou a Marea atlántica precisamente para acabar coa súa podremia e botáronos fóra. Vostedes non conciben que unha candidatura sen os medios que teñen vostedes e sen o poder que teñen vostedes os barreran do mapa. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señor Fernández Prado, pretende xustificar o inxustificable. É dicir, que o Partido Popular sempre estivo a favor do pelotazo, sempre estivo a favor da especulación, sempre estivo a favor de privatizar o público. E a señora Bea Mato votou a favor da vender A Solana no Consello de Administración da Autoridade Portuaria, onde cobraba xugosas dietas. E vostede aprobou un plan xeral de ordenación municipal que consolidaba a especulación nos terreos do porto. E vostede mentiu aquí en varias cuestións. O protocolo asinado avala os convenios, convenios que din que na zona de San Diego —que son o 80 % dos terreos do porto da Coruña, 344.000 metros cadrados— se van construír 4.000 vivendas de ata nove alturas, e vostede aprobou ese plan xeral de ordenación municipal. Vostede di aquí que activen a comisión de seguimento, e vostedes nunca propuxeron a activación da comisión de seguimento. Vostede está dicindo que Feijóo veu solucionar o problema, cando o Partido Popular hai un ano estaba a favor da privatización dos terreos e veu agora facer o paripé para facerlle a campaña á señora Bea Mato. E vostedes van ter que volver rectificar porque teñen a cidadanía en contra neste asunto, absolutamente. Van ter que volver rectificar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E vostedes aínda van firmar un protocolo dicindo que é a solución, desprezando a quen cambiou as cousas realmente, a quen pasou do modelo do pelotazo que vostedes apoiaron ao modelo da titularidade pública. Foi a loita da xente, da cidadanía e do goberno democrático da Coruña e non o señor Feijóo. E o señor Feijóo aínda encima vén avalar que no 80 % deses terreos se constrúan 4.000 vivendas. Esa é a realidade que vostede tratou de xustificar.

E vostede veu aquí mentir. O protocolo non aproba nada dos 140 millóns de euros da conexión ferroviaria.

O anuncio... ¿Cantas veces van facer ese anuncio? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio!

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ademais, aquí quen presentou neste Parlamento galego o financiamento público da conexión ferroviaria ao porto exterior foi En Marea, non o Partido Popular. *(Murmurios.)* Entón, pois xa está claro o papel que vén facer vostede aquí. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Silencio, señor Martín, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Polo tanto, van ter que rectificar unha vez máis. Se hai un ano querían privatizar A Solana —e a señora Bea Mato votou a favor—, agora van ter que rectificar. E o Concello da Coruña vai ter que liderar o proceso democrático de deseño dos terreos do porto, por moito que lles custe. *(Murmurios.)*

Ría, ría o que queira.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ría o que queira. A súa posición foi infame, vergoñenta. Vostedes están acostumados a facer as cousas así.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ¿Vai a Xunta, que non ten competencias, dicirllas aos coruñeses e ás coruñesas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio!

Grazas, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...como ten que ser o futuro deses terreos? Vostedes seguen no mesmo punto. Foi o concelleiro de urbanismo o que aprobou o cambio de público dotacional a privado dotacional. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, señor...

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Que vostede tamén ten un pasado, señor Fernández Prado.

Rectifiquen, que é cando acertan. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Rectifiquen, que é cando acertan. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

*(O señor Sánchez García diríxese ao señor presidente e pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Xa lle dixen. Entre outras cousas, eu teño que protexer a quen está no uso da palabra, e iso pido para todos. E, por certo... *(O señor Sánchez García diríxese ao señor presidente e pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ben, dinme que pola mañá vostede tamén falou... Pídolles que colaboren todos.

Imos aclarar o que pasou antes, porque xa mo fixeron chegar e isto é bo. Exactamente a frase é: «Partido Popular que non pode ocultar a súa natureza antidemocrática». *(Murmurios.)*

¿Retira isto ou non o retira? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Chamada á orde. Perdón, chamada... *(Fortes murmurios.)* Non, non, está claro. *(Fortes murmurios.)* ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Chamada á orde. Ten unha chamada á orde.

Continuamos coa orde do día.

Agora pasamos ao punto cuarto, que se corresponde co de mocións.

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto ambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.)*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar o punto 5 da parte resolutiva da moción, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«5) Que se teñan en consideración de forma estrita as seguintes consideracións á hora de emitir os preceptivos informes, que serán previamente enviados de novo ao concello e aos axentes económicos e sociais, sobre a explotación mineira Cobre San Rafael S.L. no concello de Touro.*

*5.1. Obrigación da eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga canteira. Para iso será necesario realizar un estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas palas escorrentías da antiga canteira, determinando o seu grao de contaminación. Procederase ao deseño e execución de medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga explotación, ata alcanzar os niveis normativos. Deberanse aplicar medidas construtivas específicas de redución da contaminación (cantes perimetrais, balsas de decantación, balsas de descontaminación, etc.), así como medidas de control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo prazo despois da súa clausura.*

5.2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.

5.3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa autorización de vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que deberá iniciarse a tramitación da mesma coa suficiente antelación.

5.4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no concello de Touro.

5.5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identifique os puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención están executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.

5.6. Incluír un proxecto de execución da restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe.

5.7. Incluír unha prospección intensiva do ámbito do Castro de Copa que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre o mesmo, así como sobre outros elementos que poidan detectarse durante a actuación.

5.8. Incluír un proxecto de medidas ambientais onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.

5.9. Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os nivel de calidade normativos.

5.10. Incluír unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abarque todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.

5.11. Incluír un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os erros detectados nos documentos do proxecto.

5.12. Incluír un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.

5.13. Incluír un proxecto autorizado por Augas de Galicia onde se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior.

5.14. Incluír un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.

5.15. *Incluír un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para previr o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos.*

5.16. *Incluír a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.*

5.17. *Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica.*

5.18. *Incluír unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais, así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.*

5.19. *Incluír unha avaliación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.*

5.20. *Incluír un proxecto de abandono da explotación, onde se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.*

5.21. *Incluír un plan de vixilancia ambiental detallado, segundo os contidos establecidos no propio informe.*

5.22. *Incluír no proxecto a contía das garantías financeiras, detallando a que responde o cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballo mineiros, e a outra, que responderá o cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das mencionadas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avales etc...).*

5.23. *Incluír no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados das labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.*

5.24. *Planificar dende o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o mais doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.>>)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción, ten a palabra o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Si, señor presidente, facer o que fixo o señor Feijóo e o señor ministro de Fomento na Coruña é profundamente antidemocrático, e direino as veces que faga falta. *(Murmurios.)* E é caciquil tamén, é caciquil. Chámeme á orde tamén, se quere, por chamar caciquil a ese proceder do Partido Popular que ben coñecemos neste país. *Mis amigos y mis amigos*, esa é a forma de proceder do Partido Popular. *(Protestas.)* ¡Si, señor, si, señor! *(Fortes murmurios.)*

Por favor, a ver se paran de ouvear, a ver se paran de ouvear. A ver se paran de ouvear dunha vez, por favor. *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio! Silencio, por favor. Señora Santos e señor Trenor... Se non, o de sempre, suspendemos o pleno e todo o que tiñamos que facer hoxe queda ao final e non serve para nada. Silencio, por favor. Está no uso da palabra o señor Sánchez. Será compensado no seu tempo.

Cando queira.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Pois non sei se é o que eu digo ou é o CIS, pero aquí non se vai poder nin falar.

Ben, pois imos falar tamén da natureza deste Goberno popular, que ten nalgunhas das súas áreas exemplos ben claros do lado do que se pon sempre.

Falamos da minaría, falamos da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, falamos do conselleiro de Economía e Industria e falamos do absoluto descontrol sobre a contaminación producida na actividade mineira neste país nos últimos anos, da impiedade total ante a contaminación provocada en varias das explotacións deste país.

Na interpelación que eu mesmo presentei, o conselleiro non foi capaz de explicar o sucedido nos últimos anos en Touro, en San Fins, ou en Santa Comba, en Varilongo, ou en Monte Neme, onde, a pesar de ser evidentes os impactos provocados pola actividade mineira e pola non restauración das explotacións ao rematar, a Administración galega non actuou para controlar e sancionar o que fose preciso. Tivo o señor conselleiro a oportunidade de explicar caso por caso e mesmo de citar os expedientes sancionadores aplicados pola Xunta en cada un destes lugares, se os houber. Pero como o certo é que non hai eses tales expedientes sancionadores, e o certo é que en San Fins, en Touro, etc., se contaminou durante anos os regatos desas zonas e non se actuou contra esa contaminación, tivo que tratar de desviar a atención intentando enlamar o debate. Mirou cara ao outro lado a Xunta de Galicia sempre que se producían estes vertidos contaminantes aos regatos, como ben atestigua o escrito da Fiscalía trasladado ao xulgado de Noia ou como ben atestiguan outras denuncias de colectivos que están facendo un labor que debería facer de oficio esta consellaría, esta Xunta de Galicia, e que non fai.

O pasado xoves acompañei, xunto cos compañeiros Julio Torrado, do PSOE, e Montse Prado, do BNG, a colectivos da Plataforma en Defensa da Ría de Arousa ao edificio da Valedora do Pobo a falar coa valedora para pedir amparo ante a falla de información, ante a obstrución deste Goberno ao acceso á información libre destes colectivos, que demandaban información sobre un proxecto desenvolvido en Touro dende hai corenta anos que leva afectando o medio ambiente, e preocupados polo que lles pode afectar ás súas vidas, xente que se dedica aos sectores produtivos, xente que traballa nunha ría que dá máis traballo, só no sector do marisqueo, que todo o sector mineiro no país. Eles estaban preocupados polos impactos dunha explotación mineira que non ten parangón neste país, a que se proxecta en Touro, cunha dimensión non coñecida e cuns impactos evidentemente non coñecidos. O que si se coñece foi o que pasou nunha explotación mineira moito menor da que se proxecta e o que fixo a Administración pública; é dicir, nada. Ven con preocupación ese megaproxecto e solicitan información. E a Dirección Xeral de Enerxía e Minas nin se-



quera contesta, unha vez máis. É, desgraciadamente, o *modus operandi* da Xunta de Galicia e da dirección xeral do señor Tahoces no sector mineiro é obstruír todo o posible a actuación dos colectivos que queren coñecer a verdade das accións destas mineiras, como atestigua a vergonzosa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que lles deu a razón aos veciños e veciñas de Corcoesto cinco anos despois. Tiveron que chegar ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que lles desen a razón no acceso á información, no acceso a uns informes que afectaban tamén o proxecto de Corcoesto. Deberían caer a cara de vergonza. Igual que cando hai xente que ten que recorrer á ONU para pedir amparo: «La ONU admite a trámite una queja por obstaculización de la Xunta del acceso a la información sobre proyectos mineros».

O Defensor del Pueblo, en Madrid, ten alertado tamén desa obstrución do acceso á información e da falta de información que traslada a Xunta de Galicia sobre as louseiras en Valdeorras, etc. Este *modus operandi* da Xunta de Galicia non é casualidade. Para que o negocio funcione como queren que funcione estas multinacionais, ten que haber e son necesarios os seguintes elementos: subvencións, opacidade e externalización dos custos ambientais. Externalización dos custos ambientais que non poden darse se hai unha administración pública que fai por cumprir a lexislación. Só é posible cando hai gobernos coniventes con estas empresas que miran para outro lado. Por iso digo que non é casualidade o que está a facer a Xunta de Galicia mirando para outro lado e con esa pasividade. Foi, durante estes anos, un non queren ver, un deixar facer e obstruír o labor desas asociacións.

E agora dinnos que en Touro se vai cumprir escrupulosamente a lei e que aí non se vai producir ningún impacto. Tanto a Xunta como a empresa din que aí todo vai ser perfecto e que se vai cumprir con todo. Pero o pasado dinos totalmente o contrario. O que deixou a explotación despois de 1988 foi a contaminación e a pasividade da Xunta, foi a contaminación e a non restauración da explotación mineira. Está sen restaurar. Incluso os regatos están contaminados polas drenaxes ácidas e polos metais pesados desa explotación non restaurada. E o que non están son os expedientes sancionadores, os expedientes que non foi capaz de citar aquí o conselleiro.

Ademais, quérennos convencer de que esa empresa, que tamén ten un pasado —ten un pasado en África, ten un pasado en Andalucía, en Riotinto— de incumprimentos e de agresións ao medio ambiente, vai chegar aquí a Galicia, cunha administración conivente, e vai comportarse civilizadamente. Iso é imposible, iso é imposible. É un modelo esquilmador do territorio de empresas multinacionais piratas que están perfectamente pensadas para extraer no menor tempo posible o máximo beneficio e largarse deixando aquí o pasivo ambiental por anos e por anos; cuestións que teremos que pagar galegos e galegas, ben con orzamentos públicos, ben coa nosa saúde e co noso medio ambiente. É sempre así.

Ata o de agora non houbo nunca ningún proxecto desta dimensión e, polo tanto, non o podemos comprobar, pero en proxectos menores, como Varilongo, San Fins, Touro ou Monte Neme, sempre foi así. A empresa ten unha trama o suficientemente complexa para que, despois, ningunha administración pública lle poida botar o lazo cando haxa que obrigalos a restaurar, e moito máis cando a Xunta de Galicia nin sequera instou nunca a estas empresas a restaurar estas explotacións. Esa é a realidade.

E, con esa realidade, o Partido Popular veu hai uns meses dicirnos que a solución á economía deste país era a lei de depredación. A lei de depredación na minería o que supón é máis facilidades para as empresas e menos facilidades para a xente, para defenderse, para a participación pública, máis axilidade na renovación e na concesión dos dereitos mineiros e menos participación pública. Iso é a lei de depredación, creando empresas de primeira e empresas de segunda, estas multinacionais que non terán trabas administrativas, que é o que se chama —eufemisticamente— as garantías ambientais e de participación pública. E, en cambio, as empresas pequenas, medianas deste país que traballan neses sectores produtivos seguen tendo as mesmas trabas burocráticas e administrativas. Créase unha casta de empresas para as que todo é posible, para as que non hai control. E esta é a lei de depredación.

Nesta realidade do sector mineiro en Galicia o que non se necesita é a lei de depredación. Necesitaríase, en cambio, máis control, máis rigor no control, maior valor engadido, mellor facer as cousas, todo iso que non se di na lei de depredación.

Polo tanto, nesta moción tamén pedimos —brinde ao sol, evidentemente, porque ao Partido Popular non lle vai vir a inspiración divina hoxe—...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...a derogación da lei de depredación e tamén lle dicimos «non» ao proxecto de explotación mineira de Touro, dicímoslle «non». E dicímoslles ao Partido Popular e ao Goberno da Xunta que rectifiquen e que depuren responsabilidades naqueles nos que durante anos estiveron traballando para estas empresas, estiveron tolerando a contaminación e estiveron obstruíndo o labor de xente, cidadáns que fan o labor que debería de facer un goberno decente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Falamos de minería. A minería xera residuos e, falando de residuos, neste caso non mineiros senón políticos, recordo que hai pouco tempo alguén me dixo que respectara a presunción de inocencia, falando do caso Gürtel e falando do ex-secretario de organización do Partido Popular de Galicia e membro do Consello de Administración de Portos de Galicia ata o ano 2005, en que o señor Feijóo deixou de ser vicepresidente, co señor Fraga Iribarne. Agora, como hai unha sentenza firme do Supremo, creo que xa podo deixar de respectar ou seguir respectando a presunción de inocencia, pero todo parece indicar que, efectivamente, na primeira sentenza do caso Gürtel pois ese alto responsable do Partido Popular de Galicia algo

tiña que ver. Estaba mirando para quen me dixo moi alporizado que respectara a presunción de inocencia. (*Aplausos.*)

A verdade é que dixeron, sempre que interviñen, falando de minería, e concretamente do proxecto de Touro-O Pino, que o Partido Socialista non estaba disposto a facer unha causa xeral contra a minería e que era imprescindible defender dende a Administración a lexitimidade da minería como un sector económico máis. Pero é verdade que é imprescindible que esa defensa vaia sempre acompañada do cumprimento escrupuloso da lei, algo que pode resultar obvio —calquera pode dicir que é obvio que hai que cumprir a lei—.

Vendo a situación da antiga mina de Touro-O Pino, calquera entende exactamente do que intento falar. Quen máis dano lle fai á minería non é nin a esquerda radical nin a esquerda moderada, nin ningunha outra esquerda, como apuntaba na interpelación o conselleiro de Economía e Industria, senón que é a política, os gobernos que esquecen a corrección e a necesidade de cumprir a lei na actividade mineira e na responsabilidade medioambiental da actividade mineira.

A quen máis dano lles fixo o proxecto e está a facer o proxecto mineiro de Touro-O Pino, máis alá da lexitima oposición dunha parte da sociedade, é a todos aqueles cidadáns que ven exactamente cal é a situación medioambiental que existe nese momento nese espazo de concesión mineira.

O día da interpelación, a pesar dos intentos vehementes —como case sempre— do interpeador para que o conselleiro mirara as fotografías que lle ensinaba —a verdade é que a temperanza case franciscana do conselleiro era envexable; eu recoñezo ese mérito—, pois non sei se agora facer o mesmo despregamento cos deputados do Partido Popular. Eu creo que, máis útil que ensine as fotografías, de verdade que é unha visita á zona, unha visita á zona da corta de Bama fundamentalmente e ás balsas de lodos, lodos literalmente negros —non é que sexan escuros, é que son negros, exactamente igual que o acibeche—, que permanecen alí e que os veciños levan décadas vendo e vendo que, efectivamente, ninguén fixo absolutamente nada por controlar esas augas residuais.

¿Por que a Xunta non ten actuado en todo este tempo? Porque houbo recursos, recursos que en moitos casos non se executaron. Revisando aínda o outro día os fondos europeos do ano 2017, había partidas concretas de restauración de espazos degradados. Eu creo que é absolutamente indiscutible que ese sería un caso perfecto de espazo degradado no que, ao ir ver a execución orzamentaria desa partida que debería levar un cofinanciamento autonómico, era literalmente cero, cero, toda a folla (ou sexa, crédito vixente, retención, gasto autorizado, saldo de crédito, etc., etc.), todo absolutamente cero; é dicir, absoluta incompetencia. Non sei se neste caso tamén é plurianual, porque tamén pode ser, pero, en todo caso, na parte unianual da plurianualidade correspondente a 2017 é absolutamente cero.

Hai logo cuestións tamén en que os propios cidadáns e os veciños das distintas instalacións abandonadas —pensemos en Monte Neme e aquel intento falido de promoción turística, pero pensemos sobre todo no caso de Touro-O Pino— ven sorprendentemente a falla de relación entre a propia escala das explotacións que se manteñen nesa zona mineira e en teoría

a actividade que alí se desenvolve, o tamaño da instalación da xestión de residuos que existe e algo tan sinxelo como o número de camiós que entran nesa instalación cada día, cada semana ou cada mes.

Indubidablemente, na medida en que aquilo está absolutamente pechado, en que a Administración non dá ningún tipo de información, a desconfianza e a inseguridade aparecen. E, probablemente, ese proxecto é manifestamente mellorable, pero tamén é perfectamente comprensible que os cidadáns desa zona entendan...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...—remato, señor presidente— que, indubidablemente, hai que conseguir que a Administración autonómica se comprometa coa restauración medioambiental.

Eu quería ler unicamente unha expresión da memoria dos orzamentos, porque eu creo que é ilustrativa do que significa a desconexión da realidade da Xunta de Galicia. No tema do tratamento de augas e residuos di que nos situamos no liderado europeo. Insisto: vaian ao concello de Touro, á parroquia de Bama, e vexan exactamente o que leva alí dende hai aproximadamente trinta, vinte e cinco-trinta anos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Esa é a razón pola que nós imos apoiar os catro primeiros puntos, en caso de que se nos permita a votación por puntos. Presentamos unha emenda ao quinto punto, unha emenda que xa foi presentada noutras ocasións neste Parlamento, e apoiariamos os catro primeiros puntos se se nos permite esa votación separada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

A calidade medioambiental, o coidado medioambiental e a efectivización da lexislación din moito do grao da modernidade dun país. O noso está completamente tocado da ala.

Eu nunca me fixen idea, antes de vir por aquí, de como estaba isto. Simplemente vía a diferenza que había entre aquela multa que se lle botaba, que se lle facía efectiva a un labrador que estaba abrindo un rego á beira do río e que botaba algo de lodo para o río e o que non se facía con aquel que botaba regatos enteiros de purín ou outros vertidos máis fortes.

Pero, claro, como se dicía aquí, se un vai a Bama e bota unha ollada a aquelas escombreyas, dáse de conta de que algunhas están inmensamente verdes polos tecnosolos que se lles botan

encima para que fagan ese verde, pero, se mira abaixo desas ladeiras, ve balsas de auga negra, auga branca, auga xurro, auga de todo tipo que verte directamente ao río Brandelos, directamente, directamente. E —que nós saibamos— non hai analíticas nin preocupación polo mesmo.

Pero se un se interna na mina, que ten un territorio enorme, pódese dar de conta de que eses lodos —que dicía o señor Abel— non son soamente da mina, senón que proceden de mil sitios variopintos, que entran todos os días, previa pesaxe e previo pago. Alí hai cinzas, alí hai cuncha de mexillón, alí hai de todo o que é merda —con perdón; é a única palabra que se pode utilizar—.

Pero, claro, se un vai a San Fins e pregunta de quen é a balsa mineira de cinco hectáreas, en Augas de Galicia respóndenlle que non saben de quen é, e levamos máis dun ano preguntando de quen é a balsa. ¡Ah! Ninguén sabe de quen é, nin sequera Catastro. ¿Por que? Porque é unha balsa que acumula lodos mineiros desde hai moitos anos. Desde a última vez que rebentou no ano sesenta e pico e asolou todo o que agarrou polo seu curso abaixo, desde aquela ninguén sabe de quen é, e a mina ten concesión e ten empresa que está traballando nela.

Pero é que, debaixo da mina de San Fins, está a ría de Noia, curiosamente, outra ría, cos bancos de berberecho posiblemente —discutible, con outras rías— dos mellores de Europa. E aí está, e non pasa nada. E cando alguén, cando algún activista medioambiental se mete no leito do río quitar mostras, é denunciado pola empresa, porque non pode andar: ese río non é público, é da empresa. E aquí non pasa nada, aquí non pasa nada.

Porque todos aqueles restos de instalacións mineiras xa esgotadas son utilizados para reenchener ao xeito Sogama con toda clase de merda mesturada, porque nin sequera se separa, e un pode encontrar en calquera vaso de calquera canteira deste país —iso si, xestionado por unha empresa de xestión de residuos— de todo (plásticos, zudres, restos do *Prestige...*), ou pode ir ver un río, como fun o outro día ver un río nas Somozas, o río Mera, que desemboca en Ortigueira, e, curiosamente, Ortigueira bebe auga dese río. Encontrei —curiosamente ía ver outro sitio onde desemboca zudre— outro sitio, unha fervenza fermosísima de leite branco, que era zudre puro e non zudre de instalacións de vacún, que baixaba a cachón, e non pasaba nada, nada. Supoño que desta vez si, irá adiante, porque chamei ao 112, si que me identifiquei, para que o informe fose adiante.

E isto élle así, e aquí non pasa nada. ¿Por que? Porque hai un acordo tácito neste país, entre Administración e empresas, de que as leis medioambientais están para ser saltadas, porque son demasiado rigorosas. E son tan rigorosas que nun tramo da autovía —que me é moi querido, porque cruza a miña tribo— foron utilizadas gravas da mina de Touro, gravas compostas de cobre, ferro e xofre, que seguen reaccionando, e non hai cristián que pinte ese tramo da autovía.

Pero non pasa nada, porque pode acontecer dentro de vinte ou trinta anos como co lindano; daquela non pasaba nada. Non hai ningunha prudencia medioambiental neste país. Temos unha cultura medioambiental baixísima, e non é culpa da poboación, é culpa da Administración, que non pon as pilas, je vai sendo hora de que as poña!

Por iso o BNG vai apoiar esta iniciativa, ¡como non! ¿Por que? Porque é de urxencia, é necesaria, e vostedes debían apoiada, para curarse en saúde, porque veñen os tempos en que a poboación que está hoxe nas escolas vailles restregar pola cara a historia deste país, deste tempo, e van ter que pedir perdón, e hano ter que pedir cando haxa vítimas e cando a dureza da mobilización a favor da vida sexa imparabile.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

**O señor BLANCO PARADELO:** Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor Sánchez, dicíanos vostede que se estabamos nerviosos. Eu vino a vostede desde logo moi axitado. Pero nerviosos terían que estar vostedes se viron un titular de hai uns minutos: «*En Marea, la formación con menos fidelidad de voto según el CIS. También ocupa el farolillo rojo en recuerdo de voto y simpatía*». Polo tanto, tamén asuma vostede esa parte de nerviosismo.

Señor Sánchez, cando nos referimos a un sector tan importante como o da minería, do que depende o traballo de seis mil familias, que supón o 1,1 % do PIB, que representa o 8 % da produción total do Estado, eu penso que conviña non abordalo con frivolidade e de xeito irresponsable, como fixo vostede. Si, e dígolle con toda rotundidade e responsabilidade, porque vostede deus aquí a entender ou quixo dar a entender que isto era a lei da selva, onde cada un fai o que lle peta —ou sexa, como se foran As Mareas, ¿non?—, sen ningún tipo de control, aínda que vostede sabe que iso non é certo.

O conselleiro na interpelación explicoulle, caso por caso, detalladamente, pero a vostedes, como vimos en todo este tempo, non lles importa a información, non lles importan as respostas. Vostedes teñen o seu veredicto e non o van mudar en ningún momento.

Mire, comezo por dicirlle que non existen políticas de tolerancia coa actividade contaminante. Durante os últimos vinte anos, as empresas e as administracións teñen traballado conxuntamente para tratar de reducir o impacto ambiental —de feito, na actualidade os avais e plans de restauración son obrigatorios— e ten ademais o compromiso —que llo dixo o conselleiro— de facer unha revisión total, como recomendou o Defensor del Pueblo.

Din que a Xunta ten que comprometerse e aplicar rigorosamente a lexislación. De acordo. Pero, entón, ¿por que votaron en contra vostedes o outro día dunha proposición non de lei do noso grupo na que solicitabamos o estrito cumprimento da lei con todas as garantías medioambientais no proxecto da mina de Touro? Porque non lles interesa. Vostedes queren o jaleo, montar o lío.



Falan da falta de información e transparencia. Mire, o que non habería que confundir é a información e a transparencia co colapso administrativo que algúns, algunhas organizacións pretenden. Toda a documentación dos expedientes en tramitación está á disposición de calquera que queira consultalo, algunha en formato dixital e outra en formato papel, presencial, porque, como vostede comprenderá, existen expedientes cun gran volume de información.

Punto 3, depurar responsabilidades políticas. Mire, iso xa llo deixamos para vostedes, que son uns expertos, como estamos vendo nos últimos días.

O 4, derogar a Lei de fomento de iniciativas empresariais. ¡Oia!, pero ¿esta lei, que vostedes aprobaron onde gobernan —en Valencia, por exemplo—, van derogala, unha lei que con total garantía medioambiental está permitindo axilizar e implantar novos proxectos, creando novos postos de traballo?

Fai vostede referencia á valedora do pobo. A nós parécenos moi ben que respecten as institucións, nós facémolo sempre, aínda que ás veces digan cousas que non nos gustan. Pero mire, hoxe vimos un espectáculo con vostedes. O outro día na comisión pediron a dimisión da valedora, resulta que por saír en amparo dos galegos que non cobran a pensión de Venezuela, ou hai un ano pedíronlle vostedes a dimisión porque a valedora recomendaba ao Concello de Santiago que tiña que poñer políticas activas para as persoas sen teito.

Polo tanto, vostede aclárese: ¿vai utilizar a valedora do pobo para o que lle interese? Iso si, esperemos que a valedora do pobo lle dea a razón, porque, se non, desde logo fastidiada vai.

Mire, sobre o asentamento da mina de Touro, señor Sánchez, eu preguntolle: ¿con base en que? É toda unha contradición. É dicir, no punto 1 piden o cumprimento rigoroso da lei e neste queren que o Goberno prevarique, incumprindo a Lei de minería do 2008, e que rexeite un proxecto sen estudalo nin tramitalo.

A ver se nos queda claro: ¿quixo vostede insinuar que, se estiveran gobernando, imporíanlles o sentido dos informes aos técnicos? ¿Non confía vostede nos traballadores públicos, na súa cualificación, profesionalidade e independencia? ¿Denegarían un proxecto porque non lles gusta ou non coincide coa súa ideoloxía? ¿Farían iso de verdade? ¿Sabe como se coñece ese proceder, señor Sánchez? ¿Autoritarismo, totalitarismo ou —quizais— ditadura?

Se quere falar en serio da lousa en Valdeorras, falemos. 45 empresas, 2.400 postos de traballo, por certo dos cales o 25 % son mulleres. Non sei se sabían que a crise fixo que se perderan 1.200 postos de traballo, pero segue a ser o motor económico máis importante e a principal fonte xeradora de emprego. Conviña que vostedes non o esqueceran.

Señoría, a gran maioría das industrias iniciaron a súa actividade na década dos sesenta e dos setenta, cunha lexislación e concienciación medioambiental ben distinta á dos nosos días, e por iso fixeron grandes esforzos firmando protocolos e pactos ambientais, tamén incluso con grandes actuacións, como a recuperación ambiental na conca do Sil ao longo de seis quilómetros, eliminando as escombres na zona do Trigal, O Castañeiro, etc. Aprobáronse diferentes estudos ou un proxecto recentemente de fomento da biodiversidade com-

patible coa actividade mineira nas explotacións de pizarra. ¿Sabe vostede que pretenden a revexetación de 50.000 metros cadrados de superficie, cun orzamento de 100.000? Non, non o sabe, porque non pregunta, porque non lle interesa a resposta; vén aquí dicir o de sempre.

Mire, mentres se fai isto no sector, a Xunta e a propia Confederación Hidrográfica exerceron a súa función de control, incoando numerosos expedientes sancionadores.

Pero mire, non se confunda. Aquí o que non existen son políticas de persecución ata o afogamento do sector, como pretenden vostedes. ¿Sabe o que fixo o seu grupo para apoiar a lousa? Catro letras: nada. Voulle lembrar unhas cantas.

Na anterior lexislatura a súa voceira, a señora Yolanda Díaz —e así consta no *Diario de Sesións*—, chegou a insultar os empresarios da pizarra, afirmando que actuaban como a mafia. Quixeron vostedes tamén aplicarlles novos impostos ás industrias louseiras, a pesar das dificultades que atravesaban. O ano pasado trouxeron unha PNL solicitando declarar Pena Trevinca como parque natural...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BLANCO PARADELO:** ...sen consultar nin cos concellos nin cos veciños, nin con entidades, o que suporía a desaparición das industrias pizarreiras e milleiros de persoas perderían o seu traballo. E, aínda por riba, vostedes, os do progreso, están en contra do proxecto da construción da autovía A-76, co que suporía iso para o impulso da economía na comarca de Valdeorras. Pero ¿que lles pasa ás Mareas de Podemos con Valdeorras?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BLANCO PARADELO:** Remato, señor presidente.

Creo que, se facemos unha reflexión profunda, seria e rigorosa, señor Sánchez, temos que responder a esta pregunta: ¿queremos aproveitar os recursos autóctonos que ten Galicia e contar cun sector da minería máis moderno, sustentable e competitivo? O noso grupo, o Grupo Popular, di que si; As Mareas din non; o BNG di non cando non goberna; e o PSOE depende: emenda, e de abstención en abstención, tiro porque me toca.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Blanco.

Grupo autor da moción, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ben, pois non contestou o conselleiro e non contestou o señor Blanco Paradelo. Prefiren falar doutras cousas que contestar. Tiñan moi fácil calarme a boca, señor Blanco Paradelo. Poderíame sacar aquí os expedientes sancionadores en San Fins, en Touro, en Monte Neme, etc., ¡pero non os hai! En corenta anos nin un contra a contaminación, só ultimamente cando denunciou a veciñanza. Nin un expediente, cando hai fotos e

hai analíticas que din que os ríos están contaminados coas drenaxes ácidas. Esta é a situación (*O señor Sánchez García mostra un documento.*). E nin un expediente da Xunta de Galicia, nin en San Fins nin en Varilongo, nin en Monte Neme nin en Touro.

Isto non é unha causa xeral contra a minería, é unha causa xeral contra a súa Administración, que permite isto. ¿Ou é que a riqueza da minería debe de basearse nos danos ambientais ou en hipotecar o futuro? ¿Ou é que a actividade louseira vai pasar por ser unha actividade terceiromundista e non por buscar mellorar os procesos de extracción e de calidade do produto, como se fai noutros países europeos, como Francia?

Camiñar cara a aí e non camiñar cara ao terceiro mundo, como pretenden vostedes, ampliando aínda encima unha actividade cun impacto enorme, que vostedes nunca calculan os impactos negativos de destrución de emprego, no turismo, na actividade gandeira, na actividade forestal, todo iso que venden vostedes e sacrifican en aras de que unha empresa con sede en Chipre e cun pasado negro en África e en Andalucía veña lucrarse durante doce anos e nos deixen despois os pasivos ambientais por xeracións e xeracións, como xa deixaron, como xa dixo o señor Rivas, en San Fins, dúas balsas que imos ter que pagar a súa restauración con diñeiro público, grazas á súa complicidade.

Nunca, como di a Fiscalía, o señor Tahoces instou a restaurar as balsas de San Fins. E non instan, non controlan, non sancionan, porque vostedes están vendidos a esas empresas. Só dende esa explicación se pode entender as súas actuacións coniventes.

Polo tanto, non veña confundir aquí. Nós estamos a favor da economía produtiva, ¡claro que si! Estamos a favor da creación de riqueza, pero non a favor de que algúns —uns poucos— gañen a costa de deixarnos as hipotecas aos demais, que é o que están facendo vostedes.

Están facendo vostedes iso coa lei de depredación, están optando por ese modelo —un modelo que eu definín «modelo Katanga»— na minería. É dicir, aquí o que fai falta, analizando o contexto xeral da minería neste país, en vez de optar polo que diría calquera: que busque o interese xeral e de sentido común, que é mellorar os procesos de extracción, reducir os impactos ambientais, aumentar o rigor, aumentar o control, mellorar a participación pública, vostedes todo o contrario: facilidades para estas empresas que crean pouco emprego, pouca riqueza e que ademais deixan uns impactos gravísimos. Vostedes seguen nese asunto.

Vostede referiuse a por que eu me opoñía ou lles instaba a opoñerse. Nós falamos do estrito cumprimento da lei, porque vostedes non cumpren a lei, vostedes non aplican as leis. E claro —non sei se me podería atender o señor Blanco Paradelo un momentíño— que hai decisións políticas. Este modelo de explotacións mineiras non o queremos neste país, non o queremos. Non quixemos Corcoesto e non queremos Touro, non queremos Touro. E, evidentemente, é unha decisión política. Vostedes, si.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. ¿Sobre a emenda?

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Aceptamos a votación por puntos que solicitan. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¿Os catro? Grazas.

Pasamos á seguinte moción.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento consignado para o ano 2018 para a prevención do abandono escolar**

**O señor PRESIDENTE:** Non hai emendas. Para formular a moción ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

A moción que defende hoxe o noso grupo parlamentario é consecuencia, como todas elas, dunha interpelación que lle fixen ao señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no pleno de hai dúas semanas, interpelación que —non é que me sorprendese moito— me deixou bastantes máis incertezas que certezas, bastante máis intranquilidade que tranquilidade.

Porque estamos a falar dun programa que figura nos orzamentos da Consellería de Educación, o programa 423B, que se refire á prevención do abandono escolar e que, como todos sabemos, trata de atender a necesidade que existe nunha sociedade moderna, como é a galega, de incrementar o número de titulados en formación postobrigatoria, coa finalidade de ter unha cidadanía cada vez máis e mellor formada.

Para ese fin, o propio programa prevé nove liñas estratéxicas, que son nada máis e nada menos que fomentar a participación dos centros educativos na convocatoria de contratos programa —dos que tantas veces temos oído falar sobre as súas bondades, que non é evidentemente un mal instrumento, nin moito menos—, promover accións no campo da orientación educativa que establezan liñas de reforzo necesarias para reverter o fracaso escolar, desenvolver medidas de apoio e reforzo educativo —chamo a atención da Cámara sobre este punto, esta liña estratéxica, a terceira—, a formación do profesorado, promover medidas de apoio en áreas instrumentais e de idiomas, mellorar a convivencia escolar, apoiar os concellos e as asociacións sen fins de lucro que realicen actividades relacionadas coa prevención do abandono escolar e adoptar medidas para a avaliación de aprendizaxes que se adquiren en contextos non formais, é dicir —para entendernos entre todos coloquialmente—, fóra do sistema educativo de formación regrada en xeral.

¿Que foi o que pasou co orzamento do ano 2017, que foi, a fin de contas, a comprobación da execución orzamentaria do ano 2017 o que deu lugar á nosa interpelación? Pois pasou sinxelamente que dun orzamento inicial de 19,8 millóns de euros —é dicir, practicamente 20 millóns de euros— se pasou a un orzamento final de 13 millóns e medio de euros. Polo tanto, realizouse unha diminución de 6,3 millóns de euros durante o ano 2017, o que supón unha redución evidentemente do 32 %. ¿En que se reduciu? Segundo o señor conselleiro, no pleno

de hai dúas semanas, na xestión orzamentaria ordinaria, que, como toda administración realiza, pois sofre diversas modificacións ao longo do orzamento. E agradecería que non se me recordase, por innecesario, que un orzamento é unha previsión de ingresos e gastos que se realiza. Xa sabemos que son unha previsión. O problema é cando a previsión se manifesta tan errada como a que se fixo con este programa.

Miren, dixo o señor conselleiro que eran sobre todo transferencias de crédito debidas a gastos de persoal. Se un toma a molestia —como estou convencido de que faría calquera deputada ou deputado deste Parlamento— de comprobar as modificacións orzamentarias que se realizaron no ano 2017, que están á disposición de todos nós e de toda a cidadanía, en función da Lei de transparencia, podería comprobar como o día 13 de setembro do ano 2017 se realiza unha transferencia de crédito de 145.000 euros —145.200 para ser exactos—, que non é que sexa unha cantidade para asustar a ninguén. Pero, en todo caso, realízase esa transferencia, que se quita da partida relativa á formación de profesorado en programas de éxito escolar, para atender un gasto tan ordinario, no sentido de previsible e habitual, como son os gastos de funcionamento dos centros docentes; estratexia que, por certo, é bastante frecuente na Xunta de Galicia, é dicir, desviar partidas doutros conceptos para atender gastos ordinarios.

Por se fora pouco este exemplo —que xa dixen que non era unha cantidade relevante—, o 25 de outubro do ano 2017 asínase outra transferencia de crédito entre partidas e diminúense nada máis e nada menos que 2,6 millóns de euros do Programa de prevención do fracaso escolar para atender substitucións de persoal docente, é dicir, un capítulo tamén ordinario. ¿Que debe ser ampliado en función das necesidades? Si, iso sabémolo todos. Pero diminúense 2.600.000 euros ese día.

Todos sabemos que as medidas que se toman raramente son inocuas; teñen resultados, teñen consecuencias, máis ou menos graves. O problema de que se diminúa a cantidade prevista para o gasto en prevención do fracaso escolar a principios do curso 2017 é que o informe da Valedora do Pobo —que se discutiu esta mesma mañá neste Parlamento— di, con relación ao asunto que nos preocupa, que este ano —e díxenllo ao señor conselleiro—, é dicir, 2017, continuamos recibindo queixas nas que comprobamos —e insistín e insisto en que é a Valedoría do Pobo a que di que o comprobou— que os alumnos se ven privados ou acceden con grande atraso a un apoio educativo ao que teñen dereito, ben sexa nun período concreto ou ao longo de toda a súa escolarización, pola súa discapacidade física, psíquica, sensorial, etc., etc., etc. Falamos de condicións nas que o alumnado necesita uns determinados reforzos educativos. ¿E onde ou fundamentalmente están orzados os cartos necesarios para facer fronte a esa necesidade? Neste programa, no programa 423B, que se reduciu —repito— un 32 % o ano 2017.

Imos supoñer que houbo un erro no orzamento deste programa, que se orzou en exceso, que ese erro permitiu atender outras necesidades. Pode ser o caso. Ata a Administración máis responsable —da cal é paradigma toda aquela que está gobernada polo Partido Popular— pode cometer un erro. Pero se houbo un erro e eran suficientes eses 13 millóns e medio de euros, resúltanos extraordinariamente sorprendente que para o ano 2018 se orcen 23, é dicir, o dobre do que se gastou no ano 2017. Isto para nós só ten dúas explicacións: ou no ano 2017 quedaron necesidades sen atender ou no ano 2018 volve haber un exceso de orzamento, exceso de or-

zamento que só se xustifica se a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere ter unha partida comodín da que facer publicidade. É dicir, orzamos 24 millóns de euros para programas de reforzo escolar nunha comunidade autónoma na que o fracaso escolar xa é de por si inferior á media do Estado, o cal é certo, ou ben temos unha partida sobreorzada só para facer publicidade, cando sabemos que ao longo do curso imos dar cobertura a outras necesidades doutras partidas orzamentarias sen que teñamos gran problema.

E, polo tanto, o que pedimos nesta moción é que este Parlamento aprobe que se inste a Xunta de Galicia a executar dentro deste ano 2018 a totalidade do orzamento inicial para as actividades previstas nese programa sen facer ningunha redución do crédito, favores que esperamos conquistar deste pleno.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Vaia por diante, señor Álvarez, que desde o BNG imos apoiar a parte resolutiva da moción. Sería difícil, ademais, non facelo tendo en conta o texto que se propón nela, que á fin e ao cabo é que se execute na súa totalidade ese programa destinado ou dirixido á prevención do abandono escolar e que, ademais, se faga sen que se produza ningún tipo de minoración no seu crédito. Facía vostede referencia precisamente a ese recorte dun 32 %. Insisto: vaia por diante que imos apoiar esta moción.

Pero nós, desde o BNG, queríamos enfocar o debate desde outra perspectiva. E queríamos centrarnos máis naquelas cuestións precisamente ás que vai dirixida esa partida orzamentaria, ese programa e eses fondos que teñen por obxectivo frear, paliar, reducir ese abandono escolar.

E precisamente saían recentemente os datos de abandono escolar temperán, que, paradoxalmente, no comezo do ano 2018 o que rexistran é unha quebra coa tendencia que se vén acumulando nos últimos anos, de acordo co IGE, co INE e coa enquisa de poboación activa —como estabamos falando das fontes pola mañá—; todas as fontes coinciden. Se o ano pasado o que tiñamos era o pico máis baixo en abandono escolar temperán que se tiña rexistrado desde que se documentan estes datos, tiñamos o máis baixo rexistrado na historia, nun 14 %, exactamente o 13,9 %, paradoxalmente a comezos do ano 2018 o que di ese IGE, ese INE e esa enquisa de poboación activa é que nos situamos no 16 %. Despois de ter rexistrado a cifra máis baixa desde que existen rexistros, incrementase 2 puntos a respecto do período anterior. E o que máis preocupante nos parece desde o Bloque Nacionalista Galego é esa quebra, esa ruptura, ese cambio de tendencia a respecto dos datos que se viñan rexistrando desde o ano 2012, 2013, 2014 e seguintes, até chegar ao ano 2018.



E iso debe suscitar unha reflexión máis alá da cuestión orzamentaria, máis alá das transferencias de crédito, máis alá dese recorte da partida orixinalmente orzada no 32 %. A nós merécenos, cando menos, unha reflexión colectiva dentro desta Cámara e intentar avaliarmos cal é a causa precisamente de que se rompa esa tendencia e de que nos vexamos con 2 puntos a maiores dos que se tiñan rexistrado no ano 2017, —insisto— referidos ás cifras de abandono educativo temperán.

E neste sentido hai que ter en conta unha parte educativa, unha vertente educativa, a posta en funcionamento, entre outras cuestións, desa formación profesional básica. E tamén é ben certo —e, de feito, desde o BNG xa temos rexistrado iniciativas neste sentido— que cumpriría unha análise dos resultados, non só como nos ofrece de maneira habitual o Ministerio de Educación e a propia Consellería de Educación en relación co incremento de estudantes matriculadas e matriculados nesta formación profesional básica, senón tamén nos resultados, no grao de éxito ou fracaso deses programas formativos.

Eu non din pescudado —por iso, entre outras cuestións, tamén rexistramos preguntas para resposta do propio conselleiro—, non atopamos datos do éxito ou fracaso desa formación profesional básica no noso país. Pero si que é certo que se publicou recentemente —concretamente, o ano pasado, no ano 2017— un estudo —ademais, asinado por tres investigadoras da Universidade de Santiago de Compostela— que se titula —está dispoñíbel na rede— *Formación profesional básica, alternativa ao abandono escolar*, porque foi pensada, foi deseñada esa programación tamén cun obxectivo claro de atallar ese abandono escolar, no que se fai unha análise, un estudo de todos os datos correspondentes ao Estado español e tamén ao noso país. E o que vemos é que hai unha porcentaxe de abandono en relación do primeiro curso co segundo curso de máis do 48 %. Perdemos o 48 % dos estudantes que se matriculan no primeiro curso de formación profesional básica e que despois non cobren o conxunto dos dous anos de formación, e, polo tanto, saen ou abandonan o ensino non obrigatorio antes de ter culminado a súa formación.

Creemos tamén que sería importante —xa digo— con eses datos de abandono temperán educativo que nos demostran unha quebra na tendencia á baixa e sería necesario facer unha avaliación e un diagnóstico de como está a funcionar esa medida estrela contra o abandono escolar que foi no seu momento a formación profesional básica, e tamén ter en conta que ese cadro macroeconómico do que se falaba pola mañá, que se supere a crise económica e que se produzan unhas melloras nas condicións tamén do ámbito do traballo, tamén van reverter directamente nas taxas de abandono educativo temperán. Porque somos conscientes de que precisamente esa baixada tamén tiña moito a ver coa falta de expectativas laborais e profesionais para a mocidade, que permanecía máis tempo inserida dentro do sistema educativo.

Insisto en que imos apoialo —sería absurdo non facelo tal cal se propón na parte resolutiva—, pero tamén pedimos unha análise máis en profundidade, cando falamos de abandono escolar temperán, de cales son as causas e, sobre todo, cales son as medidas que intentan paliar ese abandono, que, como vemos, está rachando a tendencia á baixa.

Pola miña banda, máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

En Marea vai apoiar, dende logo, a moción do PSdeG. Queremos que se execute o orzamento integramente.

Nós centrámonos en tres cuestións que consideramos importantísimas. O tema é moi acaído e moi preocupante. Xogamos o futuro e a calidade, o futuro de moitísimos alumnos e alumnas, sobre todo os que están nas franxas máis desfavorecidas, os que teñen máis risco de exclusión social.

Reparamos en tres cuestións que consideramos importantísimas. Unha. Cando se fala de liñas estratéxicas, a que consideramos prioritaria —e dende logo hai unha concreta de prevención de abandono temperán e de absentismo escolar— é o que se refire aos contratos programa. Os contratos programa son importantes para paliar e previr este abandono. Nos contratos programa hai datos curiosos que nos fan pensar moitísimo. Teñen seis liñas. A primeira é a que se coñecía ata o de agora como PROA, que é un programa de acompañamento; a segunda está dividida en tres partes: é mellora das competencias en matemáticas, mellora das competencias en linguas e mellora das competencias científico-tecnolóxicas; a terceira é convivencia e promoción da igualdade; a cuarta é prevención de abandono temperán e mellora e prevención do absentismo; a quinta, mellora e coñecemento para acadar a excelencia; e a sexta liña, e última, mellora da calidade de xestión dos centros.

Van levar unha sorpresa se pensan en que centros e cal é a demanda. ¿Cal é a demanda dos centros? Pois ben, na primeira liña PROA hai 210 centros que están beneficiándose destes programas; na segunda, 386; na terceira, 230; na quinta —salto a cuarta, que é a que nos compete—, 210 centros; na sexta, 169. ¿Saben cantos centros están demandando e están aplicando programas de prevención? 31, 31 centros, máis nada (8 en Pontevedra, 3 na Coruña, 1 en Ourense e 8 en Lugo).

Isto fainos preguntarnos por bastantes cuestións. Primeira. ¿U-lo 30 % de recursos máis deste curso? ¿Que outras medidas se toman? ¿Como se atenden as necesidades existentes —que son moitas—? ¿Como se acada unha cidadanía mellor formada e con maior calidade? Este é un dato importante para a reflexión.

Hai un segundo aspecto que foi abordado tamén polas persoas que me antecederon nas exposicións, que é o que se refire ao abandono educativo. As estatísticas do abandono educativo non son unha foto recente. Teñen relación cos rapaces/rapazas que foron entre o ano 2008 e o 2012, porque a franxa de abandono que se rexistra é entre persoas que agora teñen na actualidade entre 18 e 25 anos. Polo tanto, de ter alguén mérito, sería o Goberno, sempre tan acusado, do Bipartito. Iso por unha banda.

Por outra banda, é obvio que reflicte a situación das persoas que remataron a secundaria. Por outra banda, temos a maquillaxe da FP básica. A formación profesional básica titula e os programas de cualificación profesional non titulaban, é unha maneira de maquillar, si. Si, hai máis título, pero mellor formación, non. Os alumnos que están na formación profesional básica son alumnos que teñen sobre todo paredes por diante, porque é a franxa máis desfavorecida.

Por outra banda, e para rematar, esta mañá o conselleiro ou se trabucou ou dende logo está falseando os datos. Moito gabarse, moito fachendear de que somos a comunidade máis ecuanime. Ben, a nivel de Estado, si. Galicia é a quinta comunidade con menor nivel de absentismo, pero está maquillado; despois de Madrid, Navarra, Cantabria e País Vasco. Pero a nivel europeo, rotunda mentira. ¿Saben cantos países teñen unha taxa maior ca nós neste sentido, é dicir, que teñen máis absentismo? Non é para bailar na punta do pé. Soamente dous países: Malta e Romanía. ¿Que quere dicir isto? Que vinte e cinco países da Unión Europea teñen menos absentismo e menos fracaso escolar ca nós, aínda que España sexa o terceiro país e Galicia sexa o cuarto se nos separamos deste cómputo.

Polo tanto, si é conveniente gastar todos os cartos —e todos son poucos— para mellorar este nivel, e, dende logo, avaliar e diagnosticar debidamente.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez Pérez.

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Despois de escoitar esta moción do Partido Socialista e despois do pouco tempo que levo nesta Cámara, no Parlamento de Galicia, en conclusión quero facer unha reflexión en alto: recoñezo que os galegos son persoas con moita educación, con moita cultura e, sobre todo, con moita intelixencia e case sempre elixen o Partido Popular para gobernar, (*Aplausos.*) e, sobre todo, que vostedes fan moito mellor a oposición que o que é gobernar.

E para comezar co tema da moción, para comezar dun modo suave, dicir claramente que esta iniciativa vai en contra da normativa en materia orzamentaria, como é a Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia, que permite modificacións técnicas para asegurar, por exemplo, o pago do capítulo I, dedicado aos gastos de persoal ao servizo do sector público.

Señor Álvarez, síntoo moito, pero eu teño que dicirlle que o presuposto público é unha estimación financeira anticipada, xeralmente anual, dos ingresos e gastos do Goberno, necesarios para cumprir cos propósitos dun programa determinando. Pero, pensando en alto, ¿que presuposto adicaba o Bipartito para o abandono escolar e que datos lograba? É importante volver un pouquiño atrás. Criticar por criticar sempre é fácil, pero unha cousa é pre-

dicar e outra é dar trigo. Pódese criticar todo, pero non vale todo. Pode producirse o famoso efecto *boomerang*, que a crítica vai para o que critica e non para o criticado.

Sexamos realistas: cuestionar hoxe en día a política educativa adoptada pola Consellería de Cultura nos tempos en que os resultados son tan positivos e tan visibles é francamente difícil, eu mesmo diría unha temeridade. Podemos discrepar no modelo, pero non se pode poñer en dúbida o importante esforzo que a Consellería fai por un ensino sostible e de calidade. Ademais de fomentar un bo sistema educativo que favorece a igualdade en oportunidades e en equidade, Galicia presenta un modelo definido que involucra toda a comunidade educativa.

Señor Álvarez, son consciente —e creo que todos nesta Cámara sabemos ou entendemos, ou deberíamos saber— do que é a tramitación e a execución orzamentaria. Partindo desa base e aplicando o principio contable de prudencia, teño que recoñecer que sorprende —sorpréndeme moito— que recorran a poñer en cuestión unhas modificacións orzamentarias de carácter ordinario e técnico, para sementar dúbidas e polemizar sobre o compromiso da Consellería na loita co abandono escolar.

E nese contexto o primeiro que lle teño que lembrar é que, cando herdamos, un herda o bo e herda o malo. E, neste caso, non podemos rechazalo. Herdamos do Bipartito unha taxa de abandono escolar do 25,8 % en 2009 —¡como para presumir!—. Pero as políticas educativas postas en marcha pola actual Xunta de Galicia permitiron pechar 2017 —señorías, pídolles que me atendan— cunha taxa do 14,9 %. O que se ve non se esconde. (*Aplausos.*) Son os datos que temos, pese a quen lle pese.

Sei que non lles gustan estes datos e, como dirían en Pontevedra, e no Pontevedra: hai que roelo. Algo estaremos facendo ben na actualidade en Galicia, ter rebaixado o abandono educativo en máis de 10 puntos. Está máis de 3 puntos por debaixo da media nacional nesta taxa no ano 2017 e acadou xa, xa acadamos o obxectivo marcado para España pola Unión Europea para 2020, fixado nun 15 %.

Por tanto, señorías, deixémonos de sementar dúbidas e descualificar as políticas educativas deste goberno. Os datos rexistrados sobre a taxa de abandono poden ser percibidos por un logro común do sistema educativo galego, que debe de continuar traballando, todos unidos, en prol da súa mellora. E dígolles máis: o nivel de execución do conxunto do orzamento da Consellería acada o 98,86 % e con partidas executadas ao 100 %.

Estamos convencidos de que no mundo actual, globalizado e con cambios constantes, é preciso apostar pola educación para medrar colectivamente e asegurar un maior benestar. Malia os bos resultados, cómpre non caer no conformismo e pensar que está todo feito. Non debemos quedar durmidos nos laureles.

Deixou escrito, para rematar, o médico e filósofo humanista tudense Francisco Sánchez, tamén chamado o Escéptico, na súa principal obra, *Quod nihil scitur* («Que nada se sabe»). Decía: «Yo aspiro a que me lean las fuertes y juiciosas personas, que no están acostumbradas a jurar sobre las palabras de ningún maestro, sino a examinar las cosas por sí mismos, a cometer con su pro-

*pia espada todas las cuestiones, guiadas por el sentido y por la razón»*. Pois ben, o noso sentido e a razón aconsellan votar en contra da súa moción.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Pérez.

Grupo autor da moción, señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, presidente.

Señora Rodil, señora Cuña, agradezo o apoio dos seus respectivos grupos e vanme permitir que comparta, ademais, as liñas fundamentais e argumentais das súas intervencións. Evidentemente, a formación profesional básica daría para un pleno monográfico —pero dos que son como o día de hoxe e outro mañá, como hoxe— para falar do que supuxo no sistema educativo a inclusión dunha modalidade educativa deseñada, como vostede dixo perfectamente, para incrementar o número de titulados, non tanto, lamentablemente, para incrementar o número de persoas capacitadas para o desempeño dunha profesión nunhas condicións salariais e de traballo correctas.

Polo tanto, agradezo, como xa dicía, o seu apoio e tamén, como dixo a señora Cuña, o baixísimo nivel de éxito, como noutros programas lamentablemente. Creo que o dicimos de forma triste: constatar o fracaso de determinadas políticas que consideramos a priori boas para o sistema educativo, pero que non acadan, polos motivos que sexan e que habería que estudar, o éxito ao redor dos centros educativos.

Señor Rodríguez Pérez, non sei a que vén falar de se o pobo galego é culto e intelixente porque vota o Partido Popular. Francamente, creo que está fóra de lugar. Entendo que vostede o tiña que dicir. Entendo que o diga, pero non entendo moi ben por que o dixo. Porque este non é un debate político de votación, é un debate sobre un programa, da execución dun programa. De todos modos, vostede dixo que os galegos son intelixentes porque elixen a quen os goberna e elixen o Partido Popular e ás veces incluso é o Partido Popular o que elixe quen goberna en determinados concellos, non son os habitantes deses concellos. (*Aplausos.*) Pero ben...

Mire, hai un tempo —é certo— para sementar e outro para recoller. Falou vostede da herdanza. Imos falar da herdanza, imos falar da herdanza e imos falar con datos, nin do IGE nin do INE, senón do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, ao que todas as comunidades autónomas están obrigadas a render datos.

Mire, no ano 2005 o abandono escolar, o fracaso escolar, en Galicia era do 22 %. En Galicia, no ano 2009, efectivamente, subira, como subira no resto de España. Por certo, comunidades autónomas como Madrid e Murcia tiñan unha porcentaxe de fracaso escolar moi superior á de Galicia, pero, despois de nove anos de goberno do Partido Popular, só conseguiron vosdes reducir o diferencial co resto de España á metade do que o fixo o nefasto Goberno bipartito. Doulle os datos cando queira e contrastámoslos para que vexa que non todo o que lle contan é verdade.

Eu, de todos modos, lamento profundamente que teñamos convertido nun debate sobre a intelixencia do pobo galego e a súa vinculación co voto nas eleccións un debate sobre orzamentos e dedicar os cartos de prevención do abandono escolar a ese capítulo en concreto, que, como xa se dixo suficientemente, boa falta lle facía.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o emprego público e as condicións de traballo no sector público autonómico**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque e do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 30154).*

*Emenda de substitución.*

*Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:*

- 1. Recuperar os dereitos salariais e laborais eliminados no ámbito da función pública coa excusa da chamada ‘crise’. E para tal fin abrir unha mesa de negociación coas organizacións sindicais.*
- 2. Demandar do goberno do Estado a derogación das reformas legais que impuxeron recortes salariais e laborais, así como a eliminación de postos de traballo na administración pública desde o ano 2010.»)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 30154).*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que no marco do Acordo para a mellora do emprego público asinado entre o Ministerio de Hacienda e Función Pública e as OOSS o 29 de marzo do 2017 e o II Acordo para a mellora do emprego público e de condición de traballo, asinado polo Goberno central cos sindicatos CCOO, UGT e CSI-F o 9 de marzo de 2018 e tendo en conta os criterios da Comisión de Coordinación de Emprego Público, continúe os procesos de negociación colectiva na Mesa*



*Xeral de empregados públicos sobre as materias de competencia autonómica recollidas no dito Acordo para os anos 2018, 2019 e 2020, de desenvolvemento tanto do II acordo estatal sinalado como de adaptación do Acordo entre a Xunta de Galicia e as OOSS: CCOO, CSIF e UGT para o desenvolvemento do plan de estabilidade de emprego nos servizos públicos asinado o 18 de outubro de 2017 que contemple as seguintes medidas:*

*1.- Establecer as medidas ás que se dedicará a porcentaxe adicional na masa salarial que o Goberno galego estará autorizado a aplicar para os anos 2018, 2019 e 2020 dentro do marco de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.*

*2.- Determinar os sectores nos que prioritariamente se poderá incrementar de forma adicional nun 8% a taxa xeral do 100% de reposición de efectivos para o ano 2018 dentro tanto do marco de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira como das conclusións das distintas comisións de seguimento establecidas nesta materia entre as Organizacións Sindicais e a Xunta de Galicia.*

*3.- Establecer unha vez oídas as OOSS tanto na mesa xeral de negociación como na Comisión de Personal a taxa adicional de estabilización de emprego temporal para o conxunto de entidades que integran o sector público autonómico, nos termos habilitados polo acordo.*

*4.- Determinar, se procede, respecto da xornada ordinaria común de trinta e sete horas e media semanais, outras xornadas ordinarias de traballo, podendo constituír ben un reparto anual de xornada segundo as necesidades de cada función, tarefa ou ámbito sectorial, atendendo en especial ao tipo de xornada ou as xornadas a quendas, nocturnas ou especialmente penosas.*

*5.- Harmonizar as retribucións dos empregados públicos en situación de incapacidade temporal, mediante un complemento retributivo que sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social ou dos réximes especiais de funcionarios públicos permita acadar ata un 100% das retribucións fixas ao inicio da incapacidade temporal segundo diferentes escenarios retributivos en función do tipo de continxencia que haxa dado lugar á incapacidade temporal ou da duración da mesma.*

*6.- Impulsar de xeito decidido os plans de igualdade, conciliación e corresponsabilidade no conxunto de entidades do sector público autonómico regulando unha bolsa de horas de libre disposición acumulables, de ata un 5% da xornada anual, para a atención de necesidades de conciliación para o coitado de maiores, discapacitados e fillos menores, nos termos que se acorden».)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Señorías.

Esta moción preséntaa o Grupo Parlamentario Socialista para instrumentar a interpelación que este deputado lle fixo o outro día ao conselleiro de Facenda e de Función Pública en materia de mellora das condicións de traballo e laborais de todo o sector de emprego público autonómico.

O outro día o conselleiro de Facenda, nas respostas á interpelación, sinalaba que desde a Xunta de Galicia o que estamos é desexando ter habilitación suficiente para, unha vez máis, seguir negociando cos sindicatos. Esa habilitación legal, polo que nos din as noticias, pode estar a chegar, pero, evidentemente, non se precisa habilitación legal para iniciar un proceso de negociación. Se fose así, o propio ministro non podería ter acadado un acordo coas organizacións sindicais, neste caso de UXT, de Comisión Obreiras e de CSIF, senón que tería que esperar, evidentemente, a necesaria habilitación legal.

Por iso nós, á vista da subscrición daquel acordo de marzo pasado, instabamos o Goberno galego precisamente a que se iniciara o proceso de negociación de todos aqueles temas que non precisan habilitación legal en lei de orzamentos, senón que precisan, dentro do ámbito das competencias autonómicas, iniciar un proceso de negociación que logo, coa necesaria cobertura legal, poida ter a correspondente eficacia.

Realmente, os acordos tanto de marzo do ano pasado como sobre todo de marzo deste ano 2018, entre o Goberno central —como dicía— e as organizacións sindicais maioritarias, realmente supoñen unha rectificación, unha derogación, poderíamos dicir que tácita ou en diferido, das medidas que foran adoptadas polo Goberno, neste caso polo Goberno galego, naquela emblemática e tan debatida moitas veces Lei 1/2012, cuxa derogación formal nós, evidentemente, de forma insistente solicitamos e seguiremos solicitando, porque é un instrumento legal que, se perde vixencia, debe ser suprimido do ordenamento xurídico.

Pero hoxe trátase de mirar para adiante, de non mirar ao pasado, aínda que si hai que ter en conta o ocorrido no pasado, e de recuperar, aínda que non sexa de forma total pero si parcialmente, o tempo perdido.

Hoxe, con motivo desta moción, creo, señorías, que é hora de chegar nesta Cámara a acordos sobre emprego público que, precisamente, o que tratan é de recuperar moita da calidade perdida nos servizos públicos autonómicos.

Por iso, desde o Grupo Parlamentario Socialista, á hora de instrumentar aquela interpelación, recollemos seis puntos que cremos da máxima importancia para a recuperación das condicións de traballo dos empregados públicos autonómicos. E por iso precisamente o que estamos a solicitar é a aplicación e a negociación nestes ámbitos de condicións laborais dos funcionarios e dos laborais do sector público autonómico, non só da Administración xeral autonómica, senón do conxunto de entidades que conforman o sector público autonómico, porque foron precisamente os acordos aos que chegaron o Goberno central neste caso e as organizacións sindicais citadas.

Así, en primeiro lugar, o que parece que é absolutamente necesario é empezar a falar, empezar a negociar, o destino desa porcentaxe adicional da masa salarial que o Goberno galego estará autorizado a aplicar para o trienio 2018, 2019 e 2020, aínda que o incremento de máximos alcanzable en 2020 sexa o 8,79 %, —insisto, de máximos— aínda así estaremos en sete puntos porcentuais de perda sobre a media retributiva minorada aos empregados públicos en Galicia no período polo menos 2013-2016, aínda así hai que recuperar toda esa parte á que o acordo dá cobertura.

En segundo lugar, algo fundamental para a recuperación neta de emprego é, precisamente, sentarse en mesa de negociación e acordar aqueles sectores nos que prioritariamente se poderán incrementar adicionalmente nun 8 % por riba dese cen por cento xeral de taxa de reposición de efectivos xa no ano 2018.

En terceiro lugar, e xa é un obxectivo fundamental tamén non só para crear emprego neto, senón para crear emprego de calidade no ámbito dos servizos públicos de Galicia, acordar esa taxa adicional de estabilización de emprego temporal non só —como dicía— para a Administración xeral autonómica, senón para o conxunto de entidades que integran o sector público autonómico.

En cuarto lugar, recollemos tamén a necesidade de negociar coas organizacións sindicais presentes na Mesa xeral de empregados públicos respecto da xornada ordinaria común de todas as administracións públicas, que está fixada desde 2012 nas trinta e sete horas e media, incluso xornadas especiais, ben cunha repartición anual de xornadas segundo a necesidade de cada función, tarefa ou ámbito sectorial, atendendo en especial ao tipo de xornada ou as xornadas de turnos, nocturnas ou especialmente penosas.

En quinto lugar, un tema que evidentemente é emblemático e funcionou como moi emblemático nestas cuestións, pero que realmente o que está é a castigar, precisamente, unhas situacións nas que os traballadores —neste caso os traballadores públicos, pero como calquera traballador— poden estar nunha situación de incapacidade temporal, que é acordar, precisamente, as retribucións en situación de IT mediante complementos retributivos, ben a prestación de réxime xeral da Seguridade Social ou ben das prestacións dos distintos réximes especiais de funcionarios públicos, que permitan acadar ata o cen por cento das retribucións fixas previas ao inicio da situación de incapacidade.

E impulsar, en sexto lugar, dunha forma decidida, os plans de igualdade, os plans de conciliación e corresponsabilidade no conxunto de entidades do sector público autonómico, incluso como habilita o propio acordo, regulándose unha bolsa de horas de libre disposición acumulables de ata un 5 % da xornada anual para atender as necesidades de conciliación para coidado de maiores, de discapacitados e de fillos menores.

Estes son todos os aspectos que recolle a moción para instrumentar aquela interpelación que lle fixemos ao conselleiro de Facenda, pero en definitiva para aplicar no ámbito autonómico as posibilidades que ofrecen os acordos asinados polas organizacións sindicais, en Madrid pero tamén de ámbito autonómico. Debemos lembrar como a propia institución do Valedor do Pobo, no informe rendido perante esta Cámara esta mañá —e llo recordaba o outro día ao conselleiro de Facenda—, no que se refire ás condicións laborais dos traballadores que prestan servizo no sector público autonómico, considera fundamental realizar unha boa xestión da negociación colectiva que permita xuntar esforzos e respectar dereitos como a carreira profesional ou a conciliación laboral e familiar.

En definitiva, do que se trata é —como dicía ao inicio desta breve intervención— de recuperar as condicións de traballo dos empregados públicos autonómicos, dos preto de 100.000 empregados públicos cando xuntamos as distintas entidades que conforman o sector público de

toda a Comunidade Autónoma de Galicia, pero, en definitiva, estamos falando de recuperar a calidade dos servizos públicos en sanidade, en educación, en xustiza e en todos os sectores que teñen sufrido esta crise e esta gran recesión. E como tamén lle lembrabamos en diferentes intervencións o outro día tamén ao conselleiro, e creo recordar que tamén esta mañá, os socialistas non estamos a favor dun estado do benestar ao 38 %. Nese sentido, a calidade dos servizos públicos exige investimento público, exige un gasto público en termos PIB que, polo menos, nos sitúe na media da Unión Europea. España actualmente está no 42 %. O obxectivo presentado por parte do Goberno central ante Bruxelas é de chegar a baixar case ata o 38 %, cando na zona euro estamos no 47 % de gasto sobre PIB e na UE dos 28 do 46 %.

Como dicía o meu compañeiro Losada, non estamos tratando de mirarnos con Francia, Finlandia, Dinamarca, Bélxica, Austria, Suíza ou Italia, pero tampouco nos queremos comparar en termos de gasto público sobre PIB con Polonia, coa República Checa, mesmo co Reino Unido, con outra forma de levar adiante estas políticas. E dígoos con todos os respectos a estes estados, pero o noso modelo social é o modelo social europeo, non o modelo social rachado por parte da gran recesión.

Máis nada. Esperamos conseguir o apoio da Cámara para esta moción. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Boa tarde.

O BNG ten unha discrepancia manifesta de fondo con esta proposta. Parécenos que é unha iniciativa trampa do Partido Popular e que ademais sitúa o debate no marco de xogo, coas regras de xogo e mesmo co árbitro, que —como non podería ser doutra maneira— está comprado, como pasa tamén na Champions co equipo do señor presidente, o árbitro está comprado e, polo tanto... *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Risos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Iso son palabras maiores.

**O señor BARÁ TORRES:** Retiro as palabras sobre a analogía futbolística.

**O señor PRESIDENTE:** Non estamos entendendo nada. Hai unha confusión aquí.

**O señor BARÁ TORRES:** Dicía que neste acordo o árbitro está comprado, como ocorre tamén nas competicións futbolísticas.

Nós pensamos que este acordo é unha trampa, é unha artimaña e unha arma do Partido Popular para a negociación dos orzamentos do Estado 2018. Ademais, é un acordo negociado entre bambalinas, sen luz e sen taquígrafos, polas cúpulas sindicais, sen ningún tipo de participación dos traballadores e das traballadoras, sen ningunha consulta, parece unha con-

cesión graciosa do Goberno. E ademais parécenos grave porque rebaixa o que son as demandas e as expectativas que debe ter a función pública e os seus representantes sindicais. Ademais, fíxose sen contar coa participación das administracións que teñen competencias propias e exclusivas nestas materias.

En terceiro lugar, é un acordo que supón aceptar o relato da dereita sobre a crise, o relato económico, o relato político e tamén o relato sobre a saída da crise e sobre a repartición da riqueza: o botín para a banca e para as grandes empresas e a repartición das migallas para a clase traballadora.

Ademais, este acordo parécenos tamén moi grave, e estamos en desacordo coas palabras do portavoz do Partido Socialista, porque nós pensamos que é indispensable mirar para atrás, saber o que aconteceu, coñecer os dereitos que lle arrebataron á clase traballadora para reconquistalos, e non, desde logo, aceptar iso como unha realidade irreversible.

Este acordo o que fai é poñer o contador a cero, fai tabula rasa dos dereitos salariais e laborais arrebatados coa escusa da crise; dá por boa, por exemplo, a incautación de máis do 25 % do salario do persoal da función pública por distintas vías, comezando pola redución do 5 % —aprobada, por certo, na etapa do señor Zapatero—; a incautación das pagas extras; a conxelación salarial; a imposición de medidas de presión fiscal insolidarias e pouco equitativas; ou os incrementos do IPC que non se repercutiron na suba dos salarios.

Tamén dá por boas todas as reformas legais que se implantaron ao longo destes anos, empezando pola reforma do artigo 135 da Constitución, e todas estas reformas seguen vixentes. Segue vixente tamén a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e seguen vixentes tamén as medidas temporais en materia de emprego público, que son do 2012 e que non desaparecen con estes acordos que se acaban de presentar. Eran temporais, pero realmente parece que viñeron para quedar, e ademais aplicáronse con máis rigor e con máis saña en Galicia co Goberno do Partido Popular.

A actual proposta que se nos trae aquí ten, polo tanto, moitas eivas, moitas trampas, o que non nos permite apoiala. En primeiro lugar, dá por feito consumado e irreversible o espolio sufrido polo persoal da Administración pública. Prevé un incremento que, se temos en conta os datos do Banco de España, en realidade, coa previsión do crecemento do PIB e tamén do incremento do IPC, quedará en menos do 2 %. Tamén este acordo non permite recuperar os postos de traballo eliminados coa escusa da crise; tampouco remata coa precariedade e a temporalidade, senón que se limite a aplicar sentenzas europeas; e tamén mantén a lexislación restritiva de dereitos de participación e negociación colectiva.

O BNG presentou emendas a esta proposta. A primeira delas o que pretende é instar a Xunta a recuperar os dereitos salariais e laborais eliminados no ámbito da Función Pública, e para tal fin propón abrir unha mesa de negociación coas organizacións sindicais, con todas as organizacións sindicais galegas; e, en segundo lugar, demandar do Goberno do Estado a derogación das reformas legais que impuxeron recortes salariais e laborais.

Desde logo, pensamos —como dixen— que hai que mirar para atrás para atrás para darlle a volta á regresión de dereitos, e para cambiar o futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

**O señor MOREIRA FERRO:** Grazas, señor presidente.

Moi boas tardes.

Como se dixo aquí, o Goberno do Estado asinou o pasado 9 de marzo cos sindicatos Comi-sións Obreiras, UGT e CSIF o segundo acordo para a mellora do emprego público e as condi-cións de traballo, e a primeira conclusión que sacamos é que ó Partido Socialista lle gusta este acordo feito polo Goberno do estado cos sindicatos. A nós gústanos que ao Partido So-cialistas lle guste o acordo pechado polo Goberno do Partido Popular cos sindicatos, creo que hai que congratularse por iso.

E a segunda conclusión é que por fin o Partido Socialista se dá conta de que a mellora das condicións dos empregados públicos non pasa por derrogar necesariamente a Lei 1/2012, de medidas temporais, como insistentemente viñan e veñen reclamando, porque as cuestións relevantes dependían e dependen da lexislación estatal, e, dentro delas, a Xunta está apli-cando os máximos que esta permitía.

Este acordo, logrado entre o Goberno de España cos sindicatos, sen dúbida supón moitísimos beneficios para os empregados públicos de Galicia.

En relación co que dixo o portavoz do BNG, eu sinceramente creo que vostede vive noutra galaxia, señor Bará. Íalle deixar aquí o acordo, pero non llo vou deixar porque igual o racha. ¡Como racha con todo, igual o racha tamén! En fin.

Indo á moción, este acordo que estableceu o Estado coas organizacións sindicais establece un incremento retributivo no que, se se cumpren os obxectivos de déficit, poderá haber un incremento que, sumado acumuladamente, pode chegar en tres anos ao 8,79 %. E racha, como novidade, coa vinculación da suba salarial do IPC e lígase a outras variables, como ao incremento do PIB.

Está claro que os sindicatos comprenderon que é mellor ligar o crecemento dos salarios ao crecemento económico, e desta maneira se traslada dunha maneira clara os efectos da re-cuperación económica xeral aos traballadores públicos.

Galicia, neste eido, cumpriu con todas as variables da disciplina orzamentaria de solvencia: déficit, regra de gasto e débeda. E ademais Galicia, cando fixo os orzamentos este ano, xa deixou reservados 80 millóns de euros —que moito fomos criticado por aquela reserva—, e grazas a iso, agora mesmo, cando entre en vigor a Lei de orzamentos do Estado, non vai haber que retirar cartos doutras partidas orzamentarias porque xa están debidamente con-signadas. ¿Por que? Porque o Goberno da Xunta se anticipou á situación.



Outro punto deste acordo establece que se pode fixar unha taxa de reposición do cen por cento incrementado cun 8 %; este é un plus para as comunidades autónomas como Galicia que cumbran cos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Tamén comprenden procesos de estabilización de empregos públicos, aquí en Galicia xa se estaba facendo. Concretamente, co acordo de outubro do ano pasado, no caso das prazas de Xustiza xa se dixo que están consignadas 36 prazas de consolidación de empregos que de forma temporal e ininterrompida levan máis de tres anos continuados.

Outro punto fala do tempo de traballo e de conciliación, e establece que se poden fixar xornadas diarias de traballo amoldadas á situación de cada traballador ou de cada área, e isto é o que hai que negociar, pero sempre que en termos anuais se cumpra a ratio de 37,5 horas semanais de traballo.

Tamén se establecen medidas de igualdade e de conciliación. E se establece que na incapacidade temporal se pode pactar cos sindicatos fixar que se cobre o complemento ata acadar o cen por cento da retribución previa ao inicio da incapacidade, e, en definitiva, outra serie de medidas que tamén se poñen neste acordo.

¿Como hai que levar a cabo isto? Nós propoñemos unha emenda para chegar a un acordo co Partido Socialista e poñer en marcha o cumprimento e desenvolvemento deste acordo en Galicia. Isto hai que facelo de forma coordinada, como nos consta que pediron xa outras comunidades autónomas. Por tanto, no que depende da Xunta, estamos convencidos de que así vai ser. Seremos das primeiras comunidades autónomas en aplicar estas medidas de maneira directa, as que teñen que ver coa cuestión retributiva. Estamos falando de 105.000 beneficiarios que están esperando por nós. Temos moito que facer, como tamén temos moito que facer en materia de temporalidade.

Señor Villoslada, nós vemos que está de acordo no incremento retributivo, na taxa de reposición dun 108 %, nos procesos de estabilización, na regulación e adaptación da xornada de traballo, todas as medidas que estivemos enumerando. ¿A que son boas medidas? ¿A que son boas medidas? Pero ¿sabe que, señor Villoslada? Que estas medidas non será posible aplicarlas se non se aproban os orzamentos do Estado. E o Partido Socialista anunciou que non vai aprobar os orzamentos do Estado. E se o Partido Socialista non vai aprobar eses orzamentos, eu creo que o lóxico e o transparente sería que viñeran aquí a esta tribuna e lles dixeran aos empregados públicos de Galicia: señores, son unhas medidas estupendas para todos os empregados públicos, pero o Partido Socialista non vai aprobar os orzamentos que permitirían poñelas en práctica.

Polo tanto, parece que o Partido Socialista anuncia que quere que se apliquen, pero non vai apoiar que se apliquen porque non vai aprobar os orzamentos. Parécenos unha decisión, unha postura, contraditoria, insolidaria cos empregados públicos, e para nós totalmente incomprendible. Salvo que aquí se estea agochando con este acordo un engano, que é pactar unha serie de condicións e de requisitos e tarefas que hai que levar a cabo para poñer en marcha este acordo en Galicia, e que logo vostedes, como non hai orzamentos, digan: jah, a Xunta de Galicia non está cumprindo o acordo parlamentario! Iso é xogar con trampa, señor Villoslada.

Nós agardamos que poidamos chegar agora a un acordo nesta proposta que fan vostedes, pero tamén agardamos que reflexione o Partido Socialista e que permita, entre outras cousas, que os empregados públicos se poidan beneficiar de todas estas vantaxes pactadas coas forzas sindicais. Polo tanto, pedimos e esperamos que aproben e apoiem os orzamentos xerais do Estado en Madrid.

Nada máis pola miña banda. Agardo que chegamos a este acordo e nada máis que dicir. Simplemente considerar que creo que coa nosa proposta —que xa falamos dela— podemos chegar a un punto de encontro e conseguir sacar de aquí un acordo parlamentario que permita que chegue aos empregados públicos de Galicia este acordo ao que se chegou a nivel nacional.

Polo tanto, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Moreira.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Boa tarde, deputados e deputadas, presidente.

En primeiro lugar, queremos dicir que dende o Grupo de En Marea imos apoiar todos os puntos desta moción do Partido Socialista de Galicia, e non porque nos parezan suficientes, porque realmente o acordo sindical co señor Montoro *Manstesoiras* é absolutamente insuficiente, pero si consideramos que ante a situación de espolio que sufriron os traballadores e traballadoras do sector público, hai que empezar a traballar, xa que estamos neste festival de recuperación económica no que se empeza a devolver todo o que se lles roubou, xa que os imputados e corruptos non devolven un euro.

Iso si, queremos facer unha reflexión sobre por que se chega a esta situación, e cremos que é fundamental para que non se nos olvide o que pasou neste país: que pasou co sector público e que pasou tamén, polo tanto, co sector privado.

A aprobación das medidas extraordinarias para a redución do déficit público no ano 2010 foi consecuencia de deixar facer aos mercados financeiros por parte das institucións globais, como o Banco Central Europeo ou o Fondo Monetario Internacional, coa complicidade de certos gobernos de dereitas como, por suposto, o do señor Mariano Rajoy, e o do señor Montoro *Manstesoiras*, o que nos levou a un escenario de crise que comezou no 2008 e que seguimos pagando a día de hoxe.

Aquelas mazás podres, lonxe de separarse das economías desenroladas, estenderon a súa podredume. No caso do noso Estado foi moito peor pola corrupción, unha corrupción que nos acompañou todo o ano pasado, segue acompañándonos no 2018 coa guerra interna do *partido imputado*, e cítoos a vostedes porque son os tristes protagonistas das cloacas do Estado, coa máxima representación do Goberno de M. Rajoy.

Así é que, por favor, non nos fagan pasar máis o bochorno de falar e de facer políticas de amigos, cando ese é o seu *modus operandi* ata o infinito e máis alá, e agora existen gobernos que fan política en oposición á súa política clientelar.

Curiosamente, os mesmos organismos e empresas responsables da crise, da corrupción e do financiamento ilegal de moitos dos casos de corrupción que os salpican a vostedes, segundo a Xustiza e a UDEF, son os que determinaron a gobernos como os seus, aos *mortadelos* disfrazados de superxestores, que adoptasen unha serie de medidas que, moi lonxe de solucionar a crise, serviron para debilitar a saúde das finanzas públicas, baseadas nas axudas e rescates con cartos públicos, cos cartos de todas, á banca, a autopistas, construción de infraestruturas, ás empresas, para posteriormente, nun novo estado de crise, incidir nun proceso de recortes de dereitos da clase traballadora e dos máis desfavorecidos, ata intentar sacarlles dereitos aos pensionistas, pero o problema é que se lles botaron ás rúas.

Mentres os poderosos seguen repartíndose beneficios, exixen austeridade e austericidio do gasto público das maiorías sociais, da clase traballadora, e os seus imputados e corruptos —repetimos— non devolven nin un euro do roubado.

Vostedes escúdanse nos organismos internacionais, no Gobernador do Banco de España, a carón dos mercados que defenderon a desrregularización dos mercados financeiros e a redución do gasto público, as privatizacións e a flexibilización do mercado de traballo para repartir miseria.

Medidas que non son novas, porque non veñan a ser outra cousa que máis neoliberalismo. É dicir, botar máis leña ao lume da crise, que foi unha estafa, logrando un incremento da rendas financeiras e empresariais fronte á devaluación salarial e das pensións dos traballadores e das traballadoras.

Todas as medidas austericidas de recortes salvaxes, sobre todo aplicados ao sector público e ao Estado do benestar, non foron suficientes para saciar a voracidade dos mercados financeiros, que teñen aos estados do sur de Europa, e en concreto ao noso, no punto de mira dos seus intereses especulativos.

E isto era o que xustificaba o real decreto, co obxectivo de acelerar a redución do déficit, recollendo algunhas das medidas adoptadas con anterioridade, corrixindo así a deterioración sufrida nas finanzas públicas, co obxectivo de restablecer a confianza supostamente dos mercados, cumprindo o obxectivo do 3 % do PIB.

A realidade é que, mentres os responsables directos da crise seguen repartindo dividendos e beneficios aos corruptos, sen pagar e sen devolver un euro, son os traballadores e traballadoras, e neste caso o sector público, así como xubilados e xubiladas, os que tivemos que afrontar o custo das medidas do Goberno de M. Rajoy e de A. Feijóo, xunto cun montón de medidas que danaban o Estado do benestar.

O real decreto do Goberno de maioría absoluta de Rajoy utilizou como principio a negativa da avaliación da conxuntura económica como argumento para adoptar as medidas contidas nel, e que máis adiante analizarían como profundar nesta situación.

Agora xa estamos disparados no PIB, xa non hai crise, estamos que *o petamos* economicamente, polo tanto, hai que revisar todo isto e devolverlles aos traballadores e traballadoras

do sector público todo o que se lles roubou de xeito inmoral. Por iso imos apoiar esta moción.

Vostedes son escravos das súas propias normativas. Isto é totalmente insuficiente, e esa proposta dun máximo do 8,8 % de subida en tres anos é totalmente insuficiente, non compensa o salario reducido e roubado aos traballadores e traballadoras do público, comezando polo Goberno Socialista, a creación do emprego neto e a taxa de reposición é obviada, tendo en conta que non cobre todas as amortizacións de postos de traballo que sufriu a Administración, e polo tanto non se recupera o estado de prestacións e de benestar que tiñamos naqueles anos.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** E agora, como non teñen maioría absoluta, teñen que negociar. Evidentemente. A conciliación non existe, teñen ás mulleres do sector público tamén en pé de guerra; a recuperación das xornadas laborais, e un longo etcétera.

Responsabilidade, señores, ética. E, por favor, fagan algo por subsanar o enorme dano que fixeron a toda a cidadanía e por sumirnos no caos. Isto é só un primeiro paso. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos.

Grupo autor da moción, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas de novo.

Señor Bará, a moción é formulada polo Grupo Parlamentario Socialista, ¿non? A moción é do Grupo Parlamentario Socialista, creo que é claro. E con esta moción o Grupo Parlamentario Socialista non está necesitado de árbitros, é resultado dos acordos de negociación colectiva, no ámbito da Administración do Estado, entre o Goberno central —coas competencias correspondentes— e as organizacións sindicais de Comisións Obreiras, de UXT ou do CSIF. Eu entendo que desde o BNG teñan que levar adiante unha posición maximalista, pero o que non se pode afirmar, señor Bará, é que os acordos nesa negociación sexan escuros, sen luz e sen taquígrafos, porque son procesos de negociación colectiva. Pero entendo a posición neste caso do Bloque Nacionalista Galego, aínda que no fondo estou convencido de que valoran determinados acordos, que non son acordos do Partido Popular nin do Partido Socialista, insisto, son acordos das organizacións sindicais maioritarias e do Goberno central, porque é ao Goberno central ao que se lle bota todo o sector público encima, unha vez que hai un crecemento do PIB, e ten que haber unha redistribución da riqueza nacional.

Neste sentido, respecto das consideracións do señor Moreira, dicir que, efectivamente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas, do Partido Socialista Obreiro Español e dos Socialistas de Galicia, aproban e dan a conformidade a todos estes acordos, porque son os acordos que os axentes sociais consideran nestes momentos, e no novo contexto orzamentario de crecemento, os máis positivos para empezar a recuperar condicións de traballo perdidas e condicións retributivas perdidas. Cando eu falaba de non pensar no pasado, non digo que

teñamos que esquecer, senón que, considerando o que pasou, temos que tomar medidas para intentar recuperar —como dicía— o tempo perdido.

E se o Partido Socialista non vai apoiar os orzamentos do Estado é por unha razón básica, porque o conxunto do Estado, o conxunto do gasto público, non só financia o emprego público, financia, evidentemente, moitísimas outras políticas. E como lle dicía o outro día —recordabámoslle ao conselleiro de Facenda—, os socialistas entendemos que, se hai un crecemento nominal da renda nacional —como dicía— do 4,2 %, o gasto social nos orzamentos, no Proxecto de orzamentos de 2018, vai só ao 22,8 %. Como dicía anteriormente, por buscar unha simplificación das cousas, non queremos ir a un Estado do benestar ao 38 %, porque o Partido Socialista o que está pedindo nos orzamentos do Estado, señor Moreira, é un maior gasto, de 8.000 millóns de euros, en modernización produtiva, en gasto social e integración social, en benestar, en cultura e en cooperación ao desenvolvemento, con novas partidas de ingreso procedentes do imposto de sociedades, da loita contra a fraude fiscal, dun novo tipo de IRPF para as rendas superiores a 150.000 euros, ou dunha nova tributación medioambiental. Por iso non hai ningún engano, os socialistas apoiamos os acordos das organizacións sindicais co Goberno central porque, aínda que non se recupera practicamente a metade do salario medio perdido nestes últimos anos, si que son pasos importantes que o Goberno central se ve obrigado a dar para seguir adiante.

E, se non se aproban os orzamentos co apoio do Partido Socialista Obreiro Español, é precisamente porque outras políticas públicas e outras políticas sociais non se atenden suficientemente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

¿Sobre as emendas?

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** En todo caso, señor presidente, non tratamos a emenda presentada polo Partido Popular como unha emenda de substitución, temos que tratala como unha emenda de modificación que realmente está sendo trasunto dos puntos do acordo de desenvolvemento autonómico que nós propoñemos na moción. Creo que, nese sentido, deberíamos chegar a unha transacción.

Agradecer, finalmente, o apoio de En Marea porque estamos de acordo en que son acordos importantes, aínda que non suficientes. O Grupo Parlamentario Socialista seguirá traballando para conseguir a mellora progresiva das condicións de traballo dos empregados públicos autonómicos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Necesitan un tempo para a transacción? Imos votar xa.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Si. *(Pausa.)*

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Vanme facer chegar unha proposta dun texto. *(Pausa.)* ¿Leo vostede no momento de votar?

Señor Villoslada, ¿leo vostede no momento de votar? *(O señor Díaz Villoslada pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿É moi longo? *(O señor Díaz Villoslada pronuncia palabras que non se perciben.)* Vale. Perfecto.

Rematados os debates, procedemos ás votacións.

Pechen as portas, por favor.

Imos ás votacións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Antón Sánchez.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista pero si se acepta a votación por puntos, e acéptanse os catro primeiros puntos. Votamos, en primeiro lugar, os catro primeiros puntos.

Votamos.

*Votación dos catro primeiros puntos da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto ambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados os catro primeiros puntos da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o punto que falta.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto ambiental das verteduras de augas residuais procedentes de explotacións mineiras, agás os catro primeiros puntos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 37; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia queda rexeitado tamén este punto.*



**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a Moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento consignado para o ano 2018 para a prevención do abandono escolar.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada.

Hai un texto transaccionado. Votamos este texto transaccionado que coñece xa o grupo.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o emprego público e as condicións de traballo no sector público autonómico.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 61; votos en contra, 6.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Rematadas as votacións das mocións, abran as portas, por favor.

Continuamos coa orde do día, cunha alteración que foi comunicada xa.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coas enfermidades profesionais**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, agradecer o cambio na orde do día, aínda que finalmente non era necesario, pero xa estaba mudada. Agradecelo, en todo caso, pola necesidade de axenda de mudar este cambio.

Traemos hoxe esta interpelación, esta iniciativa, precisamente a colación de que o 28 de abril se celebrou, un ano máis, o Día internacional da seguridade e saúde no traballo. Desgraciadamente, temos uns datos en Galicia nada positivos, que non ofrecen ningún aspecto halagüeño da política que está a levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de protección da saúde en materia laboral. É dicir, temos un incremento, un ano máis, dos accidentes laborais no conxunto da comunidade autónoma: 27.286 accidentes laborais en Galicia, que superan, evidentemente, o incremento de postos de traballo. Queda claro que, con estas políticas do Goberno, se producen máis accidentes laborais que contratacións no noso país.

Neste marco, nesta realidade, tamén temos un problema evidente coa seguridade e a saúde relacionada coas enfermidades profesionais e coa exposición a axentes no ámbito do emprego, e por iso traemos hoxe esta iniciativa.

Hoxe vén respondernos o conselleiro de Industria, pero, evidentemente, é unha iniciativa transversal que nós plantexamos dentro dun bloque de propostas relacionadas coa saúde no emprego.

Hai aspectos da iniciativa, desta interpelación, que trasladamos á Xunta de Galicia, preguntas relacionadas directamente coa atención sanitaria e outras relacionadas directamente coa protección á saúde, e facémolo nun marco no que, desgraciadamente, como cada ano denunciámos neste Día internacional da seguridade e a saúde no traballo, a redución patente das partidas orzamentarias —algo que temos denunciado tamén no debate orzamentario cada ano— dedicadas á seguridade e saúde no emprego.

Temos os datos evidentes plasmados nos propios exercicios relacionados co orzamento que a Xunta dedica ao Issga, que se ten reducido nun 40 % dende o ano 2009. É certo que, con diferenza da partida do ano anterior, este ano incrementan de maneira leve esa partida, pero é totalmente insuficiente, e non recupera ese 40 % de recorte que se produciu dende que goberna o Partido Popular.

A maiores, o resto do orzamento de seguridade e saúde no emprego, que é practicamente irrisorio —que xa era moi cativo no ano 2009—, viuse recortado —poderíamos dicir— de maneira dramática: uns 5,6 millóns de euros tiñamos no ano 2009, 755.000 euros temos en 2018. A realidade patente nos números tradúcese no incremento da sinistralidade laboral e no problema relativo ás enfermidades profesionais, que tamén se incrementan, segundo os datos do Issga.

Témonos reunido co persoal do Issga, témonos reunido coas centrais sindicais e témonos reunido con afectados e afectadas de diferentes enfermidades profesionais, e queda patente que carecemos neste momento —salvo que o conselleiro nos diga o contrario— dun mapa que indique onde están os riscos e as enfermidades profesionais no conxunto da comunidade autónoma. Non hai á disposición dos elementos que teñen que dar protección á saúde dos

traballadores e traballadoras un mapa que indique onde están esas enfermidades profesionais, onde están eses riscos. E queremos que hoxe o conselleiro nos diga se eles, se a Xunta de Galicia, se vostedes, teñen un mapa específico; e, se non o teñen, cales son esas medidas que pensan levar a cabo para telo.

É evidente que isto non existe. De feito, o propio Issga denuncia que, no relativo ás enfermidades profesionais, non son suficientes os datos que se trasladan sobre as mesmas enfermidades profesionais e que son relativamente baixos os datos proporcionados polas empresas. *(A señora Solla Fernández diríxese ao presidente.)*. Polo tanto, é imprescindible que a Xunta de Galicia tome medidas neste sentido.

Temos casos moi relevantes de temas moi concretos que afectan á saúde de galegas e galegos no seu posto de traballo; un deles é a exposición ao amianto ou ao asbesto. Temos un problema de saúde pública relacionado coa ausencia de ubicación dos puntos nos que está colocado o asbesto ou o amianto dentro de todos os edificios públicos, da rede pública, que hai que determinar; e, evidentemente, é un tema moi relevante e moi importante. E temos un problema de saúde laboral e pública relacionado tamén con iso, que é a deterioración da unidade que atende as persoas enfermas de asbestose.

Loitouse moito, fundamentalmente por parte dos traballadores do naval, para ter unha unidade en Ferrol que atendese as persoas que enfermaron por causa da súa exposición laboral, por adicar toda unha vida ao emprego. E a realidade é que a día de hoxe se ten deteriorado e están trasladando parte desa atención á atención primaria. Polo tanto, nós interpelamos hoxe a Xunta tamén para que nos trasladen como está ou como valoran a situación da Unidade de asbestose e se pensan abrir unha unidade de asbestose para a zona sur de Galicia.

Non hai soamente estaleiros públicos que traballaran e nos que exista exposición, senón que hai tamén estaleiros privados no sur da comunidade e, evidentemente, hai outra serie de exposicións relacionadas coa utilización de amianto nos postos de traballo. E, a maiores diso, temos exposición doutros axentes que producen pneumoconiose. Nós entendemos que o resto de pneumoconioses teñen que ser tratadas tamén nunha unidade específica.

Reunímonos coas persoas afectadas de silicose e atopamos algo que é tremendo. Moitas delas están sendo intervidas de pulmón para facilitar un transplante de pulmón. E á hora da verdade, á hora do control, atópanse con que non acceden a unha unidade específica de pneumoconiose e con que non hai un persoal específico para levar o control.

Polo tanto, dende o noso grupo queremos saber o que vai facer a Xunta de Galicia e se pensan dotar o sur dunha unidade para a asbestose que se poida ampliar ás outras pneumoconioses. Son enfermidades profesionais moi agresivas, e, desgraciadamente, no relativo ao caso da silicose —e así figura na iniciativa que plantexamos hoxe—, os propios datos do Issga do 2016 indican un repunte de casos, sobre todo na provincia de Ourense. No debate dalgunha das mocións desta tarde estabamos falando precisamente da necesidade de renovar ou de mellorar as condicións de traballo nas pizarreiras, facíase referencia aquí. E a realidade é que temos un incremento relacionado coas condicións de traballo que, ademais —e así o poñemos por escrito—, ten un importante sesgo de xénero. Porque os datos recoñecen que

non só na extracción, senón na manipulación da propia pizarra e dos propios elementos pétreos en calquera outra industria —pero tamén aquí— a exposición é a mesma. Sen embargo, fundamentalmente as que empaquetan a pizarra, neste caso, son mulleres. E está habendo un repunte de casos e non hai ningún tipo de plan por parte da Xunta de Galicia. Polo tanto, parécenos importantísimo que se atenda esta circunstancia.

E hai outro aspecto que non figura por escrito pero que tamén ten relación coas enfermidades profesionais, que é a situación de exposición ao radon. Temos un problema moi grave en Galicia, temos un problema grave en xeral nas vivendas que saú e foi noticia nas últimas semanas, pero temos un problema tamén de exposición laboral, porque moitos edificios públicos están expostos a esta substancia, a este gas, e, sen embargo, non se está a facer ningún tipo de medición.

Aquí hai que reiterar que a Xunta de Galicia incumpre a normativa española neste caso, porque, evidentemente, hai normativa suficiente, hai unha instrución do Consello de Seguridade Nuclear, a IS33, que foi ademais publicada no ano 2012 no *Boletín Oficial do Estado*, que é de obrigado cumprimento e que obriga a realizar medicións e controis nos lugares de traballo. Estase a incumprir de tal maneira que incluso algún sindicato ten denunciado tamén á Xunta de Galicia ante a Inspección de Traballo por esta circunstancia. Certo é que a resolución dixo que a competencia era de Industria, é dicir, da súa consellería. Pero temos un problema: neste mesmo Parlamento estanse a realizar medicións de radon, cousa que non se está a facer en moitos edificios da Xunta de Galicia. Non entendemos por que na súa administración non se está a realizar este tipo de medicións. Ademais, o Goberno central incumpre a normativa europea, a normativa Euratom, que tiña obrigada transposición como máximo en febreiro de 2018. Seguimos sen ter trasposta esta directiva. Nós temos iniciativas específicas tanto sobre o asunto do asbesto, como da silicose e do radon. Evidentemente, todas teñen incidencia na necesidade dese mapa, desa análise da situación das exposicións aos axentes tóxicos —canceríxenos nalgúns casos, noutros non— que producen enfermidades de carácter profesional. E necesitamos que a Xunta de Galicia tome medidas nese sentido.

Nese marco, polo tanto, o que nós intentamos trasladar con esta interpelación é que a Xunta de Galicia ten que poñer —dito de maneira coloquial— as pilas cun tema que non está atendendo, que é a saúde laboral, que son as enfermidades profesionais, cunha redución drástica do orzamento dedicado á prevención dos accidentes e das enfermidades laborais, coa ausencia total de interese manifestada nese recorte dos orzamentos tanto do Issga como do resto de partidas.

Polo tanto, señor Conde, hoxe quixeramos saber, ante esta situación, o que van facer, que medidas van tomar, para ter ese mapa que reclaman tamén os traballadores e traballadoras do Issga, non só as centrais sindicais, e as medidas que vai tomar ante os datos do propio Issga que indican ese repunte e esa modificación do patrón de incidencia. Falta indicar —ao que fixen referencia na intervención relacionada coa propia silicose— ese problema que temos, porque evidentemente temos un problema con sesgo de xénero e temos un problema —coincidencia— no traballo das canteiras, pero temos un problema maior, que é a utilización do pladur e a utilización doutros materiais para facer mesados que teñen unha con-

centración de silicio moito máis elevada porque é artificial e están aparecendo problemas moito máis temperáns en persoas moito máis novas. E, evidentemente, a Xunta de Galicia ten que tomar algún tipo de medida nese sentido.

Preguntamos se pensan vostedes abrir esa unidade de asbestose, se a pensan ampliar a outras enfermidades e, evidentemente —e xa para rematar—, se pensan dotar o Issga de medios suficientes para poder facer máis rigoroso o control que afortunadamente, cos escasos medios que teñen, intentan trasladar a día de hoxe.

Máis nada por agora. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Solla, agradézolle que plantexe neste Parlamento unha cuestión tan sensible e tan importante como é a saúde das persoas traballadoras, un asunto que, dende logo, para a Xunta de Galicia é prioritario, e moi singularmente, loxicamente, para esta Consellería, como autoridade laboral e tamén pola competencia en seguridade industrial.

E, nese sentido, agradézolle a súa intervención e ese interese que vostede traslada para mellorar a prevención e o tratamento das enfermidades profesionais, especialmente en dous casos moi concretos, como é a asbestose e a silicose.

No que xa non podemos concordar é no manexo de certos conceptos e de determinadas cifras. Creo que non se pode sinalar e vir a esta tribuna para dicir que a Xunta de Galicia non está atendendo a saúde laboral. É unha afirmación, sinceramente, que non podemos compartir, igual que non podemos compartir, simplemente, unhas comparativas de datos cos que vostede intenta vincular os datos de creación de emprego cos datos de accidentes laborais. Realmente, non podemos estar de acordo con ese manexo deses conceptos e desas cifras porque entendemos que este aspecto hai que tratalo con obxectividade e, polo tanto, saber como se pode atender e actuar dunha forma efectiva para actuar contra as enfermidades no eido laboral.

En primeiro lugar, sabe —e non a nomeou— que este goberno ten a Estratexia galega de seguridade e de saúde no traballo 2017-2020. Sabe tamén que o Issga ten plans anuais que inclúen actuacións relacionadas coa investigación de enfermidades profesionais e coa vixilancia da saúde dos traballadores. Polo tanto, hai unha planificación moi concreta precisamente para abordar esta situación. De feito, o Issga ten investigado máis de 2.600 enfermidades profesionais nos últimos nove anos que, xunto ao traballo de campo nos programas por sectores, ou por risco, e o tratamento das estatísticas por parte do Observatorio Galego de Condicións do Traballo, nos permiten, señora Solla, ter un coñecemento moi claro en Galicia das enfermidades profesionais. Polo tanto, hai un coñecemento, nese sentido, moi exhaustivo.

En segundo lugar, vostede sabe que non todas as patoloxías que se diagnostican están vinculadas con enfermidades profesionais e, polo tanto, nese sentido hai un procedemento moi claro de notificación e de rexistro —común para todo o Estado—, polo que en Galicia temos un sistema de alerta para relacionar o diagnóstico médico co cadro de enfermidades profesionais. E, loxicamente, esta aplicación permite aos médicos do Sergas e aos servizos de prevención comunicar a sospeita de calquera tipo de enfermidade profesional.

En terceiro lugar, a normativa sobre saúde e seguridade no traballo cada vez é máis exixente. Creo que niso tamén —para facer un diagnóstico realista— temos que ter en conta que, efectivamente, esa exixencia da normativa cada vez é maior, e a prevención é un dos aspectos máis importantes no que estamos a traballar.

Fala vostede do amianto. É, loxicamente, unha situación que preocupa enormemente a este Goberno, pero tamén sabe que dende decembro do ano 2002 o uso do amianto está prohibido en España. Polo tanto, a exposición límitase nestes momentos a actividades de eliminación e de tratamento de elementos onde existía o amianto, que son traballos que vostede sabe que requiren dun informe técnico do Issga e que, para ser autorizados, deben cumprir con todos os requisitos preventivos necesarios para impedir precisamente que, tanto traballadores como terceiras persoas, poidan expoñerse ao amianto. De feito, en Galicia incrementouse o número de empresas inscritas no Rexistro de Empresas con Risco por Amianto, que teñen diferentes plans de traballo aprobados.

Polo tanto, sabe, señora Solla, que os casos de enfermidades por exposición ao asbesto corresponden basicamente a traballadores que estiveron expostos no pasado, cando os niveis de protección eran moito máis baixos, e tamén a algúns familiares ou persoas que vivían próximas a empresas que traballaban con materiais con amianto. E, loxicamente, o feito de que a actividade estea prohibida dende o ano 2002 marca un escenario totalmente distinto ao que vostede vén trasladar a este Parlamento.

No tocante á exposición ao po de sílice, os valores ambientais sabe que se minoraron no ano 2007 e que, polo tanto, a Comisión Europea está traballando non só para o cumprimento destes valores e límites ambientais —polo cal, loxicamente, a Xunta de Galicia está traballando para garantir que se produzan—, senón que ademais a propia Comisión Europea está traballando nunha modificación destes valores. E, polo tanto, moi probablemente se poderán reducir no futuro.

En todo caso, a Xunta de Galicia sabe que leva traballando máis de oito anos ao lado do sector da lousa. Estamos traballando co sector, coa industria, e iso estamos permitindo identificar e protocolizar boas prácticas para a mellora da protección das persoas traballadoras. Recentemente, neste mesmo ano, no mes de febreiro, convocamos unha liña de axudas específica precisamente para que a industria poida modernizar todas as liñas de produción e, polo tanto, que haxa un menor impacto dende o punto de vista do po de sílice nas diferentes liñas de produción; unha liña de axudas específica cunha dotación de 3 millóns de euros destinada especificamente para esta situación vinculada co po de sílice.

Ademais, no plan de actividades do Issga para o ano 2018 inclúense toda unha serie de actividades precisamente para ter un maior coñecemento da situación das enfermidades pro-



fesionais en Galicia. Polo tanto, estamos non só desenvolvendo un estudo para analizar a incidencia da silicose en Galicia, senón que estamos fomentando tamén a prevención dos riscos laborais nos traballos nas canteiras, estamos desenvolvendo campañas de promoción da prevención de riscos laborais en traballos fóra do centro habitual e tamén estamos desenvolvendo unha serie de programas de recoñecementos médicos aos traballadores postexpostos á sílice.

En definitiva, señoría, a realidade é que en Galicia se está realizando un esforzo continuado e coordinado entre a Administración, os interlocutores sociais, as empresas e os traballadores. Estamos traballando conxuntamente, estamos actuando cada vez con moita máis firmeza a prol dunha mellor saúde e seguridade laboral; unha actuación que é integral e que vai dende a sensibilización e a prevención de riscos e enfermidades ata o seguimento e control, pasando por asesoramento técnico, formación e elaboración de estudos, e tamén a través dun plan de traballo do Issga que neste ano 2018 inclúe ata 74 fichas de actividade.

Esta actuación estase realizando prestando atención ás dúas enfermidades que vostede sinalou de forma específica. E o Issga conta cun grupo de traballo tanto de amianto como de silicose para ese seguimento do cumprimento da normativa e tamén para impulsar iniciativas que permitan unha maior prevención e unha maior protección das persoas traballadoras. E, loxicamente, isto faise en colaboración cos diferentes departamentos da Administración e, nomeadamente, a través do Sergas, do Sistema público de saúde de Galicia, que garante loxicamente unha atención de calidade a todos os pacientes, sexan ou non por mor dunha enfermidade profesional. E sabe que hai unidades específicas nas áreas onde os casos son maiores. Hai tanto unha actuación específica e unha área sanitaria específica en Ferrol, —onde se fai unha consulta vinculada á enfermidade da asbestose—, e tamén hai unha unidade sanitaria en Vigo onde hai unha clínica específica tamén para a atención dos pacientes que teñen unha sospeita ou están diagnosticados de silicose.

E, ademais, fala vostede de perspectiva de xénero. Debería saber que o Issga, a través dunha comisión para a integración da igualdade na prevención de riscos laborais, ten unha presenza activa a través dos interlocutores sociais, e está asesorando e informando sobre esta materia e está impulsando actividades específicas nos sectores feminizados. Entre outras iniciativas, desenvólvense seguimentos específicos para a protección da saúde laboral das traballadoras nos períodos de embarazo, de maternidade e de lactación.

Polo tanto, señoría, este Goberno está ocupado para traballar nunha maior seguridade laboral. Non hai outra interpretación, e, dende logo, estamos actuando non só con total responsabilidade, senón tamén consensuando todas as actuacións cos interlocutores sociais, co propio sector e, loxicamente, cos diferentes departamentos da Administración.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Señor Conde, eu agradezo o ton. Pero vostede pedíanos rigor e, sen embargo, vostede non respostou ás preguntas da interpelación. E eu pediríalle, por favor, se as ten por escrito, que respostase ao que lle estamos a preguntar. Porque, se vostede considera que ten datos suficientes —algo que contradí o que di o Issga sobre as enfermidades profesionais porque non se denuncian suficientemente—, non terá ningún problema en facer ese mapa que reclaman centrais sindicais e algúns profesionais do Issga. Polo tanto, evidentemente, vostede debería estar en disposición de contestar ese aspecto.

Respecto de aspectos concretos, evidentemente desde 2002 está prohibido o amianto, co cal, dezaseis anos despois, é tremendo que teñamos nos edificios públicos amianto colocado —en colexios, en hospitais, tubaxes de fibrocemento...—. ¿Cando van planificar a retirada?, ¿cando vai haber un plan, un mapa, polo menos, dos edificios públicos e se vai planificar esa retirada?

Non é verdade que só sexa de exposición laboral. Porque vostede sabe, igual ca min, que os materiais se van deteriorando cos anos e que as fibras se desprenden. Evidentemente, a exposición no é a mesma que nun contacto directo, pero hai un risco e hai que retiralo. E hai unha normativa que os obriga e non hai ningún tipo de planificación.

Eu vou poñer un exemplo: o hospital de Pontevedra, que ten teitos de amianto, e colexios trouxemos aquí non sei cantos. É dicir, é un problema no que vostede ten responsabilidade —evidentemente, as outras consellerías tamén—. E teñen que facer algún tipo de actuación sobre o mesmo.

Pero é que, ademais, vostede non nos respostou sobre a unidade de asbestose. É evidente que este aspecto é da Consellería de Sanidade, pero vostede responde solidariamente. E desde 2014 hai unha deterioración franca do servizo que se está a proporcionar. Están atendendo a moitas persoas en atención primaria cando antes se atendían na unidade específica. Hai unha lista de espera —e temos outras iniciativas rexistradas específicas— de dous anos e catro meses para revisións. E ademais vostede non pode dicir aquí que non hai exposición e que entón xa non hai tanto problema, porque sabe perfectamente que os problemas de saúde aparecen aos dez, aos vinte e aos trinta anos de exposición e, polo tanto, o previsible é que sigan aparecendo máis traballadores e máis traballadoras ou familiares enfermos ou afectados por esta exposición.

En Vigo non hai unha unidade, só temos a de Ferrol. Hai algún profesional de pneumoloxía que atende os silicóticos pero non temos unha unidade. E é o que estamos preguntando precisamente nesta iniciativa, porque hai persoas enfermas que reclaman esa segunda unidade e que se dote. Nós, polo menos, desde En Marea defendemos que sexa para o resto de pneumoconiose, que as máis abundantes no noso país son a asbestose e a silicose. E a silicose non se restrinxe unicamente ao mundo da lousa, aínda que, evidentemente, a puña como exemplo porque o Issga di que en Ourense se está incrementando. Iso contradí esas medidas que di vostede que se están a tomar.

Pero hai un elemento que eu creo que é substancial. Evidentemente, a modernización da industria é necesaria, pero non con iso se vai reducir simplemente. E vostede dicía que se está a facer un informe. O informe xa existe, é un informe do Issga, que eu estudei para a preparación das iniciativas e que indica claramente a exposición noutros campos ou noutros ámbitos —por iso eu lle trasladaba que non son pola directa extracción da pedra ou manipulación—, como pode ser o manexo de mesados desa marca —non a vou dicir— e o manexo, evidentemente, desas paredes artificiais, dese pladur —que tamén é unha marca—, que ten unha concentración de silicio moi elevada. E xa lle digo que hai unha preocupación porque están aparecendo persoas enfermas de menos de corenta anos cunhas fibroses moi avanzadas. ¿Que vai facer a Consellería de Industria neste caso respecto da saúde laboral?

E, evidentemente, respecto do radon vostede non fixo referencia. Vostede dicía que na sili-cose se estaba a avanzar en directivas ou en normas marco da Unión Europea. Pero é que temos unha norma marco no caso do radon que obriga á transposición. España, o Goberno central, non a traspuxo. Incúmprea, polo tanto, porque remataba en febreiro de 2018. E temos unha norma propia que foi publicada en 2012 e vostedes incúmprea nos edificios da Xunta de Galicia. Neste Parlamento, afortunadamente, non, pero é que nos edificios da Xunta de Galicia non se están a facer medicións. ¿Que opina vostede diso?, ¿que se fai facer? É evidente que é un problema.

E a min gustaríame que respostase ás cuestións da interpelación, porque hai unha redución clarísima, clarísima, das partidas dedicadas á prevención dos accidentes laborais e á promoción da saúde no ámbito laboral. A redución afecta ao Issga e ao resto de partidas, e é unha redución da que vostede non dá conta e deixa patente que esa é a aposta da Xunta de Galicia. Por moitos plans que nos queiran anunciar, non hai orzamentos, non hai, polo tanto, incremento da inspección. E non é suficiente con poñer sobre o papel medidas que consideran necesarias ou importantes.

Temos informes tamén da Universidade de Santiago de Compostela relacionados coa exposición ao radon, que propoñen as medidas —remato xa— que hai que tomar. Pero todas estas cousas non se poden facer se non hai orzamento e non hai persoal para facer inspección, para facer medicións, para tomar medidas, para facer prevención. E non o hai porque —e remato xa— o orzamento global dedicado ás partidas de seguridade e saúde no traballo se reduciron un 56 % desde que vostedes gobernan.

Polo tanto, señor Conde, intente responder á interpelación. Este é un tema grave e importante, e, desde logo, desde En Marea estamos comprometidos con el e traeremos máis iniciativas a este Pleno. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra, para o turno de réplica por parte do Goberno, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Solla, eu creo que lle contestei ás cuestións que vostede formulou, pero, se entende que non, eu vou intentar sintetizar agora, efectivamente, esas preguntas que vostede me traslada.

O primeiro que lle teño que dicir é que hai toda unha serie de actuacións de carácter transversal, non só dende a Consellería de Economía, Emprego e Industria, senón tamén dende a propia Consellería de Sanidade. Efectivamente, estamos desenvolvendo actuacións, por exemplo, no eido industrial, que nos parece especialmente relevante porque aí, loxicamente, temos que actuar, para reducir o risco para os traballadores que estean en contacto co po de sílice. Polo tanto, esta orde de axudas para desenvolver investimentos para mellorar as condicións laborais parécenos especialmente relevante.

Dende logo, desde a perspectiva do Issga, nós entendemos que é moito máis operativo traballar en mapas de riscos e estudos de saúde específicos. Vostede plantexa outra estratexia, pero realmente o Issga si está traballando con mapas de riscos específicos, o Issga si está traballando con estudos de saúde específicos e, polo tanto, entendemos que son ferramentas que nos están permitindo impulsar actuacións preventivas de forma concreta. Polo tanto, hai unha planificación, hai mapa de riscos, hai estudos concretos vinculados coa saúde e, polo tanto, hai actuacións preventivas. Podo darlle como exemplo os mapas de risco químico ou ergonómico na industria, ou, por exemplo, os estudos da saúde laboral e de vixilancia epidemiolóxica, sectoriais ou de colectivos.

Ademais, vostede volve omitir —eu creo que sinceramente lle tendín a man— que hai unha Estratexia galega de seguridade e de saúde no traballo, no Goberno, que está consensuada e que está traballada xunto cos interlocutores sociais e, polo tanto, contempla toda unha serie de actuacións que tamén permiten que o Issga poida desenvolver o seu labor dunha forma máis focalizada.

Hai recursos para realizar as súas actividades. E tamén estamos traballando para que haxa novas ferramentas tecnolóxicas e bases de información precisas. E, polo tanto, esa estratexia galega tamén está permitindo unha mellor actuación por parte do Goberno.

En canto ao seu orzamento, a tendencia, dende logo, nos próximos anos vai ser a que temos recentemente, que é que se incremente o orzamento do Issga. Incrementouse un 3 % no ano 2018, pero o máis importante é que no capítulo VI —que é onde se agrupan as actividades de programación anual— a suba é superior ao 30 %. Polo tanto, hai un incremento orzamentario. Pero, independentemente dese incremento orzamentario, vostede sabe perfectamente que, vinculado coa prevención, é moi importante todo o que significa a información, o asesoramento, seguimento e control de todos os programas de prevención de riscos e de redución da sinistralidade. Iso non é capítulo VI, señora Solla, iso é capítulo I. E aí, loxicamente, o Goberno mantén esa aposta polo persoal técnico do Issga. Polo tanto, ese coñecemento que ten o persoal do Issga si está actuando precisamente para que, a través da prevención e a través de todos os estudos, os programas de asesoramento e de control, se desenvolva un labor que entendemos que tamén é indispensable para ese reforzo do Issga.

Asemade, hai que indicar que o Issga desenvolve cada ano un plan de formación interna que, polo tanto, mellora a capacidade que ten o Issga de dar unha resposta non só ás novidades

lexislativas senón tamén aos riscos novos e aos riscos emerxentes aos que están expostas as persoas traballadoras. Polo tanto, hai unha especialización constante e continua do persoal do Issga que loxicamente se traduce —aínda que vostede o nega— en que haxa un servizo de calidade para o conxunto da sociedade galega.

Creemos, en definitiva, señora Solla, que hai actuacións moi concretas, e son actuacións que están permitindo tamén que o Sistema público de saúde garanta unha atención de calidade. E vostede sabe que hai unha área sanitaria en Ferrol que desenvolve consultas específicas de asbestose, e sabe tamén que hai unha clínica específica de atención aos pacientes con sospeita, ou diagnosticados, de silicose na área de Vigo. E están situados na área sanitaria de Ferrol e na área sanitaria de Vigo por unha razón moi sinxela: que aí é onde hai máis casos e, polo tanto, é onde hai que reforzar as actuacións por parte do Sergas.

Polo tanto, señora Solla —e conclúo—, Galicia e este goberno teñen un compromiso para seguir acadando as mellores condicións de traballo, un compromiso para previr os riscos e, dende logo, un compromiso que se articula a través dunha política de diálogo e de consenso cos interlocutores sociais, que vostede tamén omite. Non sei por que motivo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.


**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** ...pero tamén omite que hai unha estratexia que está tamén consensuada cos propios interlocutores sociais e que, ano tras ano, sabe que se concreta nos plans de actuación do propio Issga.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleiro.

Rematada esta iniciativa, suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

*Suspéndese a sesión ás oito do serán.*



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25